Loureses

ANTROPOLOXIA DUNHA PARROQUIA GALEGA

M. Mandianes Castro

galaxia
ensaio e investigación

Este é o estudio antropolóxico dunha parroquia galega, Loureses, enclavada no sur da Limia, en terras de Ourense. O seu autor, o profesor Mandianes Castro, doctor pola universidade de Estrasburgo, é natural daquel lugar, polo cal se pode dicir que "mereceu" a información esencial que lle permitiu levar a cabo a súa investigación, beneficiándose ó mesmo tempo da obxectividade que lle otorga o feito de ter vivido casi toda a súa vida fóra e aínda lonxe de Galicia.

A rigurosa investigación realizada polo autor deste traballo, que se soubo situar dentro e fóra do seu propio libro, ten ademais o calor humano que lle presta o contacto coas persoas, que son, en definitiva, os protagonistas desta obra. Eles son os que falan, os que se expresan e os que pensan. O antropólogo limitouse a descubrir o sistema coherente e o significado profundo que dormen acochados, casi sempre na escuridade, por debaixo do engano transparente das evidencias.

O estudio do profesor Mandianes Castro, de lectura apaixonante aínda para o lector común, trascende, con moito, o ámbito local do obxecto da súa investigación. En realidade, o que pretende é non só adentrarse no coñecemento profundo dunha aldea galega, senón tamén, e sobre todo, propoñer a partir dun exemplo concreto a interpretación de toda unha cultura. Trátase, xa que logo, dunha obra de grande ambición científica, pero que non se alonxa nunca da vida e da xente, é dicir, do suxeto real de toda investigación antropolóxica.



LOURESES

Traducción:
Xavier Senín e Antón Figueroa

I.S.B.N. 84-7154-480-6 Dep. Legal VG-318-1984

MANUEL MANDIANES CASTRO

LOURESES

ANTROPOLOXIA DUNHA PARROQUIA GALEGA.

ENSAIO E INVESTIGACION

Á memoria do meu pai
e á miña nai,
coautores deste libro.
Aos meus irmaos
e á xente de Loureses.

PRÓLOGO

Velaquí unha obra merecente de atenta e ampla consideración. Trátase dunha obra que, segundo eu penso, vai dereita ó que a min me gusta chamar "a realidade real".

¿E en que consiste esa "realidade real"? A realidade real está aquí, cabo de nós, en comercio continuo con nós mesmos. Por andar misturada a cotío coas persoas, as persoas ven e non a ven. Como un ve e non ve o propio corpo a non ser que bote man de espellos ben combinados. A evidencia é sempre, e de primeiras, un suposto. A evidencia é un inimigo perigoso da realidade real. En definitiva: o que é evidente é o que non se ve. Se un vive de cara a unha fermosa paisaxe, remata por non vela. ¿Por que? Pois porque a paisaxe, a forza de tempo, e de trato visual, conclúe por afundirse no miolo do espírito. É unha evidencia que deixa de ter forma exterior e remata por se converter nunha hipótese. De aí que o autor deste libro, Mandianes Castro, se apoie nun etnólogo actual e ilustre (Paques) en procura de fundamento para "rexeita-las evidencias"*. Primeiro e básico mérito de "Loureses, antropoloxía dunha parroquia galega".*

Agora ben: rexeita-las evidencias non supón, así, sen máis, deixar de lado o que a través delas nos fai chiscos solicitadores. ¿Que cómpre, pois, facer? Sinxelamente, achegarse ó que nos rodea e levar a cabo dúas cousas: unha, pescudarlle o que ten de activo, de remol vivo, ou sexa, o que no fato aparentemente informe da realidade é acción, dinamicidade actuante, enerxía empurradora. Outra, dar coa súa transcendencia. Pois todo o que se imbrica na rede da nosa existencia, todo o que se transforma en sustancia dun mesmo, posúe, a carón do seu perfil, unha forza de comunicación, un degoiro expresivo innegable.

A realidade real, dentro de nós, ten vontade de conversa. É, no fondo, unha conversa sen palabras. A esto chámaselle, de entrada, significación. *A vida, aínda a máis aconchegada e distante, aínda a máis esotérica e indiscernible, arela dicir algo. Desde a pedra —que os enciclopedistas chegaban a sospeitar con capacidades de pensamento— deica as árbores, ou as animalias de Deus, todo entra en intercambio, fusión e transformación. Todo equivale a todo, e cada cousa pode ter representación condigna en leiras sumamente extrañas e insospeitadas. Nun plano histórico podemos lembrar certas doutrinas do Renacemento, ("signaturas" de Paracelso, a "luz da Natureza" que leva a cada cousa no vieiro "dunha forma e función específicas", Walter Pagel, etc. etc.)*

Con todo, e deixando de lado o remol do neoplatonismo, cada día vese con maior claridade cómo ese oculto moverse dos feitos e ese ubicuo resoar das súas melodías, é o que constitúe a nódoa mesma de toda obxectividade. Esa é a "realidade real". O que acontece é que a "realidade real" escapa moitas veces á ligazón da linguaxe. Pois as "correspondencias" son, a miúdo, vivencias. Froitos espléndidos de aconteceres máis ou menos inefables.

Cando eses feitos se deixan atar polos vocablos, o expediente da cazata é o de sempre en toda pescuda científica, a saber, a análise conceptual. Pero cando as tales vivencias foxen, lizgairas, do entramado da linguaxe directa, entón o único facedeiro é, sinxelamente, a experiencia interpretativa. Nun e noutro caso —desbroce analítico, ou interpretación sintetizadora— os elementos indispensables son, por un extremo, a lingua mesma, e polo oposto, e sen deixar de usa-la palabra, a capacidade de convivencia. Pero, sempre a palabra: a que analisa, ou a que fusiona co misterio da colectividade. Non esquezamos que na lingua acochan os sistemas de preferencias e de refugos propios de cada pobo. E que ese sistema obedece, inevitablemente, a un acondicionamento mutuo entre as verbas e o contido das mesmas. Para analisar, e para convivir, a fala é esencial. A vida toma forma nas palabras. E as palabras déixanse traballar pola vida. Dito doutro xeito: a cultura (entendo, de primeiras, a cultura popular que estudia o etnólogo)

é o precipitado da lingua. E a lingua é, pola súa banda, o pouso da cultura. Entrambas solicítanse e condiciónanse. Velaquí unha curiosa e notable "correspondencia", unha "luz da Natureza" que aluma con enerxía o último estrato do ser colectivo. (E, outra volta, velaquí, en distinto perfil, a presencia, silente e impositiva, da "realidade real").

Coido que todo isto era preciso escribilo para dar conta da relevancia do libro de Manuel Mandianes Castro. O autor achegouse á aldea de Loureses, e, desde a obxectividade que ela representa —costumes, estratificación social, imaxinacións, mitos, lendas, efectividades actuais, etc., etc.— foi rabuñando nos feitos e pescudándolle-la raiceira significativa. Traballo de campo, como din os especialistas. Sen dúbida. Pero traballo de campo, no que hai dous factores de decisiva importancia. Un, que o autor é natural de Loureses. Que é, que foi, un dos seus compoñentes. Outro, que, coma tal, utiliza as variantes idiomáticas de toda clase que a súa bisbarra emprega. Esta felicísima situación dá á obra unha vida particular. O que nestas páxinas se nos conta ten vida de seu, e as lembranzas son as lembranzas do pescudador, e as ledicias e as tristuras da aldea, son as delicias e as tristuras do propio Mandianes Castro. O libro é, pois, a biografía da aldea, e a biografía da aldea é o correlato da biografía do escritor. Dous vieiros existenciais que se entrecruzan e mutuamente cobran recíprocas e ocultas dinamicidades. Estamos diante de misteriosas "correspondencias". A final, o bulto impoñente da "realidade real".

Mandianes Castro certifica dun modo que poudo a pouco, de vagariño, vai esvaecendo. Un mundo inscrito nos vectores da continuidade e do que o autor denomina a "circulación", esto é, a comunicación. Desde o espacio habitado pódese transitar, dalgún xeito, cara ó espacio non habitado. E á inversa, desde este derradeiro é posible camiñar cara ó habitado. Hai, por ende, dous mundos vivos e con propiedades de entreverarse, de comunicarse. Cómo e a favor de qué expedientes, é cousa que o lector poderá comprobar ó longo das páxinas maxistralmente escritas por Mandianes.

Como tamén a vivencia do tempo. O tempo campesiño, o ciclo anual rexido polo propio ciclo anual da serpe que torna

posible a continuidade da Naturexa, e realiza o ligame entre o tempo e a eternidade: "un continuo —di certeiramente Mandianes— feito de discontinuo". E, ademais, a descrición do tempo cualitativo, o "das patacas", o "do millo", o "das matanzas", etc., etc. E non esquezámo-la experiencia do espacio —microcosmos "co seu centro e os seus límites"— e a imaxe inxenua do mundo co centro único e cos diversos centros que confiren estructura vivencial. É o mundo da lareira, da encrucillada, do cimiterio, etc., etc.

Entón esta obra dá unha visión concreta e en panorámica da aldea de Loureses. O autor matina que todo isto pode servir ó resto de Galicia. Coido que ten razón. ¿Por que? Pois, sinxelamente, porque Mandianes Castro se non limitou a facer un labor anecdótico de doado pintoresquismo falsamente testemuñante. Mandianes Castro, con boa e intelixente paciencia, preguntou, constatou, pensou nos demais, e pensou en si mesmo, e, de seguida, deu forma intelixible ó que os conveciños manifestaban e ó que o seu propio, individual espírito suxería. Quero dicir que deixou que falase a "realidade real".

Cando así se procede, poden atoparse sorpresas incribles. Velaí tendes, senón, o achádego de que a aldea de Loureses comenzou por estar orixinariamente, noutro sitio, en "Casas Ermas". E que aínda é posible ver, en "Casas Ermas", homes e mulleres extraños: son os vellos habitantes da aldea cando aínda se non desprazara de "Casas Ermas". Velaquí, ben vivo e actuante, o mito de Castroforte de Baralla, a cidade que na "Saga-Fuga" de Torrente Ballester está a levitar.

Si, hai un fondo común no modo de entender e de senti-lo mundo de nós. Un entendemento e un sentimento galegos que, de sutaque, choutan diante das nosas sabencias e purran por transcendelas mediante o seu taraceado na entraña recóndita do pobo verdadeiro. Esa é a nosa máis fonda, e máis lexítima, identidade, palabra tan visitada que xa case non ten sentido ningún. É o noso por excelencia. Por iso o traballo de Mandianes Castro leva nos seus ombreiros unha carga significativa: a da unidade antropolóxica. Que é a máis radical.

Que cada quen atope neste libro, ademais da consideración totalizadora, os recantos xa quizais definitivamente arrumba-

dos dos recordos doutros tempos. De seguro que, pola lectura destas páxinas, cobrarán presencia, quero dicir, que volverán ó presente individual, con perfil conmovedor, como novas e entrañables epifanías da nenez desfiañada, da adolescencia enneboada polos anos xa idos. Para min cobrou unha importancia enternecedora a descrición da mata do porco. ¿Por que? Pois porque na casa dos meus avós, as datas da matanza eran para os picariños días de festa rebuldeira. Desde moi cediño, alá andabamos a alucar para os maiores xa ocupados nos preparativos do sucedo. Estou ouvindo os berros do animal. Estou a verme turrando do rabo coma se eso fose a cousa máis importante do mundo. Estou a ve-la fogueira para chamusca-lo cocho. ¡Que sei eu! O conto é que todo iso, e moito máis, xorde agora no meu caletre cunha forza inimaxinable. Certamente, coma un tempo non de todo esvaído. Ou aínda mellor: coma un tempo feito dun pasado que xa non é pasado. E que tampouco é sinxelo, esquemático, parado presente. É outra cousa. ¿Cal? Actualidade continua, isto é, acción. No que a lembranza ten de acción, de dinamicidade actuante, é no que, de por parte, se impón a min mesmo. E no que ten de inefable, é unha leira do meu ser. Alí está esa actualidade aconchegada. En silencio e, nembargantes, viva.

¿E sabedes por que? Porque é a realidade real.

A realidade real da que trata, con honesto acerto, este libro de Manuel Mandianes Castro.

DOMINGO GARCÍA-SABELL

LIMIAR

A case totalidade dos datos empregados neste traballo son froito de enquisas feitas persoalmente sobre o terreo. Quixemos enriquece-lo corpus dos datos recollidos, recorrendo á historia para inscribir cada feito na súa secuencia histórica. Empregamos traballos históricos elaborados por outros investigadores, pois non tiñamos tempo nin a preparación precisa para facelos por nós mesmos. Sobre todo servímonos dos arquivos da parroquia de Aguís, porque nos parece que "estes anacos de memoria escrita son indispensables para soste-la memoria oral do grupo con precisións que esta última non é quen de restituír" (L. A. Roubin. 1976, páx. 31). Ás veces recorremos a outros traballos etnográficos para inscribi-lo traballo sobre Loureses nun contexto máis amplo, o de Galicia. Estes autores relataron e recensaron con moita precisión todo o que vían e o que lles parecía notable no terreo da relixión popular, da maxia, da bruxería e da superstición. "Tocan diferentes aspectos da vida tradicional sen preocuparse do que poida unir ou xerarquizar estes diferentes aspectos da vida cotiá" (V. Paques). Parécenos que estes autores, en xeral, non foron máis alá das "evidencias" para procurar un sistema coherente de pensamento e unha lóxica.

Unha consideración especial merecen, ó noso ver, os traballos sobre Galicia do antropólogo C. Lisón Tolosana, dos que botamos man a miúdo. Non obstante, hai que facer notar que os seus estudios non sempre foron concebidos coa perspectiva que nós utilizamos.

Hai momentos diferentes no proceso do noso traballo: a enquisa e a análise dos datos. Para a enquisa tivemos conversas prolongadas e repetidas co maior número posible de informadores; tamén a observación participada, porque nos parece que só o contacto constante coa xente pode facer ó etnólogo sen-

sible á realidade das persoas. Pensamos coma Michel Panoff que "non se pode entende-la etnoloxía máis que como o estudio profundo e paciente de moi pequenas comunidades, nas que o que fai a enquisa se atopa alternativamente, ou mesmo simultaneamente, dentro e fóra" (M. Panoff), 1977, páxs. 34-35), aceptando un "extrañamento lóxico o mesmo que xeográfico (V. Paques, 1977, páx. II) para deixalos falar e pensar a través do noso estudio.

Para descubrir un sistema coherente e un significado profundo que non aparecen transparentemente, é preciso rexeita-las "evidencias" (V. Paques, 1972, Páx. 129). "O significado profundo non pode se-lo resultado de simples acercamentos de elementos a outros elementos, senón do descubrimento de configuracións e da maneira como se integran e ás veces se suplantan e modifican nun conxunto máis amplo" (de Surgy, 1978, páx. 482). En resume, cómpre poñer en relación os elementos e busca-las súas "correspondencias" (V. Paques, 1977, páx. 109). O noso estudio responde "a dúas intencións: en primeiro lugar, desde logo, facer un estudio en profundidade sobre unha aldea galega, pero tamén propor concretamente, a partir deste exemplo, o problema da interpretación desta civilización".

Presentarémo-los resultados do noso traballo como constitutivos dun fondo cultural, común ós habitantes de Loureses, anque sería esaxerado presentar a todas estas persoas coma se concedesen a mesma importancia a este "fondo cultural común".

Hai xente que non chegou a saír nunca da aldea, outros, pola contra, van a ela só para pasaren as vacacións e aínda os hai que non están vencellados á terra por necesidades de labores agrícolas, anque vivan en Loureses; por iso é normal que o seu grado de apego ás tradicións sexa diferente. É preciso engadir tamén que o feito de poder escapar máis ou menos da vida cotiá da aldea, non quere dicir que se escape do sistema e do simbolismo que fai coherentes o pensamento e a vida da xente do lugar: "validez do símbolo como forma de coñecemento non depende do grado de comprensión de tal ou cal individuo... (en xeral) a sociedade contentábase con participar" (M. Eliade, 1952, páxs. 29-30).

Polo feito de ser eu natural de Loureses, "merecín" a información esencial: "a información esencial non se descobre, merécese" (V. Paques, 1972, páx. 125). Conseguín garda-la distancia precisa para a análise dos datos, xa que vivín case toda a miña vida fóra de Galicia e ata moi lonxe dela.

Ó se-la realidade sempre máis rica cá perspectiva da análise, recoñecemos de grado os límites da investigación. Se a xente de Loureses emprega imaxes e símbolos para expresa-la realidade, é porque esta realidade non pode ser expresada con conceptos, "porque as imaxes teñen o poder e a misión de mostrar todo o que se resiste ó concepto" (M. Eliade, 1952, páx. 24); e "é este fenómeno (o simbolismo e as imaxes) irresistible para a conciencia humana, o que constitúe esta inmediata organización do real" (G. Durand, 1964, páx. 60). En realidade, desconfiamos do que fixemos, para seguirmos abertos á obxectividade, pois "fagámo-lo que fagamos, reconstruímos sempre o monumento á nosa maneira. Pero xa é moito non empregar máis que pedras auténticas" (M. Yourcenar, 1974, páx. 342).

Fixémo-la división do noso traballo en catro capítulos: *A percepción do tempo (*C. I), *A percepción do espacio en relación cos elementos: terra, lume, auga e aire* (C. II), *A organización social* (C. III) e *O ciclo vital* (C. IV). Os homes viven nun tempo que para a xente de Loureses é un tempo dobre que ten por amo á serpe. Aínda hai algunhas outras subdivisións: as corentenas rituais e ecolóxicas. En resume, para a xente de Loureses hai tempos que son cualitativamente diferentes polos seus traballos, os alimentos e outros elementos máis (C. I). Os homes viven nun espacio organizado en círculos máis ou menos concéntricos. O mundo ten un centro, pero manifóstase de varias maneiras e en distintos lugares (C. II). Para vivi-lo seu tempo e habitar no seu espacio, os homes organízanse en grupos e transmítense a súa educación e a súa civilización (C. III). A comunidade ten medo da esterilidade, do celibato e da morte; reacciona con esperanza o día do bautismo, do casamento e do enterro; xúntase para facer frente a tódalas ameazas; e, en fin, a comunidade vive a realidade da continuidade na integración dos nenos, dos casados e das ánimas. (C. IV).

Capítulo I
A PERCEPCIÓN DO TEMPO

Axiña nos demos conta da importancia da serpe para a xente de Loureses. Dividen o ciclo anual da serpe en dúas metades: unha que vai de outubro a fins de abril e a outra que ocupa o resto do ano; o mesmo ciclo anual está dividido en dúas metades segundo os períodos do ciclo anual da serpe. A serpe está oculta durante o primeiro período do ciclo anual e aparece no segundo período. O mesmo pasa nos dous períodos do ciclo anual; entón plantexámo-la hipótese seguinte: a serpe é a ama do tempo.

O primeiro período está dominado polas referencias ó porco, que é un animal que está oculto debaixo do lar; e as mulleres, que coidan dos porcos, quedan encerradas na casa, separadas dos homes. Tódolos froitos están ocultos, medran debaixo da terra. Os tempos fortes do primeiro período son a festa das castañas (o primero de novembro), o San Antón de inverno e o Entroido. As referencias ó mundo visible dominan o segundo período. É a época das colleitas: homes e mulleres van xuntos ós campos. Hai que ter moito tino coa serpe, pois neste momento é moi perigosa. Os tempos fortes deste segundo período son o San Pedro mártir (29 de abril), o San Xoán e o San Miguel (29 de setembro).

A. A SERPE

A xente de Loureses falan moito da serpe, anque recoñecen que de tódolos xeitos tampouco hai tantas. As serpes nacen dos ovos da serpe. É a terra a que incuba os ovos, pois elas póñenos e déixanos abandonados. ''Pódense conseguir unha ou máis serpes cos pelos dunha muller meténdoos nunha botella chea de auga, ben cerrada. Cómpre que os cabelos teñan as raíces. Tamén poden nacer serpes dos ovos dun galo de sete anos''.

"As serpes non morren de morte natural. Cando son moi vellas voan ó río Xordán e logo ó mar. Ó voaren poden asombrar ás persoas (botárlle-la sombra) e isto é moi perigoso, sobre todo para os nenos. Hainas moi grandes e que fan moito ruído cando se moven. As que son moi vellas e moi grandes marchan de pe asubiando e esmagan o centeo ó seu paso".

As serpes morden e a súa mordedela é moi venenosa. Para curala, hai que coller un polo e poñerlle o cu contra a mordedela. "Se o polo morre, a ferida vai curar axiña, se non, a persoa pode morrer. O que tamén se pode facer é que a persoa vaia correndo a beber na fonte que lle quede máis preto, antes de que chegue a ela a serpe. Cando as serpres morden, beben sempre na fonte máis próxima ó lugar en que estaban nese momento". Hai moito tempo que as serpes non morderon a ninguén en Loureses, pero "iso non quere dicir nada. O que non pasou en corenta anos, pode chegar nun momento"; hai que desconfiar sempre das serpes, que é verdade que tamén teñen unha función purificadora, porque "comen os sapos, os insectos e outros animaliños perxudiciais. Pero ademais disto, comen tamén os coellos e matan os paxaros: "póñense debaixo das árbores e se hai nelas paxaros, póñenlle-los ollos enriba e os paxaros comenzan a baixar ata o lugar en que se encontra a serpe e déixanse comer. As serpes matan os paxaros máis ca nada co seu alento". Cómpre recordar ben isto, pois logo veremos que o alento é a vida (Cf. C. II, O aire).

A carne da serpe serve para facer remedios; é boa sobre todo para a tos e as dificultades respiratorias; a xente de Loureses téñena na casa e gárdana para as ocasións. As serpres son amigas das mulleres. Cóllenas para folgarse con elas nas fragas e nos soutos. Mesmo houbo mulleres que foron empreñadas por serpes. Comen nenos nos mesmos lugares en que gozan coas mulleres. As serpes son inimigas do home. O home non pode durmir no campo, porque aproveitan para mordelo e van pasando ata o seu ventre entrando pola boca. En troques, os lagartos son amigos dos homes e inimigos das mulleres, "porque ós lagartos non lles gusta a cor vermella" e as mulleres teñen a cor vermella do sangue menstrual. Cando a serpe entra no ventre dun home, hai que atalo polos pes, coa cabeza para abaixo e poñer no chan unha cunca de leite porque á serpe lle gusta moito o leite e vai saír para chupalo. O mesmo se fai coas mulleres empreñadas por unha serpe. As serpes veñen ó leito das mulleres que están criando para chucharlle-los seos e elas nin se dan conta, "porque as serpes chúchanlle-los seos cunha gran delicadeza". Os nenos comenzan a enfraquecer e

morren sen que se saiba a razón. "As serpes chuchan tamén das vacas coa mesma delicadeza cás mulleres e os cuxos morren, ou polo menos non medran. Se non hai cuxos, cando a ama da casa vén para muxi-las vacas, xa non teñen leite". Isto fainos pensar na Vía Láctea, que en Galicia chamamos Camiño de Santiago ou Camiño de San Andrés, que é un camiño de mortos.

As serpes non morren de morte natural; cando alguén as ve, ten que matalas, porque "cando voan cara ó río Xordán, din: *maldito o que me viu e non me matou*. Para mata-las serpes é preciso facelas sangrar, como se fai co lobishome para que volva á forma de home. Tamén se pode un defender dela con lume ou coa música. O lume e a música protexen tamén do lobo. É ben sabido, por outra parte, que o lobo, para os de Louresses, está da parte da morte e do salvaxe ou do espacio non habitado. A serpe é fecundante como a lúa, como as augas; por iso é preciso ou, mellor, pódese, como fai Martínez, poñer en relación co ciclo muller-lúa-auga, (López Martínez, 1960, p. 127).

1. O TEMPO DA SERPE

O ciclo da serpe está dividido en dous períodos, como xa diximos. A serpe está agachada de outubro a fins de abril. Neste momento non é perigosa, non morde "e pode andar un sen preocuparse dela. Está agachada preto dos pozos e das fontes salvaxes. Nin sequera se chega a ver". Come terra deste outubro ata abril e non se move. Desde maio ata fins de setembro, as serpes déixanse ver e son moi perigosas; hai que poñer moito tino, sobre todo nas fragas e nos soutos e cando se toca unha pedra. Neste período non comen terra, comen animais, como xa explicamos.

As serpes que escapan a unha morte violenta voan ó río Xordán e logo ó mar; non morren. Para elas o tempo non pasa. Sucede o mesmo que coas mulleres enfeitizadas. Cando unha muller enfeitizada é desencantada e volve a este mundo, xa non coñece a ninguén, porque xeralmente pasou moito tempo e "as persoas que estaban vivas morreron todas; pero a muller volve coa idade que tiña no momento en que foi enfeitizada". As mulleres encantadas toman, ás veces, a figura de serpe.

A lenda das mulleres enfeitizadas ten unha versión piadosa, a de San Ero de Armenteira. Escoitaba un día o santo os cantos dos páxaros nun bosque. Os rechouchíos tiñan o engado do ceo. Cando tornou ó convento, ninguén o recoñecía e el tampouco non coñecía a ninguén. Pasaran máis de cen anos. Todo cambiara. Estivera no outro mundo, onde o tempo non pasa; alí o tempo non

tiña significado. Pasado e futuro fundíanse: todo era presente. No outro mundo o tempo "é unha lagoa de augas transparentes que reflexan a inmobilidade dun eterno presente" (J. Servier, 1976, páx. 14).

2. A SERPE MEDIADORA.

A serpe é a garda dos límites. Coida os feitizos. Non deixa saír ás persoas enfeitizadas e tampouco non deixa entrar ás que están fóra. Non permite que ninguén transpoña os límites. É a intermediaria entre este mundo e o outro. As almas veñen ás veces en forma de serpe para iren a San Andrés de Teixido; por iso os peregrinos, cando van a San Andés non matan ás que encontran de camiño, porque son almas. É intermediaria entre o mundo oculto e o visible. Mentres que está agachada, a metade do mundo está oculto; cando se deixa ver, os dous aspectos do mundo están en convivio. É o vencello entre o mundo antigo (pagán) e o moderno (cristián): tenta impedir que Santiago e os seus discípulos entren en Galicia. Pódese ver que a serpe é a garda dos límites. É a intermediaria entre o mundo animal e o mundo humano. Pódese metamorfosear en humano. Hai lendas que falan dunha serpe que vivía no cume dunha montaña e que baixaba ó val para comer unha vaca ou mesmo seres humanos. Tomaba a forma dun ser humano e tamén pode toma-la forma doutro animal, dunha loba, por exemplo.

Preto de Loureses vivía unha raíña loba nos Penedos da Raíña Loba. Obrigaba ós habitantes do val a levarlle vacas. Era unha moura (os antigos habitantes de Galicia en lingua popular); ás veces convertíase en serpe. Os habitantes de Pixeirós matárona afogándoa. O lobishome é tamén un vencello entre o mundo animal e o mundo humano. Parécenos que o lobishome non é máis que unha manifestación parcial ou unha metamorfose da serpe, e o lobo non é máis que un aspecto da serpe: o seu aspecto animal. A serpe é tamén o tempo e a eternidade. Neste mundo, a serpe está sometida ás leis do tempo; pero é eterna no outro mundo ó que vai, sen pasar pola morte, se non se mata violentamente.

Pasa do espacio húmido, no que está todo o primeiro período do seu ciclo, ó espacio seco, onde come nenos e onde folga coas mulleres; pasa do espacio salvaxe ou non habitado, onde goza coas mulleres e no que está toda a primeira parte do ciclo, ó espacio habitado, ó que vai para chucha-los seos das mulleres e os tetos das vacas. Vive no centro da terra. Alí están os tesouros que ten que

gardar. Vive nas minas, tamén vive na superficie da terra; está no cume dos montes e baixa ós vales.

A serpe é, pois, o vencello entre o tempo e a eternidade, entre o húmido e o seco; entre este mundo e o outro; entre o monte e o val; entre o frío e o quente; entre o mundo humano e o mundo animal. Parécenos, entón, que a serpe é a manifestación do dobre aspecto da natureza, é dicir, é a continuidade da natureza, rasgo fundamental do pensamento da xente de Loureses. A serpe é probablemente para a xente de Loureses o mesmo que o oso para a xente do Languedoc (Fabre et Lacroix, 1973, páxs. 269-277) e para tódolos indoeuropeos en xeral (Cf. Christinger et Borgeaud, 1963, t. I, páxs. 39-60; Gaignebet, 1974, páxs. 18-21).

3. A SERPE NA HISTORIA DE GALICIA.

Tódolos historiadores de Galicia poñen de relevo a importancia da serpe para os galegos desde a noite dos tempos. Comenzan por atrae-la nosa atención sobre un fragmento de Avieno *(Ora Maritima,* versos 155-157) no que fala dunha terra chamada Ofiusa, habitada polos Oestrymnios que foron botados polos Soefes, raza de serpes. Esta terra era a actual Galicia, ó noroeste da Península Ibérica (Cf. J. de Vries, 1977, páx. 177; Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, páxs. 338-339; V. Risco, 1971, páx. 17). Numerosos monumentos arqueolóxicos e moitos obxectos da Galicia da época dos castros testemoian a importancia da serpe na cultura dos galegos (Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, páxs. 131 e seguintes; Cuevillas e Bouza Brey, 1929, páx. 339 e seguintes). Parece evidente que moitos monumentos cristiáns foron construídos sobre pedras nas que estaba gravada a imaxe da serpe (Castelao, 1949); aínda hoxe podemos ve-la imaxen da serpe en moitos cruceiros, no seu fuste.

Os autores pregúntanse o por que da importancia concedida á serpe; uns falan dun animal totémico que evolucionou a divinidade (Cuevillas e Bouza Brey, 1929, páx. 159), dun xenio protector da casa e dos seus habitantes (Taboada Chivite, 1972, páx. 111) e case todos eles falan dun culto á serpe na Galicia antiga, do que aínda quedan algúns restos nos nosos días (V. Risco, 1962, páx. 183; Nós, 1926, n. 36, páxs. 8-9; Cuevillas e Bouza Brey, 1929, páx. 159; Taboada Chivite, 1972, páx. 111). A importancia da serpe non é exclusiva de Galicia; tódalas culturas indoeuropeas lle conceden en maior ou menor grado (Dontenville, 1973, páxs. 149-172; Christinger e Borgeaud, 1965, t. I) e aínda outras cultu-

ras (Cuevillas e Bouza Brey, 1929, páx. 148; Lévi Strauss, 1958; Mircea Eliade, 1952; A. Cazenave, 1979; Kappler, 1980).

B. O TEMPO DOBRE.

Ó noso ver, a serpe é a dona do tempo; tamén dividímo-lo tempo en dous períodos, seguindo o ciclo da serpe. Homes e mulleres están separados durante o primeiro período, as mulleres quedan na casa e os homes están fóra; no segundo período están sempre xuntos. Os traballos e a alimentación son diferentes e cambian dun período ó outro. Imos tratar, a seguir, de cada período, das súas características, dos tempos fortes. Cremos que o primeiro período se caracteriza polas referencias ó porco e ás sementeiras; o segundo, polas referencias ó centeo e ás segas en xeral.

1. O PORCO E A SEMENTEIRA.

Este período exténdese desde comenzos de setembro a fins de abril. As referencias ó porco son numerosas. A muller coida do porco que ten a corte debaico do lar; os homes fan a sementeira. A metade do mundo está oculto coa serpe; os ritos que facilitan a corte dos niveis e a circulación entre os dous mundos, multiplícanse.

a) O porco.

A carne de porco é un dos elementos fundamentais da alimentación da xente de Loureses. As mulleres coidan dos porcos e son os homes os encargados de matalos. Os porcos están case sempre debaixo do lar. Pasan case todo o día encerrados; algunha vez saen ó curral, nunca fóra. O curral forma parte do interior. Toda a porquería da cociña bótase na corte dos porcos por un buraco que hai no chan da cociña.

Os porcos comen tres veces por día, coma as persoas, e ás mesmas horas ca elas. Son alimentados con nabos, berzas, patacas, todo isto sempre acompañado de salvado, centeo e auga. As mulleres son as que lles botan de comer ós porcos. Durante o primeiro período do ano comen cousas crúas e no segundo bótanselles de comer cousas cocidas. "Na casa nunca un home lles bota de comer ós porcos; é cousa de mulleres; os homes ocúpanse das vacas, anque sexan as mulleres as que as muxan". De tódolos xeitos, son os homes os que collen os nabos; as mulleres collen só as berzas, porque as berzas se dan na horta, arredor da casa. "Desde hai pouco xa non se lles coce nada ós porcos, comen todo cru. Antes, a xente pensaba que os porcos non podían comer cousas crúas cando ía,

frío, pero isto non é certo''. Un mes antes da mata, dáselles unha comida máis ós porcos; a dona da casa, antes de ir deitarse, baixa á corte dos porcos para dárlle-la sobrecea. É a época do engorde dos animais. ''Cómpre que coman moito; é unha vergonza matar un porco fraco; en troques, matar un porco gordo é un honor para a casa''.

O porco móstraselles ós visitantes, pero é máis raro mostrárllelo ós veciños, porque os animais son moi sensibles ó mal de ollo e é moi fácil que un veciño llelo bote. A xente da casa mira moito para os porcos, contémplano con admiración cando é grande e gordo. Cando tódolos membros da casa están xuntos, falan tamén dos porcos: ''hoxe o maior non comeu ben'', ''o pequeniño estaba cansado'', ''son ben bonitos'', ''éche unha boa lástima matalos''.

Cando as porcas están en cío, lévanselle a alguén que teña un verrón, pois en xeral todo o mundo capa os porcos cando aínda son moi novos. Só unha ou dúas casas en toda a aldea teñen un verrón. Os cans copulan ''salvaxemente'', en calquera sitio e de calquera maneira, no camiño, baixo a mirada indiscreta dos nenos e dos adultos. Os homes levan as vacas onda un veciño que teña un touro. As ovellas non plantexan problemas: quen ten ovellas, ten un carneiro. Son as mulleres as que levan as porcas ó verrón e, non obstante, sábese que os porcos son moito máis violentos sexualmente có resto dos animais domésticos; ''nunca deben ir nin os homes nin os nenos''.

Cando as mulleres falan entre elas, poden falar do asunto e insultan ós homes dicíndolles: ''a túa pirola é coma a dun porco''. Tamén son as mulleres as que coidan das porcas cando paren. Os homes só asisten ó parto cando se trata dunha vaca ou dunha egua.

A época da mata dos porcos comenza no Nadal e remata no San Antón, o 17 de xaneiro. A véspera da mata ráscanse os colondros. Córtanse os colondros en dous, cada persoa colle unha metade entre os xeollos para rascalo cunha cuncha. Isto faise arredor do lume; os veciños máis achegados tamén van para axudar. ''Tódolos que están aquí, virán mañá á matanza''. O dono da casa é o que fai a distribución das partes do colondro. As persoas de idade están en primeira fila e os nenos están intercalados entre as persoas maiores; os mozos e as mozas están na última fila; ''sempre é así, os maiores diante, os nenos entre os máis vellos, e mozos e mozas detrás de todo o mundo''. Despois do raspado hai un serao coa participación de tódalas persoas que rasparon. A dona da casa non raspa.

O día da matanza os nenos érguense ben cedo e despertan ós maiores. Moi logo os invitados comenzan a chegar ó curral da casa para mata-lo porco. O dono da casa espera ós invitados no curral. O matón é case sempre o que chega de primeiro. Cando xa tódolos homes chegaron, o matón é o xefe, e mentres que el afía os coitelos, os outros, ás súas ordes, preparan o carro no que se van mata-los porcos. O carro é o mesmo que serve para carrexa-los froitos do campo, a leña e o esterco.

Non todo o mundo sabe matar un porco; "matar un porco como é debido é unha arte e hai que ter moita man". Hai tres en Loureses que fan tódalas matanzas da aldea e outras máis aínda. Todos eles aprenderon mirando traballar a outros matóns. Un bo día atrevéronse e convertéronse en matóns: fai falta ter valor. O día da matanza, o matón é o xefe e hai que face-lo que el di; el é o que sabe".

O curral foi baleirado e os homes están arredor do matón. O carro ponse preto da porta da corte dos porcos. As mulleres da casa e as invitadas que xa chegaron, porque as mulleres poden chegar máis tarde cós homes, están na parte alta da escaleira (no patín). Algúns homes entran na corte e bótanse ó porco; cólleno polas orellas e polas patas de atrás e poden pasarlle unha corda cun nó corredizo a unha das patas. Neste momento ábrese a porta e os outros homes axudan tamén e levan o porco ó carro, onde o deitan sobre o lado dereito. Os nenos agarran o rabo; cando chegan a mozos, poden colle-lo porco polas orellas. O animal berra moi forte e óese en toda a aldea.

O matón espétalle o coitelo, mentres comentan todos, e o sangue xorde. Unha muller baixa para poñer unha tixola debaixo da ferida e poder recoller un pouco sangue borbullante. A muller remexe o sangue cun pau durante todo o tempo para que non calle. Ó rematar de degola-los porcos ou cando ten sangue de abondo na tixola, a muller sobe as escaleiras para levalo á cociña ó quente. O matón ou unha muller pon allo nos buracos do fuciño de cada porco. O allo protexe os porcos dos malos espíritos. Se os porcos non berraron moito, non é unha boa matanza. "É preciso que os porcos berren moito, senón quedan con todo o aire dentro e teñen que botalo". Como xa veremos, o alento é o espírito e o espírito é a vida; cómpre que o espírito do porco saia del.

"Ó remataren de mata-los porcos, os homes lavan as mans no fondo da escaleira; o matón é o último, porque é o que ten máis sangue nas mans". Isto é certo, pero, ó noso ver, a morte dun porco é unha verdadeira morte e hai que purificarse; o matón é o máis

afectado e por iso se ten que lavar de último. ''Antes de que os homes suban á cociña para tomar todos xuntos coas mulleres o almorzo, estas baixan e todo o mundo toma unha copa de augardente ó pe da escaleira. Velaquí outro rito de purificación, porque a augardente purifica e protexe (Cf. C.II A Auga). A dona da casa serve a augardente; logo todo o mundo sobe á cociña para toma-lo almorzo. Unha muller das da casa vai polas casas do barrio para da-la copa da matanza o mesmo que se fai no día do bautismo ou no do casamento. ''Cómpre que todo o bario participe da matanza''. Cremos que se trata dun rito de purificación e un rito que favorece a ''circulación dos espíritos, sobre todo da alma do porco''.

Todos toman o almorzo arredor do lume da lareira. Cómese touciño, chourizos e cadansúa cunca de caldo. O caldo faise con legumes, patacas e carne de porco. O almorzo preparouno a dona da casa; as rapazas sérveno comenzando polo matón. Logo de rematado o almorzo, os homes baixan outra vez ó curral. As mulleres quedan na cociña. Os homes comenzan a chamusca-los porcos que están riba dunhas grades. Chamúscase con fachucos de palla, primeiro un lado e logo o outro; dá o mesmo comenzar por un lado ou polo outro. Quéntanse máis as unllas para poder arrincalas coa man. ''Agora xa se empeza a chamuscar con sopretes de gas, pero é mellor facelo con palla, porque o gas pódelle facer mal á carne''.

Logo de que os porcos están chamuscados, hai que comenzar a fregalos: os nenos botan auga fría por riba do porco e os homes frégano con pedras; vanlle quitando a palla e as sedas e lávano con moita auga. Ó noso ver, a auga e o lume, ademais dunha función material, teñen outro sentido máis fondo: o da purificación. ''Isto faise desde sempre, non se cambia nada. Ten que ser así, hai que queimalo e lavalo ben para comelo. Os porcos están sucios, hai que lavalos ben''.

Cando os porcos están ben chamuscados e raspados, é dicir, ben lavados, o matón, que non chamuscou nin fregou, dálle a volta a un dos porcos poñéndoo coas patas para arriba e córtalle a pel do ventre, facendo unha figura oval e tíraa. Tamén corta a pel arredor do cu e tápao con palla. Neste momento chama ós outros para colga-lo porco dunha trabe, pola parte de atrás, coa cabeza para abaixo, cun nó corredizo. Nisto chegan algunhas mulleres. Agora xa poden vir todas; ata este momento estiveron na cociña, pois non tiñan nada que facer no curral. ''As mulleres non saben nin chamuscar, nin frega-los porcos. Terán traballo cando se lle tiren as tripas ó porco''.

O matón corta en dúas metades a graxa do ventre e agora xa se poden ve-las tripas; neste instante, as mulleres, polo menos dúas delas, teñen que estar alí cun pano para recolle-las tripas e as entrañas. Os homes agora xa non teñen nada máis que facer o día da matanza; ó matón aínda lle queda tira-lo unto que o dono da casa vai poñer en sal de seguida. As mulleres comenzan, entón, nunha corte a arrinca-la graxa das tripas. Mandan a un home ou a un neno que vaia leva-lo fígado á cociña. Danlle a vincha a un neno que a baleira, a incha e a leva á cociña. Dependúraa debaixo da cheminea para logo no Entroido poder usala. Consérvase o fel como untura para cura-las chagas e as feridas. Hai que facer notar agora que as mulleres viñeron no momento en que se abriu o porco; "as mulleres, o día da matanza, non teñen que ocuparse máis que das tripas, da comida e dos chourizos; os homes, non obstante, non tocan ás tripas". Os homes traballaron no curral e as mulleres traballan na corte, ó quente. Por outra parte, as mulleres están en contacto coas partes húmidas e sangrantes do porco.

Cando as mulleres remataron de tirárlle-la graxa ás tripas, todo o mundo sobe para comer. As mulleres séntanse só despois de que o fixeron os homes. As mulleres da casa quedan de pe para servi-la mesa. As que non teñen sitio na mesa grande séntanse na dos nenos. Cómese o caldo, o fígado preparado, a pel do ventre cocida, con pan e patacas. Bébese moito viño tinto. Para rematar, cómense chourizos e carne, todo cocido. "Agora a xente come moita menos carne o día da matanza; antes aproveitábase ese día para comer moito". Cómense sobre todo as entrañas. A dona da casa preparou a comida; outras mulleres axudárona. Despois de comer, os homes quedan na mesa xogando ás cartas ou bebendo café. "Antes case nunca se tomaba café. Agora o día da matanza tómase café, bébese unha copa de coñac... É unha festa; antes tamén era unha festa, pero doutra maneira".

Mentres que os homes xogan ás cartas, as mulleres teñen que ir ó río para lava-las tripas. As tripas "lávanse sempre no río; non se poden lavar nun pozo; a merda dos porcos hai que levala fóra". A auga do río é o contrario da auga dun pozo, é a auga do espacio non habitado. As mulleres, sen dúbida, levan ó río a alma do porco coas porquerías. O alento é a vida e a localización do alento é a vincha e toda a tripería en xeral: os nenos e os mozos baten coa vincha ás mulleres estériles para que poidan empreñar (Cf. máis abaixo). No río están as serpes, que son os vencellos entre a vida e a morte, entre o tempo e a eternidade. Cómpre que a alma do porco non se perda.

De volta do río, as mulleres e os nenos que as acompañaron para botarlles auga nas tripas, mentres elas lavan, soben á cociña e as mulleres beben viño quente con mel. Os nenos tamén o proban. Ninguén bebe viño quente con mel, a non ser que as mulleres, que foron ó río, queiran compartilo con alguén. O mel é o producto das abellas que viñeron da lúa e o que mata unha abella terá cen anos de "pena", porque as abellas son as almas que veñen da lúa. O lume é unha ocasión de encontro cos devanceiros (Cf. C. II, O lume).

As mulleres que quedaron na casa prepararon a zorza para face-los chourizos gordos coas partes sangrantes do porco e os colondros. "As mulleres que quedaron na casa mentres que as outras ían ó río, cortaron as partes sangrantes en anaquiños; antes isto facíase con coitelos, agora faise cunha máquina. Pican a carne na corte". Enriba da carne e dos colondros picaron moita cebola.

As mulleres que foron ó río baixan á corte e todas elas póñense a enche-los chourizos. "Agora isto faise moi axiña coas máquinas, antes había que enche-los chourizos cun corno. Furábase o corno polos dous lados, metíase a punta na tripa e pola parte grosa do corno empuxábase a zorza para metelo nas tripas". Isto faise na corte, entre mulleres. Os homes, se hai algún por alí, andan arredor delas, miran e ás veces falan cousas retranqueiras. Un dos momentos máis alegres é cando se enche o pedro que se comerá no Entroido. Hai moitos obxectos fálicos manipulados polas mulleres. Os homes que están alí rin. As mozas non deben axudar a face-los chourizos; poden estragalos a causa do seu sangue menstrual. Os homes montan os lareiros. Os lareiros son paos de amieiro nos que se dependuran os chourizos atados con xuncos. Os lareiros póñense debaixo da cambota, sobre o lume da lareira. O aspecto da circulación parécenos a nota máis característica de todas estas accións que teñen como protagonista á muller, mentres que o home está practicamente excluído delas. Á cea reúnense outra vez tódolos que comeron xuntos. A orde non é tan estricta coma ó mediodía, pero hai que gardar unha certa orde: as mulleres da casa poderán sentarse logo que todo o mundo o faga.

Dous ou tres días despois da matanza, é a desfeita. Esta operación ten lugar xeralmente despois de comer. O matón chega, baixa o porco coa axuda dos outros homes da casa, corta as patas do porco á altura dos xeollos, córtalle a cabeza e divídeo en dous. Temos, pois, o porco dividido en tres partes: a cachucha, a metade dereita e a esquerda. O matón tira de cada metade as costelas e case todo o magro. A cacheira divídese en dúas partes (cacholas): de-

reita e esquerda. Os miolos tíranse para comelos cocidos. O dono da casa pon no baño as dúas metades (toucíños), a cabeza (as cacholas) e a columna vertebral. Se non é o dono da casa quen o fai, debe facelo o matón. As mulleres non poden poñe-los anacos do porco no baño; mesmo deben estar afastadas del. O que pon o porco no baño debe andar por riba da carne xa metida nel para tirarlle todo o aire. O aire e as mulleres poden estraga-la carne. É preciso bota-lo aire e as mulleres fóra do lugar onde se salga, para estar seguros da boa conservación. A circulación (o aire) e a "calor" (as mulleres que están coa regra) son un perigo para a conservación. Precísanse 25 quilos de sal, máis ou menos, para cada porco.

Durante todo este tempo, as mulleres están na cociña preparando a cea. É "a festa dos porcos". Cómense costelas e o carrelo do porco e carne grellada, acompañado todo con pan e patacas cocidas en branco. Todo o mundo bebe viño. O primeiro en ser servido é o matón, coma no día da matanza. Non se come máis que porco fresco. O tono é da máis gran alegría. Despois da cea ten lugar un serao; os homes xogan ás cartas e ó dominó e as mulleres tecen e contan historias. "O día da desfeita a dona da casa manda raxo ós veciños que non foron". Á festa dos porcos invítase ós veciños e á familia. Os anacos que se lles mandan ós veciños son un cambio. Os que recibiron un anaco mandarán outro ou outra cousa.

Ó día seguinte da desfeita, hai que enche-las tripas máis finas. Rechéanse coa zorza feita de raxo, pementa, herbas aromáticas e sal. A zorza prepárana as mulleres; Os homes fan o picado. Logo de preparada a zorza, as mulleres comenzan a enche-los chourizos. Desde este momento, os homes xa non teñen nada que facer, agás un deles para calca-la máquina. Ó lado da máquina hai un recipiente coa zorza; entre os dous colócase un home, o único que queda alí, que colle cun cullerón a zorza, métela no buraco grande da máquina empuxando unha palanca fixada verticalmente a un pao redondo de trinta centímetros de longo, que se mete no funil e fai saí-la zorza pola parte estreita do funil. Unha muller mete as tripas. Hai que facer notar que se emprega a mesma palabra que para dicir que un home tivo relacións sexuais cunha muller: meteulla. Outras mulleres ameran (dividen en anacos de dez centímetros cun fío) os chorizos, outras átanos ós lareiros. Os lareiros pendúranse enriba do lume da lareira. Os homes e as mozas non teñen nada que facer no sitio en que as mulleres están facendo nos chourizos. As mulleres que andan coa regra tampouco non

deben estar alí. Son as mulleres do lugar as que se xuntan para face-los chourizos de cada casa. Póñense na corte, pero nunca na corte dos porcos.

Poucos días despois da desfeita fanse as filloas. Teñen unha forma redonda, feitas nun molde de ferro, con brasas de carballo. As filloas fainas a dona da casa. Pola forma recórdanno-la lúa (Cf. Gaignebet, 1974, páx. 150-151), lugar das almas e dos espíritos. Para as filloas non se invita nin á familia nin ós veciños. Fanse só para o grupo doméstico. As filloas fanse co sangue dos porcos, fariña e ovos. Bótaselles mel ou azucre ó comelas. É unha comida moi flatulenta. As mozas non poden comelas. Pódense gardar algúns días, pero normalmente cómense inmediatamente, o mesmo día en que se fan.

Algúns días despois das filloas, fanse os roxóns. Prepáranse co ventre do porco e coa matriz. Tamén é a dona da casa a que os prepara en brasas de carballo, coma as filloas. Os invitados chegados para come-los roxóns, cómenos así como a dona da casa os vai facendo. Cómense con pan centeo e bebendo moito viño, "non se pode beber auga cos roxóns, fan mala mistura". Cremos que o viño axuda á circulación dos espíritos. É unha proba de virilidade come-los roxóns cando aínda están verdes. Só os homes o poden facer: "o que come un roxón verde é un home; ten a forza e o valor dun home". É tamén a proba dun estómago en boa saúde. Os roxóns pódense gardar moito tempo, co cal se lles poden dar a comer ós amigos cando veñen á casa ou mandarllos á familia que está lonxe. A carne queda no sal durante uns quince días. Cando pasou este tempo, tírase do sal e dependúrase do teito da cociña, para que se afume. Cando estea afumada báixase á bodega.

Coidamos que o porco pertence ó aspecto oculto do mundo e que a muller está en contacto permanente con el. O día da matanza, a muller está en contacto coas partes sangrantes e húmidas do porco e permanece dentro, na corte. En troques o home está en contacto coas partes secas e queda fóra, no patio. A muller fai as transformacións (os chourizos) e o home queda sempre do lado da carne (a natureza).

b) A sementeira.

A sementeira faise durante o primeiro período do ciclo. Fana os homes; as mulleres só sementan na horta. A comenzos de outubro seméntase o centeo. O dono da casa sementa e outro home, tamén da casa, fai os sucos. No mes de febreiro córtase a leña

que se vai queimar. Os homes da aldea xúntanse para cortala e para carrexala. As patacas seméntanse en marzo. Non se poden plantar se chove moito. O millo seméntase contra fins de abril; en Loureses non hai moito. Por maio seméntase o liño.

As mulleres poden face-las segas, traballo, non obstante, tan dificultoso, ou máis, cá sementeira. Non se trata aquí dun problema de forza. Depende simplemente da natureza mesma da acción de sementar. Sementar é enterrar (meter) algo na terra. O verbo meter é, como xa diximos antes, o que expresa a acción realizada polo home no momento das relacións sexuais; por iso sementar (meter) é unha acción fecundante e por conseguinte propia dos homes.

Para unha boa sementeira hai que ter moi en conta o tempo, e máis ca nada as fases da lúa. As patacas, as cebolas, os allos e en xeral todo o que medra debaixo da terra, hai que sementalo en lúa vella, no devalo da lúa. En troques, todo o que medra por riba da terra, como o millo, o centeo, hai que sementalo con lúa nova, en cuarto crecente. A madeira hai que cortala no devalo da lúa, como os productos que medran debaixo da terra. A lúa crecente favorece a multiplicación dos grans e a lúa minguante favorece o volume. Se se sementan patacas con lúa nova, non terán logo máis que ramallo e flores; se se sementa o centeo con lúa vella, producirá palla, pero non gran.

c) Os tempos fortes.

Imos chama-la atención sobre tres festas importantes do primeiro período do ciclo anual. Non se nega a existencia doutras festas importantes e poida que ata máis importantes cás tres das que imos falar.

α) O primeiro de novembro.

"Cada ano os mozos e mozas xuntabámonos o día de San Martiño para ir a face-lo Magosto. Os mozos mercaban viño e as mozas buscaban castañas. Non era como agora; os mozos non tiñan cartos para merca-lo viño e por iso cumpría que pensasen en mercalo con moito tempo. Precisábase moito viño, porque a xente non o bebía a miúdo e, cando se presentaba a ocasión aproveitábanse".

"O día do San Martiño, despois do xantar, saíase ó campo, máis ou menos lonxe de Loureses; a xente ía á natureza. Se chovía, facíase nunha casa, pero en principio o magosto facíase na natureza". Vese perfectamente que o magosto se celebra nun espacio

non habitado. Logo de estar no campo "os mozos buscaban leña para plantar un bo lume. Acendíase o lume e as mozas encargábanse das castañas para asar. "Evidentemente outra vez máis os homes están do lado da natureza, da leña, e as mozas do lado dos cultivos, das castañas asadas. Cando xa as castañas están asadas, as mozas chaman polos mozos. Todos comen castañas e beben viño a barullo. Ó remataren, matan o lume; está prohibido mexar enriba, anque hai algúns que o fan. Cos tizóns, "todo o mundo pinta de negro a cara, coma no día do Entroido. Volven á aldea disfrazados e metendo moito barullo. Cando chegan, a xente sae á porta das casas para mira-la mocidade que volve do magosto. Agora xa se acabou o magosto e só algúns nenos se xuntan para facelo, pero xa non ten nada que ver co magosto de antes".

Tódolos mozos e mozas estaban obrigados a participar. Faltar a unha ceremonia como o magosto era sinónimo de marxinación e marxinación nunha sociedade coma a de Loureses vén a se-la morte. Na provincia de Ourense o magosto celébrase o 11 de novembro, día do San Martiño, patrón da diócese; no resto de Galicia celébrase o primeiro de novembro (Cf. Lisón, 1971, páx. 47; Fraguas y Fraguas, 1957).

β) O San Antón de inverno.

O San Antón de inverno, patrón dos porqueiros, celébrase o 17 de xaneiro. A súa imaxe venérase na capela de Loureses no lado esquerdo mirando ó altar. Nos pes do San Antón hai un porco. O hábito do santo é pardo. "En tempos houbo unha cofradía das ánimas en Loureses. Esta cofradía mercaba, contra o mes de setembro, un porquiño. O porco alimentábase por turnos en tódalas casas da aldea; era coma unha persoa, non se enganaba nunca. O día do San Antón a cofradía das ánimas vendía o porco; os cartos que se lle sacaban dábanselle ó cura da parroquia, para que celebrase misas polas ánimas da aldea". "O día do santo, a cofradía organizaba unha misa na capela de Loureses; a misa dicíase á intención das ánimas; había bastante xente; moitos viñan das aldeas veciñas a rezar polo descanso das ánimas e tamén pola saúde dos animais domésticos, sobre todo os porcos".

"Comíase moito o día do San Antón de inverno. Cada casa tiña invitados coma no San Antón do verán. Todo o mundo estaba na mesa moito tempo. Case nunca había música. Era unha festa para comer. Chamábase "festa do pucheiro" porque non se facía máis que comer. Comíase máis ca nada porco fervido e legumes frescas. Non había carne asada". "Xa non se celebra a festa de

San Antón de inverno. Os mozos nin sequera saben que se celebraba hai tempo''.

γ) O Entroido.

Para a xente de Loureses o Entroido é un período do ano que dura tres semanas coma para tódolos galegos (Cf. Leandro Carré, 1959; Fraguas y Fraguas, 1946, 1930; Bouza Brey, 1933; Caro Baroja, 1979, páx. 47).

O domingo de septuaxésima é o domingo Fareleiro ''porque os mozos, durante todo o día, botan fariña á xente na rúa; traen a fariña no peto. Tamén botan auga con cichos (especie de xiringa feita de madeira de sabugo) e tamén os hai que botan ferruxe á cara da xente. O xoves de septuaxésima é o xoves de compadres. Os compadres invítanse mutuamente a comer''.

O domingo da sesaxésima é o domingo corredoiro. Ese día celebrábase a carreira do galo. ''En Loureses ninguén recorda a carreira do galo; pero en Xinzo facíase e tamén noutros lugares; pero en Loureses nunca existiu''. A carreira do galo facíase de diferentes maneiras en Galicia (Caro Baroja, 1979, páxs. 84-85). O xoves da semana da sesaxésima é o xoves de comadres; tamén elas se invitan a comer unhas ás outras.

A semana de quincuaxésima é a gran semana do Entroido en Loureses. O domingo é o domingo lardeiro ou tamén domingo de entroido. Ese día a xente disfrázase, dá a volta á aldea e vai ás aldeas veciñas, sobre todo ás da mesma parroquia. Chámanse mascaradas ou cortexos de xente enmascarada. As mascaradas saen tamén o luns e o martes de quincuaxésima. Non se pode traballar nestes tres días. Os veciños fan pagar unha multa ó que traballe.

O mércores de cinza a xente xúntase na encrucillada para queima-lo entroido, con fachicos de palla acendidos e dan varias voltas á aldea. Noutros lugares de Galicia este mesmo día ten lugar o enterro da sardiña (Cf. Taboada Chivite, 1945; Caro Baroja, 1979, páxs. 117-119). Faise un simulacro de enterro, pero o morto non é máis que unha sardiña nunha caixa de madeira. Lévase a sardiña nun carro e ó rematar tírase no río. Antes de bota-la sardiña ó río, alguén le o Testamento do Entroido, que vén ser unha crítica de todo o que pasa na aldea.

δ) A circulación.

Ó noso ver, a nota característica dos tempos fortes deste período é a circulación, é dicir, os intercambios entre os dous as-

pectos do mundo, o oculto e o visible; entre os diferentes grupos, segundo o sexo e segundo a idade, e entre diferentes aldeas. Tamén será interesante contempla-lo Entroido como un proceso de regulación social.

A circulación e os intercambios entre os dous aspectos do mundo intensifícanse durante os tempos fortes deste período. O día do magosto os mozos e as mozas saen do espacio habitado para ir ó espacio non habitado, lugar onde viven as serpes e mesmo as almas (CF. C. IV). A mocidade disfrázase. Mozos e mozas comen moitas castañas o cal vén a ser unha comida de mortos, porque todo ser disfrazado "parece do outro mundo". Polo momento non diremos que se trata de mortos; dicimos simplemente que se trata de seres que veñen da metade oculta. Isto serve tamén para as máscaras do Entroido; pero hai unha diferencia que nos parece importante entre o magosto e o entroido; no día do magosto son os visibles (os habitantes do espacio habitado) os que van ó espacio non habitado; sen embargo o día do entroido son os habitantes do "espacio non habitado" os que veñen ó "espacio habitado". A comunicación coas almas está clara no día do San Antón de inverno: misa polas ánimas, venta do porco das ánimas... Como xa vimos, o porco é un animal que está do lado das cousas ocultas e o de San Antón circulou realmente entre as casas da aldea.

Por outra parte e no mesmo sentido, as comidas que se fan nos tempos fortes poden indicarnos algo: o día do magosto cómense castañas, comida de mortos; os días do Entroido e no San Antón cómese moito porco, que é un animal da metade oculta. No Entroido tamén se comen filloas coma no día da matanza. O feito de comer favorece sempre a comunicación e a circulación da amistade. Durante o Entroido cómese seguido, o San Antonio é unha festa de pote e no Magosto cómense castañas; os mozos e as mozas rematan cunha cea e un baile.

A circulación non se establece soamente co outro mundo (o mundo escuro, oculto), tamén é importante entre os diferentes grupos deste mundo. Os intercambios entre os diferentes grupos segundo o sexo son máis intensos que de ordinario. Os homes vístense de muller e as mulleres de home. O día do magosto e os días do Entroido, as relacións son moito máis libres entre os dous sexos. Os homes poden tentar ata de bica-las mulleres e de tocárlle-las pernas e as nádegas. A circulación entre os grupos por alianza vese favorecida polas invitacións que os compadres e as comadres se fan mutuamente. O día do San Antón invítase a comer á familia e ós amigos. A comida do Magosto fortifica a cohesión

do grupo de mozos por medio dunha maior comunicación entre eles.

Entre as diferentes aldeas, nos días do Entroido, a circulación chega a ser máis intensa. As aldeas envíanse mascaradas e son mensaxes codificadas que ás veces non son moi ben recibidas e termínase todo cunha pelea entre os visitantes e os visitados. Tamén se crean tensións entre os grupos dos dous sexos a propósito das diversións do Entroido. En xeral podemos dicir que a circulación está favorecida, porque hai xestos durante o Entroido que nos permiten pensar que hai unha destrucción dos límites. Por unha parte os mozos disfrazados entran nas cociñas e collen comida para faceren un gran banquete; por outra parte, as mascaradas que van a outra aldea forzan os límites entre aldea e aldea.

Podemos falar tamén de certos procesos de regulación social que teñen lugar, sobre todo, no Entroido. Hai procesos de inversión social, procesos de compensación e de transgresión (para os conceptos, Cf. G. Ribeill, 1974, páxs. 45-51). O feito de ir ó territorio doutra aldea é unha transgresión, da mesma maneira que o entrar nas cociñas sen o permiso da dona ou do dono da casa. Hai unha inversión no feito de que os homes se visten de muller e as mulleres de home; tamén se pode considerar como unha compensación o feito de que sexan os mozos os que ordenen a vida da aldea, porque xeralmente son os homes os que o fan. E neste sentido pódese dicir que o Carnaval occidental ''é tamén un período de licencia, de transgresión da orde social'' (G. Ribeill, 1974, páx. 45), pero parécenos que iso non di gran cousa do Entroido. Dicir que o Entroido é unha desorde, pero unha desorde ordenada e institucionalizada e por conseguinte ''a artimaña suprema da orde'' iso non engade nada tampouco, ó noso coñecemento e á nosa comprensión do Entroido.

O aire e o lume son elementos importantes en tódolos ritos carnavalescos. Xa dixemos que en Loureses se queima o Entroido; os mozos péganlles ás mulleres casadas, especialmente ás que son estériles, coas vinchas inchadas dos porcos. Daquela o lume é unha ocasión de encontro co outro mundo (Cf. C. II, O lume) e o aire é o alento, é dicir, a vida (Cf. C. II, O aire); Así pois, o lume e o aire favorecen a comunicación e o contacto co outro mundo.

2. A COLLEITA E O CENTEO.

O segundo período principia a comenzos de maio ata fins de setembro. Durante este tempo a serpe déixase ver e é moi perigosa. Deslízase debaixo das pedras para mellor espreita-las súas

víctimas. Homes e mulleres traballan xuntos no campo para face-las colleitas. Os tempos fortes deste período son o San Pedro Mártir e o San Xoán.

a) A colleita e o pan centeo.

Neste apartado tratamos dos traballos do segundo período do ciclo anual: a colleita. A colleita, máis importante de Loureses é a do centeo. Este período está cheo de referencias ó centeo e ó pan que é unha das bases da alimentación cotiá. É o que imos ver agora.

α) As colleitas menores.

A recollida da herba é a primeira gran tarefa deste segundo período. Durante o primeiro período os animais case non saen ó campo e aliméntanse de herba. Cando alguén decide corta-la herba, ten que dar unha volta pola aldea, uns cantos días antes, para dicirlles ós homes: "Tal día queremos corta-la herba; gustaríanos que viñesedes axudarnos coma tódolos anos". O día marcado tódolos homes da aldea estarán nos prados, se a casa ten moitos. Chegan polas dúas da tarde; contra as cinco, mulleres da casa chegan coa merenda. Ó serán os gadañeiros volven cantando á casa. Cean e volven ás súas casas sen cobrar cartos ningúns, pero o que recolleu a herba ten a obriga de devolverlles algo. O día da sega da herba, non hai ningunha muller nos prados, agás aquelas que levan e serven a merenda. Quedan na casa preparando de comer. Pero o día da recollida da herba, todo o mundo vai alá: mulleres, homes e nenos.

A colleita do liño é un labor de mulleres. As mulleres do vecindario xúntanse para arrinca-lo liño de cada casa. Fano sempre despois de comer. Cando as mulleres o están arrincando, algúns homes, maiormente mozos, chegan por sorpresa ó campo no que están e tentan caer enriba das mozas e ata das mulleres casadas botándose enriba delas. Por veces as mulleres convértense en donas da situación e entón os homes quedan núos no campo. Isto vai ser rapidamente coñecido por toda a aldea que se burlará dos homes núos. Os homes axudan ás mulleres no momento de colle-lo liño e da preparación.

Na primeira metade de setembro cóllense as patacas. Os homes arríncanas e as mulleres cóllenas seleccionándoas. Os nenos axúdanlles. Os homes arrincan o millo e lévano á casa, pero as mulleres axúdanlles a esfollalo. O millo cóllese alá a finais de setembro ou comenzos do outono.

β) O centeo.

O centeo tivo sempre unha gran importancia na vida cotiá da xente de Loureses; tamén a tivo mesmo na configuración da paisaxe rural de Galicia (García Fernández, 1975, páx. 84-139). É unha das bases da alimentación diaria xunto coa carne de porco. Tódolos labores do centeo son referencias esenciais do segundo período do ciclo anual.

Os homes e as mulleres están xuntos en tódolos labores propios do centeo. Saen ben cedo da casa e volven moi tarde pola noite.

γ) A seitura.

A seitura comenza polo 17-18 de xullo. Ben cedo aínda, homes e mulleres e un ou dous nenos xúntanse no patio. Toman todos eles unha copa de augardente. O dono da casa marcha diante seguido dos homes e logo as mulleres. Chegados á leira, os homes comenzan a seitura e despois deles as mulleres, para que os homes poidan axudarlles. O ateiro (o que ata os mollos) vén detrás de todo. Ás veces axúdalle un neno que lle vai dando as ódegas de palla. O ateiro é o xefe do rancho (o grupo de tódolos que están facendo a seitura).

Cando se acaba cun campo hai que poñe-los moldos nunha ou varias rodas, segundo a cantidade de monllos. A roda faise poñendo os monllos en forma de espiral horizontal, póñense as espigas de cada monllo riba dos talos da precedente e os talos contra o chan, partindo de catro monllos postos no medio en forma de cruz. Séguese un movemento de dereita a esquerda que é un movemento descendente. Os homes e as mulleres son os que fan as rodas; os nenos, o ateiro e o dono non participan. Dous días despois da seitura os homes sós poñen os monllos en medouchos, é dicir, poñen os monllos uns sobre dos outros en espiral vertical seguindo un movemento de esquerda a dereita que é un movemento ascendente. Vemos, pois, que as mulleres están integradas nun movemento de dereita a esquerda (descendente), pero están excluídas do movemento de esquerda a dereita (ascendente).

A dona da casa queda nela para face-la comida. Hai sempre outras mulleres para botarlle unha man se o grupo dos seitureiros é moi grande. Os seitureiros comen alá pola unha da tarde, sentados á sombra dunha árbore. Sempre é unha muller a que leva o xantar e o distribúe. O ateiro é o primeiro en ser servido. Case non se come porco; polo menos a carne de porco non é importante neste momento. Os seitureiros volven todos xuntos cantando ó sol-

por. Toman unha cunca de caldo na casa e logo van para a cama. Homes e mulleres (os que non son da casa) dormen todos na palleira.

O patrón da casa ou se non unha filla súa ten que sega-las últimas herbas e atalas. Isto chámase "facer unha aña". Coidamos que o año é para a comida do segundo período o que o porco para a do primeiro; durante o primeiro período non se come cordeiro. Facer unha aña (año), pois, é probablemente unha alusión á comida do segundo período. Por outra parte sabemos que se unha ovella pare dous años dunha vez, iso quere dicir que comeu unha herba de centeo con dúas espigas. E en fin, o inimigo das ovellas é o lobo, que é o símbolo da morte e do antidoméstico. Facer unha aña é, probablemente, símbolo de vida e isto trae protección á casa contra o lobo.

Os homes de Loureses e algunhas mulleres marchaban a Castela para face-la seitura. Na raia entre Castela e Galicia, ían botando pedras nun amilladoiro. As pedras son as ánimas dos devanceiros que acompañan ós seitureiros ata os lindes de Galicia, "pero os devanceiros non podían atravesa-los lindes. Acompañaban ós seitureiros polos camiños de Galicia, coma cando a xente ía ós santuarios. Había que dicirlles ós devanceiros que un marchaba".

δ) A acarrexa.

A carrexa ten lugar unha semana despois da seitura. Non se sae tan cedo coma para a seitura. Cómpre que o tempo estea seco. As primeiras carretadas vanas busca-los homes sós. Máis tarde irán as mulleres cos homes. As mulleres non poden subir ó carro para amaña-los monllos. No campo de centeo hai sempre un neno diante das vacas para axota-las moscas. Os monllos lévanse á eira nos carros e póñense en medas seguindo un movemento de esquerda a dereita subindo verticalmente. As mulleres son excluídas da eira o día da acarrexa. Cando a meda xa está rematada, ponse no cumio unha póla de loureiro. A comida máis importante do día da acarrexa é a cea. A dona da casa prepáraa con outra muller que lle bota unha man. A comida é quente. O porco non ten ningún papel importante. Cómese año e froitos secos.

ε) A malla.

As mallas comenzan 30-40 días despois da seitura, contra o 15 de agosto. A xente comenza a traballar desde moi cedo. Están xa na eira ó abrente e rematan no solpor. Tódolos veciños de Loureses xúntanse para a malla de cada veciño. Dúas ou tres persoas de ca-

da casa van á malla do veciño; iso depende da cantidade de centeo de cada casa.

A xente divídese en grupos segundo o sexo, e cada grupo está dividido entre solteiros e casados. Os homes póñense ó lado das cousas seleccionadas; as mulleres fan a escolla. Entre os membros dos subgrupos pode haber intercambios, pero entre os diferentes grupos non os hai. Os homes solteiros botan monllos da meda para metelos na máquina e carrexan a palla sen gran ó lombo ata o palleiro. Os homes casados fan o palleiro e coidan do gran. As mulleres solteiras separan a palla das espigas, mentres que as casadas separan o gran das espigas. As casadas fan a separación das espigas e do gran coas coañadeiras (pólas con ramas de vido). Os vidos medran á beira do río nos lugares húmidos. As coañadeiras poden ser tamén de pólas de xesta. As mozas que queren casar fan nós coas xestas, que están preto dos santuarios.

En cada malla, cómese na eira. Ata pode chegar a comerse dúas veces se a malla é moi grande. Cómese pan con cebolas e bébese viño tinto. A xente séntase no chan para comer, sen distinción de grupos. O primeiro en ser servido é o maquinista, que é xefe da malla. Ó remata-la malla os mozos buscan unha moza da casa e tentan sentala na "cruz" (porque os catro últimos monllos se colocan en cruz) e paséana pola eira ata a máquina, mentres todos rin a escachar. Os mozos mesmo poden tocarlle as nádegas sen que ninguén proteste. Nalgúns casos vanse coller outras mozas para botalas no fondo da meda e apalpalas. Por outra parte, as conversacións entre os grupos durante a malla son sempre de dobre sentido: picantes, retranqueiras. Os homes andan seguido arredor das mulleres, enleando e marcando con palabras retranqueiras cada xesto das mulleres.

δ) A limpa.

A limpa ten lugar poucos días despois da malla. Faise entre os veciños de máis preto, segundo un principio xeográfico. Traballan homes, mulleres e nenos. Os nenos recollen o gran en cestos, as mulleres collen nunha tega (medida de 13 quilos feita con madeira de castiñeiro) o gran limpo que cae da máquina de limpar e méteno en sacos. Os homes agarran os sacos e lévanos ata os arcaces (uchas de madeira de castiñeiro). Os arcaces están na bodega. O dono da casa prepáraos uns días antes da limpa e mételles folla de figueira "para afastar toda clase de bichiños". Pero, de feito, nós cremos que os froitos das figueiras son unha comida de mortos, o mesmo que as castañas e as noces. É ben sabido que a

sombra dunha figueira fai mal coma a do castiñeiro e a da nogueira. Por iso é probable que coas follas de figueira se busque a protección dos devanceiros para o gran de centeo. Os días do Entroido, a xente disfrazada entra nas cociñas e rouban figos e noces, entre outras cousas.

Os homes, as mulleres e os nenos que fixeron a limpa comen xuntos. O típico é comer ese día "sopa de burro cansado": unha mistura de viño con mel e pan centeo. As mulleres beben viño con mel cando veñen de lava-las tripas o día da matanza. O mel é un producto funerario porque as abellas son as almas que veñen da lúa. A sopa de "burro cansado" é, probablemente, un intercambio cos mortos.

[illegible]) Medida do centeo.

A cantidade de centeo mídese de dúas maneiras diferentes: unha delas aplícase cando aínda está coa palla; outra, cando o gran xa está nos arcaces. Antes da malla, mídese o centeo por carros. O carro ten 25 pousadas e cada pousada ten cinco monllos; daquela cada carro ten 125 monllos. Despois da malla mídese o gran de centeo por fanegas. Cada fanega ten 5 tegas e cada tega pesa, máis ou menos, 13 quilos. Polo tanto, cada fanega pesa aproximadamente 65 quilos. A tega é un instrumento de madeira de castiñeiro, feita por un carpinteiro; a fanega é un saco de liño feito na casa. Cada carro vén equivaler a 7 fanegas, e por conseguinte un carro leva 455 quilos de gran de centeo. A colleita máis importante destes últimos anos foi a dun veciño que colleu 100 fanegas, é dicir, 6.500 quilos, pouco máis ou menos, de gran de centeo. Unha boa seitura é un símbolo de riqueza en Loureses.

Reparto das tarefas por idade e por sexo.

a) Limpa

Quen / Tarefa	Grupos de idade		Grupos segundo o sexo	
	adultos	nenos	homes	mulleres
Maquinista	x		x	
Gran sucio		x	x	x
Escolla do gran	x			x
Gran limpo	x		x	
TOTAL	3	1	3	2

b) Malla.

Quen / Tarefa	Grupos de idade		Grupos segundo o sexo			
	adultos	nenos	homes		mulleres	
			solt.	casad.	solt.	casad.
Limpa-la eira	x	x			x	x
Mollos	x		x			
Maquinista	x		x	x		
Escolla da palla	x				x	
Escolla do gran	x					x
Acarrexa palla — grande	x		x			
Acarrexa palla — pequena		x	x			
Gran	x			x		
Palleiro	x			x		
TOTAL	8	2	4	3	2	2

θ) O pan centeo.

O gran queda nos arcaces todo o ano. A xente vai collendo así como o vai precisando. Ás veces dáselles gran ós porcos, pero non moi a miúdo. A xente colle o gran para levalo ó muíño. Sempre houbo tres muíños en Loureses desde o século XVIII. No primeiro documento que fala de Loureses hai trazas dos tres muíños.

Os muíños estaban declarados empresas de utilidade pública. Os tres aínda existen nos nosos días, un pouco transformados. Tamén hai un muíño eléctrico moderno. Os tres antigos muíños están parados desde hai algúns anos. A xente traía o gran ó muíño ó lombo dunha besta, en sacos de 5 tegas. Sempre é unha persoa maior a que trae o gran para moer, preferentemente unha moza ou unha muller casada. Case sempre hai moita xente no muíño e hai que garda-la vez, "moitas veces os que veñen de lonxe están obrigados a quedar días enteiros agardando a que lles toque. A xente ponse de parola mentres agarda e pola noite bailan, porque sempre hai alguén que sabe tocar un instrumento".

A literatura oral fálanos moito das "noites no muíño". O muiñeiro é un personaxe que aparece moito en contos e en

refráns; "os muiñeiros son case todos persoas moi alegres, están sempre cantando, coñecen a todo o mundo, non traballan a terra e están sempre no muíño. Ás mulleres gústanlles os muiñeiros e tamén ós muiñeiros lles gustan moito tódalas mulleres. Ás veces os pais teñen medo de deixar i-las súas fillas ó muíño. Hai polo mundo adiante algúns fillos de muiñeiro". As cancións do muíño son todas de dobre sentido, picantes. "Non se pode fiar un das noites pasadas no muíño, di unha muller. O muiñeiro ou calquera outro que vén alí pasa-la noite, métese entre as mulleres. Unha noite no muíño non está mal, pero ter un fillo do muiñeiro non está ben". En todo caso vese que o ambiente no muíño é equívoco, cheo de xestos eróticos, de dobre sentido, e ata as accións libertinas tampouco non faltan. Hai un forno no medio de Loureses; é o forno común. Hoxe está un algo descoidado. Agora case todo o mundo merca pan trigo a un panadeiro que vén desde Xinzo de Limia, unha vila a doce quilómetros de Loureses. "Antes non era coma agora; cada quince días quentábase o forno. Cada veciño quentaba o forno por turnos. Os tres primeiros estaban obrigados a facelo. Se algún deles non o facía cando lle tocaba, era separado do grupo e estaba mal visto por todo o mundo".

Fai falta unha dobre cantidade de leña para quenta-lo forno as tres primeiras veces. "Hai que darse conta que antes case non existía leña. Non había máis que a necesaria. Agora haina por tódalas partes; coas cociñas de gas case non se precisa a leña". Os máis pobres non estaban obrigados a quenta-lo forno no primeiro turno nin no seguinte. Pero non era esta a única razón, "era máis difícil ter un bo pan nos primeiros turnos". Mentres que estivo apagado, os seres do outro mundo puideron entrar nel.

A leña de carballo era a ideal para quenta-lo forno, pero podíase quentar con calquera leña; mesmo coa de sabugo que non se queimaba nunca na lareira. O home é o que quenta o forno; a muller amasa e divide a masa en pequenos cachos. Os dous axudánse mutuamente para poñe-los anacos de masa no forno. Ademais a muller segue o proceso de fermentación (transformación) e o home queda do lado da leña e do lume. Amásase na cociña nunha artesa. A dona da casa que é a primeira en quenta-lo forno, garda o lévedo da última vez. As mulleres das outras casas empregan o que a dona da primeira casa deixou para elas. O forno é un lugar de reunión para os homes, como se verá. Estalles prohibido ás mulleres entrar nel, agás aquelas que teñen vez para quenta-lo forno.

Hai oracións para cada momento da fabricación do pan. Os mendigos chegan ó forno e piden pan, rezando oracións polo eterno repouso de tódolos mortos da casa. Hai que rezar, hai que ter tino coas correntes de aire, cómpre ter en conta un monte de cousas para que a fornada saia ben. "Paréce fácil acadar un bo pan; non é certo, é difícil: hai que vixiar ben a masa, o grado de calor do forno, cerra-las portas no momento preciso... Non é tan fácil como se di, é toda unha arte".

A xente de Loureses come pan a tódalas horas do día, con tódalas comidas. A súa importancia non é soamente "alimentaria", tamén é espiritual e ritual. Emprégase o pan como medio de protección ou profiláctico. "Antes, todo o mundo levaba sempre no peto un cacho de pan. Estaba ben feito; o pan deféndenos contra as bruxas. Sobre todo os nenos, cando teñen que saír da casa, deben levar un cacho dependurado do pescozo contra o mal de ollo". Por outra parte, se se atopan as ánimas nunha encrucillada e se nos invitan a comer, hai que comer, pero nunca do seu pan. Por iso vale máis levar sempre un anaco no peto. O pan tamén é un dos elementos esenciais de moitos ritos de menciña popular.

O pan axúdanos a adiviña-lo futuro. Cando o pan cae no chan anuncia alegría ou tristeza, e hai que ter coidado cos invitados que se teñen na casa, nese momento; son perigosos. "Una vez, estando eu na casa do veciño, o pan caeu no chan e tiven que explicarme e excusarme. Eles dixéronme que non facía falta excusarse, pero xúrolle que aquilo non foi nada divertido". Hai que terlle un gran respeto ó pan; bícase o anaco que caeu no chan. Na noite de Nadal e aínda noutras ocasións, bótase pan ó lume para as ánimas, e á saída do enterro repártese a "parva" (un anaco de pan) (Cf. C. IV. O enterro). O cacho que cae no chan cómese se non está moi sucio; se non, dáselle a un can ou bótase no lume. Non está permitido, de ningunha maneira, dar unha patada a un cacho de pan. O pan é probablemente un medio de comunicación co outro mundo, coas ánimas.

A profusión lingüística arredor do pan fálanos da importancia que este ten para a xente de Loureses. Para cada momento do proceso do pan, desde a semente ata o consumo, hai un termo específico para falar del.

b) Os tempos fortes.

Imos estudiar dous tempos fortes: o primeiro de maio e o San Xoán.

α) O primeiro de maio.

Para comprender ben o significado do primeiro de maio, hai que estudiar unha serie de festas que teñen lugar nesta época. Os paisanos de varios lugares de Galicia marchaban a noite do 29 de abril con fachicos de palla na man, segundo nos din algúns autores de fins do século XIX (A. Vicenti, 1879; M. Murguía, 1888). Os paisanos chamábanlle a esta ceremonia, a véspera do mes de maio. Xuntábanse todos arredor dunha fogueira prendida no medio da aldea e á noitiña baixaban ó val. En primeiro lugar, cada casa daba a volta arredor dos seus campos; logo todos xuntos daban a volta ó conxunto dos campos botando cinza por riba dos cultivos. Vicenti di que se facía todo iso para conxura-los vermes do trigo. Logo volvían á aldea e bailaban arredor do lume toda a noite. A xente de Loureses nunca nos contou isto.

O 30 de abril os galegos celebran o San Pedro Mártir, pero non en Loureses (o que imos dicir baséase en informes bibliográficos; Cf. Fraguas, 1972, páx. 189; Taboada Chivite, 1973, páxs. 159-160; V. Risco, 1961, páx. 413). É a festa dos endemoniados; moitos deles van á procesión. Os endemoniados tentan poñerse debaixo do carro do santo; durante a procesión berran e profiren blasfemias. "En Ribadavia pódese mercar merda do demo para os endemoniados. Lévase á casa e fáiselle comer ó endemoniado. Iso faille ben". Non puidemos saber en que consiste a merda do demo.

O primeiro de maio os mozos cortan unha árbore que plantan no medio da aldea e pola mañá, ben cediño, os mozos poñen pólas nas ventás das mozas e só ramiñas nas das mozas feas. "Polo día, un rapaz vestido con follas pasea pola aldea. Agora isto só pasa nas vilas, onde grupos de rapaces constrúen figuras con flores e follas, pero non en Loureses. Nas aldeas xa non hai nada disto. Acabouse. A xente agora vai á cidade para mira-los maios".

A Santa Cruz é a patroa de Penalonga, unha aldea moi preto de Loureses. A xente saca a Cruz en procesión o 3 de maio. J. Voragine dinos que a Santa Cruz existiu sempre desde Adán, en forma dunha árbore de maio (sen perxudica-las crencias cristiás).

O día do Corpus celébrase en case tódalas parroquias de Galicia (V. Risco, 1962, páxs. 665-672; Taboada Chivite, 1972, páxs. 69-72). Resumindo, os autores dinnos que na festa de Corpus tódolos Gremios, as Virtudes, Os Anxos, a Serpe e outros seres máis están representados. A xente cobre de flores e de ramas os camiños por onde vai pasa-la procesión; mesmo se botan espigas de trigo ou centeo no camiño.

Cremos que podemos dicir que polo primeiro de maio o mundo oculto sae á superficie; os endemoniados aparecen na procesión de San Pedro Mártir; os paisanos volven favorables os espíritos co lume dando voltas arredor dos campos con fachos na noite do 29 ó 30 de abril; os Anxos, as Virtudes e a Serpe son cos Gremios os que van á procesión de Corpus e podemos ver na árbore da Santa Cruz o renacemento de toda a natureza. Por outra parte, en Loureses dise que na noite do primeiro de maio se xuntan as bruxas para compartir cos veciños as moscas e a auga de todo o ano; isto fainos entende-lo que di Varagnac: "As mozas tiñan que ir antes do abrente a adorna-las fontes con guirnaldas de flores para combate-la influencia das bruxas particularmente activas esa noite (a noite do 1° de maio)". (Varagnac, 1978, páx. 51).

O mundo oculto acaba de saír á superficie. Desde agora ata o San Miguel, a fins de setembro, "este mundo" e "o outro mundo" van estar en connivencia total; os habitantes do outro mundo non teñen necesidade de máscaras para manifestarse. Pero os habitantes do mundo oculto saen cunha gran virulencia. Isto pode explicárno-la máis baixa tasa de casamentos de todo o ano no mes de maio, con 4,49% no século XX na parroquia de Aguis, á que pertence Loureses (1). Á saída dos habitantes do outro mundo hai que engadi-la lúa rubia do mes de abril, última lúa do mes, que provoca un desequilibrio no tempo; a xente fala sobre isto do pequeno inverno de comenzos de maio e fanse rogativas para restablece-lo equilibrio luar e a relación dos habitantes deste mundo e do outro. É perigoso casar nun momento de desequilibrio, é evidente.

β) O San Xoán.

O 21 de xuño é o solsticio de verán; a diferencia entre o día e a noite é a máis grande de todo o ano. A xente de Loureses sae ben cedo para ver baila-lo sol. Pero sobre todo a xente sae na mañá do día de San Xoán para toma-lo orballo; é moi bo para a saúde e para ter sorte, para a xente e para os animais. "Cumpría bañarse na mañá de San Xoán nunha fonte fóra da aldea, en Casaldoufes (fonte nun espacio non habitado). Os mozos, para defendérense contra a sarna, daban voltas polo chan co corpo todo núo". As xentes doutras partes de Galicia ían bañarse á praia da Lanzada, no baño das nove olas seguidas.

En case tódalas aldeas prendíase unha gran fogueira o día de San Xoán. A xente debía saltar por riba do lume de San Xoán, e levaba os animais para facelos pasar por riba das cinzas. "En

Loureses non se facía a fogueira de San Xoán, porque xa se facía o día de San Antón, o 13 de xuño (Cf. C. III, A festa patronal). A xente, na noite de San Xoán, collía ramos que gardaba todo o ano como os do Domingo de Ramos. Collíanse sobre todo ramos de loureiro, de sabugueiro e de romeo. O romeo e o sabugo son plantas funerarias. O romeo dáse nas hortas preto das abellas que chupan nel a miúdo. Os sabugueiros danse tamén nas hortas no recanto onde se botan as augas do vertedeiro (Cf. C. II, A Casa). Os ramos dependúranse nos balcóns e nas fiestras da casa e tamén se poñen nos campos, sobre todo nos de liño.

Ó noso ver o casamento é o tema máis importante da noite de San Xoán. As mozas fan ritos para adiviñar se collerán mozo nese ano; se teñen varios mozos, os ritos válenlles para saber cal deles será o seu home. Para saber se van casar durante o ano "as mozas deben saltar sobre o lume; se o fan sen toca-las chamas, casarán nese ano; se as tocan, non. Á parte diso, saltar por riba da fogueira de San Xoán é bo para a saúde e para que a sorte lles sexa favorable ás persoas e ós animais".

A diferencia do mes de maio, a tasa de casamentos do mes de xuño é o máis elevado do todo o ano na parroquia, co 12,62% no século XX (as estadísticas foron feitas sobre os libros da Parroquia de San Martiño de Aguís). A circulación dos espíritos é tan grande coma na noite do primeiro de maio. As bruxas están alí para rematar de reparti-las moscas e a auga entre os veciños; as mulleres encantadas que están nas fontes do espacio salvaxe, saen na noite de San Xoán para peitearse con peites de ouro. É unha boa ocasión para desencanta-las mulleres enfeitizadas". Na noite de San Xoán óense as campás das cidades que están sulagadas a causa dos seus pecados; óense as de Antioquía, unha cidade sulagada a 12 quilómetros de Loureses porque os seus habitantes adoraban o galo. Tamén se ven luces na noite de San Xoán".

Parécenos que o San Xoán é unha festa de casamento e de intercambios entre os homes e as mulleres; é unha festa de amor e de matrimonio. Case tódalas adiviñas están orientadas ó matrimonio, o amor. Tamén é a noite dos "feitizos e dos maleficios de amor". Os espíritos están na terra desde comenzos de maio; a connivencia entre os homes e os habitantes do outro mundo que están neste é pacífica, normal.

Pensamos que as festas ou os tempos fortes do segundo período insisten no vencello entre este mundo e o outro. Non falamos da "ascensión dos espíritos" a propósito do primeiro de maio, porque nos parece que o outro mundo non sobe, está aquí

coma este mundo. Durante o primeiro período o outro mundo tamén está aquí, pero está oculto; a circulación no Entroido, no Magosto e no San Antón de inverno é tan intensa, probablemente, coma no 1° de maio ou no San Xoán, pero está oculta, os espíritos están enmascarados, ocultos coma a serpe. Durante o segundo período os habitantes do outro mundo son visibles coma a serpe. Entre os dous mundos non hai oposición; son paralelos, cada un deles ten a súa existencia propia e a súa independencia. No segundo capítulo verémo-lo espacio de cada mundo.

Tempos / Traballos	29 Setembro Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro
Sementeira do centeo	x											
Colleita das castañas. Tascadeiros	x	x										
Ceba dos porcos	x	x	x									
Matanza dos porcos			x	x								
Corta-la leña					x							
Sementeira das patacas						x	x					
Sementeira do millo Sementeira do liño								x (13)				
Sega da herba									x			
Colleita do liño										x (15)		
Sega										x		
Sementeira dos nabos										x		
Malla do centeo											x	
Colleita das patacas												x
Colleita do millo Maza-lo liño												x

C. AS CORENTENAS.

Hai dúas clases de corentenas: as corentenas rituais e as ecolóxicas. As rituais son as que seguen a un acontecemento importante na vida dun individuo ou na vida da aldea. Chamamos corentenas ecolóxicas ós períodos de corenta días que son subdivisión doutros períodos máis longos.

1. CORENTENAS RITUAIS.

Sabemos de dúas: para a muller parida, para a casa que está de dó; pode haber unha terceira para os que casan e outra máis, a coresma, para os católicos da aldea.

a) A muller parida.

A muller que acaba de parir debe gardar un ritmo de vida especial durante unha corentena. Case non pode saír da casa, nin traballar e sobre todo non debe lava-la roupa nin bañarse. Tampouco non pode ir á igrexa, porque é impura, e por iso tampouco non pode ir ó bautismo do seu fillo, porque os nenos se bautizan pocos días despois de naceren. As relacións sexuais tamén lle están prohibidas. Come máis ca nada galiñas que lle traen as outras mulleres da aldea de regalo e tódolos da casa comen tamén algo das pitas. A muller parida tampouco non pode comer porco.

b) O dó.

A casa que está de dó debe garda-lo "loito rigoroso" durante os corenta días que seguen á morte. Durante a corentena ninguén se lava nin se peitea. As mulleres poñen a roupa do revés. Os membros da casa poden saír, pero é mellor que queden na casa. Non poden facer traballos pesados. Os veciños faranos por eles, se hai que facelos. Os veciños da casa non aceptan invitacións e tampouco non as fan. A comunicación (mesmo a circulación) choca con obstáculos: as mozas da casa non poden estar cos seus mozos, os mozos non poden ir a visita-las súas noivas e os matrimonios deben absterse de relacións sexuais. En principio, o porco está excluído do réxime alimentario durante a corentena.

c) O casamento.

Os noivos non poden ir á misa da parroquia os domingos mentres se publican as monicións. Poden ir á misa a outra parroquia, pero o que fan case sempre é non ir a ningunha. Ó noso ver, isto é excluírse da vida pública. E probablemente esta exclusión da

vida pública era o que quedaba dunha corentena que seguía a un contrato porque, de feito, os noivos considerábanse como casados desde o momento en que se apalabraban.

d) A Coresma.

A coresma é unha corentena para os católicos da aldea. Durante a coresma os católicos non comen carne. Evitan toda clase de ruído ou de música. Non cantan nin fan festas. Quedan máis ben na casa dedicándose á meditación e a rezar. Os casados abstéñense de relacións sexuais durante a corentena.

Hai unha serie de características que parecen ser comúns a tódalas corentenas. As relacións entre os grupos segundo o sexo están case prohibidas. As parellas durante a corentena non poden ter relacións sexuais; os mozos non poden visita-las súas mozas; tampouco as mozas poden recibi-los seus mozos. O réxime alimenticio das corentenas exclúe a carne de porco. Xa vimos que no Entroido, momento dunha intensa "circulación", se comía moito porco; isto demóstranos que o réxime das corentenas rituais é moi diferente do do Entroido.

A casa que está en corentena no momento do dó rigoroso cerra as portas e as ventás, íllase do exterior. A muller parida non sae e os noivos xa apalabrados non van á misa da parroquia o domingo, símbolo de vida social. A casa en corentena non pode aceptar invitacións, nin facelas; as festas están excluídas. Cremos poder dicir que a circulación entre os grupos deste mundo e a comunicación co outro mundo desaparece case por enteiro nos períodos das corentenas.

2. AS CORENTENAS ECOLÓXICAS.

O primeiro período do ciclo anual está subdividido en períodos de corenta días ou en corentenas. Non obstante, para o segundo ciclo non demos atopado esta subdivisión en períodos de corenta días. A seguir, imos procurar caracterizar cada unha das corentenas do primeiro período.

α) O San Miguel.

Co San Miguel, o 29 de setembro, comenza o primeiro período do ciclo anual; esta corentena dura ata o primeiro de novembro. Co San Miguel comenza o período das sementeiras; seméntase o centeo. O día de San Miguel cómense noces e bébese viño tinto do novo. Esta festa celébrase en Ribeira, unha aldea a 3 quilómetros ó norte de Loureses. Este día a xente de Loureses di:

"Imos comer noces e beber viño ó San Miguel". Hai que darse conta que as noces o mesmo que as castañas son comida de mortos, porque se comen noces e castañas no Entroido, e o día do Magosto, como xa vimos. Por outra parte, a sombra do castiñeiro e a da nogueira son malas.

β) Os defuntos.

Esta corentena comenza o primeiro de novembro coa festa de Tódolos Santos. Este día faise o Magosto en Galicia, como xa vimos. A festa de Tódolos Santos, probablemente, non é outracousa cá cristianización da "Samhain" celta, que segue viva a través do Magosto para a xente de Loureses e de toda Galicia en xeral. O traballo principal deste período é a colleita das castañas; as mulleres son as que fan este labor axudadas polos nenos.

γ) O Nadal.

A terceira corentena é a do Nadal. A corentena do Nadal dura desde o día do Nadal ata o San Brais ou a Candeloria. A noite de ano vello os mozos fan as trasnadas; abren as portas das cortes e saen os animais; collen os carros e os arados nos currais e lévanos ata os camiños; é dicir, negan un pouco os límites, circulan por todas partes e fan circular tamén os instrumentos agrícolas. O 6 de xaneiro é o día de Reis. A mocidade vai por toda a aldea e por veces mesmo chegan a outras aldeas cantando os "reises" e pedindo noces, figos e ovos para preparar un banquete ó día seguinte. (Fixémonos outra vez na presencia das noces nun momento de intensa "circulación"). O traballo deste momento é a matanza.

δ) A Candeloria.

A corentena da Candeloria ou de San Brais dura desde comenzos de febreiro ata o San Xosé, o 19 de marzo. Durante esta corentena celébrase o Entroido e cómese, como xa diximos, moito porco; máis ca nada, partes sangrantes do porco. Os homes ábrenllelas augas ós prados e réganos.

ε) O San Xosé.

A corentena dura desde o San Xosé, 19 de marzo, ata o San Pedro Mártir, o 29 de abril, data do comenzo do segundo período do ciclo anual. As mulleres aínda quedan na casa coma no resto do período e os homes saen fóra para planta-las patacas e o millo.

Todo o primeiro período seméllanos unha "gran corentena". Os mundos están un ó lado do outro, pero non hai bastante co-

municación nin circulación entre eles. Para suprir esta falta de comunicación e de circulación entre os dous mundos, hai festas que separan e que comenzan cada corentena. Hai un período que é de moi intensa circulación: o Entroido.

Corentenas ecolóxicas

Data \ Corentena		S. Miguel	Magosto	Nadal	Candeloria	San Xosé	Tempo morto	Traballos
1º período	setembro	29						Sementeira do centeo
	outubro							
	novembro	10	11					
	decembro		24	25				Castañas
	xaneiro							Fiar matanza
	febreiro			1	2			
	marzo				18	19		corta-la leña
	abril					30		sementa-las patacas
2º período	maio						1	Colleitas
	xuño							
	xullo							
	agosto							
	setembro						28	

D. O TEMPO CUALITATIVO

O tempo identifícase coa acción; por iso a acción califica o tempo e hai tantos tempos diferentes coma accións diferentes. Fálase do tempo "das patacas", do tempo "do millo', do tempo "das castañas", do tempo "da sementeira", do tempo "dos tomates", do tempo "das matanzas"... O tempo identifícase co

traballo dese momento. Pero xa vimos que os traballos do primeiro período son diferentes dos do segundo. Entón os tempos dos dous períodos son tamén diferentes o un do outro. O primeiro período é o das sementeiras e o segundo é o das colleitas.

E hai que ter aínda en conta que o centeo se sementa no mes de outubro, o millo a fins de abril, as patacas a fins de marzo e comenzos de abril. Por iso o tempo da sementeira non é sempre o mesmo, porque o feito de sementar patacas ou millo non é o mesmo. O segundo período é a época das colleitas, pero é distinto seitura-lo centeo, ou colle-lo millo; non é o mesmo colle-lo millo que apaña-las patacas.

Os traballos condicionan a connivencia entre os grupos segundo o sexo, como xa vimos. Os homes están sempre fóra, pero as mulleres quedan dentro durante o primeiro período, é dicir, durante o período da semente. A xente de Loureses califica tamén o tempo polo que comen en cada época. Sabemos, por outra parte, que a alimentación en Loureses é cíclica, de xeito que coñecendo o que se come, coñecémo-lo ciclo anual.

Sábese tamén que cada traballo debe ser feito nun momento preciso dos movementos dos astros, por exemplo en tal ou cal fase da lúa. Vese entón, que o tempo é a conxugación do traballo, ou mellor aínda, da acción e do movemento dos astros. A medida do tempo é a acción; o pasado non é outra cousa que a acción rematada.

A producción e o consumo son cíclicos, e daquela tamén o tempo é cíclico. Podemos engadir ás cualidades do tempo os xogos dos nenos; son xogos diferentes para as distintas épocas do ano. Como o tempo é cíclico e repetitivo, sábese de antemán o que se vai facer e o que se vai comer. Pero hai sempre incógnitas e imprevistos sobre todo cando se trata do destino persoal: nacemento, casamento, morte. Anque neste ámbito a xente de Loureses tenta reduci-lo campo do descoñecido pola adiviñación.

Para sermos exactos, as cousas descoñecidas non son descoñecidas máis que nunha certa medida. As cousas descoñecidas sonnos reveladas todas elas por signos da vida cotiá. O futuro está escrito nas cousas, nos astros e nos acenos máis banais da vida, no comportamento dos animais; neste sentido podemos dicir, por exemplo, que unha das máis antigas escritas é "a que traza o sol no seu curso, animando as sombras de tódalas cousas na superficie da terra antes de borrarlas na noite" (J. Servier 1976, páx. 55).

O neno enxendrado na lúa nova ten que ser un neno, na lúa vella unha nena. O neno será un meniño se a muller preñada sae

da casa co pe dereito, se sae co esquerdo será unha meniña. Así vemos que o neno está asociado á dereita e a nena á esquerda, como o lobo que non come máis cá parte esquerda das súas víctimas. A moza ten que se servir da auga e do lume na noite de San Xoán para saber cando e con quen vai casar. E se o día do casamento chove, a parella vai ser rica; se neva, vai ser moi feliz.

O comportamento dos animais e dos paxaros fálanos da morte. Cando a pita canta coma o galo, cando o can ladra coma o lobo, cando o galo pon un ovo, todo isto quere dicir que alguén vai morrer na aldea. Podemos dicir, polo tanto, que o transtorno da orde cotiá anuncia a morte, porque o feito de que a pita cante coma un galo, etc., non é a ordre normal das cousas.

O feito de ver un lobo branco anuncia tamén unha morte na aldea. Isto inscúbese na mesma explicación que acabamos de ver: é anormal ver un lobo branco. Ademais o lobo é a anti-orde, o anti-doméstico. A presencia do lobo ou simplemente a proximidade dun, mesmo se non se chega a ver, produce na xente os mesmos efectos cá presencia ou a simple proximidade das ánimas. (Cf. C. IV). O lobo aliméntase de terra na metade da semana; a outra metade come outros animais: reproduce cada semana o ciclo anual da serpe. Come soamente o lado esquerdo das súas víctimas. Pódese domina-la serpe coa música ou co lume; tamén se pode domina-lo lobo coa música ou co lume. Cando o lobo se alimenta da terra, non é perigoso e permanece oculto na montaña ou en lugares nos que non se pode ver: coma a serpe. Ó noso ver tamén se pode poñe-lo lobo en relación coas fases da lúa, pero as nosas informacións non nos permiten asegurar nada disto. En definitiva cremos moi posible afirmar que hai fortes correspondencias entre o lobo, a serpe e as ánimas. (Cf. C. IV).

As minucias máis banais da vida cotiá poden ser reveladoras do futuro: o feito de que o pan caia no chan, ou que haxa unha vasoira de pe trala porta, ou que caia no chan un pouco sal, todo isto, se se sabe interpretar, pódenos dar informacións sobre o futuro. As árbores e as plantas, as estrelas e a choiva son outros tantos signos do futuro... O cosmos é un libro; o futuro está escrito nel: hai que saber lelo. Para os máis dos autores galegos que tratan o problema da adiviñación, non se trata máis ca dunha superstición (López Rodríguez, 1974, páxs. 107-115; Taboada Chivite, 1972, páxs. 141-146; V. Risco, 1962, páxs. 480-486). Nós diremos de grado que se trata dunha técnica e dun saber da xente.

Ó noso ver, os soportes do tempo son os labores, a comida e os xogos. Son os puntos de referencia, para os acontecementos e para

as datas que interesan á xente de Loureses. Serve para referirse ós acontecementos de cada ciclo. Se se quere situar un acontecemento nun tempo máis distanciado, a xente sérvese doutros acontecementos máis coñecidos de todos, os grupos de idade, por exemplo,: "A morte de X foi cando Z era mozo", "iso pasou cando tal grupo facía o servicio militar", "O señor Eduardo morreu pouco despois do señor Gerardo. E o señor Gerardo morreu cando naceu Francisco, e era o tempo de sementa-las patacas. Estabamos sementando na Seara" ou senón "si, o señor Antonio morreu cando naceu Josefa e os nenos xogaban ó do gato". Pódese dicir, pois, que os grupos de idade serven de punto de referencia ós acontecementos distanciados, e para cada ciclo estas referencias son os traballos, a comida, os xogos dos nenos.

O que acabamos de dicir ten relación sobre todo cos acontecementos que interesan a toda a aldea. Hai outros acontecementos que só interesan a un grupo de idade determinado ou a un grupo de sexo. Os grupos de idade ou os grupos segundo o sexo poden ter outros puntos de referencia, que non existen para as outras persoas de Loureses. Unha festa pode quedar na memoria dun grupo de idade como punto de referencia; un aborto pode servir de punto de referencia ás mulleres.

Hai acontecementos que marcan un ciclo para unha casa e que non significan nada para o resto da aldea. "Si, isto pasou no ano en que a Toura (unha vaca) morreu; estaba enferma cando Antón volveu (do servicio). Eu estaba só na casa, os outros foran ó Carme (unha festa)". En xeral a xente de Loureses non sabe a data do seu nacemento, agás cando se fai obrigatorio o Documento de identidade; e aínda moitos non a recordan nin así. En Loureses non se celebra o cumpreanos, senón o día do santo. Tampouco non se acordan da data do seu casamento. O nacemento e a voda hai que situalos no conxunto dos traballos, comida, xogos de nenos, grupos de idade...

Tamén nos decatamos de que hai acontecementos que serven de punto de referencia para un só individuo ou para varios individuos, pero non para un grupo de idade, ou para un grupo de sexo, nin para os habitantes dunhacasa: unha pelea, as regras dunha muller, a primeira visita a unha cidade, a primeira comunión. Todo isto son puntos de referencia individuais. O tempo individual redúcese máis ou menos ós segredos; do contrario, o tempo do individuo é o da familia.

O pasado exprésase con "onte", "antonte" e "antes" (o trasantonte). Empregan "huxe" (hoxe) para o presente e "mañá" e

''pasadomañá'' para o futuro. Non utilizan ningunha palabra precisa para determina-lo tempo futuro máis alá de endoutro día.

As comidas (tres veces por día durante o primeiro período e catro no segundo), as horas en que se levan pasta-las vacas e nas que se volven á corte (dúas veces por día), o abrente e o solpor, o erguerse e o deitarse das galiñas, a sombra nun lugar determinado do patio e outros máis, son os puntos de referencia para determina-la hora do día. A xente tamén ten puntos de referencia para determina-la hora pola noite: a hora do canto do galo, a hora do lobo, a hora ''cando as pitas bolen moito'', a hora da volta dos mozos.

O observador que chega a Loureses e que oe falar do pasado ou que pregunta que hora é, pode te-la impresión de que a xente fala sempre dunha maneira completamente indeterminada, e non obstante, a xente de Loureses sitúa os acontecementos de maneira exacta e precisa sen cita-lo día nin o ano.

Pódese pensar que en Loureses non cambia nada e que nesta perspectiva ''o futuro é concebido como un simple alongamento do presente: O retorno dun pasado coñecido, un punto nunha duración familiar, igual desde a súa ruptura co tempo sagrado dos devanceiros e dos deuses'' (J. Servier, 1976, páx. 71) coma en calquera sociedade tradicional Pero o certo é que houbo cambios e máis ca nada nos últimos quince anos. A apertura dunha estrada polos anos sesenta, a chegada dun aparato de televisión a case tódalas casas, a escolaridade obrigatoria ata os 14 anos, a emigración en masa dos mozos, son outros tantos factores que forzaron a un cambio, como vimos a través das descricións que xa fixemos e que veremos aínda nos capítulos que seguen. A mesma xente fainos reparar nos cambios cando din: ''antes non era así'', ''como dicían os avós'', ''se os mortos volvesen, caerían redondos'' e así seguido.

1. CELEBRACION TOTAL.

Hai que considera-lo ciclo anual como un dato total, que se pode ver no seu conxunto, e por conseguinte ''o pasado non é insondable nin o futuro misterioso: son follas dun mesmo libro'' (Servier, 1980, páx. 344). Nesta totalidade ''desprazar un obxecto cara ó pasado, non é necesariamente desprazalo cara atrás'' (Servier, 1980, páx. 344) e desprazalo cara ó futuro tampouco non é desprazalo cara adiante. Nesta perspectiva a predicción do futuro é case algo natural, porque a existencia dunha celebración total dá ó grupo un medio de converter ó presente tódalas dimensións do

tempo. De tódalas maneiras, pódese facer un desmembramento da totalidade global.

Xa fixémo-lo desmembramento en dúas metades; as dúas non son máis que partes integrantes dun todo global; así o problema do continuo e do discontinuo recibe unha solución orixinal: un continuo feito de discontinuo. Non hai separación entre os dous períodos do ciclo anual, por non se-los dous máis que momentos dunha transición continua. E isto é así anque cada período ten as súas características e as súas celebracións. O San Antón de inverno é a celebración do primeiro período. É certo que hai en Loureses outras celebracións neste período, como o Entroido, o Magosto (festa dos mortos), pero o San Antón é a festa que ten unha personalidade local máis visible; para o segundo período eliximo-lo San Antón de inverno por razóns semellantes.

Por conseguinte as celebracións e as festas dun período están emparentadas coas festas e celebracións do outro período, permitindo colle-lo ciclo anual baixo unha forma de totalidade organizada, anque se poidan introducir diferencias entre elas. Nós sostemos que en Galicia o Entroido non ten o valor dunha institución anual, como pretende C. Gaignebet (Gaignebet, 1974).

Capítulo II

O ESPACIO E OS ELEMENTOS

O tempo pasa nun espacio que é o teatro da vida cotiá dos homes e das mulleres de Loureses. O espacio é concebido como un microcosmos co seu centro e os seus límites. O centro está situado a distintos niveis, pero non hai máis ca un. Estamos diante dunha xeografía sagrada e non científica. No centro do cosmos é onde se fai posible o corte entre os diferentes niveis. A terra, a auga, o lume, o aire reciben o seu significado no tempo e no espacio.

A. A TERRA.

Xa diximos que a xente de Loureses concebe o mundo como un microcosmos. Hai un centro que se manifesta en diferentes lugares, anque o centro do mundo é un só. No centro do mundo é onde se cortan os niveis e os diferentes aspectos do mundo chegan a ser un só; o mundo perfecto, único e total. Estudiarémo-la lareira, a encrucillada, o cimeterio, os santuarios e o círculo.

1. O CENTRO.

a) A lareira.

α) A casa.

A lareira é o centro da casa. A casa é moito máis cá simple morada en que se vive. Imos estudia-la casa en xeral e logo estudiarémo-la lareira como centro da casa.

A "casa" significa familia, descendencia, propiedade, lugar de residencia, economía ideoloxía e expresión simbólica dun microcosmos que xira arredor da lareira. A autarquía é unha característica esencial da casa que é unha unidade de producción e de consumo (Cf. Ojales Pita, 1975, páx. 121; Lisón, 1971, páxs.

304-334; Tenorio, 1914, páxs. 83-85). Cada casa de Loureses goza de dereitos e obrigas con respecto ás outras casas da aldea. Estes dereitos e estas obrigas son a fonte de solidariedades e de tensións entre os veciños.

Imos estudiar aquí a casa como expresión simbólica dun microcosmos que xira arredor da lareira. Desde o camiño éntrase nos patios por unha porta grande (porta de carro). Os patios non son visibles desde o exterior, porque están rodeados por muros que seguen os muros da casa. Nos patios hai pitas, porcos, cans, gatos e ás veces vacas. Por outra parte tamén están tódolos trebellos do traballo agrícola: carros, arados, legóns, angazos, xugo, molidas, e hoxe en día hainos que teñen tractor e, tamén ás veces coche. Os nenos do vecindario xogan no patio dunha das casas pola tarde ó volveren da escola. O patio é o vencello entre dentro e fóra (casa/camiño). Os que chegan á casa teñen que pasar polo patio e son anunciados polos cans e as pitas.

Ademais da porta que dá ó camiño e as das cortes, hai outras dúas portas: unha dá ó palleiro e outra á horta. O palleiro e a horta son do interior (da casa) en oposición a tódalas outras construccións da aldea. Antes de falar do palleiro e da horta, temos que engadir que no curral hai case sempre un pozo e un gran recipiente para beberen as vacas. Nalgúns casos tamén hai unha figueira. A figueira, co castiñeiro e a nogueira, como logo veremos, é unha árbore funeraria: a súa sombra é mala, as follas serven para a conservación do gran de centeo, e os figos, xunto coas castañas e as noces, forman parte da comida dos mortos.

Xa diximos que unha das portas dá á horta. A horta cultívana as mulleres da casa. Elas sementan. Hai un pozo para rega-los cultivos e para lavar. Na horta danse toda clase de legumes. E un espacio reservado á xente da casa; tódolos animais que morren son enterrados nela e tamén alí se queiman tódalas cousas vellas. En tempos enterrábanse alí os nenos mortos sen bautizar.

As colmeas están colocadas na horta; téñense case en segredo. Ás veces medra un sabugueiro no recanto da horta en que se botan as augas do vertedeiro. O sabugueiro é unha árbore tabú, "cheira mal", non se queima nunca na lareira; os nenos fan no Entroido unha especie de xiringas con madeira de sabugo ("cichos"). O día do San Xoán plántanse pólas de sabugo nos campos, sobre todo nos de liño. Contra os muros que rodean a horta medran loureiros. Emprégase o loureiro para cociñar, para facer ramos no Domingo de Ramos e para queimar cando hai unha tormenta: o loureiro fai recua-la tormenta e protexe as casas. En fin, pódese di-

cir que a horta forma parte do aspecto oculto do mundo; a parte oculta do microcosmos casa-mundo: As cousas vellas da casa, as varreduras, as árbores tabús, un lugar case secreto coma a sala da casa; lugar de enterro dos animais e ata dos nenos mortos sen bautizar. Ás veces os nenos entran na horta para roubar mazás e outra froita. Isto está considerado como unha profanación dun espacio prohibido.

A terceira porta lévanos ó palleiro. O palleiro serve para garda-la herba e a leña de facer lume. Os cans dormen nel nas noites de inverno e os nenos aproveitan para xogar alí os días que chove. A herba métese no palleiro por unha porta que abre cara a fóra. A herba non se mete no patio máis que no momento en que os homes da casa llela dan ás vacas. Os secadeiros do millo están nos muros do patio. En Loureses non hai moitos porque hai pouco millo.

O curral rodea o edificio que serve de vivenda ás persoas e ós animais; falando do interior, podemos chamar casa á vivenda da xente e dos animais, en oposición co resto da casa (falando do exterior): curral, palleiro e horta. Os animais viven na planta baixa. Hai tres cortes: unha para as vacas, outra para as ovellas e a terceira para os porcos. Cando se varre a casa, as varreduras bótanse nas cortes. A corte dos porcos está, xeralmente, debaixo da cociña. A entrada ás cortes faise polo curral.

A xente vive no piso. Sóbese ó piso pola escaleira exterior construída desde o curral. O piso está dividido en dúas partes: a cociña e o sobrado. A cociña serve para face-las comidas e como comedor e sala de estar. Na cociña témo-la espeteira, o vertedeiro de pedra, unha parrugueira (especie de banco de pedra para poñe-las potas), a gramalleira. A gramalleira dá media volta sobre o lume da lareira. Átase unha cadea á gramalleira para dependura-las potas e mantelas quentes no lume ou para leva-la comida dun lado ó outro da lareira. Os habitantes da casa comían arredor do lume. Tamén podemos ver na cociña o oleiro de madeira. Abertos nos muros están os armarios ou lacenas para garda-la carne, o aceite e o sal. Tamén hai unha artesa para amasar, unha caixa de madeira dependurada dun muro para poñer algunhas revistas ou algúns libros vellos, ou simplemente páxinas de periódico que se empregan para envolver calquera cousa.

A vaixela é moi simple; redúcese a algúns pratos, uns vasos, unha ducia de culleres e outra de garfos. Os meus informadores de 60 anos ou máis acordan comer con culleres e garfos de madeira. Tódolos asentos son de madeira. O escano é unha especie de sillón

de madeira enteiro, para varias persoas; o escano está fixado ó lado do lume contra unha das paredes da cociña.

O lume préndese na lareira; a lareira é un cacho de pedra do chan da cociña nun dos ángulos máis escuros. As potas póñense ó lume sobre de trespés: un ferro en forma de triángulo con patas en cada ángulo. Cómpre dicir que en tódalas cociñas, alá polos anos sesenta, se instalou unha cociña de ferro, "cociña económica", e nos anos setenta, unha cociña de gas "cociña de butano". Hoxe só se prende o lume na lareira no inverno para quentarse.

Na outra parte do piso está o sobrado. O sobrado serve para durmir e para comer os días das festas importantes: festa patronal, día do casamento, banquete funerario. As mozas reciben o seu mozo no sobrado. Tamén se usa para o velorio dos cadáveres. En resume, no sobrado nacen os membros da casa, celebran o seu casamento e morren. Temos que engadir que nalgunhas casas hai unha sala especial para os velorios, chamada "a sala" e case non se emprega para outra cousa. Os mobles principais do sobrado son os leitos e os roupeiros, todos de madeira de castiñeiro, de carballo ou de nogueira e, en principio, unha gran mesa para os banquetes. Os leitos están colocados nas catro esquinas do sobrado, os roupeiros contra as paredes e a gran mesa no centro da habitación. A roupa pode estar tamén dependurada dun varal (pao horizontal que está colgado do teito por dous aramios). O sobrado é un lugar íntimo. Só poden entrar nel os habitantes da casa, agás nos días dos grandes banquetes nos que tamén van os invitados, o día do velorio dun cadáver e os noivos das mozas da casa cando van a visitalas.

Os informadores máis vellos acordan os tempos en que os animais e a xente vivían na planta baixa. A planta baixa estaba dividida por un tabique que non chegaba nunca ó teito: dun lado vivía a xente e no outro os animais; os animais oían á xente e a xente podía seguir tódolos movementos dos animais. A. M. Romero dinos que a cohabitación dos homes e dos animais en Galicia remonta á noite dos tempos (1976, páx. 51). Nos últimos anos foron construídas bo número de casas. As novas vivendas teñen tres ou catro habitacións, un comedor, un cuarto de baño e unha cociña. Por outra parte, as casas antigas foron amañadas segundo o código da modernidade e na medida do posible.

Os animais domésticos (porcos, galiñas, cans, coellos, vacas e gatos) forman parte da casa. Xa falamos dos porcos que constitúen unha das bases da alimentación diaria da xente de Loureses. Desde o punto de vista económico, os animais máis importantes son

as vacas. A venta dos xatos foi nun momento dado case a única fonte de ingresos. Comenzouse a vende-lo leite contra os anos cincuenta, despois da instalación dunha fábrica de queixos en Loureses. Os habitantes de Loureses sempre fixeron queixo e manteiga na casa. En realidade, nunca houbo moito leite porque as vacas teñen que traballar moito e ademais déixaselle-lo leite ós cuxos. Antes ninguén mercaba leite; agora os veciños véndenlle-lo uns ós outros. Son os homes os que se ocupan das vacas, pero móxenas as mulleres.

As pitas eran tamén outra fonte de ingresos; vendíanse os ovos na feira de Xinzo de Limia, e tamén se vendían as pitas e os polos. Só se comían cando unha muller da casa paría ou se había un enfermo. De cando en cando tamén se vendía unha ovella. As pitas e as ovellas están ó coidado das mulleres.

Os cans están sempre no patio e ata na cociña onde comen, porque debaixo do oleiro (lugar para as potas con auga) hai unha caixa na que comen os cans. Os gatos tamén comen na cociña, nun recanto oposto ó dos cans. Os cans e os gatos comen sempre quente e cocido; os outros animais comen crúo, agás os porcos que comen cocido durante os meses de outubro, novembro e decembro.

Entre os homes e os animais establécense relacións afectivas. Os homes pasan horas e horas nas portas das cortes das vacas a mirar para elas. Cada vaca ten o seu nome: "Toura", "Morena", "Marquesa", "Gallada". Os membros da casa saben o día do cumpreanos de cada unha, cando ten que parir e cantas veces pariu cada unha delas. Ás veces consérvanse vacas estériles, porque se lles ten cariño, ou simplemente "porque son moi fermosas". Polo momento non fomos capaces de establecer unha lei para os nomes das vacas; non obstante, reparamos en que ás veces fan alusión a unha característica da pel ou dos cornos.

Os cans tamén teñen un nome: "león", "quin", "sultán"... Non puidemos descubrir tampouco ningunha regra nin ningún código para a escolla dos nomes dos cans. Están sempre no patio, na cociña ou paseando con algún dos membros da casa. Cando están na cociña dormen ou xogan cos nenos, pero tamén se poden ver ás veces quentándose no lume da lareira coa xente. En xeral os cans non son malos. O can é a imaxe do doméstico, ó contrario do lobo que é antidoméstico. O can pode anuncia-la morte cando oubea coma o lobo; é dicir, cando se converte no anti-can, no lobo. O can está do lado do aspecto visible do mundo e o lobo do lado do aspecto oculto. Por outra parte, o can está tamén do lado da morte. Dise que unha cadela negra vai sempre "coas da noite" (as

ánimas que andan de noite) e cando alguén ten mala sorte, díselle: "viche-la negra"; cando alguén perde ás cartas díselle o mesmo. Os homes falan a miúdo dos cans. Os gatos tamén comen na cociña, quéntanse no lume da lareira. Non teñen nome. Ás veces soben ós xeonllos da xente e dormen neles, pero, en xeral, os gatos non se deixan tocar. A xente non fala case nunca deles.

Cada especie de animais ten as súas virtudes características; cada animal ten as virtudes propias da súa especie, faise admirar e toda a aldea fala del. En resume, os animais forman parte do mundo do home. Desde a chegada dos tractores, as distancias entre homes e animais son máis grandes e, sobre todo, as vacas, son vistas como unha fonte de ingresos máis ca como un obxecto da casa.

En Loureses a terra está moi dividida, por iso a industrialización da agricultura é difícil. Hai pouco tempo o goberno intentou face-la concentración parcelaria. Viñeron uns enxeñeiros para explicarlles á xente as avantaxes económicas do plan e a xente entendeuno todo. Non obstante, no momento de poñer en práctica as teorías, case todos se opuxeron. Hai que facer notar que os paisanos non tiñan que pagar nada. Os enxeñeiros e o alcalde dixeron entón que os labregos de Loureses eran "parvos" porque "non querían vivir mellor con menos traballo"; pero eles contestaron: "isto sempre estivo así e non queremos cambiar. Querían tirar coas nosas casas, corta-las árbores, facer novos camiños". Recoñecían as avantaxes, pero "se fan todo iso, despois a aldea xa non será a nosa aldea, todo será distinto". Tiveron medo de perde-los puntos de referencia. Cada anaco de terra, cada árbore, cada fonte, cada camiño é un punto de referencia, para os membros da casa e para a memoria colectiva da xente da aldea.

As terras forman parte da casa que se transmite por herdanza; cada xeración merca o que pode. Por iso podemos dicir que "a terra é a xenealoxía espacializada" da casa. Destruí-la organización espacial é destruí-la historia e a memoria da xente. Cada leira ten a súa historia, o mesmo que cada persoa e cada animal ten a súa. Está prohibido vende-las terras, herdadas antes da morte dos pais; e mesmo despois, está mal visto. Polo contrario, conserva-las terras que se recibiron e aumentalas mercando máis, é unha proba de respeto para os devanceiros. "Aquel quería moito a seus pais; viviu sempre fóra e non obstante conserva as terras de seus pais; ó outro o único que lle interesa son os cartos. Vendeu todo, mesmo as terras da muller". Hai que desconfiar sempe do que vende as súas terras, "se fai iso, pode facer calquera cousa; o que renega de Deus, renega máis facilmente aínda dos seus santos".

Xa falamos da horta. Agora imos falar da cortiña. Case tódalas casas a teñen. Cortiña é unha palabra composta de "corte" e o sufixo "iña" que pode ter un valor afectivo coma neste caso. De feito a cortiña é unha leira que está nos límites do territorio da parroquia. Está dividida por unha liña imaxinaria en dúas metades. Unha delas está cultivada e a outra non. Nela hai serpes e os nosos informadores dixéronnos que hai xente que tivo visións (ata de xente do outro mundo). Parécenos que a cortiña é unha representación do espacio total (o interior e o exterior), o espacio habitado e o non habitado). Isto non o afirmamos, suxerímolo como unha simple hipótese. En tempos a cortiña era un anaco de terra que os labregos recibían do "señor". O que producía quedaba todo para os labregos. O resto das terras daban unha colleita que había que repartir entre o "señor" e os labregos que as traballaran (Cf. García Fernández, 1975, páx. 88).

En Loureses hai diferentes categorías de terras: as navas, nas que se cultivan legumes e que se poden regar; os prados, para a herba e para os pastos; os barbeiros que producen toda clase de froitos, agás legumes; e as leiras que producen só centeo e isto cada dous anos. Estas son as divisións do espacio cultivado; o espacio non cultivado é a poula. Unha división máis simple é a de labradío (espacio cultivado) e monte (espacio non cultivado).

Os símbolos de riqueza son o número de vacas, os carros de centeo, o número de porcos que se matan cada ano. Antes o feito de ter un cabalo era símbolo de riqueza; pero agora xa non hai cabalos. Os informadores de máis de sesenta anos faláronnos doutro criterio de riqueza, o varal, un pao dependurado do teito por dous aramios para colga-la roupa; "un varal cheo de roupa significaba que a casa tiña moito liño e por conseguinte moitas terras". Outros símbolos de riqueza están desprazando os antigos. "Os ricos de antes son agora os máis pobres; teñen que traballar seguido. Non teñen vacacións. Os que non tiñan terras nin vacas, agora teñen cartos, un coche, etc.".

β) A lareira.

A lareira é o centro do microcosmos "casa". A cociña é moi escura e a lareira é o recanto máis escuro da cociña (Gallego Jarreto, 1975). A xente da casa pasa moitas horas arredor do lume da lareira nas noites de inverno. Os seraos teñen lugar arredor do lume da lareira e tamén é o sitio no que se reciben as visitas e as mozas da casa son pedidas alí para casaren. A noite do velorio dun cadá-

ver, o lume queda acendido toda a noite na lareira. A lareira é, por conseguinte, o centro social da casa.

As ánimas veñen tamén á lareira, nas noites de inverno sobre todo. Están alí cos vivos quentándose. Os vivos van deitarse e as ánimas quedan arredor do lume na lareira. De cando en vez a xente bota anacos de pan ó lume da lareira para as ánimas. O día de Noiteboa déixase todo riba da mesa para que as ánimas poidan comer ben esa noite. Nalgúns casos, ese mesmo día, déixanse baleiros entre os vivos os lugares dos mortos e póñense pratos para eles. As ánimas entran pola cheminea. Coñécese cando chegaron porque as chamas se moven sen que ninguén vaia tocalas e sen que haxa ningunha corrente de aire na cociña. Cando se vai facer unha peregrinación, a véspera hai que invitar ás animas que están na cociña a carón do lume da lareira.

Pola noite non se pode varre-la cociña para fóra. Se se varre hai que poñe-las varreduras arredor do lume da lareira, pero sen botalas ó lume. Normalmente as varreduras da cociña bótanse por un buraco feito no chan da cociña e que vai dar á corte dos porcos; as do resto da casa bótanse na horta ou nunha corte ou en todo caso no patio, pero case nunca fóra (no camiño). Varre-la cociña cara a fóra trae mala sorte á casa. As augas do vertedeiro bótanse na horta, nun recanto onde medran os sabugueiros. Os restos da comida cómenos os cans e os porcos. En realidade nada o que está na cociña se bota fóra. A borralla lévase á horta. A lareira é, sen dúbida, o centro da casa; é o sitio onde teñen lugar os cortes de niveis: os habitantes do mundo visible xúntanse cos habitantes do mundo oculto (os dous aspectos do mundo).

As comodidades

Ano	Grupos domésticos	Cuarto de baño completo	Váter sen cuarto de baño	Cociña de leña	Cociña de gas	Televisión (Branco e negro)	Lavadoras
1960	45	1	3	15	0	0	0
1978	42	15 (35,71%)	4 (9,52%)	40 (95,23%)	41 (97,61%)	22 (52,38%)	2 (0,48%)

Animais

Ano	Vacas	Ovellas	Porcos	Burros
1960	80	200	60	30
1978	61	161	84	5

Mecanización

Ano	Coches	Motos	Tractores	Camións	Segadoras
1960	0	1	0	1	0
1978	15	8	4	1	3

Nota explicativa do cadro.

Polos anos cincuenta asistimos á chegada da electricidade e á apertura da estrada polos anos sesenta e cinco. A partir dos anos setenta comenza a modernización de Loureses e a emigración en masa dos seus habitantes a outros países de Europa. A modernización débese ós cartos que veñen do exterior, porque de feito as fontes interiores de ingresos (vacas e ovellas) disminúen, anque as colleitas de centeo e de patacas se seguen mantendo. Sabemos que nin o centeo nin as patacas foron nunca unha fonte de ingresos para a xente de Loureses. A xente vai deixando todo o que non pode facer con máquinas. Evidentemente as máquinas que hai en Loureses non poden facilita-los coidados que precisan as vacas. O número de burros descende en picado, porque a xente xa viaxa en coche e carrexan as cousas no tractor.

b) A encrucillada

Xa estudiámo-la casa e o centro da casa, a lareira; agora imos estudia-la aldea e o seu centro.

α) A aldea.

Os primeiros datos que puidemos recoller sobre Loureses confúndense coa lenda. "Hai moito tempo Loureses non estaba aquí

onde está agora. Loureses estaba en ''Casas Ermas''. Xa vai moito disto. Aínda agora se ven de vez en cando homes e mulleres descoñecidos en ''Casas Ermas''; son antigos habitantes de Loureses cando a aldea estaba en ''Casas Ermas'', ''Teño medo de ir por alí só, ata de día. Hai que ter coidado. Ninguén se acorda disto; era na antiga lei (antiga lei: expresión para dicir: In illo tempore)''.

Polos anos 1652 atopamos a Loureses citado nos libros dos Arquivos da parroquia de Aguís; nos ''Arquivos Provinciais de Ourense'' tamén atopamos outros documentos sobre Loureses dos anos 1753. En tempos era un Coto do Convento das ''Clarisas de Allariz'', una vila a vinte quilómetros de Loureses. ''Coto'' é un territorio delimitado. Coto significaba ''pedra que indica os lindes''; logo, pasou a significar ''territorio delimitado''. Estes territorios estaban libres de impostos ó rei, e ó mesmo tempo protexidos pola autoridade contra os inimigos. O réxime político, económico e xudicial tamén era especial (Cf. Ferro Couselo, 1952, páxs. 52-53); entón Loureses era unha propiedade do Convento de Allariz.

Os habitantes de Loureses debían un canon ás relisiosas do convento de Allariz, ó bispo de Ourense, ó cura da Parroquia e ó Rei. Loureses tiña vinte veciños. As casas estaban todas apiñadas na aldea e non había ningunha fóra dela. Había tres muíños, unha taberna e tódalas casas eran moi pobres, coma chozas. As cousas non cambiaron moito a comenzos do século XX. Nos nosos días as cousas son bastante diferentes. Anque os muíños seguen existindo, agora hai 42 veciños; o 35,71% das casas teñen cuarto de baño completo, o 9,52 teñen só un retrete. O 97,61% teñen cociña de gas e o 52,38% teñen televisión.

As casas que teñen unha eira común son veciñas, ''unha eira'' (conxunto de casas que empregan a mesma eira). Hai 11 en Loureses. Dúas casas teñen cada unha a súa eira particular. Hai catro que pertencen a varias casas, pero a unha soa ''castimonia'' (familia en sentido de parentela). As cinco restantes pertencen cada unha a un grupo de casas.

As eiras que pertencen a unha soa casa levan o nome dun devanceiro, ou dun antigo habitante, porque a casa puido ser mercada e neste caso o nome da eira é o do antigo dono. A propiedade dunha casa da eira dá dereito a tódolos servicios da eira. As eiras que pertencen a varias casas e a varias familias (''Castimonias'') levan o nome do lugar: ''Filgueira'', ''Barrigosa'', ''Fontevella'', ''Airiña''. A medida que o grupo de casas dunha eira é maior, a cohesión entre os veciños reláxase; ó contrario, esta cohesión é

maior canto máis pequeno sexa o grupo de casas dunha eira. O feito de ter unha eira para unha soa casa é un factor de illamento. A eira é o vecindario, se estamos en Loureses, porque fóra da aldea, os veciños son tódolos habitantes de Loureses. En resume, a noción de veciños é relativa e depende da situación do que fala.

Varias "airas" forman un "barrio". Hai cinco en Loureses: Alto, Filgueira, Fondo do lugar, Fonte vella e O Santo. Cada barrio ten a súa fonte ou máis dunha, e un pozo ou varios para que as vacas poidan beber. O Santo, o novo barrio de Loureses, non ten nin fonte, nin pozos. Cada casa ten o seu pozo particular no patio ou na horta. Son seis veciños neste barrio; hai só unha eira que non é empregada máis que por un veciño. Xa se comenzou a chamar "O barrio do Santo" cando so tiña tres veciños. A sua cohesión é moi débil; os veciños son moi independentes uns dos outros. Case todos eles son comerciantes e catro dos seis son novos en Loureses. A cohesión, en xeral, entre os vciños do barrio é menor cá que existe entre os veciños da eira.

En Loureses hai unha serie de lugares independentes das "airas" e dos barrios que son comúns a toda a veciñanza. Hainos que son lugares dos homes e outros das mulleres. Algúns son para os homes e para as mulleres a un tempo. Estes lugares son: o forno, a taberna, o muiño, a fonte e o tear.

O forno está situado no medio da aldea, entre O Alto e O Fondo, á dereita no sentido sur-norte. Segundo os meus informadores máis vellos, o forno sempre estivo onde está agora. As paredes do forno son de pedra e o teito de madeira cuberto de palla; a forma externa é redonda. Foi reconstruído moitas veces e agora está moi estragado. O forno é o lugar de reunión dos homes; a presencia das mulleres está prohibida, agás aquela á que lle toca coce-lo pan. O "Concello" (reunión dos veciños da aldea) pode xuntarse tamén no forno. Os homes non se reúnen aquí nunca durante o segundo período do ano.

Os primeiros documentos escritos sobre Loureses fálannos dunha taberna. Podíase mercar nela viño e tabaco; a "casa" da taberna nese tempo era a única digna dun tal nome; as outras eran chozas. A "casa" da que nos falan os documentos, aínda existe; queda á dereita, no sentido norte-sur, no barrio do Fondo. Os meus informadores acórdanse da "Taberna do Tío Felipe", "da do Fonte vella", "da do Marcelino". Desde os anos sesenta e cinco, cinco tabernas foron substituídas por bares modernos e por tendas nas que se pode mercar de todo. As tabernas eran un lugar

de reunión para os homes. Unha muller non podía poñe-los pes nelas. Os homes ían a xogar ás cartas ou a bebe-lo "litro". As mulleres poden entrar nos bares modernos e tomar un vaso, pero non poden xogar nin case sentarse. Agora mesmo, os homes que antes non ían nunca á taberna, van ó bar a xogar ás cartas e a tomar un café. Os que non van nunca son criticados, pois non veñen porque non queren gastar unhas pesetas cos amigos. Antes non se podía vir aquí (os meus informadores falan do bar), non tiñamos para tomar un vaso. Pero as cousas cambiaron moito agora. Antes falábase ben do que non ía nunca á taberna.

Os primeiros documentos escritos nos que aparece Loureses falan tamén de tres muíños na aldea. Aínda quedan, pero moi estragados. Un deles aínda moe algo; os outros xa non poden moer, "hai xa moito tempo que nin "o muíño do Rúa", nin "o dos Santos" non moen"; agora móese nun muíño moderno, construído a 200 metros de Loureses cara ó norte. O muíño é un lugar de traballo e de reunión, pois vén moita xente ó mesmo tempo. Os homes e as mulleres van ó muíño; pero parécenos que eran sobre todo as mulleres as que ían ó muíño ("ir ó muíño"). "Para unha rapaza era sempre unha aventura o ir ó muíño, porque o muiñeiro era sempre un home pícaro e moi libertino; ademais, pola noite, cando había que pasala alí, facíanse xuntanzas, tocábase música e bailábase". Hoxe a xente xa non agarda no muíño; chegan e cambian o gran pola fariña segundo as regras xa establecidas e marchan de seguido. Os tres muíños eran de auga; o de hoxe é eléctrico.

A fonte era un lugar de xuntanza das mulleres. Ó mediodía e ó serán intercambiaban as informacións e as noticias do día. Agora que xa hai traída de auga, as mulleres bótana de menos e xa non corren tanto as noticias pola aldea. Os homes case nunca ían a buscar auga. Ás veces os mozos xuntábanse coas mozas na fonte, e pasaban moito tempo a falar. "Meu irmán tivo que ir a buscarme algunhas veces á fonte porque eu non daba chegado. Quedamos falando unhas coas outras ou, se non, viñan os mozos e poñíanse a falar coas mozas e esqueciámonos que había que leva-la auga á casa".

O tear estaba normalmente na planta baixa, ó nivel das cortes. As tecedeiras eran sempre mulleres; en Loureses non houbo nunca un home tecedeiro. É cousa de mulleres. A tecedeira facía toda a roupa da casa e a roupa de vestir; deste xeito compréndese a importancia que tivo o liño para a xente de Loureses e para a de toda Galicia en xeral (García Fernández, 1975, páxs. 125-131). O tear

era un lugar de reunión das mulleres; nunca entraba un home no tear, agás se era o mozo da tecedeira, ou se a tecedeira era unha moza podían visitala os mozos de vez en cando. Hai xa moito tempo que os teares de Loureses non funcionan. A xente non sementa liño. "É máis doado merca-la roupa; ademais, a roupa comprada é máis fácil de lavar".

β) A encrucillada.

É fácil darse conta da importancia da encrucillada para a xente de Loureses e de toda Galicia. En cada encrucillada hai cruceiros e petos de ánimas. Os cruceiros e os petos de ánimas forman a parte integrante da paisaxe de Galicia (Castelao, 1949; Filgueira Valverde, 1946; A. Rodríguez, 1961; Menor Curras, 1983). É difícil andar catro pasos na Galicia rural sen atopar un. Sería interesante estudia-los cruceiros e os petos das ánimas desde o punto de vista histórico e artístico; para isto, remitimos ás obras xa citadas. Imos estudia-lo que pasa nas encrucilladas e as razóns dos fenómenos que imos describir.

No medio de Loureses hai un cruceiro nunha encrucillada. O seu valor artístico non é extraordinario e é relativamente recente; foi feito por un canteiro que agora está na Arxentina. Tódolos enterros que veñen do "Fondo" e da "Filgueira" (dous barrios) paran diante do cruceiro. "É para rezar e para repousar. Os curas cantan responsos e a xente reza. En tódalas partes se fai o mesmo; diante dun cruceiro hai que parar. En realidade, de aquí ata o cimeterio párase en cada encrucillada. É un costume. Desde tempos inmemoriais, sempre se fixo así". Tódolos enterros paran en tódalas encrucilladas e nas correntes de auga; é dicir, nas encrucilladas feitas por un camiño e un río. Cada vez que se pasa por diante dun cruceiro ou por diante dun peto de ánimas, hai que dicir: "adorámoste Cristo e bendicímoste porque pola túa Santa Cruz redimiche-lo mundo".

A xente encóntrase moitas veces coas ánimas no cruceiro de Loureses, máis ca nada pola noite. As ánimas, polo xeral, paran a quen encontran diante dun cruceiro e invítano a comer con elas, pois "elas comen sempre alí, diante do cruceiro. O invitado ten que parar para comer, pero non do que elas lle ofrecen"; esta é a razón de que a xente de Loureses ande case sempre cun cacho de pan no peto.

Ás veces a "seña" do que vai morrer logo, aparéceselles ós que pasan por diante do cruceiro (seguimos a falar do cruceiro de Loureses). "O cruceiro é o lugar preferido das ánimas. Seguen

vindo a el''. ''O mesmo demo vai alí e ten relacións sexuais coas mulleres. Vén sen ser chamado. Pode darlle, ó que llo pida, poderes de bruxería''. As bruxas fan reunións nas encrucilladas e sobre todo diante do cruceiro; ''é moi perigoso pasar por alí cando as bruxas están reunidas; o que pasa nese momento pode cobrar unha tunda. Se se tenta fuxir, elas poden corre detrás e se pillan á persoa, é aínda peor''.

O cruceiro é o espacio indispensable para moitos ritos tanto catárticos coma profilácticos, e ás veces para ritos de fecundación. A muller estéril ten que ter relacións sexuais co seu marido diante do cruceiro para poder ter un neno; a que perde os seus fillos, ten que bautiza-lo seu fillo no ventre, pero, esta vez, nunha encrucillada, formada polo cruce dun camiño e un río. Sobre todo son os nenos os que son curados nas encrucilladas e diante do cruceiro de Loureses. Dúas veces no ano préndese lume diante do cruceiro de Loureses: para queima-lo Entroido e para queima-la Coresma. Na noite de San Xoán acéndese unha fogueira nas encrucilladas en case toda Galicia (Cf. Lisón Tolosana, 1971, páxs. 303-314). Lisón dinos que nas encrucilladas era onde se queimaban as bruxas (1971, páx. 307). Por outra parte, en Loureses o cruceiro é un dos lugares para reuni-lo ''concello'' (asamblea popular) (Cf. C. III) e o punto de referencia para situarse na aldea.

A importancia das encrucilladas para a xente de Loureses está clara; sobre todo a do cruceiro. A encrucillada é o lugar de encontro dos dous mundos: este e o outro mundo (ánimas, demo e bruxas). A encrucillada é o centro da aldea-mundo. Tódolos camiños van á encrucillada: os do espacio non habitado e os do espacio habitado. Parécenos que a expresión ''espacio non habitado'' se presta a confusión pois, de feito, o espacio non habitado está habitado polos seres da metade oculta do mundo. Tódalas encrucilladas son o centro do mundo e por iso o mundo ten tantos centros como encrucilladas. Todas elas son o mesmo: o encontro dos camiños e dos viaxeiros que van polos camiños.

Coñecemos dous testemoios que nos falan da importancia que os antigos habitantes de Galicia concedían ás encrucilladas. Un deles é un texto de Estrabon (Estrabon, III, 3, 7) no que nos di que os antigos habitantes de Galicia levaban os doentes ás encrucilladas para seren curados polos enfermos que sufriran o mesmo mal. Outro testemoio debémolo a San Martiño Dumiense. Dinos: ''Nam ad petras et ad arbores et ad fontes et per triuis cereolos incendere, quid est aliud nisi cultura diaboli'' (Cit. por Bermejo, 1978, páx. 79).

Os autores galegos falan da importancia das encrucilladas. Os testemoios que acabamos de citar e os "lares viales" da Galicia romana non poden explicarse máis que pola existencia de deuses dos camiños na Galicia romana (Bermejo, 1978, páxs. 114-117). Anque os autores recoñecen a falta absoluta de testemoios sobre a existencia de deuses dos camiños.

Do testemoio de Estrabón non se pode deducir outra cousa que a importancia das encrucilladas para os antigos habitantes de Galicia; non nos di a razón desta importancia. O testemoio de San Martiño Dumiense non é máis que unha lectura cristiá dunha realidade pagá, que non estaba de acordo coa relixión cristiá. A existencia de "Lares Viales na Galicia romana explícase polo interés que tiñan os romanos en romanizar Galicia: intentaron "codificar" á romana unha realidade. En todo caso, non demos atopado trazas dos "Lares viales" na Galicia do século XX, e tampouco non a precisamos para explica-la importancia das encrucilladas e todo o que acontece nelas.

c) O cimeterio.

O cimeterio é o centro da Parroquia. Loureses, e outras aldeas, forma parte da parroquia de Aguis. Aparece citada por primeira vez a parroquia de Aguis nos libros dos "arquivos parroquiais de Aguís". Hai tempo, polos anos 1650, a parroquia estaba rexida polos monxes dun mosteiro. O mosteiro estaba en Mosteiro, outra aldea da parroquia de Aguís. Polo momento non atopamos outros documentos escritos sobre a existencia do convento en Mosteiro, pero a memoria popular e a toponimia falan del. Sentimos dicir que pola noite se vían luces de cando en vez, no lugar en que estaba situada a capela do mosteiro. En realidade non quedan nin sequera ruínas del.

A parroquia de Aguís componse de cinco aldeas: Fontercada, Mosteiro, Aguís, Aspra e Loureses. Os informadores de máis de trinta anos acordan outra aldea, A Barrosa, e os máis vellos lémbranse tamén da Xoia. A Barrosa quedaba preto do Mosteiro e A Xoia de Aguís. A aldea meirande é Fontercada (fonte arcada) ó sur de Loureses. Loureses é a máis importante desde o punto de vista comercial. Loureses, Fontercada e Aguís teñen cadansúa capela. Aspra e Mosteiro non. Aspra e Mosteiro tampouco non teñen festa patronal; Aspra celebra o San Antón, que é a festa patronal de Loureses, e Mosteiro celebra a festa patronal de Fontercada, o San Xoán. En realidade, Aspra e Mosteiro non son consideradas como aldeas completamente. Mosteiro está asociada a

Fontercada e Aspra a Loureses. A festa patronal de Aguís (Aguís, aldea) é a Virxe do Rosario, o 7 de outubro. A capela de Aguís é a igrexa parroquial.

A totalidade dos habitantes de Aguís, parroquia, son católicos. Houbo misioneiros doutras igrexas que viñeron a predicar, pero foron moi mal acollidos pola xente. Non son todos practicantes, pero están orgullosos da súa relixión. Dicíanlles ós misioneiros das outras igrexas: "Poden marcharse, porque vostedes non practican a nosa relixión que é a verdadeira..."

As aldeas da parroquia de Aguís están unidas entre delas por medio de camiños de carro e de ferradura e por vieiros. Tódalas aldeas están unidas directamente á igrexa sen que sexa preciso atravesar por outra aldea para chegar á igrexa. A xente vai polos vieiros, sempre máis curtos cós camiños. Cando hai alguén que vai polo camiño, din del: "Non ten nada que facer, colle sempre o camiño máis longo". A xente comenza a usa-la estrada, e os vieiros corren o risco de desapareceren a causa do pouco uso que se lles dá. As xeracións máis novas xa non coñecen os vieiros.

Nada sabemos sobre as orixes da parroquia de Aguís. Parécenos que as aldeas son máis antigas cá parroquia. Defendemos esta hipótese a propósito da parroquia en xeral: a aldea é a unidade de hábitat orixinal de Galicia; a parroquia é unha creación do cristianismo. Esta hipótese pon en cuestión o que xa está establecido, pero parécenos coherente e, ademais, é sostida por autores moi importantes (García Álvarez, 1975, páx. 146-152; García Fernández, 1975, páx. 92).

A parroquia permite unificar campos semánticos heteroxéneos; pois de feito, cada aldea é un campo semántico particular. Isto pasa a costa de contradiccións que son superadas pola solidariedade ritualizada da parroquia: misa, enterros, peregrinacións, banquetes do San Antón de inverno e do San Antón do verán. A parroquia, por conseguinte, non é máis que a unificación de varias unidades constitutivas, que son as aldeas, unidades orixinais do hábitat galego. A parroquia non é máis que a unificación semántica de diferentes encrucilladas no cimeterio. Esta unificación semántica débese, ó noso ver, á influencia da institución parroquial católica.

O cimeterio da parroquia de Aguís está arredor da igrexa parroquial como os máis dos cimeterios de Galicia. É un lugar familiar. As procesións fanse polo cimeterio, a xente fala en grupos no cimeterio o domingo antes de entrar á misa. O día da festa de

Aguís (aldea) os nenos xogan por riba das campas. Os domingos, a xente, sobre todo as mulleres, rezan sobre as tumbas para pedi-lo repouso eterno das ánimas dos mortos. A xente non vai moi a miúdo ó cimeterio, á parte das ocasións das que falamos: domingos, festas, os días en que se vai á misa parroquial. Parécenos que o cimeterio é un lugar da vida cotiá; vaise a el cando é preciso.

Toda a xente ten medo do cimeterio pola noite, e ata de día hai moita xente que lle ten medo. Ó cimeterio vaise en grupo, como xa diximos. Pódense ver de cando en vez mulleres que van rezar sobre a tumba da familia e témo-la impresión de que este costume é cada vez máis frecuente, debido, sen dúbida, á influencia dos emigrantes.

O cimeterio dá a impresión de ser un lugar esquencido, abandonado. As herbas salvaxes medran por tódolos lados no cimeterio de Aguís e nos cimeterios das parroquias veciñas e esta é a impresión que temos de toda a Galicia rural. Córtanse as herbas salvaxes do cimeterio de Aguís a véspera do día de defuntos. Ata os anos sesenta había un sabugueiro nun recanto do cemiterio de Aguís; foi cortado cando se fixeron reformas. Tamén temos visto sabugueiros nos cimeterios das parroquias de Pixeiros e de Pixeirós, dúas parroquias do lado. Xa temos falado do sabugueiro, dáse na horta no recanto ó que se bota a auga do vertedeiro e a madeira de sabugueiro non se queima nunca no lume da lareira; emprégase para quenta-lo forno. Era moi raro ver flores riba das campas; é agora cando este costume se comenza a xeralizar. De cando en vez vense candeas acendidas nalgún sitio illado do cimeterio, pero tampouco moitas veces.

A xente de Loureses chama "o atrio" ou "o adro" ó espacio que rodea a igrexa e do cal forma parte o cimeterio. É o espacio dos mortos e dos vivos, encóntranse en grupo; é perigoso para un vivo estar só no cimeterio. Parécenos que o cimeterio non é máis que a encrucillada cun campo semántico que xa non é a aldea senón a parroquia. A influencia do cristianismo ampliou o campo semántico.

d) Os santuarios.

O inventario etnográfico e histórico dos santuarios frecuentados pola xente de Loureses fornéceno-los elementos dun discurso médico popular inseparable dun coñecemento e dunha práctica do espacio e dun coñecemento da xeografía do corpo humano.

Os santuarios máis frecuentados pola xente de Loureses son: "A Virxe da Veiga", "A Virxe da Aparecida", "O San Bieito de

Guntín'', ''O San Bieito Preto'', ''Os Milagres de Arriba'', ''Os Milagres de Abaixo''. O de máis preto é o de ''A Virxe da Veiga'' a tres quilómetros; o máis afastado é ''Os Milagres de Abaixo'' a vinte quilómetros. ''A Virxe da Veiga'' é o santuario máis frecuentado. Os habitantes de Loureses, ata hai quince anos, ían a el en masa o dezaseis de xullo. Ós outros santuarios tamén van algúns peregrinos. A xente fai o camiño a pe, e ás veces descalza, a cabalo, e agora en coche. Algúns dos nosos informadores andaron ata vinte quilómetros descalzos.

Todo o mundo ía á Virxe da Veiga; ós outros santuarios van os que están afectados por unha doenza especial. Non é preciso que o doente faga a peregrinación. Calquera pode ofrecerse por outro. É mellor que sexa unha persoa próxima ó doente ou o mesmo doente en persoa o que faga a peregrinación. Os peregrinos chegan, entran na capela, rezan ó Santo Patrón ou á Virxe. Saen. Dan unha volta arredor da capela ou fan ''novenas'' (nove voltas) rezando o rosario e logo saúdan ós coñecidos.

O momento principal da peregrinación é a misa maior que ten lugar logo da chegada ó santuario da procesión que vén ás veces da aldea máis ou menos próxima. Despois da misa, os peregrinos séntanse no chan e por grupos para comer. Os grupos de peregrinos invítanse a proba-la súa ''merenda''.

Os santuarios corren ó coidado dunha muller ou dun home sempre moi piadosos, ou dunha modesta confraría local. O da Virxe da Veiga está atendido por un home moi piadoso. Os santuarios son sostidos cos cartos que dan os peregrinos.

Arredor do santuario hai un espacio que é a extensión do espacio interior, lugar de reunións para os peregrinos e para que a procesión se desenrole arredor do santuario. Non é o mesmo ir a un santuario ou a outro. Hai que ter en conta a doenza, o lugar en que se atopa o santuario, o Santo Patrono ou a Virxe. Parécenos que hai unha correspondencia entre a xeografía do espacio e a do corpo humano.

Tódolos santuarios que citamos están situados sobre de montañas. Nos arredores dos santuarios hai sempre unha fonte, vellas árbores (máis ca nada carballos) e pedras famosas.

Antes ou despois da misa a xente ou algunha da xente lávase na fonte, bebe auga e botan moedas na fonte. A da Virxe da Aparecida ten unha especie de estanque diante onde os peregrinos botan moedas. Hai peregrinos que levan unha botella de auga; gárdana para poder utilizala cando sexa preciso.

Ó pe do santuario hai case sempre vellas e grandes árbores, en case tódolos casos carballos. A xente come á sombra das árbores e ás veces debe realizar ritos ó pe dunha árbore o día do patrón ou outro día. Os ritos de curación, como veremos, deben ser feitos ó pe dun carballo. Tamén hai pedras a carón dos santuarios. Serven para ritos de adiviñación, de fecundación e outros. "Moi preto de San Bieito hai unha pedra que é boa para ter fillos. Hai que ter relacións riba da pedra. Certas doenzas curan dándolle-la volta ás pedras".

Os autores galegos falan dun culto e mesmo da adoración das montañas (Cf. Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, páxs. 301-306; J. Taboada Chivite, 1972, páxs. 98-101), das fontes (J. Taboada Chivite, 1972, páx. 104; V. Risco, 1971, páx. 27) das árbores (Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, páxs. 329-332; V. Risco, 1962, páxs. 278-279; Rodríguez López, 1974, páxs. 136-139) e do culto ás pedras (Castelao, 1949; Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, páxs. 323-329; V. Risco, 1962, páxs. 271-274), na Galicia antiga; na actualidade encóntranse numerosos restos entre a xente de Galicia.

É evidente que as árbores, as montañas, as fontes e as pedras tiveron e aínda teñen unha gran importancia para a xente de Loureses; iso non quere dicir que se trate nin dun culto nin dunha adoración. Non atopamos ningunha traza nin de culto nin de adoración entre a xente de Loureses. Os autores que citamos fúndanse no testemoio de San Martiño Dumiense que fala dun culto ou dunha adoración ás plantas, ás árbores, ás fontes, ás montañas e ás pedras e nas normas do Concilio de Braga que prohiben estes cultos.

Martiño Dumiense (De correctione rusticorum) e o Concilio de Braga fan unha lectura etnocéntrica dunha realidade "indíxena". Os bispos da época estaban embebidos de teoloxía sabia e ortodoxa, incluso oficial; o resto, é dicir, a relixión popular no que ten de indíxena, era e é aínda "paganismo e idolatría". Evidentemente é difícil, mesmo imposible, que a relixión vivida sexa ortodoxa desde o punto de vista da teoloxía culta. No noso caso, a predicación da relixión católica será sempre recibida e interpretada pola xente de Loureses a través da súa maneira de pensar. Unha relixión será sempre popular ou non será máis que un pensamento filosófico (Cf. R. Bastide).

En fin, ó noso ver, as árbores, as fontes, as montañas e as pedras non son máis que soportes simbólicos para a xente de Loureses. Trátase dos lugares de encontro entre o mundo oculto e o mundo visible, entre os vivos e os outros seres que viven tamén

no mundo. Son centros privilexiados para a "circulación" entre os dous aspectos do mundo.

Xa falamos da lareira, da encrucillada e do cimeterio como centros do mundo. En realidade son o centro da casa-mundo, aldea-mundo e parroquia-mundo, no espacio habitado. As árbores, as pedras, as fontes e as montañas son o centro do mundo fóra do espacio habitado.

e) O círculo.

Puidemos reparar nunha tendencia ás formas redondas nos fornos públicos do país, nos muíños e mesmo nos valos que rodean os patios das casas. Por outra parte constatamos tamén o emprego do círculo nas prácticas da medicina popular. Ás veces hai que trazar un círculo sobre a parte enferma do corpo, ou tamén é preciso que o doente e o menciñeiro estean nun círculo. Tamén por veces é necesario facer un círculo no ceo para que o rito sexa válido.

Empregan o círculo para se defenderen das bruxas, do demo, das ánimas e mesmo do lobo. Pero o círculo serve tamén para poñerse en contacto co demo ou coas bruxas: "Se se quere que aparezan o demo ou as bruxas, abonda con invocalos dentro dun círculo. "A utilización do círculo para fins semellantes non é exclusiva da xente de Loureses; este costume está xeralizado un pouco por todas partes en Galicia. (Fraguas, in Nos, t. VII, páx. 43; V. Risco, 1946, páx. 388; Barreiro, 1973, páxs. 39 e 87, 136-138; J. Taboada Chivite, 1947; Lis Quiben, 1949).

Esta tendencia ás formas redondas encóntrase xa na construcción de Galicia da época dos celtas (Cf. Romero, 1976, páxs. 25-27; Conde Valvis, 1952, páxs. 18-21; García Bellido, 1971, páxs. 25-27; García López, 1976, páxs. 53-65). Hai moitas representacións que ofrecen formas serpentiformes, de espiral; e tamén outras en forma de círculos concéntricos, de roscas, rodas (Cf. Ferro Couselo, 1952, páxs. 87-94).

E esta tendencia ás formas redondas non é, na Galicia antiga, exclusiva da arquitectura; "esta tendencia á liña redonda é, probablemente, a característica máis permanente do mundo do Noroeste (da Península Ibérica) e que se manifesta desde a arquitectura ata as artes menores" (Romero, 1976, páx. 49). A continuidade desta tendencia ás formas redondas desde a época dos celtas en Galicia non presenta ningún problema (Romero, 1976, páx. 49). García Fernández dinos que, aínda hoxe, "se pode observar unha paisaxe rural construída sobre de diversos elementos

que están dispostos en círculos concéntricos arredor da aldea'' (García Fernández, 1975, páx. 21).

De feito o círculo illa e pon ó amparo dos riscos e dos perigos que representan para os habitantes de Loureses o demo, as bruxas, as ánimas e en xeral tódolos seres do outro mundo. Ademais é empregado como medio profiláctico e como medio catártico na medicina popular; e, como xa queda dito, pon en contacto co outro mundo. ¿Trátase de representacións da serpe? (Cf. Ferro Couselo, 1952, páxs. 86-87); ¿Serán símbolos ou unha representación do sol? (Cf. Castelao, 1948, páx. 22. 14). En todo caso o círculo é un lugar (¿un centro?) cheo de tódalas virtualidades do cosmos e de tódolos seus perigos. O círculo é un lugar de epifanías divinas e diabólicas. Tamén o círculo é, probablemente, o templo por excelencia non construído polos homes, senón dado pola vía da natureza: un centro no que é posible illarse e poñerse en comunicación co outro mundo.

f) Os lugares modernos da vida pública.

Os lugares modernos da vida pública son o Concello e o Partido Xudicial. Non son en absoluto soportes simbólicos. O Concello é a división política máis pequena. Hai 315 en toda Galicia. Cada Concello reúne varias parroquias e, por conseguinte, varias aldeas. Loureses pertence ó Concello de Blancos.

O Concello de Blancos está constituído pola reunión de cinco parroquias (que non teñen legalmente significado político); as cinco parroquias están compostas por un total de 25 aldeas, máis ou menos, (e tampouco as aldeas non teñen significado político). O Concello de Blancos ten unha poboación de 2.699 habitantes (segundo o censo de 1975), cunha media de 107 habitantes por aldea. A sede do Concello é a aldea que lle dá o nome: Blancos. Blancos, aldea, é unha aldea como calquera outra do Concello. A aldea máis distante da sede do Concello é Cobas, a sete ou oito quilómetros máis ou menos. As comunicacións entre as aldeas están unidas ó Concello por unha estrada, nalgúns casos moi mala.

Por riba do Concello está o Partido Xudicial. Xinzo de Limia é o Partido Xudicial que nos interesa, pois cada Partido Xudicial é a reunión de varios Concellos e o de Blancos pertence ó Partido Xudicial de Xinzo de Limia. Blancos queda a oito ou nove quilómetros de Xinzo e Loureses a doce. Xinzo ten unha poboación de 3000 habitantes e é o centro comercial da comarca.

2. A ÁRBORE CÓSMICA.

A idea dunha árbore cósmica é case tan frecuente coma a idea do centro na mentalidade ou concepción do mundo da xente de Loureses; por outra parte, case sempre van xuntas. As antigas construccións de Loureses e en xeral de toda Galicia, tiñan no centro da lareira un poste. Sabemos que as almas dos devanceiros da casa baixan á lareira pola cheminea, pero en tempos non había cheminea; no sitio da cheminea estaba o poste no centro da lareira e era por alí, sen dúbida, por onde as almas dos devanceiros subían e baixaban á lareira. Era nese momento cando podemos dicir con toda exactitude que o cruce de niveis tiña lugar: na lareira, polo poste (árbore cósmica), agora pola cheminea, pois tódalas chemineas van dar ós tellados.

A carón de case tódalas encrucilladas hai unha ou varias árbores grandes, sempre carballos, ó noso ver, a árbore cósmica de Galicia. A case totalidade dos ritos de medicina popular teñen lugar preto do carballo e os autores clásicos de Galicia fálannos del como a árbore sagrada (Cf. máis arriba). Parécenos que despois da cristianización a árbore da encrucillada foi substituída polo fuste dos cruceiros.

O cimeterio non é máis que a encrucillada cristianizada cun campo semántico moito máis amplo. No caso do cimeteiro é o campanario da igrexa parroquial o que fai o papel de árbore cósmica. (Cf. C. IV). No que respecta ós santuarios, como xa queda dito, "están todos eles emprazados en montañas" que son lugares altos e mesmo ás veces moi altos. Polo tanto a idea de árbore é inherente á idea mesma de montaña. Por outra parte, arredor dos santuarios hai "case sempre vellas e grandes árbores, carballos na súa maior parte"; ás veces a xente tenos como árbores sagradas (do santo), coma no caso de Santa Mariña de Augas Santas (a trinta quilómetros de Loureses).

As pedras das que falan os habitantes de Loureses, son, en xeral, pedras moi altas: coma as árbores. Podemos dicir que tódolos penedos dos arredores de Loureses teñen a súa lenda: en cada penedo pasaron cousas extraordinarias. Tódolos autores clásicos de Galicia falan, como xa vimos, dun culto das pedras nunha época pasada de Galicia. Non se trata, ó noso ver, máis que dun lugar de intercambios entre os dous aspectos do mundo: visible e oculto; as pedras altas son "coma árbores". A propósito do círculo, cremos poder dicir que a árbore cósmica é o corpo da persoa que o traza para defenderse; pero isto, polo momento, non é outra cousa que

unha hipótese. Haberá que estudia-la ''xeografía do corpo humano'' para verificala.

Non se pode falar de árbore cósmica a propósito dos lugares modernos da vida pública, porque non forman parte nin das representacións, nin das categorías operatorias ou significativas da xente de Loureses; polo menos non os descubrimos como tales. Poderemos, probablemente, falar de árbore cósmica a propósito do arco da vella e do remuíño, xa que polo arco da vella a auga dos ríos sobe ó ceo e polo remuíño soben aqueles homes que son amos das tormentas. (Do arco da vella e dos remuíños falaremos máis adiante a propósito da auga).

B. O LUME.

A xente de Loureses concede unha gran importancia ó lume. Imos tentar estudia-la utilización que a xente fai do lume e a razón dela.

1. O TEMPO E OS ESPACIOS DO LUME.

O lume está acendido na lareira durante moito tempo, sobre todo en inverno. En principio o lume da lareira debe estar prendido permanentemente, sen que morra, durante todo o ano, porque é o lume novo que se trouxo da Igrexa o día de Sábado Santo. Para recibi-lo lume novo hai que varrer ben a lareira; non se pode prende-lo lume novo sobre restos do vello. O tizón que se trae da igrexa debe quedar prendido todo o ano. Evidentemente un tizón non pode estar todo un ano acendido; por iso se prende o lume da lareira co tizón. A seguir, apágase o tizón que se garda para ocasións especiais. Cando o lume novo se apaga, pídese lume á casa veciña. Entón pásase o lume pola fiestra ou a casa interesada debe ir buscalo. Xeralmente son as mulleres as que van busca-lo lume. Tráeno nun cacho de cacharro roto. Pola mañá ben cedo tódalas bruxas saen da casa cun cacho para ir buscar lume. Por iso se lles chama ''bruxas do cacho''.

O lume da lareira, nas noites de inverno, está ó coidado do dono da casa. Os seraos do inverno fanse arredor do lume da lareira. Os nenos deben cortar e subir leña tódolos días para mante-lo lume. A leña, como xa diximos, gárdase no palleiro. As ánimas veñen quentarse ó lume da lareira nas noites de inverno. Por iso non se pode varre-la cociña pola noite cara a fóra, nin bota-las varreduras no lume, porque corren o risco de botar fóra as ánimas ou riba do lume. Tamén está prohibido cuspir no lume, e ós casados ter relacións sexuais diante do lume, porque as ánimas están alí.

Ás veces bótase pan ó lume, como xa quedou dito, para que as ánimas teñan que comer. Nas noites de inverno, cando a xente vai deitarse, mátase o lume ou déixase prendido. En principio o lume debería quedar sempre acendido, coma no caso da noite do velorio dun cadáver na casa; ademais a caixa do morto está rodeada de lámpadas, normalmente catro, de aceite.

Cando alguén ten unha doenza un pouco grave, acéndense velas ou lámpadas de aceite na mesiña de noite, pero "case ninguén o fai agora". A candea da Candeloria acéndese para espanta-las tormentas e para face-la recomendación da alma. O día da tormenta acéndese tamén o lume da lareira e quéimanse follas de loureiro. O día da petición de voda, o noivo recíbese arredor do lume da lareira e o día da voda o marido colle a muller nos brazos á porta da casa dos pais do marido e lévaa ata a lareira, onde está prendido o lume. Os pais do marido que están onda o lume ofrecen a súa casa á nora. Estes costumes danse máis ou menos en toda Galicia (Cf. V. Risco, 1962, páx. 565; Fraguas y Fraguas, 1973, páx. 76).

No patio da casa tamén se prende lume de cando en vez, sobre todo con ocasión da enfermidade ou da morte dun animal. Lisón Tolosana di que noutros lugares de Galicia se acende lume no patio na noite de San Xoán e noutras ocasións (1971, páxs. 303-314).

Na horta plántase lume para queima-las varreduras os días de limpeza xeral (o día da festa do patrón ou cando alguén morre na casa); o día da Candeloria acéndense ó pe dun romeo tantas velas como nenos morreron na casa sen bautizar. Xa dixemos que os galegos enterraban os fetos e os nenos mortos sen bautismo nas hortas (Cf. Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, páxs. 65-66). Temos que engadir que o romeo é en Galicia unha planta funeraria, porque as abellas, que son as ánimas que veñen da lúa (Cf. M. López, 1960, páx. 139; Caro Baroja, *Análisis de la cultura,* páx. 220)van a pousar nel para zugar das flores. Tamén na horta se planta lume no momento do enterro dun animal morto. Tódalas tardes dos días seguintes, acéndese lume no mesmo lugar. O lume tamén queda prendido nas cortes durante os días seguintes ó enterro dun animal.

Nas leiras plántase lume coas varreduras levadas da casa cando os animais salvaxes atacan os froitos, máis que nada o millo; "cando isto pasa, hai que acender un lume na leira; se se queiman varreduras da casa, moito mellor. Cómpre que cheire ben mal.

Entón os animais salvaxes xa non virán. O lume é bo para torna-los animais que veñen estraga-los froitos''.

Hai dous lumes na aldea-mundo no primeiro período do ciclo (Magosto-día dos mortos e Entroido), e no segundo período un só lume (O Folión o lume de San Xoán); para Galicia en xeral, hai que contar cun lume máis no segundo período, o de San Pedro Mártir (o do primeiro de maio).

O primeiro de novembro mozos e mozas, como xa explicamos, saen ó espacio non habitado para face-lo Magosto. Prenden un bo lume no que se asan as castañas. A mocidade sae a acende-lo lume ó espacio dos habitantes do mundo oculto, do outro mundo. Tamén neste primeiro período, os rapaces plantan lume na encrucillada para queima-lo Entroido o mércores de cinza; o Sábado Santo tamén para queima-la Coresma. Nas dúas ocasións dan varias voltas pola aldea con fachucos de palla, berrando ''morra o Entroido'' ou ''morra a Coresma'' segundo as ocasións.

O lume máis importante do segundo período é o de San Xoán en toda Galicia (Cf. Lisón Tolosana, 1971, páxs. 303-314; Taboada Chivite, 1972, páxs. 107-109; Taboada Chivite, 1974; Fraguas y Fraguas, 1953; V. Risco, 1933; L. Carré, 1965). En Loureses non se fai a fogueira de San Xoán, pero faise a do San Antón na véspera da festa, é dicir, o 12 de xuño pola noite.

Os rapaces de Loureses son os que preparan o lume de San Antón. Empezan a face-la cacharela corenta días antes do San Antón, é dicir, polos primeiros días do mes de maio; normalmente, o 3 de maio, día da Santa Cruz. Cada día, despois da comida do mediodía xúntanse e van buscar leña. Poñen a cacharela moi preto da capela do San Antón, nun pequeno outeiro, ó lado do cruceiro. É visible desde tódolos recantos da parroquia de Aguís.

O 12 de xuño contra as dez, logo de cearen, a xente sae da casa cos invitados que xa chegaron na véspera. Diríxense todos ó lugar en que se atopa o folión. Un home da aldea leva dunha das casas un tizón prendido (lume novo). Cando xa están todos arredor do folión, o home do tizón plántalle lume. O folión comenza a arder, a xente comenza a berrar arredor e a música ponse a tocar. Cara ó final, a xente bótase a saltar por riba da cacharela; sobre todo as mozas para saber se van casar ou non no ano ou no ano seguinte (Cf. C. I, O San Antón). Así o lume de San Antón dá lugar a toda unha serie de operacións adiviñatorias.

A véspera do primeiro de maio tamén se planta un bo lume e os labregos recorren os campos con fachucos de palla na man. En

Loureses nunca sentimos falar deste lume do primeiro de maio, por iso tomámo-los datos doutros autores (Cf. A, Vicenti, 1897); M. Murguía, 1888, páx. 84 e seg.; Taboada Chivite, páx. 108; Rodríguez López, 1974, páx. 131). Os paisanos xúntanse cando as campás "tocan as ánimas". Na praza da aldea, prenden unha fogueira e bailan arredor. Cando a cacharela xa vai morrendo, saen da aldea para ir ós campos de labor con fachucos de palla na man. (Os autores non nos din se son homes ou mulleres os que van ós campos, ou se van todos xuntos).

Os membros de cada casa van ós seus campos e logo todos xuntos dan unha volta por tódolos campos. Así como van andando cantan cancións que fan alusión ó centeo e ó trigo, por exemplo: "Alumea o pan / aluméao ben / alumea o pan / para o ano que vén. / Cada grau un toledán. / Aluméao, fillo, cada grau un pan de trigo". Ó tempo van botando cinzas nas leiras. Ó remataren de ir polos campos, volven e bailan (segundo algúns autores) arredor da cacharela (que se prende só á volta, segundo estes autores) ata a madrugada.

A nivel parroquial hai que suliña-lo lume do Sábado Santo. Os rapaces de toda a parroquia de Aguís xúntanse o venres santo, pola tarde, arredor da igrexa (no cimeterio de arredor da igrexa) para apañar leña e tódalas cousas vellas que hai polo cimeterio para facer unha fogueira diante da porta principal da igrexa. O Sábado Santo ben cedo, os rapaces xúntanse outra vez no mesmo lugar. O cura, antes de prende-la fogueira, pon tódolos algodóns que empregou para bautiza-los nenos. Cada adulto que asiste á ceremonia ten unha candea na man que acende directamente na fogueira ou na candea do cura antes de entrar na igrexa. Ó final da ceremonia, unha persoa maior de cada casa colle un tizón acendido que hai que gardar todo o ano; é o lume novo. Ó volveren para a casa a xente pasa polos campos de labor para botarlles cinza da fogueira de Sábado Santo.

Parécenos que sería ir un pouco lonxe falar dun antigo culto do lume na Galicia antiga e de restos deste culto aínda na actualidade (V. Risco, 1933, páxs. 409-410; 1962, páx. 27 e seg.; Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, páx. 332 e seg.). Estamos de acordo coas funcións que os distintos autores atribúen ó lume, unha función catártica (Taboada Chivite, 1972, páx. 74), unha función profiláctica (V. Risco, 1933, páxs. 409-10; Lisón Tolosana, 1971, páxs. 311-312); ou entón o lume simboliza o desexo de prosperidade da casa e fortifica a cohesión da comunidade aldeá (Lisón Tolosana, 1971, páx. 309); este autor opón cohesión e apertura ó ex-

terior, e entón hai que lle contestar que o folión do San Xoán (o San Antón en Loureses) e a festa en xeral é tamén unha ocasión de apertura ó exterior.

Todo isto é case evidente, pero non nos fai comprensible o fenómeno do lume. Evidentemente o lume novo que está na orixe de todo lume, é o lume do Sábado Santo. O lume do Sábado Santo é o símbolo de Cristo resucitado; é un símbolo da resurrección de Cristo. A resurrección de Cristo é para os cristiáns "a confirmación do amor de Xesús a Deus e ós homes, ata a morte. En tanto que corrección divina da negatividade, inherente a toda morte, mesmo a dun xusto que sofre, servidor de Deus, a resurrección é a instalación por Deus de Xesús nun mundo de vida nova, indefinible, preto de Deus: supervivencia no sentido forte" (Schillebeekx, 1977, páx. 33).

Pero hai que admitir, como o demostraron Boncourt e Raphaël (Boncourt e Raphaël, 1978), que no lume do Sábado Santo hai moitos elementos "pagáns", "é dicir, rurais, aldeáns e autóctonos que non lle deben nada ó cristianismo" (Boncourt, 1978, páx. 16). Para comprender perfectamente o lume, hai que situalo e integralo no calendario e no espacio. Xa vimos que o lume ritual se acende nos tempos fortes do primeiro e do segundo período do ciclo anual e no "centro" do mundo. Tamén sabemos que os tempos fortes do primeiro período son momentos dunha intensa circulación e comunicación entre os dous aspectos do mundo; e os tempos fortes do segundo período do ciclo son momentos privilexiados da connivencia entre os dous mundos (incluso entre os dous aspectos do mundo). E preferentemente onde isto acontece é no "centro do mundo".

Neste sentido podemos dicir con Varagnac que "as ceremonias temporais teñen precisamente por finalidade regula-los intercambios entre a comunidade dos mortos e a dos vivos, a fin de coller unha parte desta enerxía (o outro mundo constitúe unha formidable reserva de potencia e de enerxía). Estes intercambios son, pois, necesarios para asegura-la fertilidade dos campos o mesmo cá fertilidade das mulleres e para atraer sobre os vivos a protección dos seus devanceiros" (Varagnac, 1948, citado por Boncourt e Raphaël, 1978, páx. 19).

Coidamos que a interpretación de Boncourt e Raphaël é moi restrinxida cando din: "A ceremonia da fogueira do Sábado Santo hai que reintegrala no ciclo do Entroido se queremos conserva-los seus significados profundos" (Boncourt e Raphaël, 1978, páx. 19); non obstante, é no ciclo total onde hai que busca-lo significa-

do do lume e mesmo do Entroido. Ademais, interpretan mal o pensamento de Varagnac que fala das "ceremonias estacionais" non reducidas ó ciclo do Entroido; ó contrario: "Será descoñece-la unidade fundamental do calendario e a necesaria correspondencia das ceremonias estacionais que non se debe dividir arbitrariamente. Se se disocia o "Entroido do resto do calendario, entón as festas da sega ou da semente, as dos solsticios de verán e de inverno, teñen á súa vez que ser consideradas como entidades particulares, o cal, francamente, non vén a conto" (Varagnac, 1978, páx. 44).

2. O FERREIRO.

Desde comenzos de século houbo catro ferreiros en Loureses. Dous deles sempre foron ferreiros e vivían no "Fondo" na mesma "aira". A súa eira chamábase "a aira dos ferreiros" e quedaba ó noroeste da aldea. O terceiro era o fillo dun canteiro portugués que casara cunha muller de Loureses. Aprendera o oficio cun dos vellos ferreiros. Instalouse no "Alto" (barrio do sur da aldea). Traballou algún tempo e logo marchou con seus pais, súa muller e seus fillos á Arxentina, onde se puxo a traballa-la terra coa súa familia. O cuarto ferreiro era un home do "Alto" que aprendeu cun dos vellos ferreiros. Casou cunha muller do "Fondo" (barrio sur da aldea) e instalouse como ferreiro no sur da aldea, coma os vellos ferreiros, pero noutra "aira". Pouco tempo despois de instalarse, tivo que deixa-lo oficio porque non lle ía ben.

O que aquí nos interesa son os dous ferreiros vellos; os que a xente chamaba sempre ferreiros e nunca polo seu nome. Pola contra, a xente chamou sempre polos seus nomes ós outros dous ferreiros. Os dous ferreiros vellos eran eles persoas moi relixiosas. Un deles era moi amigo dos curas da parroquia; o outro era máis independente, pero moi relixioso e practicante.

O amigo dos curas da parroquia era o home máis rico da aldea e prestaba cartos a todo o mundo sen cobrar xuros; pero máis que nada, prestaba fanegas (medida de centeo, Cf. C.I, O centeo) despois da guerra civil española. Tiña sona de ser un home santo. O outro vello ferreiro era un gran contista. "A súa memoria era extraordinaria. Todo o que lía, aprendíao de memoria. Lía moito, sabía moitas cousas".

Os dous morreron. Os dous enterros levaron moitísima xente. "A igrexa estaba chea e o cimeterio tamén. Eran moi coñecidos en toda a zona. Non tiñan inimigos. Facía o ben por tódalas partes. Moita xente ía pedirlles consello".

Son, pois, dúas persoas "extraordinarias" e non traballaban a terra, por iso eran diferentes de "todo o mundo"; chamábaselles cun alcume porque "a realidade da súa vida xa non se correspondía cos seus nomes". Estaban en posesión de moitos saberes: a xente pedíalles consellos e un deles curaba animais. O curandeiro tiña unha memoria extraordinaria "acordábase de todo o que oía ou lía "coma os bruxos". Ningún deles ía a miúdo á taberna. Este feito mantíñaos un pouco separados dos homes da aldea.

En realidade, víase que os dous verdadeiros ferreiros eran homes "non coma tódolos homes", eran marxinais: daban consellos, non traballaban coma todo o mundo. Cremos que esta separación dos ferreiros é debida ó feito de que son os "amos do lume" e do ferro. Dominan o lume que favorece os encontros entre os dous aspectos do mundo, e a circulación entre eles; transforman o ferro e fan instrumentos para a agricultura. O seu estatus é un pouco o dos curandeiros, dos bruxos. Son personaxes extraordinarios.

A forxa forma unha parte da casa. Ten dúas portas, unha ábrese ó patio e a outra dá ó camiño. O ferreiro entra pola porta que dá ó patio, e os homes que van á forxa entran pola do camiño e non pasan nunca da forxa ó patio; a forxa para o ferreiro é o interior, e para a xente que vai a ela o exterior. O lugar do ferreiro está entre a zafra e a parede de diante da porta que dá ó camiño. Entre a parede e a zafra hai un espacio de dous ou tres metros. O ferreiro mira sempre cara á porta do camiño. O lugar dos homes que van alí está entre a porta do camiño e a zafra. O ferreiro e os homes que están na forxa están sempre frente por frente.

O carbón está á dereita do ferreiro e el mesmo bota o carbón no lume. O lume está tamén á dereita e á esquerda dos homes que van á forxa. Os homes son os que accionan os foles. Os homes axudan tamén ó ferreiro a bate-los ferros grosos cun gran martelo accionado con dúas mans. O ferreiro emprega sempre un martelo máis pequeno, que move cunha man. Os instrumentos principais da forxa son "a fragua", "os foles", "os martelos", "as tenaces". Hai algún máis. En calquera caso, as forxas de Loureses sempre foron talleres moi simples e rudimentarios.

Os homes van á forxa para amaña-los seus trebellos de traballo: arados, carros, eixadas, e outros. Ás veces van alí, aínda que non teñan nada que amañar, para parolar cos outros. Nunca van as mulleres á forxa.

C. A AUGA.

Partimos da hipótese de que para a xente de Loureses hai dúas clases de auga: a de arriba e a de abaixo. Unha abundante literatura testemoia a importancia da auga para a xente de Galicia en xeral (Bouza Brey, 1971; Taboada Chivite, 1972, páxs. 102-104; Fraguas y Fraguas, 1973, páxs. 183-189; C. Alberto, 1958; Cuevillas, *O culto das fontes;* Rodríguez López, 1974, páxs. 132-137).

1. A AUGA DO CEO.

Trátase da choiva e das tormentas. As nubes están cheas de auga que cae cando chove. A auga sobe ás nubes polo arco da vella. O arco da vella ten as súas bases nos ríos.

Hai unha serie de seres que nos mandan a choiva. Os "nubeiros" son seres masculinos e as "nubeiras" son femininos. Os "tronantes" son os patróns dos tronos. Os seres da choiva e das tormentas poden ser coñecidos polos seus veciños, porque estes seres son persoas coma as outras, pero teñen poderes especiais.

Pódense esconxura-los nubeiros e os tronantes. Ás veces son obrigados a facer penitencia pública, por exemplo, o iren núos nas procesións. Os nubeiros soben ás nubes nun remuíño. O remuíño fórmase mexando no po e xirando o po mollado co dedo (¿que dedo?, ¿en que sentido hai que xiralo?). Os nubeiros ou os tronantes fan caer cando queren e onde queren a chuvia ou as tormentas.

A xente de Loureses ten medios para adiviñar se vai chover ou se vai parar de chover. A choiva é un medio adiviñatorio. É boa ou mala segundo o momento e segundo a época. A xente pide a choiva ou pide que pare ás ánimas e ó Santo Patrón. Tamén poden facer rogativas con todo o resto da parroquia.

Cálmanse as tormentas facendo toca-las campás da parroquia e sacando ás fiestras das casas as imaxes dos Santos Protectores: San Antón, Santa Bárbara, a Virxe de Fátima, e outros. O feito de queimar follas do ramo do Domingo de Ramos, tamén as espanta. Hai que reparar en que os ramos son de loureiro que medra a carón do valado da horta. É unha árbore protectora. Tamén se pon un ramo de loureiro ó acaba-la construcción dunha casa. As velas da Candeloria tamén espantan as tormentas. Hai que acendelas nas ventás das casas. Non hai nada que facer se a tormenta se forma da outra banda do río. As tormentas non poden atravesa-los ríos. Sabemos que as serpes están no río. A serpe é o gardián dos

límites. A serpe garda os límites mesmo contra as tormentas. As ánimas non atravesan tampouco os límites.

Cremos lexítimo plantexa-la cuestión seguinte ¿Hai ánimas na auga da choiva? Propoñémo-la cuestión, porque a choiva non é máis que a auga dos ríos que sobe ás nubes polo arco da vella; por outra parte, tamén sabemos que as ánimas veñen da lúa en forma de abellas. Polo momento non chegamos a descubrir nada que nos permita dicir que as nubes son a lúa ou que a lúa é as nubes. Pero na nosa hipótese explícase moi ben o feito de que a choiva poida ser "manipulada" por mediación das ánimas e que as tormentas non poidan atravesa-lo río.

2. A AUGA DA TERRA.

Temos que distingui-la auga do espacio humano e a auga do espacio non humano.

α) A auga do espacio humano.

Trátase da auga das fontes e dos pozos da aldea. As mulleres van ás fontes á procura de auga ó mediodía e á noitiña para beber ou para facer de comer. Como xa queda dito, as fontes son un lugar de reunión para as mulleres. Estas xuntanzas de mulleres son un momento importante para a circulación das noticias da aldea. Na casa comentan coa familia tódalas noticias de que se enteiraron. As fontes están ó coidado das mulleres; xúntanse alí, de ordinario o domingo despois de xantar para limpalas e para coida-las plantas que poida haber nos pequenos xardíns arredor das fontes.

A auga das fontes bótase nos pozos, dos que hai 8 en Loureses. As vacas beben aquí dúas veces por día: ó mediodía e á tardiña cando volven do pasto. Coa auga dos pozos réganse os campos de labor que están arredor da aldea e entre os barrios. Cada casa sabe cando e cantas horas ten para rega-las súas leiras. Este traballo fano as mulleres. Non se pode lavar nos pozos da aldea; "é de mal gusto. Todo o mundo ve o que se lava. Hai cousas íntimas que non se poden mostrar a calquera".

Hai un pozo en case tódalas hortas; nel si que se pode lavar; "pero a bogada faise sempre no río. É mellor, hai moita máis auga". Como diremos máis adiante, hai outras razóns máis para ir ó río a lavar.

β) As augas do espacio non humano.

Tódalas augas de fóra da aldea: manantiais, fontes, pozos, ríos e mar, son do espacio non humano. Estas augas teñen unha serie

de poderes. Tódolos ritos de curación, adiviñación, fecundidade, para os que se precisa auga, sérvense da auga do espacio non humano. Por outra parte, estas augas están afectadas por unha gran cantidade de prohibicións que están ligadas con elas. Unha muller preñada non pode atravesar unha corrente de auga para non perde-lo seu fillo; a muller que está na corentena do alumbramento tampouco non debe atravesala. Recordemos que para escapar dunha serpe, o mellor é atravesa-lo río, porque a serpe non pode facelo; pola mesma razón as tormentas que se forman da outra banda do río, non son perigosas para os habitantes de Loureses.

Dise que se perde a memoria se se atravesa o río Limia a doce quilómetros de Loureses; por iso, ós nenos que van por primeira vez a Xinzo de Limia, díselles que teñen que poñer unha pedra na boca para atravesar por primeira vez o río desta vila. A historia cóntanos que os soldados romanos non querían atravesa-lo río Limia, ó chegaren a el; entón, Brutus tivo que pasar de primeiro, e ó estar do outro lado do río, foi chamando a cada un polo seu nome (V. Risco, in Nós, nº 34, páxs. 15-16; J. Ramón y Oxea, in González de Ulloa, 1950, páx. 114).

Á beira do río non hai máis que prados, que son regados polo home con auga do espacio non humano. Tamén os homes fan os cestos cos salgueiros e corozas con xuncos que, como os salgueiros, medran nas marxes do río. Vese que as prohibicións de auga do espacio non habitado afectan sobre todo á muller. Polo contrario, a muller lava a roupa nestas augas. Non se regan nunca os campos de labor con auga do río. Coas outras augas do espacio non habitado pódense rega-los campos de fóra da aldea, pero non as de "dentro" (preto ou entre as casas).

Martiño Dumiense (Século VI) dinos: "hai moitos demos que foron expulsados do ceo; o que foi ó mar chámase Neptuno, e os das fontes chámanse Ninfas" *(De correctione Rusticorum,* VII). Case tódolos autores de Galicia que tratan da auga citan este testemoio de Martiño Dumiense e falan dun culto (Taboada Chivite, 1972, páx. 102; Fontes, 1974, páxs. 41-42; López Martínez, 1960, páx. 131; V. Risco, 1960, páx. 275); hainos que falan mesmo das "deidades" da auga (Taboada Chivite, 1972, páx. 103; Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, páxs. 317-333).

¿Trátase realmente de deidades, dun culto? Martiño Dumiense fixo unha lectura romano-cristiá dunha realidade galega. Viu a importancia que os galegos atribuían á auga, entón creu que se trataba dos "espíritos" botados do Paraíso e chamoulles Neptuno

e Ninfas, pois os romanos chamaban Neptuno e Ninfas ós espíritos das augas.

En realidade as augas do espacio non humano están habitadas. Sabemos que as serpes marchan voando ó río Xordán que vén sendo calquera río. Ás veces as mulleres son "donas" (encantamentos) ou senón son os gardiáns das "donas" (encantamentos). Ás "donas" tamén se lles chama "mouras"(antigos habitantes de Galicia: devanceiros). Os "xigantes", os "xacios" e as "lavandeiras" son tamén habitantes da auga, pero teñen que vivir na terra.

Hai outra serie de habitantes da auga de nome derivado de "ana" que é unha "raíz indoeuropea que designa a respiración, o alento e por conseguinte o espírito (grego anemos, vento; latín animus e anima, alento vital, alma, espírito...) Pero este grupo evocaba algo ben distinto para os celtas: abonda con reparar na semellanza entre Anna e Anaet, a palabra bretona-armoricana "anaon" que quere dicir os mortos" (J. Markale, 1977, páx. 248). En resume, podemos dicir que son "os que viven debaixo dos túmulos, nos cimeterios megalíticos así coma nas illas perdidas no medio do océano. Son a xente do outro mundo" (J. Markale, 1977, pax. 249).

Aceptámo-lo significado proposto por Markale para "ana"; pois, en efecto, en Galicia viviron durante moito tempo os celtas. Os "ana" son, pois, o mesmo cós enfeitizados ou as mouras (antigos habitantes de Galicia: devanceiros). Isto concorda perfectamente co voo das serpes ó río, pois, no fondo, as serpes son o pasado, o presente e o futuro; a vida e a morte; o tempo e a eternidade (Cf. C. I).

Pódese observar unha contradicción entre o feito de non rega-los campos de labor coa auga do espacio non humano e o feito de considera-la auga da choiva como benéfica, porque esta última non é máis cá auga do espacio non humano que subiu ás nubes polo arco da vella. Pero a contradicción é soamente aparente se se admite a hipótese de que polo arco da vella non soben, de entre tódolos habitantes do espacio non humano, máis cós "ana" e non os outros que son perigosos.

γ) A bogada.

Lávase a roupa no río, nunca nun pozo ou nunha fonte do espacio humano. Lávase no lugar en que se botan os restos do porco, porque lava-la roupa vén a ser como tirar co lixo. E o lixo fálanos do aspecto oculto do mundo. Por conseguinte, lava-la roupa favo-

rece a circulación entre os dous aspectos do mundo, por iso hai que escolle-lo momento. Lávase a roupa dúas veces no ano: a fins de abril, cando os "habitantes dos dous mundos" comenzan as connivencias; e a fins de setembro, cando se fai a separación entre eles. Faise en dous momentos de intensa circulación.

A bogada é unha acción "sicopompa" polo lugar e pola época en que se fai. Iso explícanos ben o carácter da lavandeira. As lavandeiras son case todas elas vellas, mulleres casadas sen fillos, ou nais solteiras (falamos das que coñecemos en Loureses). A súa linguaxe, cando están lavando, é dura e porca. Bótanlles aldraxes ós homes que pasan cando elas lavan.

En último caso, as lavandeiras son intermediarias entre os habitantes do mundo humano e os do outro mundo; son seres sicopompos coma os cabalos ou os cans. Por outra parte, a roupa é coma unha revelación da vida íntima da casa; pode falarnos da vida íntima da muller, da limpeza e da suciedade, da riqueza ou da miseria.

As mulleres da casa, un ou dous días antes de face-la bogada, mollan a roupa "para que poida quedar máis branca". Cando a roupa xa está mollada, húmida, e abrandada, faise a bogada con cinsas collidas na lareira ou tamén se poden ir buscar ó forno público se nese momento está prendido. Non hai que empregar moita cinsa de carballo. Lava-la roupa é unha cousa de mulleres; os homes non fan nada. A tina da roupa gárdase nunha corte, a das vacas ou a das ovellas, pero nunca na dos porcos.

3. A AUGA BENDITA

Os rapaces traen unha botella de auga bendita á casa o día de Sábado Santo. Esta botella de auga bendita gárdase e serve para bendicir e purifica-la casa (edificios, xente, cortes e animais) en datas determinadas do ano (rogativas - fins de abril e Pascua) e despois da morte dun animal ou dunha persoa. "Antes botábaselles tamén auga bendita ós animais que se mercaban antes de que estes entrasen nas cortes e había moita xente que levaba canda si un chisco de auga bendita para defenderse do demo ou dos espíritos que podían atacalos". Nós non atopamos a ninguén que levase auga bendita.

Os domingos as mulleres collen auga das pías que están á entrada e á saída da igrexa para botala nas tumbas. "En tempos, toda a xente collía auga bendita nas pías á saída da misa para levala á casa. A xente de antes tíñalle moita fe á auga bendita". De feito o libro dos "Sinodais de Ourense" (século XVII) prohibe

coller auga bendita nas pías da igrexa. Isto dános a entender que era un feito corrente naquela época. A auga para bendicir cóllese das fontes do espacio humano, pero a auga bendita é outra categoría de auga distinta á do ceo ou á da terra.

D. O AIRE.

O aire é outro elemento importante para os habitantes de Loureses. Fan a distinción entre o aire de dentro (o alento), o aire da casa e o aire de fóra.

1. O AIRE DE DENTRO.

O alento é a vida. Sábese se unha persoa está morta se non embaza un espello que se lle pon diante da boca. Nese momento pódese comenzar a chorar. Hai que cubrir tódolos espellos da casa, porque se o alento queda pegado neles, o morto convértese nun vagabundo. Cremos que se tapan os orificios do cadáver para impedi-la entrada dos espíritos (alentos) e átaselle o brazo esquerdo coa perna dereita para impedir-la circulación normal do alento no corpo morto.

O medo polos aforcados vén do feito de que o seu alento non pode saír; por iso o aforcado é un cadáver cos espíritos encerrados no interior. Por outra parte, o alento non pode saír por abaixo, porque está vestido e calzado, e sabemos que hai mortos que teñen que seguir sendo vagabundos ata que un vivo lles arrinque a roupa. Ademais, se o alento do aforcado sae por abaixo, convértese nun vagabundo do que hai que desconfiar.

A enfermidade é unha especie de atadura; hai que cortala para que o doente sande. Hai que corta-los lazos que impiden a libre circulación do alento. O medo ás ataduras explica a marxinación dos xastres e dos cesteiros. Son asimilados ós preguiceiros. Dise que ''sete xastres non valen a metade dunha muller''.

A muller preñada non pode pasar por debaixo dunha cordiña nin de nada semellante. Unha cordiña é unha atadura que impide a circulación. No momento do parto hai que desfacer tódolos lazos e tódolos nós que hai no cuarto onde se vaiparir; tamén os nós que o marido poida levar riba súa. Os nenos, tampouco non poden pasar por debaixo dos cordellos, porque isto non os deixa medrar normalmente. A xente fai nós nos panos da man para acordarse dos encargos que se lle fixeron. Recórdano ó saca-lo pano: quizais o nó os molesta mentres que non o desfagan porque impide a libre circulación do alento. Evidentemente non se trata máis que dunha hipótese que hai que verificar, se é verificable.

As máscaras "batían nas mulleres, sobre todo as mulleres casadas que non tiñan fillos, durante os días do Entroido, con vinchas de porco inchadas. Isto fainos pensar que o aire é fecundante e tamén que a fecundidade é unha certa clase de circulación. Está prohibido peidear, pero o feito de que algunhas persoas o fagan no momento do velorio dun cadáver e nos días do Entroido, confírmanos na convicción de que o aire favorece a circulación dos espíritos; por outra parte, sabemos que o espírito (a alma) non é outra cousa que o alento.

Os antigos habitantes de Galicia crían que os cabalos eran fillos do vento e dunha egua: aquel fecundaba a esta (Cf. V. Risco, 1971, páx. 24). O cabalo é para os indoeuropeos "un animal vehículo da alma. Leva as almas dos mortos ó país das sombras..., pero é ó mesmo tempo unha fonte de vida, como debía selo o aire Pegaso, e trae á terra a faísca que anima e vivifica tódalas cousas e tódolos seres" (R. Christinger e W. Bergeaud, 1963, vol. I, páx. 34; Cf. tamén Dontonville, 1973, páxs. 173-198). Esta relación tan estreita entre o vento e o cabalo e entre o cabalo e as almas reafírmanos unha vez máis na relación estreita que hai entre o vento, a alma e o outro mundo.

Calquera observador pode decatarse de que as vellas casas de Loureses case non teñen fiestras. Isto é unha nota característica das construccións da antiga Galicia (Romero, 1976, páxs. 79-84; Farinha dos Santos, 1972, páx. 147; Cuevillas e Lorenzo Fernández, 1946, páx. 34).

Algúns autores de Galicia pregúntanse por que as casas vellas de Galicia non teñen fiestras. A súa resposta parécenos insuficiente: son pouco necesarias porque a ventilación a través da porta lle abonda á xente (Cuevillas e Lorenzo Fernández, 1946, páx. 34; Romero, 1976, páx. 80). A verdadeira resposta á pregunta hai que buscala no pensamento cosmolóxico popular: hai que defende-lo aire de dentro contra o aire de fóra. O aire de dentro está habitado pola xente da casa e polas ánimas cando veñen; o de fóra está habitado por unha serie doutros seres que poden ser perigosos (Cf. máis adiante).

Unha serie de ritos de defensa da casa póñense en práctica bastante a miúdo, sobre todo no momento da morte dunha persoa ou dun animal; ou tamén cando unha peste pega nos habitantes ou nos animais da aldea. En xeral os ritos de defensa fanse na soleira da porta.

2. O AIRE DE FÓRA.

Hai que ter coidado co aire de fóra. Cómpre cerra-las fiestras e ás veces, mesmo os buracos das cerraduras, porque os malos espíritos e as bruxas poden entrar por eles. Hai seres no aire: os seres que producen e controlan a choiva están no aire (Fraguas, 1973, páx. 46 e segs. in Nós, t. VIII, páx. 44; Risco, 1962, páxs. 462-468; Risco, 1971, páxs. 24 e 37; Rodríguez López, 1974, páxs. 167-171; López Martínez, 1960, páx. 137; Fontes, 1974, páxs. 30-31; Taboada Chivite, 1972, páxs. 119-121). Entón o feito de non teren fiestras as casas de Galicia non só é debido ó feito de ter ou non ter necesidade ou de que a porta abonda. Trátase de quedar protexidos dos malos espíritos que están no aire.

As árbores dan sombra e a sombra de certas árbores é mala e a doutras é boa. A sombra dos castiñeiros e da nogueira é mala; recordemos que as castañas e as noces son comida de defuntos. Eu imaxino que a do sabugueiro tamén é mala, porque é unha árbore de mortos, pero ninguén chegou a dicírnolo. Pola contra a sombra do carballo é boa; dise a miúdo: "el que a buen árbol se arrima, buena sombra le cobija". ¿Iso quere dicir que as árbores teñen un espírito? ¿A sombra é un espírito? ¿A sombra é o alento da árbore?

As persoas poden tamén bota-los malos aires; pode tratarse do aire dunha persoa viva ou morta. Para os vivos, son peligrosas sobre todo as mulleres en celo ou preñadas. Hai que tira-los nenos do cuarto dos mortos moi axiña; despois non poden ir a visita-lo cadáver, porque poden pilla-lo aire do morto. O neno pode pilla-lo aire do morto se lle toca a sombra da caixa o día do enterro. Os animais botan tamén o aire; os máis perigosos son o aire do sapo, da serpe cando vai voando a un río, e dos animais femias cando están en celo: a porca, a galiña, a gata. A xente fala dos aires das árbores, dos animais, das persoas, dos obxectos. Son sen dúbida os espíritos ou os habitantes do aire os que son perigosos e hai que defenderse deles. Esta é a razón de que case non haxa fiestras, de cerra-los buracos das cerraduras, porque o aire de fora é perigoso.

Capítulo III

A ORGANIZACIÓN SOCIAL

A sociedade de Loureses organízase arredor dos centros dos que falamos xa no capítulo II. Agora falaremos do grupo doméstico, da comunidade aldeá, da comunidade parroquial e da comunidade arredor do concello.

O calendario relixioso, festivo e agrícola, permítenos capta-los momentos de axuda mutua, de connivencia e de solidariedade. Case todo o mundo obedece a un mesmo ritmo de traballo seguindo un mesmo calendario, porque a case totalidade dos habitantes de Loureses traballan e viven do cultivo dos seus campos. As doenzas, a viudez e o dó son outras ocasións de manifesta-la axuda mutua e a solidariedade.

A. O GRUPO DOMÉSTICO.

Está constituído por tódolos que viven na casa: pais, fillos e netos, incluso os criados. O avó é o xefe; manda, di o que hai que facer cada día e traballa coma calquera outro home da casa. Decide mercar terras, vacas ou outras cousas que hai que comprar para a casa. Cando os fillos son maiores consulta con eles. A avoa decide o que hai que mercar para o interior da casa e para cada un dos seus membros. Garda os cartos e o xefe debe pedirllos cando os precisa.

Na casa ninguén ten independencia económica. O xefe non é máis que un administrador. A comunidade aldeá critica moito os "administradores" que malgastan o capital da casa. En xeral os fillos casados quedan na casa de seus pais ata o momento de recibir, polo menos un deles, a herdanza. Viven, comen e traballan na casa de seus pais coma se fosen solteiros. Os dereitos son os

mesmos para tódolos membros da casa. Non hai privilexios nin privilexiados. As relacións entre os irmáns solteiros e os irmáns casados non cambia. Seguen traballando e comendo todos na casa.

"Os fillos das miñas fillas viven na nosa casa", di un avó, "comen na casa coma se fosen irmáns dos meus fillos. Son meus netos pero é coma se fosen fillos meus. As miñas fillas casadas seguen vivindo e traballando na casa. O seu marido vive e traballa na casa dos seus". "Os meus fillos varóns teñen meniños pero viven coa miña nora na casa dos pais dela, só veñen á nosa casa os días de festa e para algúns traballos grandes", di outro avó. "A verdade é que os netos das miñas fillas son outros máis da casa, son coma fillos da miña muller e meus, son coma irmáns dos meus fillos", di o avó, y continúa: "Ós fillos das miñas fillas chámolles polo nome e ós dos meus fillos engádolles neto ou neta cando falo deles".

"Os meus verdadeiros avós son os pais do meu pai", di un rapaz. "Os pais da miña nai son coma meus pais porque vivo con eles. Os irmáns da miña nai son coma irmáns meus. Eu só chamo tíos os irmáns de meu pai. Ós irmáns da miña nai chámolles polo nome e acobouse". "Os meus fillos, di un home de cincuenta anos, ata os oito anos viviron sempre con súa nai, na casa dos meus sogros mentres eu vivía cos meus pais. Eu só dormía coa miña muller dous ou tres días á semana. Eramos de aldeas distintas e aínda ben lonxe e non podiamos xuntarnos tódolos días".

A casa, mirada desde fóra, é unha unidade perfecta, sen corte. Pero se se mira desde dentro, hai tensións entre os membros da casa. "Cando a muller de meu irmán vén á casa dos meus pais, é inimiga da miña nai e de miñas irmás". Pero os conflictos na casa non se deixan ver desde fóra. As cousas da casa son da casa; ninguén ten o dereito de misturarse nelas. Non interesan máis cá xente da casa. A ternura entre os esposos non se deixa ver na vida cotiá; hai que saber mirar. A ternura móstrase cunha certa complicidade ante o resto e cunha certa burla. Entre os avós e os netos hai unhas relacións particulares, así coma unha certa complicidade. Os avós saben disimular a seus netos (os fillos de miña irmá) cando estes buscan apoio neles, sobre todo cando fixeron algunha falcatruada que merece o castigo de seus pais.

1. A DESFEITA DA CASA.

Os fillos quedan na casa ata o momento da morte dos pais; mesmo quedan os casados. Cando os pais son moi maiores, dan en herdanza o seu capital ós fillos. En xeral o capital repártese cando os pais son moi velliños: "O que dá o que ten antes de que morra,

merece que lle dean coa cachiporra'', di o refrán. Cando os pais morren, os fillos casados van vivir coa familia das súas mulleres. Os fillos solteiros quedan cun irmán casado, en xeral, co que queda na casa en que vivían seus pais. Se un dos pais aínda vive, queda tamén na casa petrucial.

Tódolos irmáns son tratados por un igual no momento da herdanza. Nese momento comprométense a satisface-las necesidades de seus pais entregando a ''requia'': a colaboración dos irmáns para o mantemento dos pais. En xeral os vellos quedan todo tempo nunha mesma casa; pero ás veces van por turnos ás distintas casas dos seus fillos casados. A ''requia'' é en especie e en cartos. No momento das colleitas é cando os irmáns dan a ''requia'' a seus pais. A cantidade da ''requia'' depende da herdanza que os fillos tivesen.

Os criados forman tamén parte do grupo doméstico; traballan, comen e vístense na casa, coma os fillos desta. Comen á mesa e non se distinguen dos outros membros. Evidentemente no momento da herdanza ós domésticos non lles toca nada.

Os devanceiros tamén forman parte do grupo doméstico. A xente da casa, no momento de saíren para unha romaxe, deben chamar polos devanceiros para dicirlles que marchan. En xeral, os devanceiros acompañan ós habitantes da casa. Cando se afastan do camiño principal, hai que dicírllelo ós devanceiros para que non se perdan.

Hai moitas cousas que están cambiando no grupo doméstico. Os fillos deixan a casa moi pronto; van a unha gran cidade e mesmo ó extranxeiro. Veñen a Loureses nas vacacións. Os mozos e as mozas casan fóra da aldea con alguén de lonxe. Os pais non coñecen ós seus xenros e ás súas noras antes da voda cos seus fillos. Por outra parte, os fillos xa non precisan recibi-la súa parte da herdanza para poñerse a vivir coas súas mulleres fóra da casa dos pais. Xa gañaron cartos. Os pais tampouco precisan a ''requia'', porque cobran un retiro do goberno. ''Todos somos ricos. Hai máis cartos dos que se precisan''.

B. A COMUNIDADE DA ALDEA.

Trátase neste apartado dos grupos que conforman a encrucillada.

1. OS GRUPOS.

a) A veciñanza.

O grupo máis pequeno é o que se constitúe arredor da eira. Está formado polo grupo de casas que empregan a mesma eira. A casa que ten unha eira para ela soa, e, desde este punto de vista, máis independente. A xente da mesma eira préstase as ferramentas de traballo e axúdanse en distintos momentos. Hai que pedirlle ó veciño da mesma eira o que se precisa antes de ir pedirllo a ninguén da aldea. A proximidade física e xeográfica dos veciños da eira é case sempre evidente.
dade física e xeográfica dos veciños da eira é case sempre evidente.

A cohesión ou a disgregación dun grupo móstrase na acción. Non hai nada que non pase pola acción. Os que traballan, comen e están xuntos, son amigos. Por outra parte, nunca se fala da amistade en abstracto.

Os veciños da mesma eira fan unha serie de traballos xuntos. Apañan a herba xuntos, reúnense para a matanza. Cando a malla se facía co mallo, era un traballo da eira. Desde a chegada das máquinas é toda a aldea a que se xunta para a malla. "Cando se facía a malla co mallo, enterrábase un pote de ferro na eira. Isto facía moito ruído e toda a aldea o sentía". Vemos nisto un rito de protección: o ferro protexe, coma as ferraduras cravadas detrás da porta. Por outra parte, o ruído é un dos elementos dos momentos de intensa circulación e comunicación entre os dous aspectos do mundo que son o Entroido e o Magosto. Cada traballo da eira remata cunha comida que reúne a tódolos membros das casas da eira. Cada traballo da eira é unha verdadeira reunión e mesmo unha festa.

Os membros da eira reúnense tamén para os seraos. Teñen lugar desde o día de Defuntos ó mes de marzo. Fanse na cociña arredor do lume da lareira, despois da cea. Todo o mundo participa: mulleres, nenos e homes, cada un ten o seu sitio. Os vellos ocupan os lugares honoríficos, moi preto do lume, entre eles o petrucio que coida do lume. Os mozos e as mozas ocupan un segundo lugar e os nenos póñense entre os adultos, sobre todo arredor das narradoras. As mulleres fían o liño ou a lá. Ás veces os homes xogan ás cartas, despois de escoita-los contos. Os nenos atenden ós contos e miran xogar ós homes.

O serao é o momento en que se desprega a escena do conto. O narrador ou a narradora póñense no centro do círculo arredor do lume. Recitan os textos esenciais mimándoos coa voz e co xesto.



Os textos son, en xeral, coñecidos por todos, pero son renovados cada noite. A frase máis libre aparece ó lado do relato sacralizado. O grupo perpetúa nel a súa visión do mundo, a súa cosmoloxía e as novas xeracións aprenden as liñaxes.

A unidade da xente da eira afírmase tamén opoñéndoa a outras unidades e a outras comunidades. Os adultos contan as peleas coas outras eiras e sobre todo coas outras aldeas. Parécenos que esta relación coas outras unidades e as outras aldeas fai esquecer un pouco as disparidades internas.

Hai outros seraos. Os homes poden reunirse no forno e na taberna entre eles. As mulleres xúntanse no momento do fiadeiro, na costureira ou no tear.

Cada casa é unha fonte de dereitos e de obrigas. A proximidade é unha fonte de solidariedade expresada no traballo e nos seraos; pero tamén é principal fonte de litixios, de conflictos e de tensións entre as casas. Os principais motivos que fan estala-las tensións son os marcos, as pasaxes, a rega e os animais. Xa falamos tamén do minifundismo de Galicia. Os cachos de terra son moi pequenos. É moi fácil collerlle unha pouca terra ó veciño cando se está traballando. Iso pode se-la ocasión dunha discusión entre dúas casas: ''É moi grave coller algúns centímetros de terra ó veciño cando se traballa, e máis grave aínda se alguén quixo cambia-los marcos. Os que cambiaron un marco e morreron sen volvelo a poñer no seu sitio, convértense en vagabundos. Non terán repouso ata que un dos seus volva a poñelo no mesmo sitio onde estaba''.

Moitas pequenas terras non teñen saída a un camiño. Por iso os seus propietarios teñen que pasar polas terras dun veciño ''Hai que pasar antes de que o veciño semente a súa leira ou se non ten que pasar pola beira para non lle estraga-lo plantado. Pero sempre hai xente que non fai caso e entón hai rifas. Ás veces os veciños non se falan por causa destas cuestións e tampouco non se axudan''.

A auga para a rega é compartida por horas entre os veciños. O número de horas de auga depende da cantidade de terra e do número de veciños que teñen dereito a esta auga. O período de rega vai desde o 8 de xuño ata o 8 de setembro. Uns días antes do 8 de xuño, xúntanse as casas que teñen dereito á fonte para limpala. Chega que unha casa reteña un pouco máis a auga para ter problemas coa casa que ten a súa vez despois dela. ''Nunha ocasión unha muller meteu a outra no pozo e tivo que vir alguén a tirala de alí. Todos falaron moito do asunto''. En xeral son as mulleres as que

regan coa auga dos pozos. Os homes regan os prados coa auga do río.

Os animais, sobre todo as pitas, poden ser motivo de litixios. "Ás veces as pitas están no patio e mesmo no camiño e pican as plantas e os froitos. Se o fan nos da casa, non ten importancia. ¡Pero se o fan nos dun veciño...! Unha casa pode estar en conflicto co resto das casas da eira, se colleu para o seu servicio a eira sen pedirlles permiso ás outras. "É mágoa ter malas relacións cos veciños; un está só. Tes que ir lonxe a busca-las ferramentas de traballo ou para pedir unha axuda".

O último litixio tivo lugar por cousa dunha mediana. X fixera unha casa había algúns anos; antes de comenzar a construíla, falou con Z. X díxolle a Z: "quero facer unha casa, daquela podémonos entender para facer unha mediana porque poida que un día ti tamén constrúas". Z contestoulle que non quería unha mediana con el porque "cando meus pais levantaron a casa (hai corenta anos), teus pais obrigaron ós meus a garda-las distancias".

Isto demostra que a orixe de certos conflictos hai que buscala moi lonxe. Cando Z quixo construír, tivo que poñe-los cementos da casa ó lado dos límites da terra de X e abriu fiestras; daquela X protestou. X díxolle a Z: "non tes dereito a facer iso" e Z contestoulle: "o xuíz é tío da miña muller, por iso fago o que quero". Toda a xente da aldea está contra Z porque é un veciño solitario, pasa de todo o mundo. Gústalle moito buscar problemas". Por conseguinte os veciños da eira poden ser amigos ou inimigos. Hai que desconfiar deles. "O mal de ollo vén case sempre dos veciños (da eira)".

O barrio é a unión entre algunhas eiras. A unidade ou cohesión entre as eiras do barrio é máis simple ca entre as casas dunha mesma eira. Un só barrio parece conservar unha unidade especial, débese ó feito de que os seus límites cadran cos límites dunha eira; trátase do barrio "A Filgueira".

A xente do mesmo barrio está informada máis uniformemente porque as mulleres se poñen ó tanto das noticias todas xuntas nas fontes. Os barrios, coma a eira, son unidades exogámicas. Cada barrio ten, polo menos, unha fonte e un pozo. Os nenos dun barrio péganse cos nenos doutro barrio. Os barrios teñen cada día máis problemas entre eles a propósito da estrada, da auga corrente, da electricidade, do teléfono e sobre todo tivéronos cando o goberno quixo face-la concentración parcelaria. Xa non son só os intereses dunha casa soa os que está en xogo, senón os dun barrio.

Desde hai algúns anos, son os barrios os que preparan a festa por turnos. "Antes os mozos encargábanse de todo, pero agora marcharon case todos".

O último círculo de veciñanza é o conxunto da aldea: Loureses. Hai traballos particulares que se fan en común, como a malla, sega-la herba, carrexa-la madeira e as pedras para unha casa. Hai outros traballos comúns que prestan servicio a toda a aldea. O "Concello" (reunión de tódalas casas) coida dos manantiais de auga, dos camiños, dos edificios públicos. Os traballos públicos non rematan cun banquete coma os traballos particulares feitos en común, anque algunha vez os homes teñen comido sardiñas e bebido viño.

Os traballos comúns fanse baixo a autoridade do Pedáneo (autoridade tradicional da aldea). El reúne o "concello" cando hai que facer un traballo común. A asamblea do pobo ("concello") é a máis alta autoridade da aldea. O pedáneo non pode decidir nada sen o "concello". Por conseguinte é a asamblea a que toma a decisión en presencia do pedáneo, que fóra da asamblea non ten ningunha autoridade. O pedáneo é elixido polo "concello". Cada casa debe mandar un membro ó "concello" cada vez que este se reúne. O pedáneo é o que ten que reuni-lo "concello", pero o "concello" pode reunirse contra o pedáneo, se este non coida dos intereses da aldea. O vigairo é o veciño da casa que por turno recorre a aldea para avisar do día, lugar e hora do "concello". O pedáneo ordena ó vigairo que anuncie a asamblea.

Calquera membro da casa pode asistir ó "concello"; se se trata de tomar decisións sobre propostas da alcaldía ou outras, o pedáneo expón os motivos. Os membros do "concello" escoitan atentamente ó pedáneo. O voto faise a man levantada despois de escoitalo. Cada quen ten o dereito de votar segundo a súa opinión. Cada casa ten dereito a un voto. O "concello" reúnese na encrucillada ou no forno se chove. "Ultimamente xúntase no bar, pero iso non está ben. Hai que reunirse na encrucillada. A encrucillada é de todos e todo o mundo ten máis liberdade de expresarse". Hai que reparar no simbolismo da encrucillada (C.II).

A solidariedade e a cohesión entre a xente da aldea créase e manifístase pola veceira que é o conxunto das ovellas da aldea. En Loureses non as hai, porque non hai montes en man común, pero as outras aldeas da parroquia teñen unha veceira. Cada casa coida da veceira por turnos. O veciño que non ten as súas ovellas na veceira é mal visto polos outros e se o lobo vén buscar unha ovella ó seu rebaño, os outros veciños non axudan.

Hai tensións entre as aldeas da mesma parroquia, pero sobre todo entre as aldeas de parroquias diferentes e próximas a causa dos límites dos montes en man común. Nas aldeas de preto de Loureses existe a "louta dos bois"; cada aldea ten un boi e prepárao para o día da loita, a comenzos de maio. Ese día a xente de cada casa están xuntos. Os bois comenzan a loitar, a xente berra. Hai xente que vén de lonxe. É unha festa, unha especie de desorde. Serve para reforza-la cohesión da aldea, a xente séntese unida en torno ó seu boi e, ó mesmo tempo, é a ocasión de encontros coa xente doutras aldeas.

Os bois que loitan son sempre de aldeas de diferentes parroquias. Este feito ten relación coas peleas dos mozos: os grupos que pelexan son tamén de diferentes parroquias. Os enfrentamentos, pois, teñen lugar entre dúas parroquias diferentes. Sabemos, por outra parte, que as parroquias son unidades endogámicas; daquela peléxase soamente contra os grupos cos que se poden ter intercambios matrimoniais.

Veciñanza e traballos

Traballos \ Grupo		Casa	Eira	Barrio	Aldea
Sementar		X			
Madeira	cortar				X
	acarrexa				X
Centeo	seitura	X			
	acarrexa		X		
	malla				X
Liño	arrincar			X	
	outros traballos				X
Herba	segar				X
	acarrexa		X		
Matanza			X		

b) Os grupos de idade.

Varios grupos de idade compoñen unha casa na que poden estar todos representados. Cada grupo de idade na aldea pode estar subdividido e estructurado á súa maneira. Cada grupo organízase

en subgrupos que non teñen xefe e, se hai un, é só ocasionalmente. Entre os elementos do mesmo grupo non hai diferencia. Cada grupo reúnese para ir ó encontro doutros grupos da mesma idade; pero os grupos de idades diferentes non entran nunca en contacto uns cos outros. A relación entre persoas de distintas idades tense persoalmente, non en grupo.

A idade de rapaz comenza ós seis anos. As nenas quedan máis tempo na casa en compañía da nai e das irmás. Aprenden a facer cousas da casa: axudan a varrer, a face-las camas, a busca-la auga. As nenas pequenas case nunca van ó campo a traballar. Poden garda-las ovellas, pero case nunca as vacas, non sendo que non haxa rapaces na casa. Son as mulleres da casa as que se preocupan persoalmente da educación das súas fillas. Os rapaces de seis anos comenzan a saír ó campo cos homes; aprenden os límites das propiedades da casa e comenzan a traballar mirando ós adultos. Son os que coidan das vacas.

En xeral, os adultos teñen tendencia a ocupar ós nenos. Así como os rapaces van medrando, enfréntanse con riscos máis grandes e máis reais. Cando son pequenos méteselles medo falándolles de seres extraños. Pouco a pouco van sendo enfrentados ós riscos da vida real. Os nenos falan sobre todo con seus avós, porque seus pais non teñen tempo de falar con eles e seus avós teñen máis. Os nenos e os avós saen xuntos, falan moito tempo. Os nenos buscan refuxio nos avós contra o rigor de seus pais.

Os nenos aprenden por observación; os adultos non lles explican case nunca o que hai que facer. Os nenos miran, observan case sempre en silencio. Unicamente os avós lles explican as cousas. Os nenos aprenden o uso do espacio, do tempo e da palabra pola observación do que fan os adultos. Os rapaces aprenden cos homes e as rapazas coas mulleres. Aprenden só algúns principios como "non se fala coa boca chea", "non se canta na mesa", "hai que respetar ós vellos". O resto apréndeno por observación.

A Igrexa e a escola non son máis que a continuación da educación aprendida na casa e na aldea. Por conseguinte é a xente da casa, da aldea, o cura e o mestre os que educan ós nenos. Os nenos están case sempre cos adultos; aprenden deles as técnicas e a visión do mundo. Pero xúntanse pola tarde para xogar, para estudia-los arredores da aldea, para estar xuntos. Nese momento xa son independentes.

Rapaces e rapazas xogan case sempre xuntos. Ó final da infancia, comenzan a separarse. Nese momento os mozos comenzan a ir á taberna, a dicir tacos e a meterse coas mozas. Os rapaces perten-

cen a un grupo segundo o sexo, e por esta razón están separados; pero en tanto que grupo de idade están case sempre xuntos. Non puidemos observa-la presencia dun xefe no grupo de nenos; pero vimos que hai un xefe para cada actividade.

Agora os rapaces pasan moito máis tempo na escola, están moito máis tempo entre eles e cos seus mestres. O contacto coa xente da aldea empobreceuse moito. Os vallos xa case non coñecen ós nenos da aldea. Isto da unha sensación de illamento ós vellos e os rapaces vólvense máis agresivos. Os rapaces teñen menos tempo para estaren en contacto coa natureza e se o fan, é doutra maneira, axudados polo mestre que lles aprende, non a servirse dela, senón que lles dá un coñecemento científico do tema.

A vida do rapaz seguía coma a dos adultos o calendario anual, dividido en dúas metades. Agora o rapaz está illado e separado do ciclo de seus pais. Leva unha vida sen modificacións durante todo o ano: o curso e as vacacións; todo é case igual. Isto modificou realmente a vida na aldea; os rapaces formaban parte da paisaxe; pola tarde as rúas estaban cheas de berros de nenos e mesmo os arredores da aldea. Era doado localiza-los seus rastros, mesmo fóra da aldea. Falaban máis coas persoas de idade; non eran un grupo de idade perfectamente definido, pero estaban máis integrados na comunidade total.

A escola está introducindo unha nova cultura. A cultura da escola é diferente da cultura oral; a cultura da escola é a cultura da letra, e o libro é símbolo do saber. Os estudiantes teñen un gran prestixio e un título académico é unha especie de obxecto precioso. Os nenos son os que teñen o saber dos libros. As persoas adultas din ás veces: ''Saben todo (os rapaces). Antes non era así. Agora todo cambiou moito''. Nunha certa medida a escola prolongou a idade dos rapaces; son rapaces durante moito máis tempo ca antes. Os rapaces peitéanse para o lado e vístense de pantalón curto. Están perdendo moitos elementos da tradición oral; non teñen tempo de oí-los contos e as lendas nas noites de inverno e, ademais, tampouco non se interesan por iso. Teñen que face-los deberes e no tempo libre miran a televisión.

A palabra ten unha gran importancia na educación e a súa utilización é aprendida durante os anos da infancia. O rapaz aprende o nome da xente da casa e dos veciños. O nome das persoas perpetúa a memoria dun devanceiro, ou o recordo dun santo benquerido da xente da casa. O nome significa o nomeado (significante por significado). O neno é a personificación do devanceiro ou da perfección do santo do día do seu nacemento. O neno que acaba de

nacer é coma un microcosmos ideal. O nome é un mundo de referencias. Por iso está prohibido repeti-lo nome de alguén que xa non corresponde á realidade do seu nome. Coma as bruxas, os ferreiros, os canteiros. Tamén está prohibido recorda-lo aforcado polo seu nome, porque se converteu nun ser perigoso polo feito de que o seu espírito non puido saír por cousa das ligaduras. O cura, o tolo e toda persoa que "sabe" están afectados pola mesma prohibición. (Cf. máis adiante).

As persoas que non poden ser chamadas polos seus nomes son chamadas por un "chata" ou alcume. Case tódalas casas teñen un alcume. Hai persoas que tamén teñen alcume, pero, en xeral, o alcume é para as casas. Os alcumes das persoas extraordinarias son moi empregados; pola contra, os das persoas normais son moi poco empregados. Un estudio serio das chatas pode mostrárno-los diferentes grados de integración das diferentes persoas e das diferentes casas no conxunto da aldea. Como os nomes se identifican co nomeado, os rapaces aprenden a emprega-la linguaxe así como van coñecendo o significado das cousas e aprendéndoo; tamén aprenden as prohibicións de que están afectadas.

Os rapaces, en contacto cos adultos, aprenden tamén o que hai que dicir, cando e onde hai que dicilo. Trátase dos ditos, das adiviñas, dos xuramentos e dos refráns. Os ditos son frases feitas dun gran contido filosófico. A súa orixe é histórica ou unida a unha crencia; unha gran parte dos ditos de hoxe debémosllela ós tolos. Os ditos poden dicirse en calquera lugar e calquera hora; depende da situación. Expresan o pensamento da xente sobre diferentes situacións.

Os refráns son ditos experimentados que se repiten en situacións determinadas, transmitidos de pais a fillos. Están baseados na experiencia da vida cotiá a propósito de tódolos temas da vida; son moi prácticos e indican unha norma de conducta. A autoridade dun refrán é incontestable. Calquera pode dicir un refrán, pero son os vellos sobre todo os que os din, porque fai falta moita experiencia para isto. Os autores galegos que tratan de refráns fan diferentes divisións (Federico Zamora, 1972; Moreiras Santiso, 1977 e 1978). A xente de Loureses coñece refráns propios para cada situación, sen falar de divisións. Os rapaces aprenden os refráns en situacións concretas, nunca se di un refrán fóra desta situación.

As adiviñas dinse sobre todo durante os seraos do primeiro período do ciclo anual. Cremos que unha das súas funcións é o exercicio da intelixencia. Hai autores galegos que din que as adivi-

ñas son xogos dunha certa clase social que non coñece o mundo real, pero que o quere recuperar (F. Martín, 1975, páxs. 17-18). A división das adiviñas depende dos autores (Cf. F. Martín, 1975; Taboada Chivite, 1972). A propósito da interpretación de F. Martín, temos que dicir que as adiviñas son as mesmas para tódalas clases sociais. Cremos que as adiviñas son definicións simbólicas das cousas. Son case sempre os adultos os que propoñen as adiviñas. Os rapaces apréndenas pouco a pouco; así como as van aprendendo, comenzan a poñérllelas ós adultos.

Os xuramentos e fargallos teñen tamén unha función social. Os xuramentos dinse contra o nome de Deus, a Virxe, os Santos ou as cousas sagradas. Só os homes teñen o dereito de pronuncialos cando están enfadados, anoxados ou nunha situación difícil sen que sexa irreparable ou definitiva. O xuramento establece unha relación de forza entre o home e a situación. Se a situación non admite unha relación de forza, o xuramento está mal colocado, por exemplo, no momento dunha morte, dun incendio ou dun accidente persoal. Nestes casos os xuramentos deben ser reemprazados por xaculatorias. Un home que di un xuramento cando está anoxado non será nunca sinalado co dedo.

Os fargallos son palabras que fan referencia ás partes sexuais do corpo do home ou da muller e os verbos que designan as accións propias das partes sexuais. Só os homes teñen o dereito de dicilos. Os rapaces óenos e, chegado o momento, comenzan a dicilos. Nin as mulleres, nin os mestres, nin o cura poden dicir xuramentos ou fargallos. As mulleres que din fargallos son mal vistas, pero estalles permitido dicir fargallos entre elas e para burlarse. Un cura non está nunca autorizado a dicir palabras vulgares. Se as di, perde a súa autoridade moral. É o caso do cura de Pixeiros.

Os rapaces aprenden tamén os contos. Apréndenos sobre todo nos seraos e da boca dos contadores. Non pode contar calquera. É moi raro escoitar contos durante o segundo período do ciclo anual. Contar é unha actividade do primeiro período. A división dos contos é moi variada segundo os distintos autores. Os rapaces tamén aprenden a cantar. Hai cancións para cada momento, para cada traballo, para cada situación, para cada época. Aprenden a rezar: hai oracións para cada momento do día; hainas en galego e outras en castelán. Algunhas delas son oficiais e apréndense na catequese; outras pertencen á tradición (Cf. J. Lorenzo, 1976).

Todo o que se di, se conta e se canta —mesmo as oracións— está enraizado nos momentos do día e nos traballos da época. Ca-

da traballo está codificado na literatura oral. Todo é inspirador de literatura e a literatura codifica a vida cotiá.

Os rapaces chegan a mozos cando poden facer sós os traballos da casa; isto chega á idade de 14 ou 15 anos: os mozos no campo e as mozas na casa. O mozo pode ir a visitar á súa moza e a moza pode recibir na casa ó seu noivo. Cada un pode frecuenta-los lugares reservados ó seu sexo. Os mozos peitéanse para atrás e vístense de pantalón longo; as mozas comenzan a pinta-los labios. Para ser admitido no grupo dos mozos, teñen que paga-lo viño ós outros mozos e beber bastante ese día. Ás veces o novo bebía ata embebedarse. En canto ás fillas, non sabemos de nada semellante. Non se pode pedi-la admisión no grupo dos mozos; cada un ten o dereito de entrar nel polo feito de ter unha idade determinada e os coñecementos e saberes propios desa idade.

Mozos e mozas teñen unha serie de dereitos e deberes. Os mozos poden fumar, saír sós de noite e organiza-la festa con outros mozos. As mozas poden ir ás festas coas outras, poden recibi-lo noivo na casa. A liberdade dos mozos é maior cá das mozas. Os mozos deben conforma-la súa conducta ós modelos da sociedade, deben garda-lo segredo das cousas que oíron nas reunións dos homes ou das mulleres, segundo o caso.

A integración dun novo no grupo dos mozos ou das mozas, faise por medio da participación. "Cando eu era mozo (o informador ten agora 70 anos), os mozos facían reunións secretas; ninguén sabía do que se falaba entre nós. Agora os mozos non fan nada; cada un anda polo seu lado. Os mozos organizan as festas, son gardiáns da aldea e censuran as conductas que se afastan da conducta oficial. O que non participa na organización das festas e non ten noiva é mal visto; costaralle traballo casar. Os mozos son os encargados da elaboración de modelos de conducta.

Hoxe mozos e mozas vense na discoteca, na rúa, pasean xuntos; antes "os mozos ían a visita-las mozas o xoves e o domingo. Traballábase todo o día e ó solpor era cando se saía. Volvíase contra as dúas da mañá ou máis tarde". "Todo o mundo traballaba para a casa e na casa. Había só algúns que marchaban a América. Agora, case toda a mocidade está fóra. Antes non era así. Non tiñamos moitos cartos, pero divertiámonos moito todos xuntos. Chegabamos ás festas xuntos e a xente dicía: velaquí os mozos de Loureses. E todo o mundo nos respetaba. E boa conta que lles tiña. Agora a xente está en Barcelona ou en Alemania. Veñen só nas vacacións. Teñen moitos cartos e cada un sae no seu coche. Fan o que queren e os outros non se dan conta".

Antigamente os mozos ían a tódalas festas dos arredores, organizaban a festa patronal na aldea e durante o ano organizaban outras festas para bailar e para divertirse. As festas eran a única ocasión para bailar. "Non había discotecas nin nada diso. Agora os mozos van a unha discoteca ou ó cine. Pero todo iso é novo. A xente de hoxe encontra todo feito".

Os mozos visitan as mozas o xoves e o domingo pola tarde. Chegan á aldea da moza, van dar unha volta polas tabernas e logo van á casa dela. Baten na porta coa man. A moza ou outra persoa da casa sae. Os primeiros días a moza recíbeos na soleira da porta. Máis tarde entran ó sobrado (Cf. C. II). Están sós no sobrado durante dúas ou tres horas. A moza pode ter moitos mozos que a vaian a visitar ó mesmo tempo e os mozos poden ir visitar a varias mozas. "A moza di adeus ó que está con ela para recibir a outro que agarda no patio; o mozo sae da casa dela para ir á doutra". Isto xa comenza a cambiar e as relacións dos mozos vanse facendo exclusivas.

Por outra parte, "os mozos vense cada vez máis na rúa, van xuntos ó cine, á discoteca. Están lonxe da casa". "Os mozos van a visitar normalmente ás mozas de Loureses, porque se coñecen desde sempre. Se visitan ás mozas das outras aldeas é porque as coñeceron nunha festa ou na feira de Xinzo de Limia".

"As relacións entre os mozos e as mozas da aldea son cada vez máis frías. Xa non bailan xuntos, xa case nunca van xuntos ás festas. E evidentemente tampouco non saen xuntos. Os mozos xa non son como eramos nós coas mozas. O grupo dos mozos está desaparecendo; os mozos e as mozas andan cada un polo seu lado".

Mozos e mozas teñen un período de liberdade para saír con calquera e recibilo na casa. Isto cambia cando proxectan casar; entón son os pais os que interveñen nestas relacións. "Canto máis ricas son as casas, menos libres son os mozos para escoller con quen casar. Un mozo pobre pode casar con calquera, pero un rico ten que considerar moitas cousas e sobre todo a cantidade de leiras que teñen os pais da moza". Hai que evita-los fillos de pais que se emborrachan ou que se pegan.

"Os homes e as mulleres son persoas casadas que teñen fillos e que viven nunha casa con eles: el ten que se-lo xefe e ela a dona da casa. O home tamén ten que ter cumprido o servicio militar. O xefe e a dona levan a dirección da casa; dirixen os traballos e ninguén pode corrixilos. Venden e compran sen consultar cos seus fillos.

Os solteiros quedan cun de seus irmáns, en principio co que segue vivindo na casa dos pais. Non teñen autoridade, traballan, comen, pero non teñen ningún poder de decisión, non sendo o de marcharse. Algúns seguen sendo toda a vida coma criados na casa de seu irmán; outros son moi respetados.

Os vellos son os avós que xa repartiron o seu capital na herdanza. Seguen vivindo cun dos seus fillos, en principio co que queda coa casa onde vivían todos xuntos antes de reparti-lo capital. Ás veces, os vellos viven sós, pero iso non pasa moito. "Agora aínda pasa algo, porque os mozos están lonxe; antes era máis raro". Reciben a requia dos seus fillos, en diñeiro ou en especies. Reparten cos que están con eles.

Seguen traballando e facendo o que poden. "Séntalles ben facer algo. A miúdo coidan dos nenos, dos seus netos. Os avós e os netos quérense todos moito. Os nenos chámanlles "pai" e "nai" ós avós maternos. Os avós ocupan un lugar moi importante na educación dos fillos. Saen a miúdo xuntos; é entón cando os avós lles ensinan ós nenos o que hai que mirar e non mirar, dicir e non dicir. Paseando cos avós aprenden a onde se pode e a onde non se pode ir. En realidade con quen máis falan os netos é cos avós".

Os vellos son moi respetados; gozan dunha grande autoridade moral; saben tódolos refráns, os ditos. Teñen gran experiencia e por conseguinte unha gran sabiduría e unha gran autoridade. A integración dos vellos na sociedade non é un problema; fan o que teñen que facer, coma calquera. Cada un ten o seu sitio na vida cotiá; "todos nós somos necesarios; cada un ten a súa tarefa, os nenos, os mozos, os homese os vellos, todos". En xeral os vellos non se xuntan con outros vellos, non sendo en certas ocasións. Están integrados coma os outros na vida de cada día. Os vellos van ó bar, xogan a partida cos mozos, beben o seu café, "non fan traballos pesados, porque non teñen a forza necesaria. É normal. Pero fan o que teñen que facer".

Os viúdos non son moi numerosos. Unha persoa é viúda se o seu compañeiro ou compañeira morren sen seren vellos os dous. Son moi respetados na aldea; ninguén se pode burlar deles. Ademais, os viúdos e sobre todo as viúdas, teñen dereito á axuda dos veciños, particularmente nos momentos dos grandes traballos, cando os seus fillos son aínda pequenos. Teñen que garda-lo loito todo resto da súa vida, sobre todo as viúdas. "Unha das viúdas da aldea perdeu o seu marido hai máis de 15 anos e aínda leva o loito. Outras levaron loito máis de 30 anos". Os viúdos non deben volver a casar. Cando un viúdo ou unha viúda casa, perden

tódolos seus dereitos. "A xente non quere que un viúdo volva a casar. Debe quedar viúdo. Unha vez un viúdo volveu casar. Toda a xente da aldea xuntouse pola mañá para facer un zafarrancho. Hai que garda-lo respeto do morto".

"Cando X morreu, o matrimonio non tiña fillos, polo que a metade do seu capital volvía ós pais de X. Os pais de X dixéronlle a Z (viúda): podes quedar con todo ata o día en que volvas a casar".

Cremos que ser viúdo, é te-lo compañeiro no outro mundo que é un mundo tan real coma o noso; hai que respetar ó compañeiro. De feito o compañeiro morto vén a "axudar ó viúdo: peitea os nenos, dálles de comer, vísteos para que vaian á escola". Por conseguinte o viúdo e o seu compañeiro morto seguen tendo relacións coma as que existen entre este mundo e o outro. (Cf. C. IV).

c) Os grupos segundo o sexo.

A muller durante o primeiro período do ano traballa no interior da casa e o home no exterior. A muller coida dos porcos e o home das vacas e prepara os manantiais para rega-los prados. O home e a muller están moi pouco tempo xuntos, non sendo para comer e para durmir e algunhas horas arredor do lume nos seraos comúns ós homes e ás mulleres. É a época das sementes; a muller queda na casa.

Durante o segundo período o home e a muller traballan xuntos no campo facendo as colleitas. Hai que reparar en que sementar non é máis traballoso ca recolleitar: ó contrario. Pero a separación de sexos no momento da sementeira non se debe á dureza do traballo, senón á súa cualidade; sementar é fecunda-la terra e é o home o que fecunda. A este respecto, a muller é a terra pasiva e o home o elemento activo. Están xuntos traballando, comendo e ás veces dormen no mesmo lugar.

O espacio do home é sempre o mesmo, está fóra da casa; é o espacio do bosque, o espacio non habitado, o espacio dos mortos e das serpes, anque a serpe sexa o seu inimigo. Pero tamén é o espacio habitado: o lugar público, a adega, o forno, a taberna. Para a muller é esencialmente o espacio habitado, o espacio doméstico, a casa e a horta, isto durante o primeiro período. Durante o segundo período do ano, a muller sae co home ó espacio non habitado e pasa alí todo o día coma o home. Pero a muller tamén ten outros espacios coma o tear, a fonte e a corte onde fai grandes seraos: os fiadeiros.

A igrexa é un espacio común ós homes e ás mulleres o mesmo cá lareira e a encrucillada. Pero a igrexa de Aguís está dividida en dúas partes: os homes póñense diante e as mulleres detrás. O cimeterio é, coma a igrexa, un espacio dos homes e das mulleres. O domingo, antes da misa, as mulleres entran na igrexa e os homes quedan falando no cimeterio. Á saída falan todos xuntos ou por grupos de homes e mulleres. As mulleres veñen á igrexa e ó cimeterio máis a miúdo cós homes, quitando o domingo. Como xa diximos, o muíño é un espacio común ós homes e ás mulleres. Vese, pois, que os "centros" (o centro do mundo) son comúns ós homes e ás mulleres: os puntos de encontro entre mortos e vivos son comúns a todos.

Cremos que o espacio feminino ten unha cohesión maior có do home. O espacio feminino do primeiro período non plantexa o problema da continuidade; amplíase durante o segundo período e esta extensión non é continua nin temporal nin fisicamente. O feito de que sexa o home o que tece a rede das relacións da casa, non é máis ca unha consecuencia do espacio masculino. O home vai ás feiras e coñece a xente que logo o invitan ás festas locais coa súa muller. As redes de coñecemento da muller non van máis alá dos límites da aldea, ou como moito da parroquia. Por conseguinte, é o home o que tece as relacións sociais da casa, o que fai as amistades e fai as invitacións. O home abre a comunidade aldeá ó exterior. Isto tamén é unha consecuencia da maior mobilidade do home. A liberdade, como nós a entendemos hoxe, é maior para o home que para a muller.

O traballo do home está máis en contacto co espacio salvaxe, lugar de morada das ánimas; a muller traballa sobre todo na casa: está máis en contacto coa comida, coa roupa. Pero non se pode dicir que o home estea do lado das ánimas porque tamén sabemos que as ánimas están tamén entre a borralla da cociña. O traballo cotián do home esixe unha maior mobilidade; desprázase moito máis do que o fai a muller. A muller, sacando os traballos da recolleita, queda todo o ano no espacio doméstico e nos dominios da casa. Cremos que as actividades do home teñen unha importancia económica maior cás da muller. No interior da casa é a muller a que manda e ordena, e é ela a que ten a responsabilidade dos cartos. Só ela coñece tódolos recantos e currunchos da casa. A muller rega as hortas e os campos situados entre as casas.

Hai un equilibrio entre o grupo dos homes e o grupo das mulleres; hai oposicións na complementariedade e conflictos que se manifestan sobre todo no momento da recollida do liño (Cf. C.

I) e na época da malla (Cf. C. I). Polo Entroido hai unha inversión dos papeis: as mulleres vístense de homes e os homes disfrázanse de mulleres. Na vida cotiá non hai inversión, porque de habela provocaría o riso de todo o mundo. Os homes e as mulleres son dous aspectos dunha mesma realidade. A muller está do lado do movemento descendente e da esquerda; o home está do lado do movemento ascendente e da dereita.

Na lúa minguante hai que colle-los froitos que se dan debaixo da terra. Os fillos enxendrados na lúa minguante serán nenas; os outros, nenos. A muller está do lado da lúa vella e o home do lado da lúa nova. As bruxas son normalmente mulleres e moi raramente homes. Os homes están do lado da medicina popular: son curandeiros coma o Tío Perico (Cf. máis adiante).

A sexualidade é un tema tabú: nunca oímos falar deste asunto. Non obstante, puidemos descubrir algúns individuos que se inclinaban á homosexualidade. A propósito deses temas sentimos dicir: "non lle gustan as mulleres", "casou coas cartas", "gústalle ser libre", "a súa muller é a borracheira". Non encontramos a ninguén que tivese prácticas homosexuais; en todo caso, ninguén estaba ó cortente. Iso mostra, segundo nós, que a homosexualidade non é aceptada e que segue sendo incomprensible para a xente de Loureses.

α) A sexualidade vivida.

A iniciación sexual dos nenos faise entre eles, sen a intervención dos adultos, por xogos. Xogan "ó boi e á vaca" e chegan a ter relacións sexuais entre eles. Estas relacións téñenas nos palleiros, á idade de dez anos máis ou menos e mesmo antes, cando están aínda todos xuntos. Entre os rapaces hai outra práctica sexual: mámanse ata que chegan a disfrutar. Iso acontece tamén nos palleiros ou nos arredores da aldea, un espacio que descubriron pola idade de seis ou sete anos.

Os adultos saben que rapaces e rapazas teñen relacións carnais entre os dos grupos sexuais, e que os rapaces teñen prácticas sexuais entre eles, pero non din nada. Na casa non se fala nunca do asunto: é un tema tabú. "Non se fala da sexualidade, pero arregrámonos", dinnos os nosos informadores.

As relacións son máis difíciles logo da separación dos sexos. Os mozos poden ter relacións con prostitutas os días de festa. En Loureses había unha muller que o día do San Antón de inverno estaba á disposición dos homes. Tiña relacións sexuais cos homes nos campos de centeo que nesa época está alto e tamén na súa casa,

onde os homes se poñían á cola, con gran escándalo de toda a aldea.

Entre os mozos e as mozas hai unha gran liberdade de relacións. Os mozos "modelos" son os que poden permitirse máis liberdade nas súas relacións coas mozas. Os mozos "modelos" poden meter man ás mozas, bicalas e tocárlle-las nádegas e os peitos.

A violación está moi mal vista e case non existe. Outra cousa son as relacións dun noivo coa súa noiva. Cando unha noiva quedou preñada do seu mozo, a xente fai comentarios, pero non é nada grave. A gravidade vén desde o momento en que o mozo refusa casar coa rapaza preñada; a súa familia e sobre todo os mozos vano presionar para que case. Os mozos poden ameazalo con facerlle o boicoteo e a familia con expulsalo da casa. Élles moi difícil ás nais solteiras casaren con ninguén que non sexa o pai do seu fillo; agás cun dos "Xeollos queimados": un home solteiro que é pai, ou cun home a quen non quixeron as outras mulleres.

O home debe deixar a súa muller ou pegarlle se esta comete adulterio, se non non é un home; é un "fandelo" (un ninguén) e daquela é a muller a que leva os pantalóns e a que manda na casa. Se un home tivo relacións cunha prostituta, ninguén o sabe e iso non é grave. En Loureses non hai tantos adulterios. Os nosos informadores non recordan ningún. O último caso de adulterio que nos contaron é o dunha muller de Pixeiros (a parroquia veciña) co cura. Ela segue na casa co seu marido, pero del dise que é un "fandelo".

Os sentimentos entre os casados non se manifestan nunca. As parellas non se bican case nunca, nin tampouco se aloumiñan, polo menos en público. É de mal gusto e ata inmoral. O domingo, os casados van á misa por separado: os homes cos homes e as mulleres coas mulleres. Cando van xuntos ó traballo, a muller vai detrás dos carros e o home diante das vacas.

Galicia é un dos lugares de España co índice de nacementos ilexítimos máis alto. No século XX a parroquia de Aguís ten unha tasa de ilexitimidade do 4,78% e Loureses do 4,05% sobre o total de nacementos ata o ano 1978. Para apreciar ben esta estadística, hai que salientar que para o período 1969-1975 houbo 0,00% de ilexitimidade en toda a parroquia de Aguis, contra o 2,19% no mesmo período na provincia de Ourense. No período 1930-39, a tasa de ilexitimidade na parroquia de Aguis foi do 5,85% e nun período da mesma duración, pero na actualidade (1969-1978) a tasa de ilexitimidade foi 0,0%. A xente xa nos fixera nota-la dis-

minución da tasa de ilexitimidade antes de irmos consulta-los arquivos da parroquia. E están orgullosos diso.

Os fillos ilexítimos son moi ben acollidos pola poboación, e a xente axuda ás nais solteiras, anque logo sexa moi difícil que cheguen a casar. Ós fillos ilexítimos chámaselles "fillos de poula", "fillos de palleiro". Estes nomes fan referencia ós lugares de residencia dos mortos e a lugares extra-domésticos; palleiro é o exterior por oposición á lareira.; poula é o oposto da casa, e un lugar de mortos, o lugar onde as serpes se unen ás mulleres. Por iso, podemos avanza-la hipótese de que os fillos ilexítimos son os fillos dos mortos.

Podemos pensar, por conseguinte, que os galegos teñen unha gran liberdade sexual porque os fillos son a continuidade da comunidade e dos mortos; non hai oposición á procreación ilexítima máis que porque é contraria á "moral cristiá".

A muller está moi vencellada á lúa; as dúas son elementos importantes dun diálogo co máis alá. A lúa é a residencia dos mortos; as ánimas veñen da lúa en forma de abellas. O sangue menstrual serve para a adiviñación e para a preparación de filtros amorosos. O espacio máis ameazado pola lúa é o bosque e o máis ameazado polas mulleres que están de regra é o espacio doméstico. As mulleres coa regra son tan perigosas coma os cambios de lúa.

d) Outros grupos.

Xa falamos dos grupos da idade, dos grupos segundo o sexo e da veciñanza. Agora imos falar dos grupos de mentalidade. É dicir, dos grupos que se distinguen pola súa maneira de mira-las cousas. Non nos demos conta da existencia de grupos de mentalidade ata moi tarde, a causa das reunións ás que asistimos. As reunións foran convocadas polo alcalde. Había enxeñeiros que viñeran falar á xente sobre a concentración parcelaria. A xente escoitounos falar sen dicir nada. Os enxeñeiros "falan moi ben, saben moito, falan o castelán". Ó marcharen eles, a xente comenzou a falar. Os comerciantes e os que chegaran á aldea desde había pouco tempo estaban a favor da concentración; os outros estaban en contra. "Queren destruí-los nosos patios, as fontes, van desvia-lo río. Queren facer algo completamente novo; ímonos perder na nova aldea que van facer. Loureses xa non será Loureses; teremos que comenzar todo outra vez. Ademais, desfarán tamén os valados dos patios, xa non haberá hortas". Así falaba un paisano á xente cando os enxeñeiros marcharon. "Será máis doado de tra-

ballar porque haberá máis tractores. Agora non podemos mercar maquinaria. Os camiños son estreitos e as leiras moi pequenas. Perdemos moito tempo no camiño. Os nosos métodos de traballo están atrasados. Mirade para as aldeas que aceptaron a concentración. Fan progresos, constrúen casas novas''... Era o discurso dun comerciante.

Ó día seguinte volveron os enxeñeiros; a xente explicóulle-lo que pensaban. Os enxeñeiros non entendían nada do que pasaba. O alcalde díxolle á xente que non entendían nada e que non estaban ó corrente da vida moderna. Pero a xente comprendía moi ben as avantaxes económicas da concentración; en resume, non estaban de acordo. O que non querían era que fosen destruídos os seus puntos de referencia, unha xeografía sagrada, a súa historia que se confundía coa terra, cos camiños, coas árbores e coas fontes. Puidemos asistir a discusións moi semellantes a propósito da apertura dunha nova estrada, da chegada do teléfono, no momento de poñe-la auga corrente.

''Cando o primeiro tractor chegou a Loureses todo o mundo foi a ver onde traballaba. A xente dicía que se estaba estragando a terra porque o tractor furaba moi fondo. O tempo pasou; hoxe todo o mundo traballa a terra cun tractor. Esta mesma reacción tivérona en contra de tódalas máquinas''.

Cremos que un informador nos explicou moi ben o por que desta oposición á chegada de máquinas novas: ''Logo de chegaren as máquinas, xa non houbo traballo en común, nin reunións; agora é moi raro xuntar a toda a aldea. Antes os homes xuntábanse bastante a miúdo''. As máquinas destrúen toda unha rede de relacións humanas.

HABITANTES, 1978

Grupos domésticos	Homes	Mulleres
41	68	77
	46,89%	53,10%

Xubilados	Activos	Nenos	Total
39	74	32	145
26,89%	51,03%	22,06%	

2. A ARTE DE CAMBIAR.

Cos parentes próximos intercámbiase comida. Os que están en Loureses mandan roxóns, filloas, chourizos e outras cousas máis ós familiares que están en Barcelona, Madrid, Bilbao e mesmo ós que están en Francia e en Alemania. Os fillos e os netos, veñen de vacacións a Loureses; cando marchan de volta, levan comida; tamén se lles pode mandar por veciños que veñen de vacacións e que traballan na mesma cidade ou preto do lugar en que traballan os fillos e os netos. Cando os que levan a comida chegan onda os destinatarios, fanlles saber que seus pais ou seus irmáns lles mandaron algo para eles. "Entón os interesados van a visitar ó que trae as cousas, pregúntanlle pola familia e collen "o paquete". Ás veces son os mesmos que levan o paquete os que llo van entregar ó destinatario; daquela comen todos xuntos. Fai falta ser moi amigos para que o emisario lle vaia a leva-lo paquete ó destinatario". "É normal, porque este ano son eu o destinatario e o ano que vén serei o emisario. Para os amigos tráense paquetes máis grandes que para os outros. Cando uns veciños se encontran lonxe da casa, son sempre amigos, pero hai diferencias.

Intercámbianse productos do campo cos familiares próximos e cos veciños. "Ós máis próximos, mándaselles de todo: patacas, castañas, mazás, coles. O que se compra nunca é coma o que se dá na horta. Eu doulles ós meus veciños froitos que eles non teñen nas súas hortas". Tamén se intercambian servicios. Uns axudan ós outros nos traballos. O que ten un coche, colle ós que encontra no camiño.

Os intercambios non son case nunca inmediatos, nin idénticos. Os que recibiron un servicio poden espera-lo día do santo para devolvelo, ou o momento do nacemento dun neno da casa que lle fixo o favor, ou a festa da aldea, ou o día do casamento. De calquera maneira, hai que reparar en que para os regalos recibidos o día do casamento ou cando nace un neno, a reciprocidade non se

dará ata o día dunha voda ou dun nacemento. As axudas polos traballos poden ser devoltas en especies.

Atopamos unha especie de troco que nos chamou moito a atención. A xente paga a "avinza" ó cura, ó medico, ó ferreiro e ó sancristán. É dicir, cada veciño dálles como adianto unha cantidade de patacas, de centeo ou de calquera outra especie. A cantidade depende sempre do número de membros da casa ou do número de vacas, se se trata do ferreiro. O cura, o médico, o ferreiro e o sancristán quedan obrigados a devolver tódolos servicios que "os avinzados" (os que pagan a avinza) precisen. Tamén se lle paga a avinza ó que ten un touro. Existe tamén todo un sistema de seguridade social extraordinario e moi desenrolado. Hai que recoñecer que o sistema de "avinza" está a piques de desaparecer, se aínda queda algo. A xente aínda fala agora del.

Os que están traballando lonxe e reciben comida dos seus parentes próximos, cando volven á casa para pasa-las vacacións, traen roupa, zapatos, calcetíns e xoguetes para os da casa e para outros membros da familia e invitan ós homes da aldea a tomar un café no bar. Pero sobre todo, poñen á disposición dos habitantes de Loureses os seus coches.

Intercámbiase comida cocida cos parentes próximos e cos veciños da eira; intercámbiase a comida crúa con tódolos habitantes da aldea. Véndenselle-las patacas, os animais e a madeira ás persoas de fóra da parroquia, é dicir, a aqueles cos que non se poden ter intercambios matrimoniais. Cos habitantes das outras aldeas da parroquia intercámbiase comida os días de romaría (Cf. C.II). Por conseguinte, téñense pelexas e véndenselles cousas a aqueles cos que non se poden ter intercambios matrimoniais, nunca ós membros do mesmo grupo endogámico. "Agora as cousas están cambiando, pero antes era así".

Os regalos son sempre recíprocos: "o dado nunca se perde". O que recibe un regalo queda obrigado a devolver outra cousa semellante.

3. AS ARTES E OS OFICIOS.

Imos falar dos oficios porque a arte é incomprensible fóra da vida cotiá; son os canteiros, os ferreiros, os carpinteiros, as costureiras, os que fan a arte. A arte hai que buscala nas actividades da vida diaria. Os rapaces comenzan a traballar cos homes no campo desde os 6 ou 7 anos; desde esta mesma idade as rapazas axudan a súa nai e ás súas irmás a face-los traballos domésticos na casa. Todo o mundo sabe que hai que sementar tal ou cal froito, todo o

mundo aprende a adiviña-lo tempo. Apréndese pola observación. Xeralmente, os adultos non din como hai que facelo. Tódalas mulleres saben face-los traballos domésticos e tódolos homes saben face-los traballos do campo. Isto, para a xente de Loureses, non é un oficio. Dos oficios imos falar agora.

Os ferreiros, dos que xa falamos, aprenden durante algúns anos cun ferreiro xa coñecido. Fan portas, balcóns, armas, xoias, todo de ferro. Abonda con pasear por Loureses e polas aldeas dos arredores, para decatarse dos traballos dos ferreiros.

Para chegar a carpinteiro hai que escoller un patrón. O aprendiz debe estar dous anos cun patrón sen recibir paga ningunha. Logo xa pode comenzar a traballar só. Os carpinteiros traballan sobre todo durante a primavera. Comen na casa para a que traballan e reciben o pago en cartos. Fan mesas, sillas, carros e xugos, póñenlles trabes ás casas e todo o que é de madeira. Son moi estimados e están moi integrados na sociedade. Cada un ten a súa especialidade; un fai moi ben os carros, outro monta os tellados e o terceiro é "un artista facendo portas". En realidade pódense ver carros, xugos, portas, fiestras de madeira que son moi fermosos. "Ás mulleres gústalles casar cos carpinteiros".

En Loureses hai un canteiro. En tempos houbo máis. A xente acorda a un portugués, a outro que veu de lonxe para casar cunha moza da aldea, tamén a doutro mozo de Loureses que casou cunha rapaza de moi lonxe na época en que todos casaban na parroquia ou nos arredores da parroquia. Por todo isto, podemos pensar que os tres canteiros que acordan os de Loureses eran personaxes un pouco "extraordinarios". Os tres eran vedoiros e sabían quen ía morrer na aldea. Ninguén os chamaba polos seus nomes, eran coñecidos por un alcume. Aínda ninguén chama polo seu nome ó que queda na aldea.

Dise que os canteiros falan "moi mal", que din xuramentos. O que queda na aldea contounos moitas historias de bruxas: "fun atacado moitas veces polas bruxas. Coñézoas e sei defenderme delas: no momento de pasar preto dunha bruxa hai que poñe-la chaqueta ou a camisa e a boina do revés". Foron os mellores artistas da zona. Fixeron cruceiros, petos de ánimas, e os campanarios das igrexas.

A costureira é outro personaxe interesante. As máis das costureiras quedan solteiras. "Non lles gusta o simple paisano". "Están sempre coa limpeza, máis finas cás outras mulleres, máis refinadas; viaxan moito. Saen da súa casa para iren traballar noutros sitios". "Desprecian ós que lles fan a corte e os que a elas lles gus-

tan non chegan nunca; por iso quedan solteiras". "As costureiras falan moito, saben moitas cousas; teñen a arte de facer volver ós amantes e de castigar ós que non volven. Hai que ter coidado cos trebellos das costureiras, as agullas, os alfinetes e as tesouras". As mulleres falan moito do fío e da agulla para facer referencia ás relacións sexuais. "Aquel debe ter unha boa agulla, din as mulleres cando ven un home". E a costureira está sempre en relación coa agulla e co fío.

O personaxe masculino que corresponde á costureira é o xastre. "Todos eles son un pouco extraños, non teñen forza coma os outros homes, téñenlle medo a todo e máis ca nada a andar sós pola noite. Fan falta sete para facer un home. Un xastre vale menos ca unha muller".

Aínda nos quedan moitos oficios por estudiar: zapateiros, tecedeiras, albañís, e outros máis tanto para os homes coma para as mulleres. Pero cremos que xa podemos tirar algunhas conclusións sobre os oficios e sobre a arte en xeral, logo do que acabamos de dicir.

Os ferreiros non traballan a terra; as costureiras, os xastres, os canteiros e os albañís viaxan moito e traballan sobre todo durante o primeiro período do ano, cando case non hai nada que facer no campo. Por estas razóns afástanse máis ou menos da norma xeral, porque os que traballan a terra non viaxan e traballan sobre todo durante o segundo período do ciclo anual. Para comprender ben a separación de cada un de entre eles, hai que estudia-lo papel xogado no mundo das representacións e o simbolismo dos instrumentos e dos materiais que empregan no seu traballo.

4. A FESTA PATRONAL.

Os mozos son os encargados de prepara-la festa. Organízanse, nomean un maiordomo polo mes de outono e comenzan a pedir unhas cuotas no mes de setembro. Non piden nunca cartos, non sendo nos últimos anos, nos que xa non son os mozos os que organizan a festa, senón un barrio enteiro. Cada casa debe colaborar cos mozos segundo as súas posibilidades. Son os mesmos mozos os que fixan a aportación e colaboración de cada casa. A colaboración faise en especies, sobre todo patacas e centeo que logo os mozos van vender.

No mes de setembro, un domingo pola mañá, os mozos xuntos van pola aldea para pedi-lo centeo; outro domingo do mes de outubro van pedindo as patacas. A aportación de centeo é unha tega (13 quilos) ou media tega; a de patacas mídese en quilos.

Os invitados ricos que chegan á aldea para a festa deben participar nos gastos e aportan a súa colaboración en cartos. As casas que refusan colaborar son marxinadas e os invitados que tamén refusan colaborar son afastados e mal vistos na aldea e non reciben ningún honor por parte dos habitantes da aldea e comprometen ós que os hospedan, porque estes son en certa maneira responsables dos seus invitados. Ningunha instancia oficial colabora na festa.

Alá polo mes de maio os mozos teñen que poñerse en contacto coa banda de música, co cura da parroquia e coa garda civil para face-los contratos con tódalas institucións. Teñen que ir onda o fogueteiro para merca-los foguetes. Logo de todos estes trámites, poñen a punto o programa da festa que, por outra parte, é o mesmo tódolos anos. Durante os días da festa bailan moito e botan os foguetes. O maiordomo acompaña ós músicos e dílle-lo que hai que facer en cada momento; tamén el mesmo recibe ós gardas civís se veñen á festa e dálle-la merenda para que estean contentos e non plantexen problemas nin manden retirar ós músicos a tal ou cal hora.

Un mozo que non colabora na festa é mal visto e considerado un irresponsable. Xa non se poderá contar con el para nada bo. Pola contra, ser maiordomo da festa vai en favor da persoa. Como xa se dixo, actualmente cada barrio encárgase da organización da festa por turnos e os homes de cada barrio son os responsables da organización e do bo desenrolo da festa. Isto non queda sen consecuencias para a sociedade, porque se eliminou un modelo, o do maiordomo, dunha gran influencia na formación dos mozos.

Os nenos, como xa dixemos, preparan o folión (Cf. C.II) e vixían coas persoas maiores o baile da tarde na praza pública. Xogan e corren entre os que bailan ós que xeralmente coñecen. Se chegan a ver cousas que están fóra da moral ou da "norma", vánllelo contar a seus pais.

As mozas son as encargadas da preparación da capela do San Antón para a misa, e de adorna-lo carro para leva-lo santo en procesión. Ás veces van cos mozos a pedi-la tega ou as patacas, pero non sempre. Na casa deben preparar e limpar todo; e sobre todo o exterior, mesmo os camiños por onde vai pasa-la procesión. Son elas, pois, as encargadas do adobío da casa e mais da aldea, de prepara-la mesa e de servila o día da festa.

As mulleres da casa encárganse de prepara-lo banquete e de procurar que cada membro da casa poida poñer algo novo para a misa do patrón. Os homes invitan para o banquete do mediodía

ós amigos da familia, que, xeralmente, viven noutras aldeas da parroquia, pero non necesariamente.

Tódalas persoas maiores deben vixia-lo baile da tarde na praza; este labor fano cos nenos. Xuntamente cos invitados, tamén maiores, están sentados contra os muros da praza, miran o baile, fan comentarios sobre a maneira de bailar e de comportarse dos mozos. Hai un baile na véspera despois de queima-lo folión e outro á saída da misa contra a unha da tarde. O gran baile é o da tarde. Isto repítese os dous días da festa. Despois da cea do primeiro día hai outro baile. As persoas maiores e as mozas non van ó baile da noite do primeiro día. Hoxe as mozas poden ir ó baile da noite sen iren as persoas maiores porque, a fin de contas, a mocidade baila case tódolos domingos nas discotecas sen a vixiancia dos maiores.

É interesante reparar no papel do tolo na festa de Loureses. En Loureses hai un tolo que vive con súa nai e que coida as ovellas e presta axuda a tódolos que a precisan. Fala moito, sobre todo cos nenos. O día da festa el tamén vai e xúntase cos outros tolos, un de Pixeiros, O Palomo, e outro de Ouvigo, O Pamplinas. Os tres andan xuntos ata o momento en que os adultos ou os nenos crean animosidades entre eles. Van pola festa, piden cartos, pitillos e de beber. Todo o mundo lles dá algo. Rematan case tódalas festas borrachos. A xente fai comentarios sobre os que lles dan de beber e de fumar; pero todo o mundo ri do que os tolos fan e din durante a festa. A xente divírtese dicíndolles cousas ós tolos e prestando atención ó que eles din (Cf. máis adiante). En xeral, o que din os tolos convértese en ditos e refráns en toda a zona. A xente repite o que os tolos dixeron. Sería moi interesante parármonos no papel da figura do tolo, pero non o imos facer agora (Cf. C.III).

Así pois, vemos que as mulleres teñen a responsabilidade do espacio doméstico e os homes da organización externa e do que se refire ó espacio máis alá dos límites: merca-los foguetes, contactar cos músicos. A casa como unidade ten o papel de dar de comer a un músico, colaborar na preparación do banquete e da-la copa (un vaso de augardente) no momento da alborada.

O Santo Patrono de Loureses é o San Antón de verán, o 13 de xuño. O día da festa hai unha procesión ó mediodía que recorre toda a aldea no sentido de esquerda a dereita, como o sentido da roda (que se fai coa herba do centeo) (Cf. C.I) que é o movemento descendente; este movemento de esquerda está ligado á muller e á lúa minguante.

Á cabeza da procesión vai a bandeira de España e logo o ramo (un pano branco colgado dun pau con bolas e cintas de cores). En tempos o ramo non era máis que unha póla de árbore coma os ramos do Domingo de Ramos. A bandeira e o ramo son levados por homes. Tralo ramo vai a cruz da procesión cos farois que son levados por rapaces. A cruz e os farois son os mesmos que se utilizan nos enterros. Despois da cruz e dos farois vai a imaxe do San Antón no seu carro tirado por homes e mulleres. Tralo carro van romeiros que andan de xeonllos seguidos dos curas, o da parroquia e os invitados por el para a celebración da festa; ás veces van rezando o rosario. Tralos curas veñen os homes, as mulleres e os nenos; primeiro os homes e logo as mulleres. A xente vai en desorde falando baixiño. Varias veces os curas tentaron de poñe-la xente en filas, pero non tiveron éxito.

Logo de da-la volta á aldea, á porta da capela, o que a coida puxa o santo (subasta a imaxe do santo para volvela a poñer no seu sitio). O que ofrece máis é o que o fai. Ás veces as puxas van moi altas; "en xeral son persoas enfermas ou que fixeron un voto por calquera razón os que puxan o santo". "Os cartos dánselle ó cura da parroquia o mesmo que todo o que se colleu ó longo da procesión, ademais do que vai recibir dos mozos para dici-la misa". Tamén se lle dan ó cura os cartos da venda dos xamóns e outras carnes que os romeiros ofreceron a San Antón. "Hai que sinalar que ultimamente non houbo carne que vender; pola contra, a colecta de diñeiro é maior".

A misa faise despois da procesión; tódolos que participaron na procesión asisten a ela. Todos non poden entrar na capela. Moita xente, sobre todo homes, quedan fóra falando en voz baixa e rindo a modiño. Algúns quedan nos tenderetes instalados, con ocasión da festa, preto da capela. Todos eles están preto uns dos outros, están en comunión o en comunicación e poden observarse: todos están presentes no rito. A misa é solemne, celebrada por tres curas polo menos. No momento da consagración os músicos tocaban o himno nacional español e en certos momentos os mozos botaban foguetes. Hoxe "a música xa non toca na ceremonia relixiosa. O número de comuniónș na misa non era moi grande; hoxe en día aumentou. O sermón pronunciado por un dos curas chegado especialmente era un dos elementos de prestixio para a festa". Agora os curas simplificaron moito os sermóns e buscan sobre todo a eficacia pastoral.

Fóra do 13 de xuño a preparación da festa faise cunha novena na capela. Toda a xente de Loureses asiste á novena durante os no-

ve días. A novena estaba dirixida pola persoa que coidaba da capela. Rezaba o rosario e lía unha biografía do Santo Patrón. Todo Loureses sabe de memoria a vida de San Antón e o seu responso e recítano na vida diaria cando perderon un animal ou un obxecto, cando alguén cae enfermo, ou nos momentos de peste ou calamidades. Durante a novena, interpretan cancións que fan alusión á vida do santo e tamén todos as saben de memoria. "Hoxe é o cura da parroquia de Aguis o que dirixe persoalmente a novena e as lecturas biográficas do santo foron sustituídas por lecturas bíblicas". É certo que a xente segue indo, pero a participación xa non é como era en tempos. a xente de Loureses converteuse en espectadora do que fai o cura os días da novena. Antes todo o mundo era actor.

San Antón é o protector de Loureses; o seu nome é invocado milleiros de veces, sobre todo nos momentos de dificultade e nos ritos de protección. O seu responso é recitado moi a miúdo: cando se perde algo, un obxecto, un animal, nunha enfermidade ou para afastar unha tormenta. Os habitantes de Loureses fan celebra-la misa bastante a miúdo na capela, anque resulta máis cara que na igrexa parroquial.

Cremos que para a xente de Loureses non existe unha festa relixiosa e unha festa profana, como xa diximos no caso das romarías; nin sequera accións relixiosas e accións profanas no día da festa. É a festa do Santo patrón. Evidentemente isto plantexa o problema da relixión popular: a relixión non é o mesmo para a xente de Loureses que para o bispo de Ourense, que quería separa-la festa relixiosa da profana.

A festa ten varias funcións na sociedade de Loureses; algunhas son facilmente identificables e outras son moi difíciles de descubrir. Unha das funcións fáciles de identificar é a do regocixo. A festa serve para que a xente de Loureses o pase ben, polo menos unha vez no ano. Todo o mundo se alegra da festa, na festa e para a festa. Todo o mundo goza da festa, na festa e para a festa. Todos están na praza no momento do baile, anque non todos bailen. Todo o mundo escoita a música, a todos lles gusta ve-los foguetes; non sendo as casas que están de dó, toda a aldea colabora no pago da festa e participa coa súa presencia no lugar da festa.

A festa xunta tódolos habitantes de Loureses; todos están no mesmo espacio e ó mesmo tempo. Hai unha especie de fusión do espacio e do tempo de tódolos habitantes: todos fan o mesmo ó mesmo tempo: a festa. É unha especie de comunión de todos: todos se preocupan da festa, participan, pásano ben e non só os que

están na aldea todo o ano. Hai xente da aldea que vive fóra e que vai soamente o día da festa.

A festa abre Loureses ó exterior; hai unha multitude de xente, maiormente mozos, que veñen a Loureses o día da festa, e por veces veñen de moi lonxe, mesmo de 40 quilómetros. Ē o único día do ano en que Loureses recibe tantos visitantes. Estes visitantes, mozos, veñen só pola tarde para bailar. Hai que contar igualmente cos outros visitantes, os invitados de cada casa, que veñen xeralmente das outras aldeas da parroquia de Aguis ou doutras aldeas de preto de Loureses; pero ás veces veñen de moi lonxe.

Por outra parte, a festa serve para que a xente de Loureses manifeste a súa cohesión interior, e a festa é creadora de cohesión. As outras aldeas poden darse conta do esplendor, da forza, da unidade da xente de Loureses mirando o luxo da festa, a súa grandeza, o número de músicos, os foguetes o número de curas que din a misa. Os mozos de Loureses antano estaban prestos a mostra-lo seu valor o día da festa pelexando contra os mozos das outras aldeas. Eran axudados polos mozos das outras aldeas da parroquia de Aguis.

No momento da festa é cando numerosas declaracións de casamento comenzan entre os pais das mozas e dos mozos e entre as mozas e os mozos; tamén neste momento é cando a mocidade dos arredores se coñece mutuamente (Cf. L. Roubin, 1970, páx. 149). Os mozos prestíxianse se chegan a ser un ano maiordomo da festa. O día da festa as mozas poden amosa-la súa fermosura, exhibi-la súa maneira de bailar e facerse coñecer pola mocidade dos arredores. Neste momento a moza vai despertar unha serie de admiradores potenciais; entre todos estes admiradores, fará a súa elección, ela ou a súa familia.

A comunidade concede unha gran importancia á festa ''para liberar por esta emulación agonística os máis dotados dos elementos mozos'', como di L. Roubin (1970, páx. 193). Neste sentido e como di o mesmo autor a propósito doutra zona distinta de Loureses, ''a festa revélase xeradora de emulación entre as familias e de iniciación estimulantes entre todos'' (L. Roubin, 1970, páx. 192).

Ben cedo, o primeiro día da festa, os músicos acompañados pola mocidade e polos nenos van por toda a aldea dirixidos polo maiordomo ou por un delegado. A banda toca unha peza en cada patio da aldea. Os acompañantes dos músicos bailan no patio e a dona da casa mira desde o alto da escaleira. Ó remata-la interpretación, un membro da casa, xeralmente unha moza, ofrécelles unha copa de augardente e pasteis para todos. Por veces a banda

toca dúas pezas no patio do que contribuíu máis xenerosamente á festa, ou no patio dun home que se lle fai moi simpático a todo o mundo, ou tamén no patio do tolo. Isto mostra a dinámica da xerarquía da sociedade e "a orde real das forzas na aldea".

O feito do reparto dos pasteis e da copa de augardente fainos pensar na copa dos días de casamento ou de bautizo e sobre todo no reparto do pan á saída do enterro. A augardente pódenos facer pensar na copa que os paisanos toman pola mañá antes de saír, ou na copa de despois da matanza para protexer e para purificar. Pero tamén se pode pensar no Entroido cando mozos e mozas entran disfrazados á cociña e collen pola forza todo o que atopan, para coméreno xuntos ó día seguinte. É evidente que a forza queda excluída o día da festa; é un reparto voluntario.

O gran banquete que cada casa ofrece ós seus invitados o día da festa patronal fai pensar na abundancia do Entroido. Pero hai grandes diferencias entre os banquetes do Entroido e o da festa patronal. O porco é a base dos banquetes do Entroido, pola contra a base do banquete da festa patronal é o carneiro. No Entroido cómese porco cocido e o día da festa cómese o carneiro grellado. Os banquetes do Entroido ofrécense, un polos compadres ós compadres e o outro ofréceno as comadres ás comadres; son ofrecidos a un grupo de alianza por unha persoa do grupo. O banquete do San Antón do verán é ofrecido pola casa a un grupo de invitados de diferentes idades, de diferentes sexos, casados e solteiros.

O banquete do San Antón de inverno tamén é ofrecido pola casa a un grupo moi variado de invitados, pero a base do banquete deste día é o porco cocido, coma no día do Entroido. É certo que o día do San Antón de verán tamén se pode comer porco. Pero nese caso, cómense soamente partes secas, mentres que no Entroido se comen partes sangrantes e húmidas (interiores).

A gran cacharela da véspera que abre a festa do San Antón do verán fálanos da presencia dos mortos (Cf. C.II, O lume). A festa celébrase nunha encrucillada. Alí hai numerosos camiños que se encontran e todo encontro de camiños é un lugar de encontro entre mortos e vivos. Os espacios privilexiados da festa son a encrucillada para o baile e para a procesión, e o espacio doméstico para os invitados. A xente vén ó patio, que forma parte do espacio doméstico, pero queda nel, sen subir á cociña. Velaí outra diferencia cos días do Entroido, porque no Entroido as máscaras entran na cociña e, dalgún xeito, tódolos espacios se fan públicos nese momento.

A festa é un todo que non é fácil de cambiar, que nin sequera pode ser cambiada; "outro día calquera non é o día de San Antón, non se pode cambia-lo día da festa" e non obstante, cambiouse o día: celébrase o sábado e o domingo seguintes ó 13 de xuño para que os estudiantes e os que traballan nunha fábrica en Ourense poidan asistir á festa.

Cremos poder dicir que un dos sentidos da festa é o da purificación, a renovación total. Límpase a casa, lávase un ben, o cal non se fai moi a miúdo. É a renovación das relacións entre amigos, entre as diferentes casas da familia, e o comenzo de numerosos diálogos matrimoniais, como xa dixemos.

A festa fainos pensar no problema da música, no baile e nos instrumentos. A música forma parte da vida cotiá da xente de Loureses; forma parte dos traballos como a poesía e as festas. Cando o bispo de Ourense quixo suprimi-la música e separa-la festa profana da festa relixiosa, tivo que escoita-los berros de rabia e de protesta de toda a xente da diócese, mesmo dos máis católicos. Trabállase cantando, e hai cancións para a sega, para os traballos do liño, para os mozos cando saen de ronda, para os carretos, para o casamento. O campo da música é moito máis amplo có do baile.

A música é rítmica no sentido de que segue o ritmo dos traballos anuais, das festas: segue o tempo. A música confúndese co traballo:o traballo convértese en música. Os mozos expresan con cancións tódolos sentimentos con respecto ás mozas; cando van visita-las súas mozas e cando volven, cántanlle á moza que queren. O home que vai diante do carro tirado por vacas canta seguindo o ritmo das vacas.

O instrumento máis extensido en Galicia é a gaita. A súa orixe pérdese na noite dos tempos de Galicia (Cf. Pita, 1979, páx. 766). Hainas de varias clases: en si bemol, en do e en re. Por fóra, as tres son iguais con moi poucas diferencias.

Polo que respecta ós bailes suliñaremos soamente que todos eles son en círculo, homes e mulleres xuntos. Os homes fan moitos máis movementos cás mulleres e móstranse moito máis agresivos. Hai varias clases de ritmos e de bailes: o máis popular é a muiñeira (Pita, 1979, páx. 776). Para algúns é moi antiga e para outros, algo máis recente.

5. OS SABERES.

Nunca escoitamos falar dos "saberes"; pola contra, oímos falar moito de "persoas que saben". Imos estudiar, pois, casos concretos de "saber" ou de persoas que saben.

a) A palabra.

Polos anos 1890 naceu en Loureses "o señor Antonio". Creceu na aldea coma tódolos nenos; "sendo adulto, traballou coma os outros, pero nin tivo nunca moza, nin casou. Viviu toda a súa vida cun irmán seu casado. Era coma un criado na casa, traballaba moito, non tiña cartos. Seu irmán era rico e tiña criados; o Señor Antonio era moi amigo deles".

"Pensaba moito; estaba sempre pensando, visitaba a tódolos veciños da aldea á tardiña. As preocupacións da xente eran as súas preocupacións. Estaba sempre contento, cantaba, recitaba poemas". Non fixo estudios, pero "sabía moitas cousas; aprendía de memoria todo o que lía. A súa cabeza era moi grande". De feito, o único que lía era o xornal que lle lo pedía prestado ós veciños. "Sabía todo", aínda que, non sabía máis que traballar coma todo o mundo e "inventar coplas". Morreu polo ano 52 dunha longa doenza. "A súa familia dixo que morreu un pouco tolo, que non quería comer e case tampouco saír da súa casa. Seguiu escribindo sempre coplas. Contra o fin da súa vida a familia destruíu as súas coplas, porque se dicía que a súa doenza non era máis cá manía de pensar e de escribir". Houbo un gran enterro; a xente queríalle moito. Aínda hoxe, trinta anos despois da súa morte, o seu recordo é omnipresente; "homes coma el, non se poden esquencer. Vivía para os outros. Estaba sobre todo con aqueles que tiñan problemas".

Compuxo máis dun centenar de poemas. Puidemos refacer ou obte-los orixinais duns trinta. Non trata máis cós acontecementos da vida cotiá da xente da aldea: a morte dun animal doméstico, a chegada da electricidade, a visita dun bispo ou dun gobernador, os roubos, os casamentos. En resume, cantaba ó amor, ó traballo, ó mundo diario, á vida enteira. Nada da vida cotiá escapaba á súa mirada. "Sabía o que había que dicir en cada momento e a cada persoa". Os seus poemas son incomprensibles fóra do seu contexto aldeán. Nos seráns, daba unha volta polas lareiras e líalle a cada familia os novos poemas arredor do lume. A xente aprendíaos de memoria e cantábaos. Aínda hoxe, puidemos reconstruír unha boa parte dos poemas escoitando á xente.

A xente de Loureses cantaba tamén coplas de cegos. Nas feiras sempre había cegos que, nas esquinas das rúas, cantaban coplas inventadas por eles mesmos ou por outro. A xente botaba unha parte do día escoitando canta-lo cego. "Podía cantar horas e horas sen parar, e facíao de memoria, sen ler nada". Aprendían as coplas dos cegos a forza de oílos; ou tamén mercaban as coplas. Os

cegos vendían copias dos seus poemas. Os cegos, coma o Señor Antonio, cantaban ó amor e á morte. A través dos seus poemas as noticias extendíanse polas aldeas, polas parroquias e mesmo por comarcas enteiras.

É evidente que as coplas serven para a información e para a moralización da xente. Pero os que inventan as coplas son homes que "saben"; teñen o poder da "palabra". Compoñer un poema é inventar algo.

b) O Tío Pueira.

"O Tío Pueira" morreu hai máis de vinte anos. A xente garda del un recordo moi vivo. Estaba casado e tivo dous fillos: un neno e unha nena. "Era moi relixioso, moi respetado na aldea. En xeral non tiña problemas coa xente, porque facía unha vida un pouco á parte de todos; desde logo que lle gustaba moito falar e facer favores, pero non se interesaba pola vida dos outros. Podíase ter confianza nel, era moi serio e gardaba ben os segredos". Curaba as dores e as mancaduras de animais e das persoas. "Coñecía moi ben o corpo humano e animal, tódolos ósos e tódalas partes. Poñéndo a man sobre o doente xa sabía o que tiña".

"Facía un "pegón", é dicir, un ensamblaxe dun pau, un anaco de tea encarnada, mel e herbas. Poñía isto na parte doente logo de poñe-los ósos no seu sitio se era preciso". "Era moi relixioso, pero nunca lles dicía ós enfermos que rezasen ou que fosen á misa. Non facía nada máis que poñe-lo "pegón". Non sempre usaba as mesmas herbas. Para cada parte do corpo ou para cada dor empregaba herbas diferentes".

A xente falounos doutros curandeiros que nós chegamos a coñecer en Loureses. "O señor Manuel" que coñecía tódalas herbas e curaba as doenzas das vacas, asistíndoas mesmo no momento de pariren. Tamén oímos falar dun curandeiro que non é de Loureses. A xente consúltao nas feiras de Xinzo de Limia; trátase do "Señor Chorra", un curandeiro moi coñecido en toda a comarca: "Cura homes e animais cun "pegón" e herbas".

Os curandeiros son todos eles moi relixiosos, pero non mandan dicir oracións, nin ir á misa, nin ós santuarios. Por outra parte curan con herbas salvaxes, en xeral; Polo que nós sabemos, non fan ningún rito no momento de curar.

O Señor Manuel de Loureses, ademais de cura-las vacas e mesmo ás veces as persoas, coida da capela de San Antón. É home moi respetado, moi "bo veciño, atende a todo o mundo e non vai

nunca á taberna; agora vai algunha vez ó bar a xogar ás cartas. Nunca dixo xuramentos; ó contrario, hai que ter tino de non dici-los cando el está presente. Non lle gustan nada. Foi durante moitos anos "xuíz de paz"; nos anos en que el foi xuíz, os anos difíciles da posguerra, a xente pelexaba por todo e por nada, e el soubo axudar a todo o mundo a poñerse de acordo".

Uns aprenden dos outros; a transmisión non se fai necesariamente por medio da familia. "Eu era moi amigo de X e aprendín con el. Cando el era moi vello deume papeis; quero dicir, un caderno que tiña con receitas e cos nomes das doenzas", díxonos un curandeiro.

É certo que os curandeiros non mandan rezar nin ir á misa, pero a composición do "pegón" achega a acción dos curandeiros ó mundo das representacións e do máis alá, porque o pegón se fai con madeira de carballo (árbore sagrada), con mel, producto da abella (animal funerario) e pano rubio. (Non puidemos informarnos de gran cousa sobre o rubio, só que o ceo rubio é un anuncio de guerra; por conseguinte, o rubio pode querer significa-lo sangue).

c) A Señora Pilar.

A Señora Pilar morreu polos anos sesenta. Tiña nove fillos, era moi relixiosa, pero non moi practicante. "Sabía moitas historias", "cría nas bruxas, tiña sempre no peto un cacho de pan, un allo e tiña colgadas das portas da súa casa ferraduras; adiviñaba o tempo futuro, as colleitas e sabía mesmo os que ían morrer". Curaba máis ca nada as queimaduras e para iso "cuspía nas queimaduras e facía cruces riba delas cun coitelo de ferro; ó mesmo tempo que facía isto, dicía palabras, repetindo sempre as mesmas cousas; de cada vez repetía a acción nove veces". "Podía bota-lo mal de ollo, facer que un home quixese a unha muller e facer outros males ós homes e ós animais. Desde logo, non facía ningún mal, facía sempre o ben; pero todo o mundo tiña medo dela, porque podía face-lo mal e sabía moitas cousas". Nunca se sabía quen ía demanda-los servicios da Señora Pilar. Os que ían a ela non dicían nada. Ó fin todo o mundo sabía quen fora, pero ninguén falaba diso. Ninguén de fóra da aldea viña onda ela; traballaba só para a xente da aldea e nunca cobrou cartos nin en especies: nada".

Houbo e aínda as hai, outras mulleres "que saben" en Loureses. Cada unha delas tivo ou aínda a ten a súa especialidade. Os seus ritos case sempre teñen lugar na corte ou nunha poula; para os ritos cómprenlles espigas de trigo (non de centeo) e grans de

centeo. Xa dixemos que a poula é un lugar salvaxe, o oposto ó espacio doméstico. "As mulleres que saben fan o ben, pero tamén fan o mal. Hai que andar sempre con tino e estar en boas relacións con elas. A xente di que son unhas bruxas; polo menos unha boa parte delas".

Toda a xente di que "as bruxas poden voar nunha vasoira, ir moi lonxe pola noite a xuntanzas, e que teñen relacións sexuais cun castrón que é o demo". Pero, de feito ninguén coñeceu nunca unha bruxa deste tipo en Loureses e C. Lisón mostra que nunca existiron en Galicia (1973, páxs. 165-226). Os galegos falan agora das "bruxas", pero a idea de bruxa en Galicia non corresponde máis ca á práctica da Inquisición (Lisón, 1973, páx. 219) e os inquisidores servíronse dos modelos europeos de bruxa para xulga-la "realidade galega". Meteron nunha "ideoloxía" unha realidade que non coñecían (Lisón, 1973, páx. 218).

Por conseguinte, as "mulleres que saben" non son "bruxas"; a xente chámalles bruxas, pero iso non é máis que a interiorización da práctica da Inquisición, que chamaba por este nome a toda persoa que tiña prácticas fóra do común.

d) O Tío Perico.

"O Tío Perico" naceu nunha aldea non lonxe de Loureses, "era neto dun cura", aprendera a fala-lo latín con seu "tío" (en realidade, seu avó). "Falo o latín que aprendín con meu avó; durante anos e anos fun sancristán", dicíanos el. Durante a súa mocidade emigrou ó Brasil coma outra moita xente da aldea; logo, foi a Cuba. "En Brasil fíxenme albañil e colaborei na construcción das meirandes igrexas de Río de Janeiro e ademais aprendín moitas cousas, porque tiña reunións con homes e mulleres que sabían un monte de cousas". Volveu de Cuba polos anos vinte e comenzou a traballar de albañil; pouco despois casou cunha moza da parroquia. Nunca tivo fillos. "Nin sequera se sabe se ten relacións íntimas coa súa muller, porque está sempre de viaxe. Sabía moitas cousas, pero nunca se sabía de onde tiraba os seus coñecementos"; pola contra, coñecía a vida de todo o mundo, "sabía as datas de nacemento de case tódolos habitantes da parroquia, a data do santo de cada un".

"O Tío Perico vestía dunha maneira rara. Viña sempre cun sombreiro e cunha chaqueta azul. Aquí cando alguén se viste dunha maneira rara, díselle: paréce-lo Tío Perico".

A xente de Loureses traballa en xeral na agricultura; O Tío Perico non traballaba nunca no campo nin de ferreiro. Os paisanos traballan sobre todo no verán e o Tío Perico no inverno.

"Era raro, non se lle podía mandar que comese. Un día o Tío Perico traballaba na casa dun veciño. Cando estaban na mesa, a dona da casa díxolle: "coma, coma, M. Manuel" (chamándoo polo nome). Ergueuse e marchou dicindo: "A min ninguén me manda nada". "Era perigoso atopalo cando se tiña presa, porque gustaba moito de falar con calquera. Era interesante falar con el, porque tiña un extraordinario coñecemento das plantas, dos animais e dos homes.

Recibía enfermos. Os doentes chegaban á súa casa e logo marchaban todos xuntos: "Īan a unha montaña, preto das árbores, das fontes. Case nunca quedaban na casa. Isto facíase pola noite". "Ō chegaren, el diagnosticaba a doenza. Dicía cal era a infirmidade e as súas causas". Para el a doenza estaba sempre ligada á perda dalgunha cousa, a unha desorde ou a unha perturbación das relacións. Ē dicir, que "o doente estaba ligado a algo, non podía moverse tranquilamente, nin doadamente, o espírito dun morto estaba sobre el, alguén botáralle as sortes, o mal de ollo; ou entón preocupábase demasiado das cousas". As causas da doenza eran para el os mortos, os botadores de sortes ou os que tiñan o poder do mal de ollo. Ou mesmo calquera que lle dera de beber ou de comer unha "pócima" ou un "feitizo" (unha mistura de terra do cimeterio, de sangue menstrual da muller e do po de óso de defunto).

Despois do diagnóstico "tiña lugar unha ceremonia (un rito) sempre preto dunha árbore, dunha pedra, dunha fonte ou paseábase polas poulas (espacio salvaxe). Dicía palabras que non comprendía. Ās veces vestíase de branco cunha camisa moi longa". Cremos que esta ceremonia tiña como fin a expulsión da doenza. Temos, pois, tódolos elementos dun verdadeiro rito; os personaxes ben identificados (doente e Tío Perico), un lugar, un tempo determinado (a noite), xestos e palabras.

O doente tiña que seguir un verdadeiro réxime, que tiña dúas partes: algo para comer ou para beber (partes de paxaros, de animais, herbas), e as prácticas relixiosas (o doente debía visita-los santuarios, ir á misa, reza-lo rosario e un conxunto de signos tamén relixiosos: escapularios, sinais da cruz, auga bendita, recitacións dos evanxelios, pedra do altar). Pensamos que os ritos e o réxime impostos polo "Tío Perico" toman todo o seu significado na

xeografía sagrada da que falamos no C. II: hai que saír ó espacio non habitado para atopa-lo mundo oculto.

O Tío Perico visitaba a unha serie de persoas que tamén eran "bruxos", "espiritistas", coma el. Os doentes curados entraban nun círculo de iniciados: asistían ós ritos e obtiñan segredos do Tío Perico. Todo sucedía en segredo; "ninguén sabía quen ía visitar ó Tío Perico, anque todo o mundo xa o sabía. Os que andaban cas do Tío Perico xa non traballaban, pasaban todo o tempo viaxando, indo ós santuarios e visitando a outros coma eles". "Todo o mundo sabía que "O Tío perico era menciñeiro, pero ninguén ousaba dicilo; el mesmo sabía que todo o mundo o sabía, pero dábase a ilusión de facer crer á xente que non se decataba". Todo isto fainos pensar nunha cofraría ou nunha sociedade secreta de menciñeiros. Aprendían os uns dos outros. O que deixaba a sociedade non ousaba dicir nada, porque era unha vergonza para el".

Tódalas persoas que saben levan unha vida un pouco afastada de todo o mundo: "gústalle-la soidade, o illamento e sobre todo as que son coma o Tío Perico, ata tamén lles gusta palicar". Os menciñeiros coma o Tío Perico teñen todos unha profesión que lles permite unha gran mobilidade; están obrigados a viaxar moito. Pasan boa parte do seu tempo fóra; entón ninguén sabe o que fan nin a onde van parar". Por outra parte puidemos observar que tódalas profesións ó permitiren unha gran mobilidade son mantidas un pouco afastadas: xastres, albañís, costureiras, cegos-poetas, agás os carpinteiros. As persoas que saben "son todas elas moi relixiosas, anque as hai que non son moi practicantes, como por exemplo, a Señora Pilar. Todas actúan un pouco á marxe da vida cotiá da maior parte da xente", "teñen poderes especiais para face-lo ben, anque poden empregalos tamén para face-lo mal. En xeral fan o ben, pero..."

e) O Tolo.

Xa falamos do tolo a propósito da festa patronal e do papel que xoga nese momento. Pero non só o día da festa ten un papel que xogar: xoga un papel permanente ó longo do ano. "É coma un neno, non sabe nunca o que di; di calquera cousa a calquera. Fala con todo o mundo: cos adultos e cos nenos e fala todo o tempo. Plantexa preguntas e dá a resposta inmediatamente". "Fala coma un neno", "non sabe o que di" e, non obstante, "todo o mundo repite o que el di", como unha palabra "intocable". ¿Por que? Poida que tolo sexa unha persoa inspirada por Deus. Non sa-

be nada, fala coma un neno, non sabe o que di, pero... é posible que sexa por isto, polo que pode transmiti-las mensaxes do invisible.

O Tolo está sempre cos outros; nunca está afastado da vida cotiá, fai o que fan os outros: vai á misa con todo o mundo; traballa a terra con seus pais ou con seus irmáns. É certo que non casa, pero nada ten que ver cos solteiros.

C. A COMUNIDADE PARROQUIAL.

Trátase da comunidade que se constitúe ó redor da igrexa (do cimeterio) da que o párroco é o xefe, o sancristán un personaxe importante e sendo as cofrarías en certo xeito o espírotp da vida da parroquia.

1. "O SEÑOR ABADE".

"O Señor Abade non é coma as outras persoas. Nin ten muller nin fillos. Antes vivía con súa nai ou con súa irmá; agora está case sempre só". "Non traballa coma os máis no campo; di a misa tódolos días, vai ós enterros cando os hai; despois, non fai máis nada. Ten todo o tempo que quere para se pasear e para non facer nada, pódese levantar a calquera hora tanto de verán coma de inverno". Vive a carón da igrexa parroquial, polo tanto ó lado do cimeterio. "Case tódalas casas dos curas están preto da igrexa, un pouco afastados das outras casas", díno-lo cura de Aguís. "Eu non daría vivido ó lado do cimeterio coma o cura. Non me parece ben vivir ó carón dos mortos. Pero os curas non teñen medo ós mortos; eles tratan con esas cousas".

"O cura sabe a vida de todo o mundo porque todos lla contan, pero ninguén sabe nada da súa. Fai coma o tío Perico (un curandeiro), sae da casa e volve, pero ninguén sabe nin a onde vai nin de onde vén. Agora vaise sabendo un pouco máis, porque o que está na parroquia fala moito coa xente e conta moitas cousas da súa vida. Pero paréceme que no esencial garda segredo coma todo o mundo". Cando os meus informadores falan do "esencial" queren dicir "diñeiro", "relacións íntimas", "pensamentos". "Invítase ós casamentos, ós bautizos, ás primeiras comunións, ás veces invítase tamén pola festa e mesmo tamén á mata dos porcos; pero el nunca invita, case non se coñece a súa casa; alí vaise só para buscar papeis ou consultar algunha cousa". Os informantes falan en xeral, porque, de feito, unha boa parte deles van moitas veces onda o cura que está hoxe na parroquia. "Non hai que dicir xuramentos diante do cura; ás veces non di nada, inda que oia, pero

non se debe facer. É unha falta de respeto. Os curas nunca dixeron palabrotas; claro, non as poden dicir. Isto está ben para os homes e para a xente, pero non para o cura''.

Parécenos, polo tanto, que o cura é *diferente:* non traballa, o seu *tempo* non é o tempo ''normal'', porque para el o inverno e o verán son o mesmo. O espacio do cura é un centro, o cimeterio e maila igrexa, un centro onde os niveis se entrecruzan e onde a connivencia entre os dous aspectos do mundo é posible, mesmo durante o primeiro período do ciclo anual. El é o home da misa e dos enterros, non fai outra cousa; a súa linguaxe non é a linguaxe de tódolos homes, e diante del hai que ter coidado co que se di. A súa vida é un misterio para a xente da parroquia. ''Os nenos téñenlle medo ó cura; isto cambiou, pero aínda queda algo.Cando o cura levaba sotana, encontrarse con el era coma encontra-los gardas.

A xente critica ó cura porque fai vida á parte, pero tamén o critica se se mete na vida de tódolos días. O celibato non ten ningunha *significación teolóxica* para eles, ''pero con que miren para unha rapaza xa se fan criticar tamén''. O cura dunha parroquia veciña da de Aguís traballa na terra e a xente di: ''É coma un de nós. Non é cura nin é nada. É mellor non ter nada ca ter a un coma ese''. Este mesmo cura entra nas tabernas, bebe cos homes e fala coma eles. Todo o mundo critica a súa maneira de ser e a súa conducta. ''Hai que ir onda o bispo e dicirlle o que pasa''.

''Tódalas iniciativas dos curas para acercárense á xente son tomadas coma algo que vai en contra da relixión'', dinos o cura da parroquia. Nós mesmos oímoslle dicir á xente: ''Os curas queren desface-la relixión. Agora os que a temos que defender somos nós, porque eles queren acabar con ela: cambian todo; xa non queda nada como era antes''. A este propósito recórdese como o bispo de Ourense (xa falamos disto máis arriba) quixo separa-las festas relixiosas das festas profanas, hai vinte anos. Os curas tiveron que enfrentarse coa xente, que non entendía nada. ''O bispo quería destruír tódalas romaxes e a devoción ós santos''. Parécenos que para a xente de Loureses toda distinción entre festa profana e festa relixiosa é artificial de todo. ''Os días de romaxe vaise á misa pola mañá e báilase toda a tarde ó redor do santuario. É a festa do santo''.

Na nosa opinión o cura é unha das personas ''que sabe'' moitas cousas do aspecto oculto do mundo. É posiblemente un intermediario entre este mundo e o outro. O cura forma parte da visión cosmolóxica do mundo. Ten poderes especiais para bendici-

los campos, as casas e hainos que poden bota-lo mal de ollo. Exorcizan as casas embruxadas e as cortes onde morren os animais. ''Isto cambiou moito, pero aínda queda algo. De tódolos xeitos nunca veu moita xente ver ó cura para facer consultas espirituais ou sobre da moral evanxélica'', díno-lo cura. ''Agora empezan a chamarme polo meu nome; antes chamábanme sempre ''Señor Abade''. Sobre todo os mozos chámanme polo nome, e os nenos xa non teñen medo de encontrarse comigo''. Xa vimos como ás personas que ''saben'', case nunca se lles chama polo seu nome.

2. O SANCRISTÁN.

Veu de fóra e casou cunha rapaza de Aguís; é sancristán desde hai trinta e cinco anos. Ten fillos que lles chama a xente ''os fillos do sancristán''. Traballa na terra coma todo o mundo. Ademais ''fai todo o que hai que facer na igrexa: axuda á misa, toca a campá para a misa ou para avisar de que morreu alguén na parroquia. Cando toca a campá por causa dun morto, sábese se se trata dun home, dunha muller ou dun neno''. Fai tamén de enterrador, ''os nenos téñenlle medo porque toca ós mortos; cando un neno fai o que non debe, pódeselle dicir: ''non fagas iso que chamo ó sancristán'', e non o fai''. O sancristán nunca cobra polos seus servicios; cada ano vai polas casas para pedi-la ''avinza''; cada casa dálle máis ou menos centeo. ''A figura do sancristán está para desaparecer; as ceremonias fanse cada vez máis sinxelas e o cura pódese arregrar só'', díno-lo cura.

Témo-la intuición de que o sancristán é unha persoa extraordinaria, que sabe moitas cousas, pero iso non é máis ca unha intuición. Non podemos presentar iso coma unha hipótese.

3. AS COFRARÍAS.

Houbo varias cofrarías. Agora só queda unha a da Virxe do Carme. Os seus membros teñen que ir ó santuario da Virxe do Carme o dezaseis de xullo e o primeiro mércores de setembro (a ''corta de setembro''). O dezaseis de xullo é a festa grande. Chega a xente, segue a celebración de varias misas na capela, a procesión e a misa cantada. Cara ás dúas da tarde os romeiros comen á sombra dun carballo. Polo tanto, pola mañá a xente está na capela e na procesión; pola tarde bailan ó redor da capela. Cara ás cinco empezan a marchar outra vez.

O primeiro mércores de setembro só hai misas polos cofrades defuntos. ''Estase a varias misas, cómese ó lado do santuario e vólvese para a casa. Os cofrades están obrigados a ir ese día pero cada

vez van menos''. O primeiro mércores de setembro non van en principio máis que membros da cofradía do Carme, o dezaseis de xullo hai tamén moita xente que non é da cofraría. Os cofrades están ademais obrigados a dar unha esmola en especie, xeralmente é un pouco centeo. ''Estes últimos anos os cofrades empezan a dar diñeiro. O último ano (1978) ninguén trouxo centeo, todo o mundo deu cartos'', díxono-lo cura do santuario.

''A miña nai fíxome cofrade cando eu era pequeno, tiña sete anos. Miña nai pediulle ó cura que me apuntase no libro. Apuntoume e despois impúxome o escapulario do Carme. Agora estou obrigado a levar sempre o escapulario''. Polo tanto o ingreso na cofraría faise pola imposición do escapulario.

Calquera se pode facer membro da cofraría do Carme. En principio os novos membros son presentados por amigos que xa o son. Pero xeralmente son os propios pais os que presentan ós seus fillos ó cura do santuario para facelos membros da cofraría.

''Antes, en cada aldea había un xefe das cofrarías. Agora xa non o hai. Hai un que é presidente da cofraría, pero ninguén o coñece'', infórmano-lo cura do santuario. Os dereitos dos cofrades son a participación nos beneficios de tódalas misas que serán celebradas despois da morte de cada un. ''Pódese dicir que ningún cófrade se condena, porque cando un leva o escapulario non morre en pecado mortal; os cofrades levan sempre o escapulario'', dinos un deles.

Polo tanto o papel desempeñado pola cofraría é esencialmente escatolóxico; é dicir, os membros da cofradía que morren non teñen problemas no outro mundo; non se trata da escatoloxía da que nos fala a teoloxía: a ''nova creación'', a ''nova comunidade de xusticia, de paz e de amor'' (cf. Géffre, 1972, p. 134). Trátase simplemente do outro mundo que non é máis ca un aspecto distinto do mundo presente (cf. cap. IV). Non negamos que a cofraría do Carme poida xogar outros roles; nós non os descubrimos; isto mesmo é válido para outras cofrarías.

4. A EXPRESIÓN DA SOLIDARIEDADE PARROQUIAL.

Hai tensións sobre todo entre Fontrecada e Loureses —os lugares meirandes da parroquia— sobre todo a propósito das festas. As tensións manifréstanse por cousa das bombas e dos músicos: a quen máis bombas botar e a quen máis músicos ter. Os grupos de mozos e mozas tratan de ir mellor arregrados cós do outro lugar ou de se-los que máis beben. Non hai loitas entre os mozos dos diversos lugares dunha mesma parroquia, ó contrario, defléndense

uns ós outros contra dos mozos doutras parroquias. Se un rapaz da parroquia de Aguís quere casar cunha rapaza doutra parroquia, ten que paga-lo viño ós mozos desa parroquia uns días antes do casamento. Non o ten que facer se vai casar cunha moza da propia parroquia. Págase viño, polo tanto, a aqueles con quen un pode baterse e con quen en principio un non debe casar.

A xente das diversas aldeas da parroquia non traballa case nunca en común; nembargantes reúnense de vez en cando para comer xuntos: os días da festa do patrón, os días de casamento e os días de romaxe. Xa temos falado do banquete da festa do patrón; os invitados son case sempre xente doutros lugares da parroquia. O día do casamento reúnese tamén xente dos distintos lugares po-lo feito de que a parroquia é unha unidade endogámica. Os días de romaxe tamén se come xuntos á sombra dos carballos; cada casa come a súa merenda e pásanse mutuamente comida para probar e aínda para comer. Se hai alguén que non trouxo de comer, dáselle. Os días do Carnaval hai tamén intercambios entre os lugares da parroquia. Os integrantes das mascaradas son recibidos nos outros lugares con moita festa. As mascaradas van raramente fóra los lindes da parroquia. Hai parroquias que teñen un pedáneo (autoridade tradicional) (cf. Lisón, 1971, p. 57-58) común e unha festa da parroquia (Lisón, 1971, p. 86); pero Aguís non ten nin pedáneo común nin festa parroquial. A única cousa común á parroquia de Aguís é a igrexa e o cimeterio; e aínda, cada lugar ten o seu sitio na igrexa e ademais homes e mulleres de cada lugar están á parte.

A misa é, nembargantes, unha expresión da solidariedade parroquial e creadora de solidariedade e é unha ocasión de información visual sobre das persoas que chegaron ultimamente, sobre os vestidos das rapazas... É o acto social máis importante da vida da parroquia. Á saída a xente invítase para as festas e para as comidas e as noticias circulan dun lado ó outro da parroquia; así a xente coñécese toda. Na actualidade a misa do domingo constitúe no verán unha ocasión para ver ós emigrantes que veñen pasa-las vacacións ó lugar. Por outro lado, a misa mantén vivo o recordo dos mortos: case tódalas misas son polo eterno descanso dos defuntos; para ir á misa hai que ir ó cimeterio, e antes de empezar, o cura canta os responsos polos mortos dos dous últimos anos nomeándoos un por un. A misa é así un encontro de "toda a comunidade", mortos e vivos. A igrexa, factor de unión entre os lugares, é un elemento protector: as bruxas que van á misa quedan pechadas na igrexa se se deixa o libro dos evanxelios aberto ó lado esquerdo do altar ou se se bota unha moeda na pía da auga bendita.

Parroquia

Endogamia		Exogamia	Total
"Aldea"	Parroquia		
84	203	117	404
20,79%	50,24%	28,95%	
71,03%			

As campás da igrexa parroquial chaman á xente para a misa, anuncian os mortos e outros acontecementos importantes para a parroquia: incendios, tormentas, e antigamente os partos.

Os nenos coñécense no catecismo, "que axuda á integración dos nenos na sociedade". "Na actualidade, estase perdendo o costume do catecismo", din os nosos informadores.

A parroquia parécenos que non é máis ca unha unidade simbólica e ideal. É a proxección da comunidade que se sitúa ó redor da "encrucillada". Pero a realidade simbólica é posiblemente a soa realidade. De feito a parroquia ten unha grande importancia nas representacións da xente.

D. O CONCELLO.

Trátase neste parágrafo das autoridades políticas e administrativas. Son as mesmas cás do resto do Estado.

1. AS AUTORIDADES POLÍTICAS.

Ó actual alcalde de Blancos non se leva ben coa xente de Loureses "Non somos da idea del, e entón non nos quere ben. Ás outras aldeas todo lles é o mesmo, pero a nós non". Os alcaldes anteriores non se metían en nada; a xente das aldeas nin sequera os coñecía. "Ninguén sabía para que podía servir un alcalde. Non facía nada, e ninguén lle pedía nada tampouco. De tódalas maneiras non facían máis có que dicía o secretario". De feito a

xente non coñecía máis ca ó secretario en canto autoridade. Houbo un secretario desde os tempos da guerra; "morreu hai un ano. Era malo coa xente. Iamos á súa casa e, ou ben estaba deitado ou ben ía na caza; endexamais estaba na casa". "Iamos onda él soamente cando un tiña necesidade dun papel para vender unha vaca ou para calquera outra cousa relativa á administración. Era terrible ter que ir alí. Ás veces había que esperar horas e horas á porta. Despois, cando ía xa vello, era un dos seus fillos; entón inda era máis malo có pai; estaba case sempre no bar e habíao que esperar toda a tarde". "Pola véspera da festa de Blancos todo o mundo ía á casa do secretario para lle levar un regalo. E había que o facer. Unha vez un veciño dunha aldea do axuntamento roubou un carneiro para llo regalar". Desde o fin da guerra civil ata os anos 1955 houbo garda civil en Blancos. A xente tíñalles moito medo. "Os mozos, cando saían de noite tiñan medo ó lobo e á garda civil". "Os nenos tiñan medo dos gardas coma dos mortos".

"Isto cambiou moito, o secretario vello morreu, agora temos un secretario moi diferente do vello. Ten as súas horas de despacho e o despacho está sempre aberto ás horas marcadas. Non hai problema ningún". Xa non hai garda civil en Blancos, e cando veñen dar unha volta, a reacción da xente é moi diferente da de antes. Xa ninguén lles ten medo. O alcalde actual tivo dificultades para que o aceptasen. "Os outros non se metían en nada e este quérese meter en todo. Non dá nada; só vén para pedir cartos". Os habitantes pagan impostos ó concello polos cans, os carros, as vacas e os porcos; "nunca se sabe polo que hai que pagar, porque cada ano cambian".

As autoridades políticas non forman parte do mundo simbólico da xente de Loureses. Son unicamente "o símbolo da sumisión a normas extranxeiras e negativas. Polo tanto a reacción da xente é totalmente pasiva" (Lisón, 1971. p. 47). O concello é o símbolo do mundo exterior "que só nos vén da-la lata e sempre pide máis do que dá". En realidade a xente garda a imaxe anterior, a que se fixera do antiguo secretario e da garda civil. Non se pode, de calqueira maneira que sexa, falar de comunidade ó redor do concello. Non a hai.

2. AS AUTORIDADES SANITARIAS.

Trátase aquí do médico e do veterinario. A xente de Loureses garda profundos recordos de dous médicos que viviron na aldea: "O Portugal" e Don Ramiro. Ámbolos dous marcaron a súa pre-

sencia en Loureses. ''O Portugal'' morreu xa antes da guerra civil. Don Ramiro viviu en Loureses cara ós anos 65. ''Os homes tomaron con eles un vaso na taberna e as mulleres estiveron falando con eles varias veces''. ''Don Ramiro era un gran médico; bebía moito, ás veces estaba borracho, pero era moi bo médico, nunca se enganaba. Aínda o facía mellor cando estaba bebido. Era moi bo coa xente, cobráballes ós ricos pero non lles quería nada ós pobres''. A xente mitificou un pouco a persoa de Don Ramiro; aínda sendo certo que era un gran médico e moi bo con eles, xustifican os seus posibles erros.

''Os médicos de hoxe viven en Xinzo de Limia, a doce quilómetros de Loureses; hainos que chamar por teléfono ou ir onda eles cando unha persoa enferma. Unhas veces veñen e outras non''. E cando veñen ''chegan onda o enfermo, mírano un pouco, escriben algo que ninguén da lido e vanse ás veces sen dar unha palabra, sen se sentaren sequera un pouquiño á beira da cama. Ademais falan castelán e dan algunha palabra en galego para nos dar a entender que entenden a nosa lingua; pero, cando din palabras en galego, rin''. ''O Portugal'' e Don Ramiro dicían á xente o que tiñan; agora non din nada. E, se din algo, é coma se nada; ninguén entende o que din. ''O Portugal'' e Don Ramiro chamaban as enfermidades polo seu nome e nós entendiamos. Agora non se sabe o que se ten cando se está enfermo''.

A xente acórdase tamén de dous veterinarios que viviron en Loureses cunha familia. ''Interesábanse por todo e sobre todo polos animais''. ''Non eran galegos. Un era de Córdoba e outro de León, pero preguntaban á xente os nomes das enfermidades dos animais''. ''Chegaban a aprende-los nomes dos animais, e preguntaban á xente polos animais que estiveran enfermos. Non se interesaban nin polas pitas, nin polos carneiros, nin polos cans; ó fin e ó cabo eses animais pouca importancia teñen para nós''. ''Ían ás cortes ve-los animais, quedaban alí cos homes, e dábannos consellos para que nós mesmos os puidesemos coidar. Ámbolos dous sabían moitas cousas sobre dos animais''. ''O veterinario que temos agora non vive aquí: vive en Xinzo de Limia. Non coñece as enfermidades dos porcos''. ''O Portugal'', Don Ramiro e os dous veterinarios que viviron en Loureses facían parte da nosa xente; chamaban a cada cousa polo seu nome e interesábanse pola nosa vila. Os de agora forman parte doutro mundo; non se pode falar con eles''.

O alcalde e as autoridades sanitarias (médicos e veterinarios de hoxe) son do exterior, son o ''outro'' que é rexeitado. O alcalde

vén soamente para dar ordes e para pedir cartos. O médico vén visitar ó enfermo, pero non veñen ver ó home que está enfermo. Os respectivos universos culturais e sociais son diferentes de todo. Os veterinarios e os médicos de antes estaban ''fóra'' e ''dentro''; tiñan unha cultura diferente, tiñan certezas que a xente non tiña, viñan do exterior; pero eran tamén de ''dentro'': compartían a vida cotiá da xente en certa medida; tiñan lazos culturais comúns coa xente, porque aprendían os mesmos remedios que eran utilizados pola comunidade, falaban cos individuos e coas familias. Parécenos polo tanto xusto dicir que ''un exceso de homoxeneidade, o mesmo ca un exceso de heteroxeneidade cultural cortocircuítan a relación terapéutica e non permiten ó que está enfermo situarse en situación de curación'' (cf. F. Laplantine, 1978, p. 199).

Capítulo IV

O CICLO DA VIDA

Intentamos neste capítulo de estudia-la integración do individuo na sociedade a través dos ritos do ciclo da vida. Imos tratar dunha maneira integral este ciclo da vida. A comunidade vive ó mesmo tempo o medo, a esperanza e a ledicia da continuidade. O medo, a esperanza e a ledicia da continuidade son tres niveis dunha única e mesma realidade.

A. O MEDO DA COMUNIDADE.

Segundo pensamos, a comunidade ten medo de non poder continuar cara ó futuro; os vivos teñen medo de verse obrigados a continuar sós, sen a compañía dos mortos; a comunidade ten medo dos célibes porque non fan nada pola continuidade da comunidade. Entón, os puntos que preocupan e dan medo á comunidade son a esterilidade das mulleres, a homosexualidade, o celibato e a morte, que non é máis cá desintegración dos elementos que compoñen a persoa.

1. A ESTERILIDADE.

En xeral, só ás mulleres se lles atribúe a posibilidade de seren estériles. Menos o caso do Agapito da Carme, que é un "home capado", no resto dos casos "quen está enferma é a muller". A esterilidade é unha carencia, é unha desorde; os elementos que compoñen a persoa feminina están en desorde. Esta desorde pode provir de calquera das causas que producen as enfermidades: bruxería, o demo que se mete no corpo da muller e non a deixa enxendrar, os mortos que lle son desfavorables. A esterilidade está considerada coma un mal, porque os fillos son considerados coma un ben —os nenos son considerados como necesarios para a

economía da casa: serán o sostén dos pais cando vaian vellos— sobre todo porque constituirán a continuidade da comunidade en tódolos planos: da casa, aldea e parroquia, e da comunidade enteira: mortos e vivos.

Os fillos son polo tanto necesarios para a continuidade da comunidade, e non soamente por razóns económicas, hai unha razón simbólica que non contradí para nada ás outras razóns: os fillos teñen unha función económica, pero esta non é a causa pola que o non telos —a esterilidade— sexa considerada coma un mal e coma unha enfermidade. Sen fillos o mundo non ten sentido. Por esta razón a esterilidade é, a fin de contas, on contrasentido. Esta é a razón do medo da comunidade de cara á esterilidade.

Como a esterilidade é unha enfermidade, fai falla unha terapéutica para cura-las persoas que a teñen. Os novos corren atrás das mulleres casadas sen fillos para lles dar con vexigas de porco infladas. Sabemos ademais que as máscaras son os mortos que circulan en liberdade pola vila no tempo do Carnaval; son pois os mortos que golpean ás mulleres sen fillos para fecundalas, porque o vento (o aire) é a vida. Hai outra terapéutica individual ou familiar. Trátase en xeral dunha serie de ritos que deben cumpri-lo home e maila muller, unha vez que as causas da esterilidade foron determinadas por un especialista, un bruxo en principio.

O especio onde debe ser levado a cabo o rito é case sempre o espacio non habitado próximo ós santuarios: as pedras, as árbores, os montes. Hai pedras célebres polo seu poder para logra-la fertilidade: a pedra da Barca (Fraguas y Fraguas, 1973, p. 30-31), San Guillermo de Fisterra e a do monte Pindo (V. Risco, 1962, p. 489). Ás veces fai falla ter relacións sexuais diante da imaxe do Santo Patrón dun santuario, sobre dunha pedra ou á sombra dunha árbore, ou aínda preto dun cruceiro ou nunha encrucillada. Sabemos que estes lugares son propicios ós encontros de mortos e vivos; son os sitios onde os distintos niveis se poden entrecruzar. Se a muller estéril sae a noite de San Xoán para colle-lo orballo, faise fecunda: o día de San Xoán a comunicación entre as dúas partes do mundo é posiblemente perfecta.

2. O CELIBATO.

De feito os que non casan viven un pouco marxinados; hai un home que vive só; unha muller que morreu vivía tamén soa. Outros solteiros viven coas súas familias. Vivían cos pais antes de morreren estes, e á súa morte seguen vivindo co irmán casado que queda na casa dos pais. Son os "tíos" dos fillos de seus irmáns. Ás

veces son ben tratados, outras menos: depende da familia. Traballan para a casa onde o xefe é un dos seus irmáns, e reciben da casa todo o que lles fai falla; son traballadores da casa. Os que viven sós teñen unha independencia máis grande, pero de feito, a independencia é case a mesma para todo o mundo; non se trata de algo condicionado por unha filosofía ou por unha mentalidade, trátase do ritmo da vida imposto polo espacio e polo tempo. Os homes que viven sós "andan sempre malvestidos e moi porcos: coma os pobres que andan polas portas. Iso non é vivir coma a xente, é vivir coma os animais".

Os celibatos non son persoas realizadas, porque para iso hai que ter fillos, estar casado é se-lo xefe dunha casa e chegar a ser un día o vello da casa que deixa os seus bens en herencia ós seus. Por outro lado, os homes solteiros son un peligro para as mulleres, houbo algúns que trataron de violalas. Dise "solteiro e corentón, que sorte tes, ladrón", ou "boi solto ben se lambe" pero de feito, ninguén quere ser favorecido con esa "sorte". A maioría dos solteiros (homes) son individuos que pasan unha boa parte do tempo na taberna xogando ás cartas e bebendo viño.

Dise que as mulleres que morren solteiras serán montadas por San Hilario no outro mundo. Por esta razón, moitas mulleres din que hai que ofrece-la súa virxinidade a un home antes da morte, para estar tranquilas no outro lado. "San Hilario casou e tivo unha filla" (Vorágine, 1967, p. 124), "Apia, a súa filla, quería casar, pero San Hilario instruíuna e educouna no desexo de garda-la súa virxinidade. No momento en que a viu ben decidida (a casar), temendo que perseverase na súa decisión, pediu ó Señor insitentemente que lle quitase a vida: e así foi, poucos días despois, morreu". (Vorágine, 1967, p. 125). Polo tanto parece que San Hilario é o gardián da virxinidade.

En todo caso o celibato non ten nada de desexable. Haino que evitar. As rapazas fan novenas ós santos especialistas (San Antón, San Xudas e San Xulián) para ter un mozo e casaren. Fan peregrinacións a S. Andrés de Teixido, onde todo o mundo ten que ir "ou morto ou vivo". O día de San Xoán as mozas teñen que salta-la cacharela como dixemos xa. O día de San Benito fan nós coas xestas ó redor do santuario. As vasoiras da casa, e sobre todo a da cociña é de xesta. A rapaza que toca ás ligas da noiva, é que vai casar no ano. Hai tamén outros medios coma os feitizos preparados con terra sagrada dun cemiterio, con auga de certas fontes, con sangue menstrual, etc. En principio o feitizo debe ser preparado por un especialista.

O máis coñecido dos celibatos é un home, "O Tixolo" de setenta anos. Vive só, anda mal vestido e di xuramentos. As mulleres téñenlle medo. Dise que tratou de violar a unha muller de Loureses. É crente, pero non practicante. "Eu son moi relixioso, pero os curas non me interesan", díxonos.

3. A MORTE.

A morte é un acontecemento de gran importancia social. Ten unha gran incidencia na casa, na aldea e na parroquia. A casa ocúpase do enfermo, os veciños do cadáver e a parroquia do enterro.

a) A actitude de cara á enfermidade.

O enfermo faise pronto o centro da "casa"; haberá sempre alguén para coidalo, en principio é a ama da casa. Tódolos membros da casa, ó entraren ou saíren, van onda o enfermo para preguntarlle como vai. Todos están moi preocupados; fáiselle tomar ó enfermo toda clase de menciñas sobre todo feitas de herbas. Cando tódalas "menciñas da casa" se utilizaron, chámase entón ás persoas "especialistas", e só en último caso se chama ó médico. Antes de chega-lo médico, xa tódolos veciños pasaron para ve-lo enfermo. En principio tódalas casas pasan tódolos días para preguntar por el. As mulleres veñen, con todo, máis cós homes; os nenos veñen coas mulleres, a non ser que se trate dunha enfermidade contaxiosa ou dun tabú como é o cancro. Os habitantes da casa acórdanse ben de quen veu ve-lo enfermo. As visitas reforzan a amistade entre as casas. Se os dunha casa non veñen é que algo hai entre eles e os da casa do enfermo. É evidente que a "casa" está obrigada a devolver tódalas visitas que o enfermo tivo durante a súa enfermidade. Segundo se vai agravando a enfermidade, o número de visitantes que poden ir ve-lo enfermo vai disminuíndo.

b) A agonía.

Cando o enfermo se pon moi mal, chámase ó cura da parroquia. "Antes o cura viña moi cedo, á saída da misa, acompañado de tódolos que asistían á misa. O sancristán tocaba as campás, a xente camiñaba en dúas reas, o cura ía no medio de todos". Se a enfermidade non era mala, entraban todos co cura na habitación do enfermo; se era mala, quedaban case todos na porta namentres o cura administraba os sacramentos ó enfermo. Tódolos da casa estaban alí. Agora, o cura vén só e os da casa espérano alí. Tamén están os veciños e algúns dos habitantes da aldea". Un dos da casa bota ó lume acendido os algodóns que utiliza o cura para

administra-los sacramentos ou o mesmo cura quéimaos el mesmo na chama da vela. Ninguén comunga canda o enfermo.

Cando o enfermo se pon peor, sempre hai alguén que se queda con el pola noite, e se se prolonga a enfermidade tamén os veciños se quedan pola noite co enfermo con alguén da casa. De tódalas maneiras nunca queda só o enfermo, e os da casa tampouco: neste momento é a aldea a que coida ó enfermo. Na mesa de noite hai un vaso con auga bendita, auga do espacio habitado, e unha ramiña de loureiro; noutra mesa ponse unha vela do día da Candeloria ou do Sábado Santo. Cando se empezan a nota-los síntomas da agonía, ponse nunha das mans do moribundo a vela, e na outra un crucifixo dos da casa, e fáiselle a recomendación da alma. Esta pódea facer calquera, pero en principio hai unha persoa que a fai sempre.

"Calquera pode reza-la recomendación da alma, pero haino que saber facer. A señora Eudosia faino moitas veces, e tamén a Dolores do Andrade". A señora Eudosia é unha muller vella moi piadosa e practicante, estimada por todos. "Non lle gustan os contos, e nunca fala mal de ninguén". Dolores foi unha moza solteira, "hoxe está casada cun canteiro que veu de fóra. É terrible, ten moi mala lingua; pégase co home. É moi rezadora, pero non vai moito á misa e critica moito os cambios que fan os curas na liturxia". Dolores é unha contadora moi coñecida e "corta" as queimadelas, é unha muller que "sabe", e que ten visións (sabe por anticipado quen vai morrer). En fin, as dúas rezan o rosario diante do cadáver. Vese polo tanto que, anque todo o mundo pode recita-la recomendación da alma, de feito quen o fai son mulleres "notables" por máis dunha razón.

Cando se ve que o enfermo está xa para morrer, todos saen da habitación, menos os membros da familia e mailos máis íntimos. Para saber se morreu, pónselle un espello diante do nariz; se non o embaza, é que morreu, e a noticia espállase de seguida. Entón, e non antes, é cando se pode chorar. Hai que facer notar que a proba do espello se fai uns minutos despois de que o enfermo deu o último salaio. (cf. C. II, O aire). Se non embaza o espello, cóbrense cun pano tódolos espellos da casa, seguramente para evitar que o espírito do morto quede nos espellos que o poden reter. "Non está ben mirarse ó espello no momento da morte dun ser querido". (cf. C. II, O aire).

c) O cadáver.

A familia queda un momentiño ó lado do morto para chorar. Despois entran na habitación as personas encargadas de lava-lo cadáver. En xeal os homes "preparan" ós homes e as mulleres ás mulleres, anque estas poden ás veces preparar a un home, pero nunca ó revés.

En principio lávase o cadáver enteiro: barbéase ós homes e ás mulleres córtaselle-lo pelo. Córtaselle-las uñas a tódolos cadáveres. Recordemos que os espíritos dos devanceiros quedan nas suciedades, e polo tanto nas uñas e no pelo; esta é a razón de que se corten nese momento. Un pouquiño de pelo gárdase ás veces nun pequeno "altar" da casa, se a morta é unha rapaza nova. Tódolos orificios do corpo son tapados con liño (agora algodón) mollado en augardente. Os buracos son o camiño do sopro, e o sopro é a vida, o espírito. Polo tanto hai que tapa-los camiños do espíritu cara ó corpo do morto para que poida te-lo descanso. "Un corpo que ten espíritos non pode ter descanso".

Os algodóns ou liño utilizados para lavalo-cadaver bótanse á corte nun recuncho da horta ou queímanse na lareira. Os homes e as mulleres que prepararon o cadáver beben unha copa de augardente despois de se lavaren as mans. Se hai máis xente alí, tamén estes beben augardente. Os cadáveres dos homes son vestidos co seu mellor traxe —un traxe negro se é posible, e incluso o da voda— cunha camisa branca e unha garavata negra. As mulleres tamén se visten de negro coma o día da súa voda; pónselles un pano cun nó debaixo do queixo. Se a morta é unha rapaza nova, vístese de branco.

"Os mortos átanse. Átaselle-lo brazo dereito á perna esquerda e o brazo esquerdo á perna dereita". As ataduras fan pois unha encrucillada sobre o peito do morto. Pódense considerar como lazos que impiden a libre circulación dos espíritos sobre do corpo do morto. Estamos máis ben pola hipótese da encrucillada. "As cintas son sempre negras coma o traxe da noiva ou brancas coma o hábito dos rapaces mortos.

Unha vez vestido o cadáver, ponse sobre dunha mesa no sobrado, unha sá grande onde se come o día das festas, a mesma onde a rapaza da casa recibe ó seu prometido. "Antes quedaba todo o tempo sobre a mesa; agora só ata que chega a caixa. Cando chega a caixa, ponse dentro o morto e colócase no chan sobre dunha alfombra encarnada nun dos recantos do sobrado. As paredes están cubertas de panos negros". Antes da guerra facíanse as caixas de amieiro ou de abidueiro (árbores que medran ó lado dos ríos). An-

tigamente, cara a principios do século, os mortos quedaban no sobrado sobre dunha mesa e cubertos cun pano branco e para leva-los ó cimeterio poñíanse nun escano e logo botábanse directamente na terra''. Agora cómpranse as caixas nunha funeraria. ''Ás veces, hai xente que se endebeda para comprar unha caixa moi cara''. A caixa está entre catro velas de cera de abella acendidas; tamén se poñen cadros de santos ó redor. ''Endexamais se puxeron flores sobre da caixa; agora empézase a facer iso. Ponse sempre un vaso con auga bendita, unha rama de loureiro e un rosario ós pes da caixa''.

O loureiro medra nos muros da horta. Os ramos do Domingo de Ramos son de loureiro. Cando hai tormenta quéimase loureiro para afasta-lo trono, e o ramo do Domingo de Ramos queda todo o ano no balcón. O loureiro tamén se utiliza para cociñar; encóntrase en case tódalas comidas. Quéimase en época de epidemias para afasta-los tafos do ambiente. Tódolos que veñen ve-lo morto, bendino co ramo de loureiro mollado na auga bendita. A caixa está pechada, só se abre no caso dun íntimo que vén de lonxe e non viu ó enfermo, e ábrese tamén un pouco antes de saír para o cimeterio.

O leito onde morrera o enfermo retírase xa, unha vez que o cadáver está vestido. Tamén se baleira a habitación de todo: o leito báixase ó curral e as demais cousas métense na bodega onde se limpan de todo con auga de Colonia ou con augardente. A roupa que se utilizaou para lava-lo cadáver, entérrase ou quéimase na horta. Ó outro día do enterro, o colchón, a sabas e todo o que tocou ó enfermo ponse ó sol. Parte dos vestidos danse como esmola ós pobres que andan polas portas. Hai con todo que facer notar que os irmáns do morto poden poñe-los traxes, as chaquetas e aínda os zapatos ou as camisas do morto. Hai que engadir que os irmáns teñen traxes e camisas comúns, que son de todos. ''Claro que agora cada un ten as súas cousas, pero antes todo era común''.

''Durante un tempo despois de que morreu alguén na casa, tense algo de medo a ir ó cuarto onde morreu, e se se pode, péchase. Claro que moitas veces non se pode, porque os cuartos non son moitos''.

A casa garda recordos dos mortos, sobre todo dos nenos. Os informadores ensináronnos maletas cheas de zapatos, calcetíns, puchas e camisas. Son en xeral recordos de nenos. De vez en cando tamén se ven guedellas de pelo nos ''altares'' familiares, sobre todo de rapazas novas. Tamén se poden ver nestes sitios retratos de familiares defuntos, anque fotos destas hainas noutros sitios da ca-

sa. Parécenos que hai que facer desaparece-la persoa, o morto, o defunto, e garda-la "ánima" (a persona que pasa a ser membro do outro mundo).

A boa morte é a de quen, sendo vello, estivo enfermo máis ou menos tempo na casa. Morre rodeado de seus fillos e irmáns. Fai falla tamén que a enfermidade fose unha boa enfermidade. O momento da morte tamén conta; o que morre no tempo de moito traballo "non ten sorte, porque lle é difícil á xente vir ó enterro". O que morre dunha enfermidade tabú, ou fóra da casa, ten unha morte mala; é unha desgracia para a casa, por exemplo, que alguén morra no extranxeiro (os emigrantes). Morrer só, tamén é unha desgracia, ou morrer novo e sen fillos.

Evítase falar dos afogados (colgados) ou dos que morreron nun camiño e trátase tamén de non pasar polo sitio onde se colgaron ou polo camiño onde morreron. "O espírito dos que se colgaron ou dos que se mataron segue andando polos sitios onde morreron. Sempre se ten medo de ter que pasar por alí". En principio ponse unha cruz no sitio onde morreu unha persoa, e, cando a xente ten que pasar por alí, reza algo. Parécenos que hai unha serie de condicións para que o espírito do morto deixe a casa e se converta nunha "ánima" (habitante do outro mundo). O espírito do que morre colgado non pode saír do corpo, porque os orficios do alento están tapados, e o que se matou non tivo tempo de "dicir adeus", nin ó seu corpo, nin ós membros do grupo.

B. A ESPERANZA DA COMUNIDADE.

Xa falamos do medo da comunidade á esterilidade, ó celibato e á morte. Agora imos falar dos elementos que manteñen a esperanza da comunidade: o parto, o casamento e o enterro.

1. O PARTO.

A muller preñada tense que defender e defende-lo seu fillo do mundo do entorno ata o momento de parir e prolonga esta actitude nos primeiros anos do neno. A muller preñada non pode camiñar debaixo de cordas, como diximos xa, senón o neno pode morrer afogado na barriga da nai, porque o alento é a vida, a súa ausencia é a morte e os lazos (coma as cordas) non deixan pasa-lo alento. "As mulleres preñadas tampouco poden comer polbo; se o comen, poden malogra-lo fillo, e se chega a nacer, terá as manchas do polbo que comeu súa nai". Parécenos que a razón desta prohibición está no feito de que os peixes viven na auga que é espacio non habitado polos humanos, pero poboada por habi-

tantes, benéficos uns, outros maléficos e outros ambiguos. Por outro lado, os mortos son fecundantes e poden causa-la morte e na auga do espacio non humano tamén viven os mortos.

A muller preñada non ten tampouco que ter gana de comer amorodos ou outros froitos frescos no momento de toca-lo seu corpo, porque o neno nacerá con manchas parecidas a eses froitos. Tampouco pode poñerse nas correntes de aire, porque o aire de fóra e perigoso, nin á sombra dos castiñeiros ou das nogueiras, porque o froito desas arbores é unha comida de mortos. Cando morre alguén, a muller preñada ten que saír do cuarto do morto se quere que o seu neno saia con vida. Só a sombra do cadáver, pódelle facer un mal irreparable. Tamén lle pode facer perde-lo seu fillo o atravesar un río. Recordemos que, nin as cobras nin os mortos poden atravesa-lo río. A muller preñada debe colgar amuletos ó pescozo, estampas de santos e sobre todo dos santos que vai visitar cando está preñada. A muller preñada débese pór baixo a protección dun santo especialista en partos como pode ser San Ramón Non-nato, e ten que ir en peregrinaxe ó santuario do santo. Por outro lado, a muller que está preñada debe garda-lo segredo: só o saben os da casa.

Con todo o mellor medio de non perde-lo neno é bautizándoo cando aínda está na barriga da súa nai. A esto chámase prebautismo e é unha prática moi espallada por Galicia inteira (Fraguas y Fraguas, 1973, p. 39-42); V. Risco, 1942, p. 489-490; Taboada Chivite, 1972, p. 21; López Cuevillas e Serpa Pinto, 1933, p. 323). Pola noite os da casa da muller preñada e ela mesma van a unha ponte e paran o primeiro viaxeiro que pase a media noite. A muller e o viaxeiro baixan ata a beira do río e este bota auga sobor da barriga daquela pronunciando as palabras que di o cura cando bautiza un rapaz; "para ben ser, a muller debe te-los pes na auga do río". Mentres dura a ceremonia ninguén debe pasa-l ponte, nin sequera un animal. Se o neno chega a nacer, o padriño ten que se-lo que o bautizou antes de ter nacido. Algúns informadores falan dun banquete despois da ceremonia no que comerían chourizos e pan. Tamén alguen me falou da necesidade de ter a ceremonia preto dunha ponte que teña un cruceiro e, aínda máis, "de facela sobor da ponte collendo a auga cun caldeiro atado cunha corda".

Hai que desfacer tódolos nós que haxa no cuarto da muller que está para parir. Isto fainos cavilar no alento e nos lazos que non deixan circular. No mesmo sentido hai que entende-lo feito de que a muller ten que soprar nunha botella e garda-la chave da

igrexa da aldea debaixo da almofada sen que o cura o saiba. O alento é a vida, polo tanto todo aquilo que non deixa circula-lo vento e o alento, tampouco non deixa circula-la vida e impide polo tanto un parto feliz. Non negámo-lo efecto fisiolóxico do esforzo que a muller ten que facer para soprar, pero hai ademais unha función simbólica. A chave simboliza a apertura das portas que facilitan a circulación. Hai que notar que se trata da chave da igrexa, sitio onde o cruce dos niveis e a comunicación entre os vivos e as ánimas de toda a comunidade é posible.

"Se a muller ten dificultades debe poñe-lo chaleque do seu home ou outras roupas súas. Antigamente o home metíase no leito no momento do parto da súa muller. Agora xa ninguén fai isto".

A época e o mesmo día do parto teñen a súa importancia. Os nenos que nacen o Venres Santo son "vedoiros" (verán por anticipado quen vai morrer) ou "saludadores" (terán poderes benéficos). A mullerque morre de parto un sábado vai ó ceo. O sétimo fillo varón dunha parella que non tivo mais ca varóns será "saludador" (terá poderes benéficos); pola contra, tratándose de fillas nas mesmas condicións, será bruxa. Vese aquí a enorme importancia do número sete e da diferencia de sexos. En moitos sitios tocábanse as campás da igrexa parroquial no momento do parto.

a) Despois do parto.

O bebé ten que ser bañado pola parteira; a auga do baño tírase nunha corte ou na horta. A placenta tamén se tira na horta ou na corte dos porcos, que a comen. Non vimos moita relación entre a placenta e este feito de tirala á corte dos porcos, pero pode ser que a placenta sexa considerada coma algo morto, e os porcos están do lado da morte. (É unha simple hipótese).

O cordón umbilical das nenas córtase moi abaixo, o dos nenos máis arriba; pódese gardalo ou tiralo. Ponse unha moeda na auga do baño do neno para protexelo, e neste mesmo momento dáselle a beber viño "para que teña unha boa memoria; é o viño da memoria"; pero nós coidamos máis ben que se trata do viño da vida anterior porque, de feito, bébese moito nos momentos fortes da primeira metade do ano e nos banquetes funerarios. Non se trata dunha vida anterior no sentido da reencarnación.

Se a muller ten hemorraxia, cólgaselle ó pescozo unha bolsiña con sapos dentro. Parécenos que os sapos son símbolos sexuais polo seu parecido co órgano sexual feminino. A xente tenlles medo.

Dise que mexan polas persoas e que isto produce manchas no corpo.

A muller que acaba de parir ponse en corentena, non pode comer carne de porco nin saír da casa. Un espacio distinto do espacio doméstico é moi perigoso para o fillo e para a nai. O espacio doméstico é para o recén nacido o que a barriga da nai é para o que non naceu. A muller que sae da casa antes de acaba-la corentena arríscase a ser atacada por un can ou por unha cobra, dous animais que poden anuncia-la morte, que son en si mesmos símbolos da morte. A muller en corentena ten o "corpo aberto", por iso non pode entrar na igrexa; é impura. Tampouco non pode atravesa-lo río ou debe, para facelo, levar un cachiño de pan na man; os mortos circulan polo río e o pan é unha comida de mortos; entón se os mortos invitan á muller a comer, ela pode come-lo seu pan con eles; se come o dos mortos tenos que seguir. Débese abster tamén a muller que acaba de parir, de todo contacto sexual durante a corentena, igual que os da casa se absteñen corenta días despois da morte dun dos seus.

As outras mulleres do lugar vana ver durante este período e lévanlle polos, chocolate e doces. Bebe o caldo dos polos e come tamén algunha carne de polo, aínda que quen come os polos é sobre todo o home e tamén os outros da casa (cf. máis adiante: comida).

Para as mulleres utilízase a expresión "dar a luz" e para os animais dise: "parir". Para dicir que unha muller está preñada dise que está "en estado interesante", a palabra "preñada" utilízase só para os animais. Para dicir que unha muller ten a menstruación tamén se utiliza a expresión "estado interesante". Vese, por tanto, que para falar de animais utilízanse as palabras no seu "verdadeiro" sentido; para o facer das mulleres, utilízanse xiros e expresións castelás. Isto, tal vez, quere dicir que o animal se atopa moito máis preto da natureza e que o home está máis na cultura. Dise que os nenos veñen da feira de Xinzo, do outro lado do río Limia.

Cando unha muller tratou de abortar, dise que tratou de "derramar". Cando a xente se decata de que unha rapaza solteira está preñada, di que "anda coa empanada feita" ou que "arranxou". Do pai solteiro dise que é "o dos xeonllos queimados". Son posiblemente expresións irónicas. En canto á expresión "o dos xeonllos queimados" non lle demos encontrado explicación. Sería interesante estudiar máis sistematicamente o aspecto etnolingüístico relacionado co parto e coa muller preñada, pero ata agora non tivemos nin o tempo nin a formación suficientes.

2. A VODA.

É evidente que o casamento reproduce e perpetúa as estructuras do grupo. O grupo controla e regula os esponsais. Son ás veces os propios maiores os que inician o diálogo con vistas ó matrimonio, sen falar cos mozos. A comunidade enteira controla a idade e o espacio do matrimonio posible a través da endogamia parroquial. As festas patronais das aldeas da parroquia xogan un papel moi importante na estratexia matrimonial.

Hai gran interés por coñece-lo futuro que espera ó matrimonio; as que máis se preocupan neste sentido son sobre todo as rapazas, sendo o día privilexiado para coñecer este futuro o día de San Xoán. O matrimonio constitúe pois un motivo de preocupación —que se trata de eliminar tratando de adiviña-lo porvir— e un motivo de esperanza, porque fai posible a reproducción do grupo e a circulación entre os dous aspectos do mundo. Xa temos falado do noviazgo; imos falar agora da petición de man, do casamento (ceremonia relixiosa) e da voda (banquete de casamento).

a) A petición de man.

Como xa vimos dicindo, os pais deciden os matrimonios, sobre todo os das casas máis ricas. Os pobres sempre tiveron máis liberdade neste aspecto. Os pais póñense de acordo cos noivos para o día da petición; noutros sitios de Galicia póñense de acordo por medio do "chufón" (personaxe que prepara os matrimonios, cf. V. Risco, 1979, p. 562). A casa da moza prepara o viño, o pan de trigo e os chorizos. As outras rapazas da casa pasan sobre do lume da lareira a silla onde se vai senta-lo mozo. Este chega o día acordado con seu pai e ás veces tamén con súa nai; en casos vai cun amigo. Son recibidos á porta da casa polos pais da moza e vanse sentar todos xuntos á cociña, á beira da lareira. A moza non está entre eles, inda ás veces tampouco está o mozo. En xeral a soa muller que está alí é a nai da moza.

Están todos á beira da lareira e alí os devanceiros véñense xuntar cos vivos. Os devanceiros están alí con toda seguridade para que as cousas vaian ben. O lume purifica, defende e é unha ocasión de encontro de vivos e mortos; favorece os tratos entre vivos e mortos e posiblemente tamén entre os vivos, polo tanto favorece o matrimonio. Por outro lado o lume da lareira é o lume novo, o que se trouxo da igrexa o Sábado Santo: é a renovación da casa. Falan e póñense de acordo sobre o día do casamento, sobre o número de invitados, sobre os padriños e sobre o que cada casa ten que aportar ó banquete. Salvo o día do casamento e os padriños, o

demais está máis ou menos establecido pola tradición: cada casa invita á súa familia; ademais disto, a noiva invita ás rapazas e o noivo ós rapaces dos seus lugares respectivos. A casa do mozo aporta o viño e o carneiro para asar. O resto das cousas que fan falla para o banquete ponas a casa da noiva (cf. máis abaixo, *comida):* A reunión de petición de man acaba cunha comida onde se come pan de trigo e chourizos e se bebe viño tinto. Desde este día os mozos poden ir con liberdade un á casa do outro.

b) Preparación do matrimonio.

Despois da petición, e tres domingos antes da súa celebración, o cura da parroquia da moza "corre as monicións". Durante estes domingos os prometidos non van á misa da parroquia, poden ir a outra parroquia, pero non están obrigados. Isto fainos pensar nunha corentena que xa explicamos máis arriba (cf. cap. I). O feito de asistir á misa da parroquia traería mala sorte ós futuros casados.

Uns días antes do casamento, o mozo que vai casar xúntase cos outros mozos na taberna da aldea para face-la despedida de solteiro do mozo. Despois saen cantando e dan unha volta pola aldea. Se a prometida é do mesmo lugar, terminan a festa cantando debaixo da súa ventá.

Cando unha moza é de parroquia distinta da do mozo, este ten que paga-lo viño ós mozos da parroquia da moza. Isto fai referencia á parroquia en canto grupo endogámico. O que casa coa moza doutra parroquia, tena que comprar a quen ten direito sobre dela. Se o noivo é amigo dos mozos da parroquia da moza non é moito o que ten que pagar, en caso contrario chega a ter que pagar bastante máis. "Hai quen non quixo paga-lo viño ós mozos da aldea da súa muller e despois viñéronlles da-la lata".

A comunidade fórmase ó redor da encrucillada e por extensión ó redor da parroquia (cimeterio). Polo tanto o grupo endogámico non é máis cá comunidade perfecta, é dicir, a reunión de vivos e mortos. Como veremos tampouco as ánimas non poden atravesa-los límites da parroquia.

Cada casa invitada ten que levar un regalo. Os regalos tradicionais son sabas, mantas e utensilios de cociña. "Hoxe a xente regala xa todo tipo de electrodomésticos ou ben diñeiro, para que os casados poidan facer con el o que queiran". A madriña regala á noiva un pano da cabeza que "noutros tempos era a insignia da muller casada". Este pano fainos pensar no carapucho que leva o neno o día do bautizo e que se lle pon sempre que se saca da casa.

É de notar tamén que "O Tío Perico" (curandeiro do que xa falamos, cf. cap. III) levaba sempre un sombreiro. A casa regálalle o vestido e toda a roupa interior á noiva; o mozo, en principio, é quen lle regala os pendentes. Parécenos que estes son protectores da persoa que os leva (cf. A.L. Roubin, 1978-1979). Ás veces o mozo ofrece á moza un anel, pero isto poucas veces sucede, porque "en Loureses antes case ninguén compraba aneis para o casamento; todos llos pedían prestados ó Señor Manuel; tiña e ten aínda dous moi bonitos".

Parécenos poder afirmar que a xente de fóra (os invitados) non regala nunca nada que poida estar en contacto co corpo da noiva. Iso explícase ben coa hipótese de que toda peza de roupa ten unha gran significación e uns poderes. Neste caso, e dado que tódolos poderes son ambiguos, entendemos ben o por que deste feito. Regalan sabas, pero as mulleres "dormen sempre vestidas cun camisón".

c) O Casamento.

O día do casamento, xa cedo, hai na casa ambiente de festa. Mentres que se viste a noiva, os invitados toman a parva (doces e augardente). Notar que é a mesma augardente que beben antes de subir á cociña o día da matanza, case tódolos días antes de saír para o traballo, despois de vesti-lo cadáver. Se o mozo é doutra parroquia, o día do casamento, chega moi cedo cos seus invitados á casa da moza e toman todos a parva xuntos. A moza trae a augardente e os doces. Se o mozo é da mesma parroquia ou da mesma aldea, coma case sempre, os seus invitados toman a parva na casa del e logo os noivos saen xuntos cos seus invitados para a igrexa.

"Aquí case tódalas rapazas se casan vestidas de negro. É unha tradición desde sempre. Agora empezan a casar en branco, pero non sempre. A negra tamén é a cor do dó, e o que se lles pon ós mortos (se non son nenos ou mozas)". Hai que engadir que coas ánimas camiña ás veces unha cadela negra ou un gato negro que traen sorte. Pero non podemos dicir que a cor negra estea sempre asociada á sorte, porque, cando alguén perde, xogando ás cartas, díselle "víche-la negra" (a cadela negra das ánimas). O mozo non pode ve-la noiva mentres que se viste; isto trae mala sorte. En xeral son as amigas e maila costureira as que "fan á noiva". O pano da noiva é marelo ou branco. ("A cor marela fai máis eficaces as cataplasmas nas partes enfermas do corpo" (Rodríguez López,

1974, p. 156)). Tamén o traxe do noivo é negro, ou polo menos escuro.

Antes de saír da casa, cada noivo recibe a bendición dos pais. Se ámbolos dous van nun mesmo grupo, o mozo vai en cabeza cos seus invitados e despois vai a noiva cos seus. "O mozo vai cos seus padriños, e a moza cos seus. Cerca vai o pai de cada un deles; a nai non vai nunca ó casamento. Queda chorando na casa coma o día dun enterro".

Trae mala sorte encontrarse cun enterro cando a comitiva do casamento vai para a igrexa. Se chove nese momento, a parella será rica; se neva a parella será feliz. Na comitiva do casamento os invitados fan moita garola. "Antes ata se tiraban bombas e había gaiteiros. Os invitados berran e cantan. É un momento de moita alegría". "Na igrexa todo o mundo espera o momento do "si": entón todos manifestan a súa alegría rindo e aplaudindo". "A xente ese día non atende á ceremonia relixiosa. Están todos en ambiente de festa", díxono-lo cura da parroquia.

Á saída da igrexa os casados, os padriños e algúns máis van á casa do cura para comer un doce e beber augardente con el. O resto dos invitados queda á porta facendo barullo e falando entre eles. Isto recórdanos o parti-lo pan á saída do enterro e os doces á saída do bautizo.

Hai varios tipos de casamentos; algúns non teñen voda. O mozo pode rapta-la moza, se os pais desta non están de acordo co casamento. O mozo saca á moza da casa dos pais durante a noite e lévaa á casa dun amigo. A moza segue na casa do amigo durante tres meses. Durante este tempo os pais da rapaza poden demandar en xusticia ó mozo. Se non o fan durante este período poden casar tranquilamente. Se a moza é maior xa poden casar desde o primeiro momento sen problemas. En todo caso casan sen voda; só asisten os amigos íntimos, e a ceremonia ten lugar pola mañá moi cedo ou mesmo de noite. "O pobo non se opón a este tipo de casamentos", a oposición vén só dos pais da noiva. As razóns da negativa dos pais da noiva poden ser de tipo económico ou de tipo persoal. En xeral os pais interésanse máis pola continuidade da casa ca pola felicidade da familia. O "rauto" non é unha cousa frecuente dado que en xeral "os pais escollen o futuro home da súa filla". Ás veces os pais dun rapaz ou dunha rapaza" concertan o matrimonio sen que os interesados o saiban, e isto non extraña a ninguén". Hai que notar que estes costumes están cambiando moito.

O casamento dun viúdo, ou de dous viúdos entre si, de dous vellos, ou o dun vello e dunha rapaza nova están mal vistos, aínda que en diversos grados; o máis rexeitado é o matrimonio dun vello cunha rapaza nova e máis aínda se o vello ten fillos. Non está especialmente mal visto o matrimonio de dous vellos sen fillos, aínda que tamén é rexeitado. Os dous últimos casos de rexeitamento que sucederon son estes: un deles é o caso dun home que casou cunha rapaza moito máis nova ca el. El estivera fóra da aldea e chegou ó lugar con bastantes cartos. Casaron en gran segredo. O outro caso é o do "Tío Chanqueiro" e a señora Flores. Casaron a unha idade avanzada os dous e tamén o seu casamento foi rexeitado. En ámbolos dous casos fíxose zafarrancho. Para face-lo zafarrancho os mozos xúntanse a véspera do casamento e pechan a porta dos contraentes con viortos de palla. Fan un camiño de palla desde a casa ata a igrexa e acompañan á comitiva nupcial —xeralmente moi reducida— facendo barullo de tódalas maneiras posibles. Utilizan incluso cans e gatos ós que atan latas ó rabo.

En certos sitios de Galicia o zafarrancho empeza o primeiro día das "monicións" (cf. Taboada Chivite, 1972, p. 49). O zafarrancho máis grande é contra os casamentos de viúdos. C. Lisón di que os mozos protestan co zafarrancho contra o matrimonio dos viúdos, para defende-la comunidade e para defende-la muller para o grupo (cf. Lisón, 1971, p. 78-86): unha muller é levada por un home do exterior do grupo de idade. Non negamos que iso sexa certo. Hai que engadir que o membro morto dun anterior matrimonio, no caso dos viúdos, vén coida-los seus fillos despois da súa morte; ademais non son soamente os mozos os que protestan; ás veces é a comunidade enteira quen fai o zafarrancho (cf. Taboada Chivite, 1972, p. 49). Sabemos, por outra parte, que a comunidade dos mortos forma parte da comunidade doméstica, da comunidade da aldea e da comunidade parroquial. Entón o que morreu está aínda na comunidade e haino que respetar. Non hai moito tempo que morreu un home novo que non tiña fillos, pero a viúda "non debe volver casar, polo menos moi pronto, porque hai que respeta-lo morto, hai que garda-lo seu recordo". Os mortos están presentes na casa, na aldea e na parroquia. Non se trata polo tanto soamente de "garda-las mulleres para o grupo de idade, para os mozos"; de feito, o morto está presente, está alí doutra maneira, como "ánima".

O barullo fai presente ou recorda a presencia dos mortos. No momento do Carnaval faise moito barullo; cando unha muller es-

tá para parir e ten unha hemorraxia, cóllese todo o que pode facer ruído e cólgase por riba da cama facendo barullo para chama-las ánimas e que axuden á muller. O Venres Santo faise tamén ruído na igrexa para bota-los malos espíritos. As ánimas, cando saen na procesión (cfr. máis adiante), fan barullo; aínda que non se vexan, pódese polo menos oílas. Parécenos polo tanto que o ruído axuda á presencia dos mortos e recórdanos a súa presencia. ''É para evitar unha traxedia'', dixéronme en Loureses; pero ¿que traxedia? Parécenos que se trata da que consiste en enfada-la outra parte da comunidade, os mortos. Claro que non negamos que os mozos teñan gana de garda-las rapazas para eles.

Hai ademais outra clase de matrimonio: os mozos ''apalábranse'' e considéranse como realmente casados. Antigamente esta forma de matrimonio debeu ser normal e posta en práctica pola xente, porque o Libro das ''Sinodales de Ourense'', 1918, di: ''Os que tratan de casar doutra maneira (diferente da forma canónica) ca en presencia do seu párroco ou doutro cura coa licencia do párroco, e dúas ou tres testemuñas, hainos que considerar inhábiles para o matrimonio e o seu matrimonio é nulo e sen ningún valor'' (Lib. 1, tit. 1, p. 44-45). A xente acepta ben a unión libre.

d) O banquete da voda.

A xente chega da igrexa e xúntase no curral esperando que os da casa lles digan que suban e entren na sala onde terá lugar o banquete; xeralmente é no sobrado. (cf. Cap. II). Os invitados entran e esperan de pe. Primeiro séntanse os casados; ó seu lado séntanse os pais e logo os padriños. O resto da xente séntase segundo a orde indicada pola ama da casa. Se os casados son da mesma parroquia, a xente séntase por grupos de idade; os grupos segundo o sexo deben estar misturados. Se os casados son de distintas parroquias, a xente agrúpase segundo os lugares ou as parroquias. A sala está adornada de cintas de cor e de flores. Rapazas escollidas para a ocasión comenzan a servi-la mesa. O menú do banquete é o das grandes festas: porco, carneiro, ave, pero non peixe nin legumes.

De seguida se empeza a anima-la xente e comenza a cantar. Bébese moito. Se os invitados veñen de dúas parroquias diferentes hai ás veces piques entre uns e outros. Cara ó final os invitados empezan a berrar ''que se besen'' ós recén casados; bícanse e todos aplauden e berran; despois os casados bican ós padriños e máis ós pais. Estase moito tempo na mesa. Cando se acaba de comer, cara ás cinco da tarde, a casada pode tira-lo pan; trae sorte collelo e

comelo. Pero sobre todo debe parti-la "rosca da voda"; isto fainos pensar no pan do enterro e no que se bota á lareira para as ánimas. Mentres se parte a rosca da voda, que se chama tamén "regueifa", os asistentes cantan desafíos; dúas persoas de dous grupos diferentes cantan cancións que deben inventar no momento para responderse un ó outro; isto pode durar moito tempo. En certos lugares de Galicia a regueifa ten lugar nunha festa que o casado ofrece á mocidade (cf. Fraguas y Fraguas, 1973, p. 83).

Segundo os sitios, ó final do banquete, a casada recibe un ramo, xeralmente de loureiro ou de castiñeiro. Cada unha das mozas que hai no banquete pódelle dar un, ou ben o novio ten un ramo cheo de doces, dállo á noiva e ela repárteo entre os mozos e mozas (Cf. Fraguas 1973, p. 78-82, Taboada Chivite, 1972, p. 35-36, V. Risco, 1961, p. 562-566). Vese a circulación entre mozos e mozas. O reparto do pan é o mesmo que á saída dos enterros, dos bautizos. A circulación do ramo da casada trae sorte.

Alá polas seis da tarde todo o mundo se levanta. Sáese para dar un paseo; hai posiblemente un baile organizado polos casados e cara ás oito (en inverno) ou ás nove (no verán), toda a xente está de novo na mesa. Cómese da mesma maneira e ó día seguinte repítese o mesmo, e posiblemente incluso un terceiro día. O banquete é importante para o prestixio da casa e para a felicidade dos casados. Os Reis Católicos prohibiran en 1483 os grandes banquetes de vodas, enterros e bautizos en Galicia reducindo o número de invitados e o menú.

O día da voda dáselle ó recén casado a caxata; tena que gardar ata a próxima voda do lugar. Cando morre alguén, a xente pregúntase "a quen deixaría a caxata": é unha caxata imaxinaria. "A noite de vodas non pasa nada; os casados dormen xuntos e nada máis". Non observamos nada especial ó redor da noite de vodas. Parece que a virxinidade non se mitificou nunca en Galicia. Ó día seguinte da voda os casados comen coma todos e "non fan nada especial". Enteirámonos de que a muller se peitea de maneira diferente dende que se casa, pero non demos encontrado máis precisións.

Ó día seguinte da voda os casados van pola aldea da noiva para da-la copa á xente: doces e unha copa de augardente. Uns días despois fan o mesmo na aldea do noivo. Isto fainos pensar na copa que os padriños dan a toda a aldea o día do bautizo e na parta do pan despois do enterro. A casada vai á casa do seu home algúns días despois da voda e recíbea á porta a súa sogra que lle entrega unha vela; o marido cóllea nos brazos e lévaa onda o lume da la-

reira da casa, o mesmo que se fixera con el o día da petición da man.

3. O ENTERRO.

Dende o momento en que o morto está na caixa comenza a integración do morto no mundo escondido.

a) O velorio.

Durante este día hai xente de toda a parroquia que chega á casa do que morreu. Sobre todo son as mulleres as que veñen "rezar ó defunto". A xente chega á casa, axeónllase diante da caixa e reza en silencio. Despois saúdan ós da casa que están sentados ó lado do féretro, séntanse e quédanse alí ás veces toda a tarde. Sempre hai alguén que reza o rosario. Ó acaba-lo rosario, o que o rezou colle o ramo de loureiro que está nun vasiño de auga bendita e bendi a caixa.

Ó solpor a xente que veu doutras aldeas da parroquia vaise e van vindo os de Loureses para quedarse toda a noite. Tamén se quedan algúns doutros lugares; é o que se chama "durmir onda o morto". Durante a noite rézase o rosario varias veces. Calquera pode dirixi-lo rezo do rosario ainda que de feito, quen o fai é xente devota, curandeiros, "xente que sabe"; algúns destes non son moi practicantes o que non quere dicir nada. Polo tanto as persoas que dirixen o rosario teñen "poderes" especiais e a súa conducta sepárase sempre un poco do normal. Cada unha destas persoas coñece oracións particulares; un rosario nunca se parece a outro rosario. Despois os asistentes falan dos rosarios e discútese cal foi o máis bonito.

Entre rosario e rosario os asistentes falan entre eles sobre os temas máis variados: traballos da época, as vacas, as colleitas. Pero o tema de conversación máis habitual é a vida do defunto. Cada un conta o que lle acorda da vida do morto; fálase sobre todo dos últimos instantes da súa vida. Sempre hai "graciosos que fan rir a todos contando contos que viviron co que acaba de morrer. Ás veces os contos non son certos, pero os asistentes tómanos por verídicos". O morto está presente sempre e de tódalas maneiras. Os que contan contos da vida do morto poden tamén contar chistes só para facer rir á xente. Todos rin, mesmo os parentes do morto. O riso e as lágrimas mistúranse durante todo o velorio.

Aló polas tres da mañá case todos están xa calados; entón sempre hai alguén que bota un peido e comenza outra vez o riso. Está prohibido botar peidos, pero sempre hai quen o fai nos velo-

rios. Constatamos que a xente fai isto mesmo durante o Carnaval aínda que se diga que está mal visto. Chegamos á conclusión de que o feito de botar peidos favorece a intercomunicación entre os dous aspectos do mundo, entre os vivos e os mortos: botar peidos é en certa maneira libera-lo alento, polo tanto libera-lo espírito e a vida.

Cada ún ten o seu sitio no velorio. Os parentes están ó lado da caixa; os homes están separados das mulleres. Toda a casa está chea de xente, mesmo a cociña. "Hai sempre mozos e mozas que están xuntos e ás veces andaban ó das apalpadelas". Polo tanto están presentes no velorio non soamente o riso e as lágrimas, senón tamén o sexo.

Dúas veces durante a noite as mulleres do lugar dan café e augardente; "antes só se daba augardente, agora tamén dan coñac, e doces. Bébese a augardente cando cantan os galos e antes de se ir un para a casa". O lume da lareira queda acendido durante todo o velorio; trátase do lume novo, o que facilita o encontro de mortos e vivos. Os devanceiros véñense quentar tódalas noites ó lume da lareira. (cf. Cap. II). Durante o velorio os veciños fan a comida para os da casa do morto, que durante este tempo nunca traballan. Se hai un traballo urxente que facer, fano os veciños.

b) O acompañamento.

O día do enterro "a xente que quere acompaña-lo cadáver ata a igrexa reúnese diante da casa; hainos que soben arriba para da-lo pésame á familia do morto que neste momento está toda xunta ó lado da caixa". Á hora prevista, chegan os curas á casa acompañados polos nenos que levan, un a cruz procesional da parroquia e os outros dous os farois, e do sancristán que leva a auga bendita. O cura da parroquia sobe ó cuarto onde está o morto, recita unha oración, canta un responso e bendi o cadáver. Entón os membros da familia comenzan a chorar, sobre todo as mulleres. As mulleres da vecindade tratan de aparta-los membros da familia do sitio onde está o morto.

Os encargados de leva-la caixa cóllena e baixan ó curral, onde se paran e colócana sobre dunhas sillas. Os curas cantan os responsos. As mulleres seguen chorando no alto da escaleira. Hai moita xente que chora, mesmo os que viñeron de lonxe. Ó final de cada responso o cura da parroquia nomea o defunto, todos recitan o "Noso Pai" e o cura bendi a caixa con auga bendita. A comitiva sae e as mulleres da casa quédanse alí acompañadas polas veciñas, e amigas máis íntimas. "Antes habían mulleres que viñan ós en-

terros para chorar coas mulleres da casa, chamábanse "choronas", pero xa hai moito tempo que se perdeu ese costume. Dábaselles sempre algo ó final. Non querían cartos. O acompañamento segue o camiño da igrexa parándose en tódalas encrucilladas, onde os curas cantan os "responsos" e a xente recita o "Noso Pai" despois de cada ún deles.

Xa temos falado longamente das encrucilladas (cf. Cap. II). A encrucillada é o centro do mundo, onde o cruce de niveis é posible para a comunidade rural. Hai tamén que considerar encrucillada toda intersección dun camiño e un río ou un regato. Camiños e ríos son espacios habitados; polos camiños circulan os vivos e os mortos e polos ríos circulan os habitantes do outro mundo. Lembremos como a cobra non morre, senón que voa desde o río (cf. Cap. I). Polo tanto hai encontros en tódalas encrucilladas.

Os nenos que levan a cruz e mailos farois van á cabeza da comitiva, seguen a caixa, os curas, os homes da familia do defunto, os homes que asisten ó enterro e as mulleres. "Antes detrás dos nenos ía unha muller que levaba un cestiño con pan; pero dende os anos trinta xa non vai. Agora no mesmo sitio van rapaces que levan flores".

Outro informador de moita idade díxonos que "detrás da muller que levaba o pan, ían os pobres das parroquias dos arredores. En cada parada choraban sobre da caixa o mesmo cás choronas. Os pobres xa non van, porque non os hai. Pero aínda non hai moito que nos enterros as mulleres choraban nas paradas e os curas botábanas pegándolles co hisopo. A xente ría moito".

Cómpre que os meniños non collan o "aire do morto", en consecuencia non os hai na comitiva nin no camiño. Vense ás veces algúns que miran para a comitiva, pero de lonxe. Todo ser morto pode botar un aire peligroso, sobre todo para os pequenos. (cf. Cap. II, *O aire).*

Ó enterro asiste xente de tódolos lugares da parroquia e doutros sitios; a cantidade de persoas depende da casa do morto. Se é moi coñecida, haberá moita xente; se non é moi coñecida haberá menos. En Loureses van ós enterros dous ou tres membros de cada casa, ou máis se é posible. De cada unha das outras aldeas da parroquia hai unha persoa ou dúas. A casa do defunto queda obrigada a tódalas casas que mandaron representantes ó enterro. "Gusta ver moita xente no enterro dos seus, pero despois hai que correr dun lado para outro para volve-lo favor". Os membros da casa que van na comitiva teñen que se acordar das casas que mandaron representantes ó enterro.

Os que levan a caixa son, en principio, xente da familia do que morreu, pero se non hai homes abondos na familia, escóllense amigos íntimos da casa. O mesmo os nenos que levan os farois. Isto fainos pensar que o cadáver pertence tanto á familia coma á aldea; mentres que a integración do morto no outro mundo concerne á parroquia e aínda a unha comunidade máis ampla.

O número de curas que veñen ó enterro depende das posibilidades económicas da casa do defunto. Ten que haber catro polo menos; ás veces son oito ou máis. "O número de curas depende da economía da casa e ás veces das boas relacións cos curas, porque cando hai moitos, é que veñen porque son amigos da casa". Os curas cantan os responsos e a misa. Hailles que pagar en especie. A xente dá cartos ós curas en cada parada para que canten responsos. Rin dos curas que cantan os responsos, pero séguenlles dando cartos para que os canten e os curas séguenos cantando.

O cadáver é levado cos pes para adiante, "faise así porque se o morto se levanta queda no camiño e no sentido da igrexa". Pero posiblemente se trate dunha inversión da orde cotiá. Ó contrario, o cura que morre é levado coa cabeza cara adiante "para que poida predicar se se levanta". O cura xa é mentres vive a inversión da orde, porque non traballa, porque non ten muller, porque é do interior e do exterior (cf. cap. III).

En certos lugares da provincia de Lugo a facenda seguía á comitiva fúnebre dun membro da casa (Taboada Chivite, 1972, p. 48); isto demóstranos que a morte de alguén afecta a tódolos da casa, e aínda ó gando. A comitiva seguía os carreiros e camiños que o morto utilizaba para ir á igrexa; ás veces había que tirar con algúns valados, e desde ese día as ánimas collían o mesmo camiño para da-la volta á parroquia (Taboada Chivite, 1972, p. 48-49).

Cando o morto é un neno ou unha rapaza a caixa é branca e pode ser levada por nenos ou rapazas segundo os casos. Fóra destes casos, os que levan a caixa son sempre homes como xa diximos.

c) Os funerais.

Na igrexa a caixa é colocada diante do altar rodeada de velas de cera ou de lámpadas de aceite. Non hai nada, sobre da caixa. A familia ponse ó redor. A igrexa está chea de xente, pero "sempre hai quen se queda fóra falando e os curas enfádanse e dende o altar dinlles que calen". Ó final da misa os curas baixan ata onde está a caixa para canta-los responsos; quen non deu diñeiro antes para os responsos faino agora. Moita da xente sae da igrexa ó final da

misa. Mentres se cantan os responsos un dos curas está coa cruz procesional ó lado do féretro.

d) O enterro.

Os que levan a caixa cóllena e saen da igrexa, precedidos polo neno que leva a cruz e seguidos por un cura, xeralmente o da parroquia. Despois segue a familia e o resto dos asistentes. O sancristán espéraos ó lado do burato cavado en calquera sitio do cimeterio. Un home, calquera quita as asas da caixa, os da casa bícana mentres os amigos tratan de separalos. O sancristán que tamén fai de enterrador báixaa ó fondo do burato coa axuda doutros homes. Nestes momentos quedan só algúns dos amigos do defunto, que collen un puño de terra, bícano e bótano na caixa. O enterrador e os seus axudantes comenzan a cubri-la caixa con terra que pisan cos pes. "Agora case tódalas casas teñen unha sepultura feita sobre da terra".

e) A parta do pan.

Xa vimos como na comitiva ía unha muller cun cestiño de pan detrás do neno que levaba a cruz. Durante o funeral estaba ó lado da caixa co cesto ó seu lado. Estamos agora á saída da igrexa; a muller reparte o pan entre todos; é o que se chama a parva, que tamén se toma o día do casamento antes de saír para a igrexa.

Todo o mundo se apura arredor dela, quen dá o pan primeiro ás nais de nenos minusválidos. Hai que dicir que os coxos ou os outros minusválidos, sono porque cando estaban na barriga da súa nai, seus pais riron doutro minusválido; trátase pois de enfermidades causadas pola ruptura dunha interdicción. En todo caso "a tía Clementina ía a tódolos enterros para coller un cachiño de pan da parva para o seu neno Pío que era sordomudo". Despois a muller do pan daba un pouco a cada un dos pobres que estaban alí e que acompañan á caixa e que chorara en cada parada do acompañamento. "Cada enterro era coma unha festa para os pobres; tódolos pobres dos arredores viñan ós enterros e comían o seu anaco de pan ó final". En último lugar, a muller daba un anaco a tódolos asistentes que aínda estivesen alí. "Moitos non esperaban, pero unha boa parte deles esperaban a recibi-lo seu anaco de pan".

Isto fainos pensar na copa que os padriños dan a toda a aldea despois do bautizo, tamén no que se come na casa do cura despois do casamento e tamén na copa que os casados dan a toda a aldea (da noiva e do noivo). En fin, isto repítese despois de cada rito de "paso": bautizo, enterro, casamento.

Pero o pan do enterro fainos pensar sobre todo nas castañas do magosto (cfr. C. I. p. 36); con isto queremos dicir que se trata do pan dos mortos.

f) O banquete fúnebre.

Despois da parta do pan á saída da igrexa, a casa do defunto invitaba ós que levaran a caixa, ós nenos que levaran a cruz, ós membros da familia que viñeron de lonxe e algúns amigos íntimos a comer á casa. Comíase moita carne de porco e legumes, e bebíase moito viño tinto; como se facía polo Carnaval ou polo San Antón no inverno. Durante a comida falábase dos traballos, dos negocios, dos animais, das colleitas. Os herdeiros comenzaban a falar do reparto da herencia, se non estaba aínda repartida. Ás veces o banquete acababa en loitas entre os herdeiros ou senón nunha partida de catas que podía durar ata a noite. As veciñas preparaban a comida e servíana á mesa. ''As mulleres comían na cociña; na mesa só había homes. Era unha comida de homes''. ''Á porta da casa había sempre moitos pobres que comían o que se lles daba. Empezaban dicindo oracións polo morto e polas ánimas da casa. Segundo ían comendo e bebendo, reñían entre eles pola comida e polo viño''.

Pola tarde, un da casa e mais un invitado ían onda o cura para lle pagaren o enterro. Os curas, comían todos xuntos despois de cada enterro. ''Comían moi ben tamén, bebían, despois xogaban ás cartas e ás veces botaban toda a noite xogando. Durante o banquete falaban un pouco de pastoral, pero sobre todo criticaban á xente das súas parroquias, e as veces facían comentarios sobre as rapazas que viran no enterro'', díxonos un cura.

''Outras persoas foran invitadas a comer onda os amigos, outros quedaban na taberna. Comían pan e sardiñas e todos bebían moito viño''. ''Cada enterro era unha festa para os curas, porque gañaban cartos e comían xuntos, para a xente que viña ó acompañamento, para os pobres e mesmo para a familia porque era a ocasión dun gran banquete''. Outro informador engadiu: ''O morto había que o enterrar''. Isto parécenos indica-la verdadeira significación de tódolos banquetes: ''enterrar ben ó morto'', dicirlle adeus, integralo na comunidade dos mortos, das ánimas, dos devanceiros. Os informadores falan ás veces da ''festa de Fulano'' (nomeando un morto) e refírense ó seu enterro. As legumes, o porco e o viño favorecían a circulación, coma no momento do Carnaval, e o intercambio entre este mundo e o outro. ''Agora todo isto cambiou moito. A xente chega en coche e aínda ben non

acaba o enterro xa se marchan. Xa non se fai comida na casa do morto ou faise unha comida sinxela para os da casa. Os curas xa non comen xuntos, cada un vai comer á súa casa, e a xente dá cada vez menos cartos de responsos anque en cada enterro se reúne moita xente''.

g) O loito.

Xa falamos do loito rigoroso ó falarmos das corentenas. Durante corenta días que seguen á morte dun membro da casa, esta está practicamente sempre pechada, sen ruído, os seus membros non traballan. A corentena de loito, coma toda corentena, é a inversión da orde cotiá, como a morte é a inversión do ritmo normal da vida: non se traballa, non se lava un, vístese de negro, os homes non se barbean e as mulleres poñen os vestidos do loito ó revés. Vese que a casa está en corentena e non segue o ritmo dos demais. Pasada a corentena, vén o loito propio, que dura máis ou menos segundo o grado de parentesco co morto. Uns dous ou tres anos no caso da morte do pai, da nai, dun irmán, dun fillo; un ano pola morte do avó. Durante este tempo de loito propiamente dito, as mulleres visten de negro, pero quitan o pano negro. Os signos de loito na casa son menos fortes. Os da casa non poden ir ás festas, pero os veciños poden oí-la música; as rapazas poden saír co seu mozo e os mozos poden ir ve-las súas rapazas. O único sinal externo de loito para os homes é un bracelete negro na manga da chaqueta. A casa volve á vida doméstica normal: os traballos, a comida, as relacións entre os seus membros; de tódalas maneiras a casa exclúese en certa medida da vida social. A aldea purifícase polo enterro, pero a casa debe continuar purificándose por máis tempo porque a morte afecta á casa máis directamente ca á aldea. A impureza da casa no primeiro momento é total, polo tanto a inversión debe ser total; despois da corentena, as cousas van cambiando pouco a pouco.

Ó final deste período de loito, as mulleres xa non poñen vestidos negros, senón vestidos brancos con motivos negros, ou con cores escuras. A xente da casa comenza a escoita-la música e a oí-la radio. ''Hai moitas radios que ó final do loito xa non funcionan, porque durante dous ou tres anos ninguén as acendeu''. Este último período chámase ''alivio''; os mozos xa poden ir ás festas, pero non as mozas. Os mozos, aínda indo á festa, non poden bailar. A casa comenza a volver á normalidade total. Este paso pode durar catro ou cinco meses; despois de cinco meses de ''alivio'' a casa recupera a normalidade total.

Isto non impide que haxa mulleres que levan o loito toda a vida; hai mulleres que perderon o seu home á idade de corenta anos e nunca máis quitaron o loito, digamos a cor negra, porque de feito poden ir ás festas ás casas da familia e poden invita-la familia. Segundo se van normalizando as cousas, a ánima do morto perde importancia para ser unha ánima simplemente.

C. A CONTINUIDADE DA COMUNIDADE.

Xa diximos que a comunidade ten medo da esterilidade, do celibato e da morte; a comunidade recupera a súa ledicia polo neno, polos casados e polas ánimas.

1. O NENO.

O neno era bautizado nos primeiros días despois do nacemento. Mentres non estaba bautizado era un "mouro", Ás veces recibía un bautismo de urxencia, ou mesmo era bautizado na barriga de súa nai. Os nenos mortos sen bautizar enterrábanse nas hortas, e o día das Candelas acendíanse na horta, ó lado do romeo, tantas velas coma nenos morreran na casa sen bautizar; ese día os nenos tiñan a luz no Limbo dos nenos. Sabemos que o romeo é unha planta funeraria, porque as abellas veñen a el; as abellas son as ánimas que veñen da lúa. Parécenos que os nenos mortos sen bautizar son mortos que naceron ou nacidos que morreron. Os nenos están na auga da nai e os mortos, mellor a cobra, vai na auga do mar; por outro lado a porquería, que é en certa medida un morto, bótase na horta, no mesmo sitio onde son enterrados os nenos sen bautizar. Tamén sabemos que os fetos son enterrados na horta, e os fetos son tamén mortos, coma os mortos que viviron na auga da nai.

O nome do neno escólleno os pais. Ó primeiro fillo pónselle o nome do pai se é un neno, ou da nai se é unha nena. Pero se hai un morto especialmente querido pola familia, poñeráselle o seu nome ó neno; pódeselle poñer tamén o nome do santo do día, pero en principio o neno levará o nome dun morto se é que o houbo na casa; neste caso o fillo fai revivi-lo morto, é a súa continuidade, porque o nome é unha realidade subxacente (expresa algo de desexado). Se a realidade da persoa non se corresponde coa realidade expresada polo nome, chamáselle por un alcume.

Os padriños do primeiro neno son en principio as testemuñas do casamento dos pais; para os outros escóllense os irmáns e as irmás dos pais, é dicir, os tíos e tías do neno. A madriña leva o neno á igrexa, se é que non está preñada, senón pode perde-lo seu fillo.

Isto fainos pensar no feito de que atravesar un río tamén fai malogra-los fillos ás mulleres preñadas. Isto recorda de novo que os nenos sen bautizar son mortos, coma os mortos que residen no río. Os padriños regalan os vestidos que o neno leva ó bautizo; a madriña regala uns pendentes tratándose dunha nena, e sempre regala o carapuchiño. Xa vimos como o "Tío Perico" (curandeiro-bruxo) ía sempre cun pucho. O pucho é algo que significa protección. Tamén a madriña de voda regalaba á noiva un pano da cabeza equivalente ó pucho.

Os padriños non se teñen que trabucar ó recita-lo Credo e o cura tampouco cando pon os óleos, porque, se pon o óleo dos mortos (o da extramaunción), o neno empezará tarde a falar, pode tatexar e será "vedoiro" (terá visións). Nunca ía a nai ó bautizo; agora xa empeza a ir, porque os nenos bautízanse un mes despois de naceren. Os padriños, despois da ceremonia, tomaban algo co cura na sancristía. Lembremos que tamén se comía algo na casa do cura despois do casamento, e tamén os pan dos mortos que se daba despois do enterro. Hoxe os nenos bautízanse ó domingo; os padriños tiran moedas e caramelos ós nenos á saída da igrexa.

Ó volveren da igrexa, os padriños ían pola aldea para da-la copa, o mesmo que fixeron de casados despois da voda e o mesmo que se fai á saída do enterro. Vemos polo tanto que, despois dun rito de paso, hai sempre a copa para toda a aldea. Ó mediodía os padriños e os da casa fan un banquete coma o da voda ou coma o do enterro. Tamén os prohibiran os Reis Católicos, coma os da voda e o dos enterros. Hai que notar que o banquete do enterro faise cada vez menos, pero pola contra os banquetes do bautizo e os da voda manténñense; parécenos que isto significa que a morte se converte cada vez máis nun tabú. Non hai que falar moito dela.

O microcosmos que se establece ó redor da lareira, é para o neno, ata a idade de dous ou tres anos, o que era para el a barriga da súa nai antes de nacer. Así como entón estaba protexido pola nai contra do mundo exterior, agora está protexido pola lareira. Non sae da casa e cando sae haille que poñe-lo carapucho e colgarlle ó pescozo un dente de allo e un anaquiño de pan. O neno pode ser facilmente a víctima dun mal aire ou do mal de ollo.

O neno non debe pasar por debaixo dunha corda, tampouco non se debe medir; hai que evitar todo o que pode coarta-la liña imaxinaria do seu crecemento. É dicir, hai que evitar todo aquilo que pode impedir que pase o alento da vida. Calquera atadura pode impedi-lo crecemento normal do neno. Non se lles pode tampouco corta-lo pelo nin as uñas ós nenos pequenos. Sabemos

que os devanceiros e os espíritos poden estar entre a suciedade; corta-las uñas e o pelo significa, polo tanto, expulsa-los espíritos que poden estar na suciedade das uñas ou do pelo. Hai que deixa--los devanceiros estar onda o neno.

Dixemos xa que lles hai que colgar pan e allo antes de sacalo para fóra da casa. Sabemos que o pan é unha comida de morte e que o allo protexe, o mesmo que protexe ó porco o día da matanza. Hai moitos vellos que levan sempre consigo un anaco de pan e un dente de allo no seu peto para protexérense contra dos malos espíritos. Hai tamén que evitar que os ratos ou as galiñas coman os primeiros dentes do neno ó caeren. Hainos que gardar debaixo da almofada ou botalos no lume da lareira (alí onde se veñen quenta-los antergos).

O neno está con súa nai cando esta queda na casa ou onda seus irmáns, ou con seus avós cando a nai ten que saír para traballar ou traballar na casa. Lévanse os nenos ós centros de encontro entre mortos e vivos, ós santuarios, lévanse ó pe de certas pedras ou a outros lugares benéficos para eles.

2. OS CASADOS.

Os casados comezan a formar parte de "os homes" ou "as mulleres" como grupo de idade, a partir do día do casamento. Están ben integrados no grupo; poden traer nenos ó mundo, polo tanto dar continuidade ós defuntos porque, no fondo, os nenos son a súa continuidade, son dalgunha maneira os mortos que volven. Os homes e as mulleres que están na corentena, e non están aínda casados, son considerados como seres extraños. A muller casada cambiaba de vestidos e de peiteado; "agora as mulleres casadas e as solteiras vístense da mesma maneira, menos as que están de loito ou as vellas"; a casada peiteábase tamén doutra maneira cás solteiras". Non chegamos con todo a ver cales eran estas diferencias.

De tódalas maneiras os casados non se fan homes e mulleres de todo deica que viven sós na casa e recibiron a súa parte de herencia. Ata ese momento son casados, pero non xefes da casa, e aínda que teñan nenos, eles non son pais de todo, porque os pais dos fillos de miña irmá son os meus pais, e os pais dos fillos de meu irmán son o pai e maila nai da miña cuñada. "Os casados teñen que ter fillos para seren respetados. Un matrimonio vello que non os tivo é obxecto de burlas nas reunións". Díselle ó home "que non é home de todo", "ti es un home capado", pero en xeral pódese dicir que "a muller é sempre a culpable da falta de nenos nunha

parella''. Dise tamén que ''quen ten pantalóns é a muller'' nas parellas sen fillos.

Polo tanto hai que casar e hai que ter nenos. Había un matrimonio (o home morreu no 1978) que tampouco tivera fillos. Eran moi apreciados e estaban moi integrados no lugar. O home pasaba a vida axudando ós veciños. Os dous vivían ben economicamente. Cando o home morreu xuntouse moita xente para darlle o último adeus. Dunha certa maneira cremos que se pode dicir que este matrimonio sen fillos compraba a súa integración coa axuda que proporcionaba gratuitamente a todo o mundo.

Aquel que lle arde menos a vela do casamento, é o que vai morrer primeiro. Perde-la alianza é sinal de mala sorte. ''Unha vez a miña muller perdeu o seu anel; estabamos moi aquelados. Démoslle unha misa a San Antón. Encontrámola; estaba no galiñeiro onda as pitas. Isto contentounos moito. Tiñamos medo''. ''No interior do matrimonio non se fala de cousas ''feas''. Nunca vimos que se aloumiñasen ou que se bicasen. ''Antes os esposos non podían ter relacións sexuais durante a regra da muller, nin os venres, nin durante a Coresma''. ''A muller que estaba de regra non podía face-los chourizos, nin estar onde se salgaba, nin tocar ó leite, nin comer cousas picantes. Non se podía tampouco lavar, nin ir á misa se ía frío''. As xeracións novas non fan caso deste código. ''Dicíase tamén que as mulleres que estaban de regra non podían tampouco comer peixe. Quen lle explicaba todo iso á rapaza que ía casar era súa nai''.

3. AS ÁNIMAS.

As ánimas son os mortos en canto habitantes do outro mundo, son os mortos integrados na vida cotiá; poden camiñar, manifestarse e déixanse ver de vez en cando, poden coller unha vela na man e pegarlle á xente. As ánimas están xeralmente vestidas de branco, como se viste ós nenos para bautizalos ou para enterralos. Hai que notar tamén que o ''Tío Perico'' se vestía tamén de branco para facer certos ritos pola noite no monte. As ánimas pódense enfadar o mesmo cós vivos.

Sabemos que o alento é o espírito, e que o seu sitio é a bincha. As ánimas non son simplemente espíritos; as ánimas son verdadeiros mortos: unha ánima é un vivo que morreu e marchou para o outro mundo.

Unha ánima é polo tanto unha persoa que pasou iso que se chama a morte, que non ten corpo, porque as ánimas poden

atravesa-los muros e mailas portas pechadas igual cós espíritos. Camiñan sempre polos camiños e polos carreiros dos vivos e van sempre polo medio, por iso moita xente camiña sempre polas beiras. Pódese dicir que as ánimas fan parte da comunidade, que viaxan e van ás peregrinacións o mesmo cós vivos. Os habitantes da casa cando saen teñen que avisar ás ánimas da casa para iren xuntos. Cando os vivos se paran, teñen tamén que avisar ás ánimas para que se paren.

a) ¿Onde viven as ánimas?

As ánimas están no mundo. O outro mundo non é máis que un aspecto deste. Aparecen no cimeterio, nas encrucilladas, na lareira e nas gragas. Non poden atravesa-los lindes da parroquia, nin os ríos como xa dixemos no caso das cobras. Pola noite andan polos camiños da parroquia dun lado para outro. Ás veces de noite queren atravesar un río, entón necesitan a alguén para leva-la barca. A persona que leva a barca non as ve, pero óeas. Cando a barca está chea de máis de ánimas pódese ir a pique; á volta é máis fácil traela porque xa non pesa. As ánimas viven do lado do espacio non habitado, do lado non cultivado; os camiños son elementos de unión entre ámbolos espacios, utilizados por todos, polos vivos e polas ánimas.

Temos oído falar moitas veces do ceo e do inferno, e mesmo do purgatorio, pero parécenos que estes conceptos cristiáns non entraron moi fondo na mentalidade da xente de Loureses. Cando se oe falar das ánimas na casa polas noites ou cando contan contos, o ceo é o inferno aparecen sempre coma elementos espaciais.

b) As manifestacións das ánimas.

As ánimas pódense manifestar en grupo ou individualmente. As que viven soan aparecen nos cimeterios e mais nos camiños; as que se manifestan nos camiños, polo xeral, non se deixan ver, fanse notar facendo tropezar ós cabalos. Se os cabalos tropezan, é que unha ánima está alí en forma de pedra para pedir oracións.

Pero unha ánima pode vir tamén á casa para axudar ó seu conxugue nos traballos da casa: dar de comer ós nenos ou vestilos. E segue vindo ata que se descobre a súa presencia. "Cando Fulano morreu, a ánima viña tódalas mañás para vesti-los nenos e mais para lles dar de comer. Cando o seu esposo volvía á casa, preguntáballes ós nenos quen lles axudara a vestirse. Eles respondían: foi unha muller que nos veu vestir e mais dárno-lo almorzo. Un día o

home volveu á casa antes da hora prevista, viu á súa muller na casa edende aquela xa non volveu máis''.

''Un día un mozo encontrou no camiño unha rapaza morta que lle dixo: eu son a rapaza con quen ti ías casar. Enganáchesme; agora vas morrer. E morreu algúns días despois''. ''Un mozo de Loureses ía a Aguís para ve-la súa rapaza; preto do cimeterio encontrou un home que lle dixo que o invitaba a un vaso de viño. O mozo invitouno. Cando chegaron á taberna, o home deu en beber e non paraba. Saíron xuntos da cantina e o home díxolle: eu son o teu pai, non se debe invitar a ninguén de noite. Vas morrer de seguida. Morreu uns días despois''. ''Un home de Loureses viña de Aguís e pasaba polo cimeterio. Apareceúselle unha ánima e díxolle que lle cortase o hábito porque a enterraran co hábito dun santo que non a deixaba tranquila. Cortoullo e uns días despois morreu''.

Ás veces alguén recibe aviso de que vaia ó cimeterio e ten que ir. É un morto que quere pedir ós da súa familia que cumpran votos que fixeron e non cumpriron. Vemos polo tanto que as ánimas só veñen para pedir algo ou ben para corrixir a alguén por algo. A morte segue en xeral á súa manifestación, menos se a ánima non se deixa ver.

As ánimasda casa (os devanceiros) veñen á lareira. Sábese que están alí porque a chama móvese sen que ninguén lle toque. O día de Noiteboa faise un sitio ou máis na mesa para os devanceiros, e déixaselles restos da comida para que poidan comer. Cando un anaco de pan cae ó chan, bótase logo ó lume tamén para queo poidan comer os antergos. Cando a xente da casa sae ten que avisar ós devanceiros, xa o dixemos. Para non os botar da casa non se ten que varre-la cociña de noite, cando están ó pe do lume.

''As da noite'' son o grupo das ánimas da aldea ou da parroquia. ''Levántanse do cimeterio, entran na igrexa e saen recorre-la parroquia organizadas en procesión. Un vivo vai na cabeza da procesión cunha cruz (''o da cruz''). O vivo que vai á cabeza recibe ordes. Non pode ir por un camiño calquera''. ''As da noite'' páranse nas encrucilladas para comer e invitar ós vivos que pasan. É mellor non aceptar, senón hai que seguir con elas. Hai que ter un anaco de pan no peto por se o invitan a un. Cando se sente vir ás ánimas, haise que poñer á beira do camiño e deixalas pasar, sen se mover. ''Unha vez, un home quitoulle a unha ánima que ía na procesión unha vela que levaba na man e tivo que esperar deica o día seguinte para devolverlla no mesmo sitio, porque as ánimas atacan ós que lles rouban as velas''.

''As da noite'' van vestidas cun ''lenzo branco e cos pes descalzos. Fan ruído coma o aire, rezan e cada unha leva unha vela acendida na man''. Se as ánimas chegan de súpeto, haise que tirar ó chan, coa boca contra a terra, ou facer un círculo no chan e meterse alí dentro pechando os puños.

Xa vimos como o círculo nos protexe ó illarnos. Ó tirarse un a terra péchanse os orificios do corpo que son as vías do alento (espírito); impídese así ás ánimas de nos facer entrar un alento ou un espírito pola boca. O feito de pecha-los puños para defenderse das ánimas recórdanos unha xeografía do corpo que non estudiamos. En todo caso este feito revélanos como o pulso e en xeral todo o brazo son punto de atracción do corpo. Dicimos tamén os brazos, porque pola noite convén camiñar cos brazos cruzados, ''porque as ánimas sempre andan buscando a quen lle da-la cruz; pero se un ten os brazos cruzados non poden facer nada''.

''As da noite'' visitan as casas onde hai alguén que vai morrer pronto; ''pero ninguén sabe por onde entran, nin sequera o da cruz. Unha vez o que levaba a cruz colleu un anaco de xiz e sinalou a casa onde entraran as ánimas. Ó día seguinte foi mirar e encontrou a casa sinalada. Uns días despois morreu un dos da casa''.

O que leva a cruz non pode faltar da procesión; ''aínda que estea lonxe do lugar ou da parroquia ten que vir cando saen as da noite en procesión. Un home de Loureses que levaba a cruz marchou traballar a Castela; volvía tódalas noites para leva-la cruz na procesión ''das da noite''. Deixaba o seu corpo e o seu espírito e viña á procesión''. ''O que leva a cruz tena que entregar a outro vivo se se quere desfacer dela''. Ninguén a quere, porque ''o da cruz ponse fraco e non ten descanso. Pode da-la cruz a unha cadela negra e a cadela irá a tódalas procesións das da noite''. Por iso, cando alguén está sempre canso, díselle ''víche-la negra'' (víche-la cadela negra e deuche a cruz) e tamén cando calquera ten mala sorte. ''As da noite'' reciben diferentes nomes segundo os sitios de Galicia (cf. V. Risco, 1946, p. 389-395). En Loureses non oímos máis que o nome de ''as da noite'' e moi raramente ''Santa Compaña''.

Hai outro grupo, ''os do óso'', composto por homes vivos. Estes son todos de Loureses. Deixan o seu corpo na cama cando saen de noite. Se un vivo que anda pola noite se encontra cós do óso, se ten un amigo no grupo non lle fan nada; se non, péganlle. Non hai mulleres neste grupo. Saen en procesión e fan o enterro daquel que entre eles vai morrer primeiro. No enterro ''hai todo o que cómpre, coma nun enterro de verdade, curas que cantan, un

sancristán, unha caixa, os que a levan: todo''. Hai autores que confunden ''as da noite'' e ''os dos óso''. Nós puidemos distinguir ben os dous grupos.

c) O tempo das ánimas.

V. Risco afirma para Galicia en xeral que a procesión de ''as da noite'' ten lugar de decembro a marzo (V. Risco, 1945, p. 396). Segundo as nosas informacións pensamos poder dicir que as aparicións teñen lugar sobre todo no primeiro período do ciclo anual, é dicir, mentres a circulación está por debaixo e que os dous aspectos do mundo están separados. Algúns informadores dixéronnos que as pode haber durante os dous períodos do ano; pero outros engadiron que só teñen lugar os venres e os sábados do primeiro período do ano. Isto é común co que sucede noutros sitios de Galicia (cf. Carballo, 1975, p. 24).

Os máis dos informadores din que o momento das aparicións é de nove da noite a dez da mañá. Hai un refrán que di: ''das nove ás dez deixa a noite para quen é''. Isto confirma o que xa temos dito: as aparicións teñen lugar durante o primeiro período do ano, porque no verán a xente de Loureses se levanta moi cedo; no inverno, ó contrario, están na casa ata as dez da mañá.

d) Intercambios entre os dous mundos.

A persoa que encontra unha ánima soa, en principio é que vai morrer. Encontrar, en cambio, un grupo de ánimas non é sinal da morte do vidente. Tódolos mortos se poden manifestar como ánimas. Hai autores que din que non se aparecen máis cás ánimas dos que morreron en pecado mortal. A xente de Loureses nunca fixo a distinción, polo menos diante nosa, entre os que morren en pecado mortal e os outros. Tódolos mortos se fan ánimas. Hai sitios onde se di que a procesión de ''as da noite'' só se constitúe por mulleres nas parroquias que teñen unha santa como patrón, e por homes nas que o patrón é un santo. En Loureses tampouco non encontramos esta distinción.

Os vivos dan misas polo eterno descanso das ánimas, e as ánimas poden interceder ante Deus pola paz do mundo, pola saúde dos homes e dos animais. Teñen poderes extraordinarios. As relacións entre os vivos e os mortos sempre son ambiguas; as ánimas fan ben ós vivos, pero tamén lles poden facer mal. Os mortos poden, polo tanto, ser propicios ou poden perxudicar ós vivos: poden afastar do lugar as tronadas e as pestes, pero tamén as poden traer. Hai que estar sempre en boas relacións con elas.

Tamén é certo que a función das ánimas é ás veces a de seren gardas das tradicións, pero o seu papel non é só ese. As ánimas son seres vivintes e habitan na metade escondida do mundo. Entre as dúas partes do mundo hai un gran paralelismo e os intercambios son continuos. De aquí a familiaridade tranquila e serena que ten coa morte a xente de Loureses.

e) A vida futura das ánimas.

Díxosenos que quen de vivo non foi a San Andrés de Teixido, irá despois de morto. ''Os mortos van en forma de cobra, de paxaro, de lagarto''. Isto pode levar a pensar na reencarnación, pero parécenos que non se trata máis que dunha figura que as ánimas toman para ir alí, porque despois volven a tomar outra vez a figura de ánima. Tamén as ánimas toman ás veces a figura de pedra para facer tropeza-los cabalos de noite; pero isto non é máis que unha figura eventual. Ademais neste caso o importante é o cabalo que é un animal ''psicopompo''; tráenos unha mensaxe do outro mundo, dunha ánima que ten necesidade de oracións. As ánimas das que un se acorda son as dos avós, dos pais e dos irmáns, dos mortos de tres xeracións polo tanto. Máis lonxe das tres xeracións a xente esquéncese das ánimas da familia e falan só das ánimas en xeral.

As ánimas en xeral ¿son inmortais? Non puidemos dar coa solución deste problema; en todo caso parécenos que a xente de Loureses non ten o concepto de inmortalidade que é o propio do cristianismo, é dicir ''as almas non morren; despois da morte do individuo a súa alma vai ó ceo ou ó inferno para sempre''.

D. NOTAS.

1. O CICLO DE VIDA E O CICLO ANUAL.

Os casamentos teñen lugar durante as dúas metades do ciclo anual. A tasa máis alta de casamentos é no mes de xuño, seguido do més de outono. Neste século non encontramos diferencias significativas a este nivel entre as dúas metades do ciclo anual.

Matrimonios: 1900-1978

1° período	outono	41	10,14%	235 58,16%
	novembro	22	5,44%	
	decembro	32	7,92%	
	xaneiro	45	11,13%	
	febreiro	36	8,91%	
	marzo	18	4,46%	
	abril	41	14,14%	
2° período	maio	29	7,17%	169 41,83%
	xuño	51	12,62%	
	xullo	37	9,15%	
	agosto	21	5,19%	
	setembro	31	7,67%	
Total		404		

As tasas máis altas de nacementos corresponden ós meses de outono, xaneiro, setembro, xullo e febreiro. Os que naceron nestes meses —menos os do mes de febreiro— foron enxendrados no primeiro período do ano. Pódese polo tanto dicir que, no que fai referencia á sexualidade, correspóndense os niveis teórico e práctico.

Nacementos 1900-1978

2° período	outono	135	10,26%	779 59,23%
	novembro	113	8,59%	
	decembro	79	6,00%	
	xaneiro	126	9,58%	
	febreiro	117	8,89%	
	marzo	110	8,36%	
	abril	99	7,52%	
1° período	maio	95	7,22%	536 40,76%
	xuño	103	7,83%	
	xullo	118	8,97%	
	agosto	94	7,14%	
	setembro	126	9,58%	
Total		1315		

O estudio da distribución dos nacementos ilexítimos(1) ó longo do ciclo anual non nos di gran cousa, salvo que a tasa máis baixa de nacementos ilexítimos corresponde ó mes de maio, nenos que foron polo tanto enxendrados no segundo período. As tasas máis baixas que seguen corresponden a nenos enxendrados no primeiro período.

Nacementos ilexítimos

1° período	outono	4	6,15%	41 63,05%
	novembro	4	6,15%	
	decembro	8	12,30%	
	xaneiro	6	9,23%	
	febreiro	6	9,23%	
	marzo	6	9,23%	
	abril	7	10,76%	
2° período	maio	3	4,61%	24 36,90%
	xuño	5	7,69%	
	xullo	4	6,15%	
	agosto	7	10,76%	
	setembro	5	7,69%	
Total		65		

(1) O número de nenos ilexítimos está incluído no cadro xeral de nacementos.

2. RUÍDO E SILENCIO.

Parécenos que nos ritos do ciclo da vida, hai momentos de silencio e momentos de ruído que forman parte das representacións simbólicas. Coidamos que os habitantes de Loureses fan ruído para a interpretación do que xa "pasou", pero "pásase" en silencio.

A xente falaba preto do cuarto do enfermo ata o momento en quese lle ía a respiración. Neste momento todos calaban. Cando, pola proba do espello, se sabe xa que o enfermo está realmente morto, entón coménzase a chorar. O enterro faise mentres a xente vai falando no acompañamento. O ruído continúa despois no banquete fúnebre.

O día do casamento os invitados falan e ata berran no recorrido da casa á igrexa; seguen falando na igrexa, pero calan no momento en que o cura pregunta ós noivos se realmente queren casar. Desde que se oe o "si" empézase de novo a falar. O banquete de vodas faise na máis grande ledicia.

No momento do bautizo cálase mentres o cura pon os óleos ó neno e cando teñen os padriños que reza-lo Credo, porque estes son os instantes decisivos segundo os habitantes de Loureses. Se o cura se engana ó poñe-los óleos, ou os padriños ó reza-lo Credo entón o neno queda mal bautizado.

O "paso" faise polo tanto no silencio: morte, casamento, bautizo, pero a integración do morto ás ánimas, dos noivos ós casados e do bautizado ós cristiáns faise con ruído. Pode ser que o feito de facer moito barullo polo Carnaval sexa debido a que se trata dun momento de integración dos mortos ó espacio dos vivos. O ruído favorece a integración, pero pode impedi-lo "paso", así faise o zafarrancho cando se rexeita un matrimonio ou cando alguén que vive en concubinato vén polo lugar.

3. A COMIDA.

Cómese porco todo o ano, pero máis no primeiro período. Neste período sobre todo, como por exemplo no Carnaval, cómense as partes húmidas o sangrantes do porco; cómese tamén porco no banquete fúnebre. O porco cómese sempre cocido, nunca asado ó á grella. Tamén se come peixe neste período, pero non durante o segundo, porque "meses con R nin pescado nin mulleres". Teoricamente polo menos, as relacións sexuais e o come-lo peixe asócianse no primeiro período, porque os meses que non teñen R son os do segundo. Está pois "recomendado" comer peixe durante a época da fecundación, pero non durante a preñez. Isto

concorda perfectamente coa prohibición ás mulleres preñadas de comer peixe.

No San Antón do verán, no casamento e nos traballos comúns cómese carneiro asado. Como xa indicamos, é a casa do noivo a que trae o carneiro para o banquete da voda.

A muller que pariu come caldo de pita e come a carne da pita cocida; tódolos da casa comen nestes momentos galiña cocida e mailo caldo. Ás veces tamén se come isto mesmo cando hai un enfermo na casa. Polo tanto no momento da entrada e da saíida ó mundo cómese unha comida cocida (porco ou galiña), e no momento do casamento, paso ó mundo e para este mundo, cómese carneiro e cómese asado. Pódese falar dunha oposición cocido/asado ou entre porco, galiña e peixe por un lado, e carneiro polo outro. O porco está do lado do primeiro período e está por debaixo da lareira, a galiña está vinculada cos anuncios de morte e o peixe queda sempre do lado húmido, coma a serpe, durante o primeiro período do ano.

4. A BEBIDA.

Os habitantes de Loureses vense obrigados a comprar toda clase de bebidas, aínda que se pode dicir que as bebidas propias de alí son o viño e maila augardente. Hoxe bébese de todo coma en tódolos lados. Xa diximos como a augardente aparece asociada ós momentos de paso: morte, matrimonio, bautizo, ou tamén ós momentos de paso da noite ó día: cando a xente sae ó campo para traballar. Non esquenzámo-la augardente que se toma despois da mata do porco antes de subir á cociña para almorzar. Tamén se dá unha copa de augardente ó visitante moi amigo da casa.

O viño é a bebida das reunións, dos banquetes, do encontro dos homes no bar; é o que se lle dá a quen vén de visita, ó viaxeiro que pide de beber. É polo tanto a bebida da integración social, das reunións. É evidentemente a bebida dos momentos de ruído, porque os "pasos" fanse en silencio, pero a integración faise no ruído. Evidentemente no banquete do enterro bébese viño coma nos outros. Cando o morto comenza a integrarse ós mortos, cando o mozo se integra no grupo dos mozos; e para a integración dos invitados e dos membros da casa tamén se bebe viño. Polo Carnaval tamén se bebe moito viño comendo noces e figos, así como polo San Miguel. Recordemos como esta festa é o momento en que comenza a integración das dúas partes do mundo e faise no viño e

no ruído. Suxerimos polo tanto que o viño é a bebida da vida social. Favorece a integración a tódolos niveis. É consumido no ruído e na ledicia. Ó contrario a augardente é a bebida do "paso"; é consumida na intimidade e aínda no silencio.

CONCLUSIÓN

Chegados ó remate deste estudio, vemos que o que fai coherentes e lóxicos tódolos pequenos detalles da vida cotiá dos habitantes de Loureses é a súa concepción do tempo e do espacio. O tempo dominado pola serpe, é dobre e cualitativo. Pódese polo tanto falar do tempo da xente de Loureses: o tempo da primeira metade do ciclo e o da segunda metade; o da sega e o da colleita das patacas.

Cómpre entender ben a noción de "centro do mundo" para poder comprende-la noción do espacio desta xente. O mundo ten un centro, que ten varias manifestacións, tanto que se trate da casa, do lugar, da parroquia ou do resto do mundo; onde é posible o cruce dos niveis é precisamente no centro do mundo. A organización social faise ó redor do centro do mundo nas súas diferentes manifestacións: o grupo doméstico aparece ó redor da lareira, a comunidade da aldea ó redor da encrucillada e a comunidade parroquial ó redor do cimeterio. Para o resto do mundo o centro son os santuarios que funcionan como soportes simbólicos para as representacións do mundo propias desta xente.

Tódalas ceremonias do ciclo da vida son significativas neste tempo e neste espacio. Morrer nun lugar ou noutro ten a maior importancia; calquera non pode casar con calquera que veña de calquera lado; hai que casar con alguén da parroquia. A xente casa, preferentemente, no mes de xuño, e os casados non poden ter relacións sexuais en calquera tempo, e, en particular, teñen que ter coidado co momento das relacións sexuais segundo que queiran ter un neno ou unha nena.

Falar de supersticións da xente de Loureses ou de cousas raras dos galegos non é máis que confesa-la propia ignorancia; hai que ir máis alá das aparencias, hai que busca-lo sistema, é dicir, haise que poñer no sitio deles para mira-lo mundo cos seus ollos. Tamén os habitantes de Loureses poden falar de supersticións e de

cousas raras en relación con costumes diferentes dos seus. Trátase de xuícios etnocéntricos. Encontrarémo-lo sistema só polos detalles da vida de tódolos días, a través dun método inductivo, polo tanto (cf. cap. V. Paques, 1977, p. 7). Non é mediante a aplicación dun sistema a priori como se poden descifra-los detalles: o proceso ten que se-lo contrario; hai que ir dos detalles cara ó sistema.

Constatamos tensión, conflictos e cambios; Loureses ten a súa historia; parécenos que o noso discurso non é nin ahistórico nin intemporal. Os campos e as motivacións das tensións cambiaron moito. Tiñan lugar antes entre dúas casas; agora teñen lugar sobre todo entre dous barrios ou entre unha casa e o resto da aldea. Os conflictos aparecían por causa de animais, de servidumes; agora aparecen pola chegada dunha estrada, do teléfono ou da concentración parcelaria. Puidemos constatar cambios debidos a factores exteriores á comunidade ou ben interiores. Pódese dicir que as innovacións polo momento non deron podido coas tradicións; e pódese tamén dicir que as innovacións non son aceptadas máis ca integrándoas no sistema de representacións e de símbolos, polo menos nunha boa parte. O tractor, por exemplo, non foi aceptado máis ca no momento en que os ferreiros do pobo lle fixeron pasar polas transformacións necesarias. A segadora foi admitida por necesidade: xa non había xente para segar, pero no fondo non foi aínda aceptada de todo, porque "a sega era unha ocasión para xuntarse cos que viñan a axudar, comíase no campo, era unha festa". O mesmo pasou coa auga corrente; as mulleres seguiron indo busca-la auga ás fontes, porque iso afectaba ó sistema de informacións. Aínda hoxe, as mulleres seguen indo pola auga para beber á fonte cando a da traída é moi boa.

Por riba dos cambios e das innovacións, a vida cotiá da xente de Loureses segue baseándose nos contactos persoais e "o hoxe está ligado ó onte por esta perennidade das conductas e das prácticas sociais e por esta outra operación que consiste en marca--lo que sempre volve".

Neste momento fálase moito de autonomía en España, da autonomía de Galicia, polo tanto. Sabendo que "a comprensión das conciencias leva consigo a comprensión do contido das conciencias e a inteligencia da súa forma" (Servier, 1980, p. 343), os políticos teñen que ter en conta as crencias da xente coma a de Loureses sobre do tempo, o espacio e o máis alá, é dicir, cómpre que teñan en conta o sistema de representacións e de símbolos da xente. Doutra maneira non se poderá falar de autonomía, senón

dicir que o poder cambiou de mans, que os galegos seguirán sendo uns colonizados.

O que acabamos de dicir da autonomía de Galicia serve para calquera sitio de España, pero o que diximos da xente de Loureses serve, ''mutatis mutandis'', para toda Galicia, pero non para o resto das rexións españolas.

As rexións españolas son moi diferentes entre si. As representacións do espacio e do tempo da xente de Loureses non son as do resto de España. Lembraremos sempre unha viaxe que fixemos dende Madrid a Murcia coa xente de Loureses; ían de asombro en asombro, porque non vían cruceiros nas encrucilladas, nin hortas ó pe das casas, nin pozos nas aldeas, nin poulas, e as aldeas eran moi grandes para eles, eran ''coma vilas''.

Os autores que citamos no texto falan case sempre de Galicia en xeral. Nós falamos só de Loureses, porque hai diferencias non só lingüísticas entre unhas comarcas e outras de Galicia; coidamos, con todo, segundo o que constatamos nas nosas viaxes e lecturas sobre Galicia, que o sistema simbólico de representacións é o mesmo para toda a rexión. Mais isto só é unha hipótese. Somos conscientes de ter iniciado soamente un traballo que hai que facer e urxe facelo porque Loureses, e o mesmo toda a Galicia rural, está cambiando moito, e moi de presa.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO, D. "El sauco entre Galicia y Asturias", in *RDTP,* t. II, cuad. 1, pp. 22 et ss.

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ. *Cantares de Cego,* Vigo, Castrelos, 1972.

AUZIAS, J.- M. *Anthropologie Contemporaine,* Paris, P. U. F., 1976, 176 p.

BEIRAS, J. M. "A emigración, o seu papel na dinámica da formación social", in *A Galicia rural na encrucillada,* Vigo, Galaxia, 1975, pp. 38-73.

BARREIRO, B. *Brujos y Astrólogos en la Inquisición de Galicia,* Madrid, Arealonga, 1973.

BASTIDE R. *La anthropologie appliquée, Paris, Payot,* 1933.

BERMEJO, J.- C. *La sociedad en la Galicia Castreña,* Santiago de Compostela, Follas Novas, 1978, 119 p. con ilustracións.

BONCOURT, A. et RAPHAËL, F. Le feu du Samedi Saint en Alsace", in *Rev. des Sciences Sociales de la France de l'Est,* n. 7, 1978, pp. 12-23.

BOUZA BREY, F. 1) "Os oestrimnios e a ofiolatría na Galiza", in *A. do S. E. G.,* t. II, 1929, pp. 29-192

2) "Mascaradas galegas de origen prehistórico", in *Homagem a Martins Sarmento,* Guimarais, 1933.

3) *La mitología del agua en el noroeste hispánico,* La Coruña, 1952.

4) "El lagarto en la tradición popular gallega", in *RDTP,* t. V, 1949, pp. 531 et ss.

5) "Ritos agrarios del espíritu de la tierra en Galicia", in *RDTP,* t. IX, 1953, pp. 66-88.

6) "Xogos iniciáticos da Galiza", in *Rev. de Etnologia* (Portg.), vol. I, t. 1, pp. 181-187.

CARBALLO. *A Santa Compaña,* Madrid, 1975.

CARO BAROJA, J. 1) *Los Pueblos del Norte de la Península Ibérica,* Madrid, 1943.

2) Mascaradas y alardes de San Juan, in *RDTP.* t. IV, cuad.4, pp. 499 e ss.

3) *Las brujas y su mundo,* Madrid, Alianza Editorial, 1973.
4) *Los Pueblos de España,* 2 vol. Madrid, Istmo, 1973.
5) *El Carnaval,* Madrid, Taunus, 1979.
6) *Ensayos sobre la Cultura popular española,* Madrid, Dosbe, 1979.

CARRÉ ALVARELLOS. 1) "Costumbres de Carnaval na Galiza", in *Rev. Douro Litoral* (Portug.), 9 serie, vol. I, 1959, pp. 167-195.
2) *Las leyendas tradicionales gallegas,* Madrid, Espasa-Calpe, 1977.

CARRERAS y CANDI. *Geografía del Reino de Galicia,* Barcelona, s. d.

CASTELAO, A. *As cruces de pedra na Galiza,* Buenos Aires, Nós, 1949.

CAZENAVE, A. "Monstres et merveilles", in *Ethnologie Française,* t. 9, n. 3, pp. 235-256.

CONDE-VALVIS, F. *La cibda de Armenia en Santa Marina de Aguas Santas,* Ourense, Otero, 1952.

CRESPO POZO, J. - S. *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego,* t. I (A-F), Ourense, La Región, 1972.

CUEVILLAS, F. 1) "Os oestrimnios e a ofiolatría", in *A. do S.E.G.,* t. III, 1929, pp. 29-192.
2) "Estudos sobre a edade do ferro no Noroeste da Península" in *A. do S.E.G.,* t. VI, 1933, pp. 295-367.
3) "Parroquia de Belle", *S.E.G.,* Santiago de Compostela, 1936.

DONTENVILLE, H. *Mythologie Française,* Paris, Payot, 1973, 269 p.

DURAND, G. *L'imagination symbolique,* Paris, P.U.F., 1964.

ÉLIADE, M. 1) *Le mythe de l'Éternel Retour,* Paris, Gallimard, 1949, 254 p.
2) *Images et symboles,* Paris, Gallimard, 1952, 238 p.

FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA. "Algo sobre el oso y su presencia en Galicia", in *C.E.G.,* t. XIX, 1964, pp. 305-319.

FERRO COUSELO, J. *Los petroglifos de término y las inscripciones rupestres de Galicia,* Ourense, 1952, 269 p.

FILGUEIRA VALVERDE. "Cruceiros", in *S.E.G.,* II-5, Santiago de Compostela, 1946.

FONTES, A. *Etnografia Transmontana,* I: *Creencias et tradições de Barroso,* Montealegre, 1974, 157 p.

FRAGUAS Y FRAGUAS, A. 1) *Galicia Insólita,* A Coruña, Librigal, 1973, 234 p.
2) "Literatura popular en torno al casamiento, embarazo y parto", in *RDTP,* t. XXXII, cad. 1-4, 1976, pp. 185-196.

GAIGNEBET, C. *Le Carnaval,* Paris, Payot, 1974.

GALLEGO JARRETO, M. "O medio rural e a súa arquitectura", in *Galiza na encrucillada,* Vigo, Galaxia, 1975, pp. 75-109.

GARCÍA BELLIDO. "Origen de la casa redonda en la cultura castreña del N. O. de la Península", *Rev. de Guimarais,* t. XXXI, 1971, pp. 25-27.

GARCÍA FERNÁNDEZ, J. *Organización del espacio rural en la España Atlántica,* Madrid, Siglo XXI, 1975, 333 p.

GARCÍA ÁLVAREZ, R. *Los Gallegos en la Edad Media,* Santiago, Pico Sacro, 2 vol., 1975.

GARCÍA SABELL. "Novas consideracións encol do enfermo galego", in *A Galiza rural na encrucillada,* Vigo, Galaxia, 1975, pp. 11-38.
2) "Prólogo", in A. Cunqueiro, *Escola de Menciñeiros,* Vigo, Galaxia, 1976.

GEFFRE, C. *Un nouvel âge de la théologie,* Paris, Cerf, 1972.

GONZÁLEZ DE ULLOA. *Descripción de los Estados de la Casa de Monterrey en Galicia,* Madrid, Inst. de Inv. Cient., 1950.

JESÚS, A. *O Bispo Don Pedro e a organisação da Diocese de Braga,* 2 vol., Coimbra, 1959.

KAPPLER, C. *Monstres, démons et merveilles à la fin du Moyen Âge,* Paris, Payot, 1980.

LAPLINTINE, F. *La médecine populaire des campagnes françaises d'aujourd'hui,* Paris, J.- P. Delarge, 1978.

LEVI-STRAUSS, C. *Anthropologie Structurale,* Paris, Plon, 1958.

LIS QUIBEN, L. *Medicina Popular en Galicia,* Pontevedra, 1949.

LISÓN TOLOSANA, C. 1) *Antropología Cultural de Galicia,* Madrid, Siglo XXI, 1971.
2) *Antropología social de España,* Madrid, Siglo XXI, 1971.
3) *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega,* Madrid, Akal, 1974.

LÓPEZ CANEDA, R. *Prisciliano, su pensamiento y su problema histórico,* Madrid, *Inst. P. Sarmiento,* 1966.

LÓPEZ GARCÍA, J. *La cintania de Santa Tecla,* A Guardia, La Guardesa, 1976, 122 p.

LÓPEZ MARTÍNEZ, M. "Las religiones prehistóricas de Galicia", in *C.E.G.,* t. XV, 1960, pp. 121-142.

LORENZO FERNÁNDEZ, X. *Cantigueiro Popular Galego,* Vigo, Galaxia, 1973, 297 p.

MANDIANES CASTRO, M. "A seitura na rexión da Limia, en Rev. *Grial,* (Vigo), nº 81 (1983), páx. 287-300.

MARTIN, P. *O libro das Adiviñas,* Madrid, Akal, 1975; 87 p.

MENOR CURRAS. *Los "petos de ánimas" de la Provincia de Orense in Folklore,* (Valladolid). nº 25 (1983).

MOREIRAS SANTISO. 1) *Os mil refrás galegos do Home,* Lugo, Alvarellos, 1977, 206 p.
2) *Os mil e un refrás galegos da Muller,* Lugo, Alvarellos, 1978, 108 p.

MURGUÍA, M. *Galicia,* Barcelona, 1888.

NIEMEIER, G. "Tipos de población rural en Galicia", in *Estudios Geográficos,* ano VI, n. 19, Madrid, 1947, pp. 301-327.

NONN, H. *Les regions côtières de la Galice (Espagne). Étude géomorphologique,* Paris, Belles Lettres, 2 vol., 1966.

OJALES PITA. "Crisis da casa como sistema de produción e mais de convivencia", in *A Galicia rural na encrucillada,* Vigo, Galaxia, 1975, pp. 113-143.

OTERO PEDRAYO, R. *Historia da Galiza,* Buenos Aires, Nós, 1962 (Madrid, Akal, 1979).

PANOFF, M. *Ethnologie: deuxième souffle,* Paris, P.B.P., 1977, 197 p.

PAQUES, V. 1) "À quoi sert l'ethnologie", in *Rev. des Sciences Sociales de la France de l'Est,* n. 1, 1972, pp. 120-132.
2) *Le roi pêcheur et le roi chasseur,* Strasbourg, Inst. d'Ethnologie, 1977, VIII e 237 p.

PAZ ANDRADE, V. *Instituciones al servicio de la casa en el derecho civil de Galicia,* Salamanca, 1964, 191 p.

PEDRET CASADO, P. *Tradución galega da obra de San Martiño de Braga "De Correctione Rusticorum",* in Rev. *Nós,* t. IX, n. 97, p. 4 e ss.

PITA, E. "Música e danza", in Otero Pedrayo, *Historia de Galiza,* Buenos Aires, Nós, 1962, pp. 763-777.

RISCO, V. 1) "O País dos Mortos", in *Nós,* n. 34, 1926, p. 15.
2) "Os Mouros encantados", in *Nós,* 1928.
3) "El lobis-home", in *RDTP,* t. I, cad. 3-4, 1944, pp. 514-533.
4) "La procesión de las ánimas y las personificaciones de la muerte", in *RDTP,* T. II, 1946, pp. 380-429.
5) "Creencias y tradiciones referentes a algunos animales", in *RDTP,* t. III, 1947, p. 371-400.
6) *Terra de Melide,* Santiago de Compostela, S. E. G., 1933 (Colaboración).
7) "Contribución al estudio del lobo en la cultura popular", in *C.E.G.,* t. IV, 1948, pp. 93-116.
8) "Etnografía cultura espiritual", in R. Otero Pedrayo, *Historia da Galiza,* Buenos Aires, Nós, 1962, pp. 255-777.
9) *Historia de Galicia,* Vigo, Galaxia, 1971.

RODRÍGUEZ, E. *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano,* Vigo, 1960, 3 vol.

RODRÍGUEZ LÓPEZ, J. *Supersticiones de Galicia,* Lugo Celta, 1974 (1895), 276 p.

ROMERO, A. - M. "El hábitat castreño", Santiago de Compostela, *C.O.A.G.,* 1976, 157 p.

ROUBIN, L. - A. 1) *Chambrettes des provenceaux,* Paris, Plon, 1970, 281 p.
2) "Archives Historiques", in R. Creswel, *Outils d'enquête et d'analyse anthropologique,* Paris, Maspero, 1976, pp. 29-36.

3) *Les metaux en Europe,* Institut d'Ethnologic de Strasbourg (Seminaire), 1977-1978.

SÁNCHEZ ALBORNOZ, C. *España, un enigma Histórico,* Buenos Aires, 1956.

SCHILEBEEKX, E. "Jesus, le récit d'un vivant", in *R. Théologie, 18, n. 2, 131-157.*

SERVIER, J. 1) Histoire de l'utopie, Paris, Gallimard, 1967, 378 p.
2) *Les Forges d'Hiram,* Paris, 1978.
3) *L'homme et l'Invisible,* Paris, P.B.P., 1980.

SURGY, A. "Défense de l'Ethnologie", in *Systèmes, Hommage à G. Dietrich,* Paris, Herman, 1978, pp. 459-484.

TABOADA CHIVITE, J. 1) "La medicina popular en el Valle de Monterrey", in *RDTP,* t. III, 1947, pp. 31 e ss.
2) "La noche de San Juan en Galicia", in *RDTP,* t. VIII, 1952, pp. 600-632.
3) "El entierro de la Sardina, ritualidad del Carnaval gallego", in *Rev. Douro Litoral* (Port.), 6 serie, vol. I-II, 1954, pp. 57-63.
4) "La leyenda de la Laguna de Antela", in *C.E.G.,* t. XXIV, 1969, pp. 348-362.
5) *Etnografía Gallega,* Vigo, Galaxia, 1972.
6) "A encrucillada", in *B.A.,* t. V, 1975, pp. 101-112.
7) "Cultura espiritual y cultura material", in *Los Gallegos,* Madrid, Istmo, 1976, pp. 209-215.

TENORIO, N. *La aldea gallega. Estudio de derecho consuetudinario y económico popular,* Cádiz, 1914, 167 p.

USERO, R. *El Santuario de San Andrés de Teixide,* Santiago, 1972.

VARAGNAC, A. et CHOLLOT. *Les traditions populaires,* Paris, P.U.F., 1978, 128 p.

VICENTI, A. "La última noche de abril", in *La Ilustración Gallega y Asturiana,* t. I, n. 24.

VOGLER, P. *Semiotique et Ethnologie,* Institut d'Ethnologie de Strasbourg (Seminaire), 1976-1977.

VORAGINE. *La légende dorée,* Paris, Flammarion, 1967, 567 p.

YOURCENAR, M. *Les Mémoires d'Hadrian,* Paris, Gallimard, 1974.

ZAMORA MOSQUERA, F. *Refrás e ditos populares galegos,* Vigo, Galaxia, 1972.

ZONABENT, F. *La mémoire longue,* Paris, P.U.F., 1980, 314 p.

INDICE

Páx.

Páx.

Este libro
LOURESES
de *Manuel Mandianes Castro*
rematouse de imprentar
no obradoiro de
Artes Gráficas Galicia, S.A.
na rúa Segovia, 15 de Vigo
o día 30 de Novembro do 1984.



COLECCIÓN ENSAIO E INVESTIGACIÓN

Diseño portada:
M. JANEIRO e F. MANTECÓN


EDITORIAL
GALAXIA S.A.
